

#CINEUROPA32

SANTIAGO DE COMPOSTELA

DO 7 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2018



AS SEDES DE #CINEUROPA32

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
Despacho de billetes: 981 542 349
Oficinas: 981 542 347
teatropincipal@santiagodecompostela.gal

MULTICINES COMPOSTELA

Rúa Ramón Piñeiro, 3
15702 Santiago de Compostela
Tel.: 881 018 467
multicinescompostela.es

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CENTRO CÍVICO SANTA MARTA)

Rúa de Antonio Rama Seoane, 6
15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 543 017
santiagosociocultural.org

SEDE AFUNDACIÓN

Rúa do Vilar, 19
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 552 577
afundacion.org

SALÓN TEATRO

Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 881 867 229
agadic.gal

CINEMA NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
Tel.: 981 560 250
numax.org

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

Praza das Praterías, 2
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 566 110
museoperegrinacions.xunta.gal

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 552 290
compostelacultura.gal

#CINEUROPA32

PREZO ENTRADAS

4 euros:

- SECCIÓN OFICIAL EUROPEA
 - SECCIÓN OFICIAL INTERNACIONAL
 - LATINOAMERICANO
 - DEREITOS HUMANOS: A MEMORIA PRESENTE
 - DOCS CINEUROPA
 - O PRESENTE É MULLER *
 - CINEFILIAS
 - FANTASTIQUE COMPOSTELA
 - CINEUROPA MIÚDA
 - 100 ANOS DE CINE ROMANÉS **
 - 'TROTE' de Panorama Audiovisual Galego
- * agás as proxeccións da Mostra do Centro Simone de Beauvoir, que serán con entrada libre
- ** agás *Independenta României* que será con convite e *Reconstituirea*/
A Reconstrucțiune e *Hotel de Lux*, que serán con entrada libre.

Entrada libre até completar aforo:

- MOSTRA DO CENTRO SIMONE DE BEAUVOIR (dentro de O PRESENTE É MULLER)
 - PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO *
 - ESCÂNDALO: CINEMA SEN LEI NIN MORDAZAS
 - RAFAEL AZCONA EN ITALIA
 - CINE E XADREZ
 - CULT MOVIES
 - LEMBRANZA DE LANZMANN
 - 'RECONSTITUIREA' / A RECONSTRUCCIÓN E 'HOTEL DE LUX' (dentro de 100 ANOS DE CINE ROMANÉS)
- * Excepto *Hamada* que é con convite e *Trote* que é de pago.

As proxeccións na Sede Afundación, a Sala Agustín Magán do Centro Cívico Santa Marta, a Sala B de Multicines Compostela e a Sala Mozart do Auditorio de Galicia son sempre con entrada libre ata completar aforo.

Entrada de balde previa retirada de convite:

- *La noche de 12 años* de Álvaro Brechner. Proxección inaugural o mércores día 7.
- *Entre dos aguas* de Isaki Lacuesta. Proxección do Premio Cineuropa a Isaki Lacuesta o xoves día 8.
- *Independenta României* de Aristide Demetraid. Proxección con acompañamento musical en vivo da pianista Mihaela Duma o venres día 16.
- *Ese oscuro obxecto do desexo* de Luis Buñuel. Proxección do Premio Cineuropa a Ángela Molina o sábado día 17.
- *Hamada* de Eloy Domínguez Senén. Preestrea en Galicia o domingo día 25
- *Kursk* de Thomas Vinterberg. Proxección do Premio Cineuropa a Antonio Durán 'Morris' o mércores 28.

Todos estes eventos serán no Teatro Principal e a retirada de convites farase no despacho de billetes do propio Teatro desde 2 días antes de cada evento.

Bono 10 películas: 30 euros

Catálogo: 2 euros

Maratón Cineuropa: 6 euros

Concerto da Real Filharmonía de Galicia coa proxección de *O gabinete do doutor Caligari* de Robert Wiene: 12 euros (descontos habituais do 50%)

VENDA ANTICIPADA

- compostelacultura.gal
- Despacho de billetes do Teatro Principal: de 15.30 a 22.00 h (para as proxeccións de todas as salas)
- Despacho de billetes dos Multicines Compostela: de 16.40 a 22.00 h (para as proxeccións de Multicines Compostela)
- Despacho de billetes de NUMAX: de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 22.00 h (para as proxeccións de NUMAX)

VENDA INMEDIATA:

Ata 5 minutos antes do inicio de cada sesión

- Despacho de billetes do Teatro Principal (para as proxeccións do Teatro Principal, Salón Teatro e Museo das Peregrinacións)
- Despacho de billetes de Multicines Compostela (para as proxeccións de Multicines Compostela)
- Despacho de billetes de NUMAX (para as proxeccións de NUMAX)

VENDA DE ABONOS:

- compostelacultura.gal
- Despacho de billetes do Teatro Principal

ESTE PROGRAMA ESTÁ SOMETIDO A POSIBLES CAMBIOS, PRÉGASE CONSULTAR A CARTELEIRA DIARIA

compostelacultura.gal

Facebook: /CompostelaCultura
Twitter: @CCultura

cineuropa.gal

Facebook: /cineuropa.gal
Twitter: @cineuropa_gal
Instagram: @cineuropa.gal
Telegram: telegram.me/cineuropa
Preguntas frecuentes: cineuropa.gal/faq



CONCELLO DE SANTIAGO

Son numerosas as librerías de amantes do cinema de Compostela que reservan un oco para acoller esta publicación que tes agora nas túas mans. Nela aparece toda a programación de #CINEUROPA32 que nos invita desde o 7 ao 28 de novembro a gozar das proxeccións na gran pantalla. Douvos a benvida ao festival que fai que un ano máis novembro sexa, en Santiago, sinónimo de Cineuropa.

E é que este festival ten un significado especial para Compostela; está avalado polo público que ratificades a importancia desta cita cinéfila e pola lonxevidade do propio festival do que estamos a celebrar a 32 edición e no que fomos medrando xuntos como espectadores e como cidade. Esta edición será referente da cinematografía máis valente, aquela que narra cativerios e torturas e que conmove no afectivo e familiar. Ese cinema que non está ao noso alcance con facilidade, ese que nos transporta a outros mundos e nos descobre outras realidades.

O festival procura ser e crear un espazo para a reflexión, o diálogo e a denuncia sobre situacións actuais da liberdade de expresión e os dereitos humanos no mundo; presenta obras que teñen sido censuradas ou que encontraron barreiras para ser difundidas por motivos políticos, sociais, ou económicos; e dá visibilidade á voz de cineastas, realizadores e realizadoras, artistas e colectivos que desexan construír unha sociedade máis xusta.

O real e o imaxinario ocuparán as pantallas desde o pasado e ata o futuro nas visións de grandes mestres como Pasolini, Antonioni, Buñuel ou Pilar Miró pasando por Godard, Sordebergh, Sorrentino, von Trier para chegar a Álvaro Brechner, Andrew Bujalski, Colin Minihan ou Pooya Badkoobeh, entre outros. Farano poñendo o presente en mans de mulleres como Charlotte Serrand, Sonja Prosenc, Catherine Breillat, Mila Turajlic, Desiree Akhavan, Carole Roussopoulos, ou Delphine Seyrig entre outras... E sen esquecer poñer o foco noutras latitudes para explorar o cinema que chega dos Balcáns, Asia ou Romanía.

E desde logo, non podo deixar de incidir na relevancia da nosa cinematografía que ten unha sección propia no Panorama Audiovisual Galego e que este ano nos achegará a Alberto Gracia con *La estrella errante* tralo seu paso polo Festival de Rotterdam; aos traballos de Antón Corbal, Domingo Díaz, David Hernández, Ángel Filgueira, María Ruido e Ana Domínguez; ou as preestreas de *Trote* de Xacio Baño e *Hamada* de Eloy Domínguez.

Pero Cineuropa tamén pretende acadar outros obxectivos como a implicación da cidade como lugar de convivencia, cunha programación transversal vinculada a acontecementos que se celebran en Compostela en novembro. Así estarán presentes na programación de Cineuropa; o Campionato Mundial cadete de Xadrez; o proxecto de Europa Creativa 'Wom@rts'; Compostela en negro ou a temporada de abono da Real Filharmonía de Galicia con citas que amosarán outras perspectivas.

Unha extensión de temas e programas que se ve reflectida na ampliación das sedes habituais. O Teatro Principal, o Salón Teatro, Numax, Sede Afundación, o Auditorio de Galicia e Multicines Compostela, serán complementadas con outros espazos como a sala Agustín Magán do Centro Cívico Santa Marta ou o Museo das Peregrinacións, onde ademais de proxeccións ofrecerase debates, presentacións e coloquios.

E sempre é unha honra como alcalde de Compostela recibir aos premiados polo festival que neste ano 2018 son Isaki Lacuesta, recente gañador da Cuncha de Ouro de Donosti que volve ao Teatro Principal tras presentar os seus filmes nos anos 2010 e 2013; Ángela Molina, pola súa dilatada e comprometida traxectoria profesional e recoñecida por crítica e público como unha actriz ousada e xenerosa; e un dos profesionais máis recoñecidos do cine, teatro e televisión galegos, Antonio Durán 'Morris', cuxos personaxes pertencen xa ao noso imaxinario colectivo.

O Festival ten un valor engadido, o da colaboración institucional. Esta mostra de cinema non podería ser estandarte cultural da cidade sen as inestimables achegas do Consorcio de Santiago de Compostela, a Deputación da Coruña e AGADIC así como todas as pequenas e medianas empresas que nos apoian nesta edición, polo que a todas lles mostramos o noso agradecemento.

Remato facéndome a pregunta que resume este ano o festival: "Esta 32 edición de Cineuropa dedicárase ao vello e saudable costume de escandalizar, acadáremolo?" De seguro que si. Gozade do cinema!

Martíño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela



O CINEMA NACEU PARA CONMOVER

Todo este almario de películas que ocupan o catálogo e que se verte de inmediato nas oito salas do festival está aquí para conmoer e axitar. Sentimentos e conciencias. Cara a eses dous destinos diríxese, desde sempre, o cinema. A conmoción, en sentido positivo, de historias que removen porque están cheas de vida e é imposible que nos deixen impávidos. A axitación das conciencias, esoutro leito do cinema sensible que nos achega a situacións de fragilidade, a zonas onde o confort é un *desideratum*, a lugares do mundo que sofren o azoute deste furacán de autoritarismos e de regresión das liberdades que a todos nos deben preocupar. Benvidos ao cinema que conmove e que axita. Cada unha das propostas que pasarán estes 22 días por Cineuropa queren ser un pasaporte para o territorio das emocións. Non nos gusta que unha película pase ante vostedes e fiquen indiferentes. É mellor que os remova, que lles provoque reflexións, que os irrite, que os acariñe ou os incomode. Esa é a película que buscamos. A obra sen lei nin mordazas. O cinema non naceu para pasar por notaría senón para abrir vías imprevisibles e para desmontar regulamentos rixidos e dinamitalos. O cinema é un territorio sen lei, o refuxio dos inconformes, dos soñadores, dos desaparecidos. Nun mundo que se pon tan feo, que xera inquietude, estas historias de sala escura están aquí como fontes de rearmamento emocional. Con todo o que fóra está a caer. Nun planeta onde triunfan os perseguidores de refuxiados ou sen papeis, o cinema debe situarse onde sempre estivo nos seus momentos de maior altura artística e do cénit da súa coraxe moral: como penúltimo refuxio dos ninguén, dos que se reúnen para facer forza, xunto aos agonistas cuxa peripécia seguen na pantalla. Para facer forza en pantalla grande. Hai outro inimigo exterior. O que, paradoxalmente, quere custe o que custe que quedemos nos nosos salóns, que non abandonemos o sofá. Están moi ben todas as formas de consumir cinema e as plataformas dixitais permiten ese goce nunha sociedade onde o tempo de lecer ás veces vese limitado a ese intre que todos rabuñamos para conectar a pantalla doméstica e individualista. Pero cando esas vías se converten en ameazas de monopolio excluintes que o que buscan é que ningún de nós poida gozar da belísima *Roma* de Alfonso Cua-

rón ou do último filme de Martin Scorsese nunha sala de cinema, na súa democrática grandeza, entón, señores de Netflix, temos un problema serio. Está moi ben que vostedes saiban que algunhas das películas das preto de 300 deste 32 Cineuropa se poderán ver dentro dalgún tempo nas plataformas de pago. Pero outras moitas nunca chegarán a esa falsa cineteca de Babel. Porque resgan liñas vermelhas do politicamente correcto. Porque son cinema de culto —pezas rescatadas, copias inatopables— que o noso equipo buscou para que estean aquí. Só para os seus ollos. De aí a importancia de ciclos retrospectivos como o de Azcona en Italia ou o do cinema que no seu día escandalizou por inmoral e transgresor que hoxe —interesante debate que se abre— talvez moleste por xustamente o oposto, por defender puntos de vista heteropatriarcales xa superados por esa marea ilusionantemente incontida do presente que é muller.

Cineuropa ánimaas e ánimaos a que debatan. Hai cinema que seguro conciliará aprecios e poxará moi alto polo premio do público. E obras como *Sauvage*, *Las hijas del fuego*, *Touch me not* ou *Un couplet dans le coeur* que, en tempos de opresión, ostentarian aquel cartelón culpabilizador de «clasificada S» ou, aínda peor, a ameaza nacionalcatólica de «altamente perigosa». A nosa mirada, neste mundo de horizontes fuscados, convidaos a escascar ovos de serpe que se incuban aquí á beira, en Italia. Ofrecémoslles a primicia de como Paolo Sorrentino deconstrúe o seu Berlusconi de telenovela bárbara na maxistral *Loro*. Ou confiemos, vendo a brasileira e vibrante *Deslembro*, en que a involución nese país, que tanto nos preocupa, non sexa máis que un pesadelo curto. Aposten polos soños doces do cinema como esperanza e como arte da euforia. Temos neste 32 Cineuropa tantas historias luminosas que contarlles que seguro que saíran delas máis animosos e con maior confianza na humana natureza. O ánimo, a coraxe, a inxección de rebeldía do cinema libre nun mundo cada día máis coas mans atadas.

José Luis Losa
Director de Cineuropa

PROGRAMA #CINEUROPA32	9
PREMIOS CINEUROPA 2018	25
ÍNDICE DE SECCIONES	33
XURADO NOVO	41
FILMES INAUGURAL E DE CLAUSURA	44
SECCIÓN OFICIAL EUROPEA	47
SECCIÓN OFICIAL INTERNACIONAL	69
PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA	84
LATIDOAMERICANO	87
DEREITOS HUMANOS: A MEMORIA É PRESENTE	97
DOCS CINEUROPA	103
O PRESENTE É MULLER	113
MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA.....	120
MOSTRA DO CENTRO SIMONE DE BEAUVOIR	127
LEMBRANZA DE LANZMANN	133
CINEFILIAS	137
PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO	143
100 ANOS DE CINE ROMANÉS	153
ESCÁNDALO: CINEMA SEN LEI NIN MORDAZAS	163
FOCO KÔJI WAKAMATSU	207
FOCO ELOY DE LA IGLESIA	212
RAFAEL AZCONA EN ITALIA	217
CULT MOVIES	229
FANTASTIQUE COMPOSTELA	241
MARATÓN	245
CINEUROPA MIÚDA	251
CINE E XADREZ	255
PROGRAMA ESPECIAL RFG	261
ÍNDICE ALFABÉTICO DE PELÍCULAS	265
DIRECTORAS E DIRECTORES	271

PROGRAMA #CINEUROPA32

Mércores 7 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 20:00 CERIMONIA DE APERTURA
LA NOCHE DE 12 AÑOS** Álvaro Brechner

Xoves 8 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **EL CRIMEN DE CUENCA*** Pilar Miró
17:45 **BERGMAN: A YEAR IN A LIFE** Jane Magnusson
20:15 CERIMONIA DE ENTREGA DO
PREMIO CINEUROPA A ISAKI LACUESTA**
ENTRE DOS AGUAS** Isaki Lacuesta
23:15 **LAS HIJAS DEL FUEGO** Albertina Carri

SALÓN TEATRO

- 16:30 **ATA TU ARADO A UNA ESTRELLA** Carmen Guarini
18:15 **OJOS DE MADERA** Germán Tejera
e Roberto Suárez, con presentación e coloquio.
20:00 **A LAND IMAGINED** Yeo Siew Hua
21:45 **ZGODOVINA LJUBEZNI / HISTORIA DE AMOR**
Sonja Prosenc

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **UN SINGE EN HIVER / UN MONO EN INVERNO***
Henri Verneuil
19:30 **TIGRE** Silvina Schnicer e Ulises Porra Guardiola
21:15 **JETZT.NICHT.** Julia Keller
22:45 **MACUNAÍMA*** Joaquim Pedro de Andrade

MULTICINES COMPOSTELA (SALA B)

- 22:00 **LA GRANDE BOUFFE / O GRAN BANQUETE***
Marco Ferreri

Venres 9 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **TAMAÑO NATURAL***
(versión íntegra con metraxe engadida)
Luis García Berlanga
18:00 **AL DESIERTO** Ulises Rosell
20:00 **DOGMAN** Matteo Garrone
22:00 **THE GUILTY** Gustav Möller
23:30 **BELMONTE** Federico Veiroj

SALÓN TEATRO

- 16:30 **ROBAR A RODIN** Cristóbal Valenzuela Berríos
18:00 **CONVERSACIONES ALREDEDOR DE
UN PIANO QUE VINO DE EUROPA** Queyi
LA FLOR DE LA VIDA Claudia Abend
e Adriana Loeff
20:15 **DJON AFRICA** Filipa Reis e João Miller Guerra
22:00 **DESLEMBRO** Flavia Castro
23:45 **IL PORTIERE DI NOTTE /
PORTEIRO DE NOITE*** Liliana Cavani

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **BENVENUTA*** André Delvaux
19:30 **SEM RAIZ** Renan Roviada
21:15 **DRESSAGE** Pooya Badkoobeh

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:00 **THE ADJUSTER / O LIQUIDADOR*** Atom Egoyan
19:00 **UNE FLAMME DANS MON COEUR /
UNHA LAPA NO MEU CORAZÓN*** Alain Tanner

Sábado 10 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **MIRAI NO MIRAI /
MIRAI, A MIÑA IRMÁ PEQUENA**
Mamoru Hosoda
18:00 **MANBIKI KAZOKU /
UN ASUNTO DE FAMILIA** Hirokazu Kore-eda
20:15 **MI OBRA MAESTRA** Gastón Duprat
22:15 **DOGMAN** Matteo Garrone
00:00 **MARLINA, THE MURDERER IN FOUR ACTS /
MARLINA, ASASINA EN CATRO ACTOS**
Mouly Surya

SALÓN TEATRO

- 16:00 **STRAW DOGS / CANS DE PALLA*** Sam Peckinpah
18:15 **ARCTIC** Joe Penna
20:15 **APUNTES PARA UNA PELÍCULA DE ATRACOS**
Elías León Siminiani, con presentación e coloquio.
22:30 **LETO / SUMMER** Kirill Serebrennikov

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **BERGMAN: A YEAR IN A LIFE** Jane Magnusson
19:45 **ZGODOVINA LJUBEZNI / HISTORIA DE AMOR**
Sonja Prosenc
21:45 **BLOSSOM VALLEY / O VAL DAS FLORES**
László Csúja

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:30 **WISH YOU WERE HERE / SE ESTIVERAS AQUÍ***
David Leland
19:15 **THE TRIP / A VIAXE*** Roger Corman

Domingo 11 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:15 **LAS VEGAS** Juan Villegas
17:45 **UTØYA 22. JULI** Erik Poppe
19:30 **MANBIKI KAZOKU / UN ASUNTO DE FAMILIA**
Hirokazu Kore-eda
22:00 **APUNTES PARA UNA PELÍCULA DE ATRACOS**
Elías León Siminiani

SALÓN TEATRO

- 16:00 **LAIKA** Aurel Klimt
17:45 **MI OBRA MAESTRA** Gastón Duprat
19:45 **THE MISEDUCATION OF CAMERON POST**
Desiree Akhavan
21:30 **PRAÇA PARIS** Lúcia Murat

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **GO GET SOME ROSEMARY*** Benny Safdie
e Josh Safdie
19:30 **ANNA KARENINA. ISTORIYA VRONSKOGO /
ANA KARÉNINA. A HISTORIA DE VRÓNSKI**
Karen Shakhnazarov
22:00 **FUNERAL PARADE OF ROSES***
Toshio Matsumoto

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:00 **NIKUTAI NO MON / GATE OF FLESH***
Seijun Suzuki
- 19:00 **JITSUROKU ABE SADA / O ABISMO DOS SENTIDOS*** Noboru Tanaka

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 11:30 **SEARCHING FOR BOBBY FISCHER / EN BUSCA DE BOBBY FISCHER*** Steven Zaillian
- 16:00 **AL DI LÀ DEL BENE E DEL MALE / MÁIS ALÁ DO BEN E DO MAL*** Liliana Cavani
- 18:15 **9 FUGAS*** (*work in progress*) Fon Cortizo
- EL EQUIPO DE MI BARRIO*** Rafa de los Arcos, con presentación e debate.
- 20:15 **SHORTBUS*** John Cameron Mitchell
- 22:15 **EKSTASE / ÉXTASE*** Gustav Machaty

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 16:00 **LA SEMANA DEL ASESINO*** Eloy de La Iglesia
- 18:00 **EL EXTRAÑO VIAJE*** Fernando Fernán Gómez
- 19:45 **LA TRASTIENDA*** Jorge Grau

Luns 12 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **LOS VAGOS** Gustavo Biazzi
- 17:45 **BERGMAN: A YEAR IN A LIFE** Jane Magnusson
- 20:00 **UTØYA 22. JULI** Erik Poppe
- 21:45 **SE ROKH / 3 CARAS** Jafar Panahi

SALÓN TEATRO

- 16:30 **LUZ OSCURA** Susana de Sousa Dias

- 18:00 **L'ÎLE AU TRÉSOR / A ILLA DO TESOURO**
Guillaume Brac

- 20:00 **ENTRE DOS AGUAS** Isaki Lacuesta
- 22:30 **MI OBRA MAESTRA** Gastón Duprat

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **JULIA Y EL ZORRO** Inés María Barrionuevo
- 19:30 **PRIMAS** Laura Bari
- 21:30 **MARLINA, THE MURDERER IN FOUR ACTS / MARLINA, ASASINA EN CATRO ACTOS**
Mouly Surya

MULTICINES COMPOSTELA (SALA B)

- 22:00 **MAÎTRESSE*** Barbet Schroeder

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:00 **JE T'AIME... MOI NON PLUS / ÁMOTE... MAIS EU NON*** Serge Gainsbourg

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 11:30 **COMPUTER CHESS*** Andrew Bujalski
- 16:00 **LA PRIMA ANGÉLICA*** Carlos Saura
- 18:00 **SPK KOMPLEX / COMPLEXO SPK** Gerd Kroske
- 20:00 **LAS OLAS** Adrián Biniez
- 21:45 **POLISSONS ET GALIPETTES / GOLFOS E PICARDÍAS***
Michel Reilhac e Cécile Babiole

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 16:00 **AMADOR*** Francisco Regueiro
- 17:45 **LOS PLACERES OCULTOS*** Eloy de La Iglesia
- 19:30 **LA CRIATURA*** Eloy de La Iglesia

Martes 13 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:45 **OJOS DE MADERA** Germán Tejeira e Roberto Suárez, con presentación e coloquio.
- 18:15 **APUNTES PARA UNA PELÍCULA DE ATRACOS**
Elías León Siminiani
- 20:00 **THE HOUSE THAT JACK BUILT / A CASA DE JACK** Lars von Trier
- 22:45 **THE GREEN FOG** Guy Maddin, Evan Johnson e Galen Johnson

SALÓN TEATRO

- 16:30 **ROBAR A RODIN** Cristóbal Valenzuela Berríos
- 18:00 **BLOSSOM VALLEY / O VAL DAS FLORES**
László Csujá
- 19:45 **SE ROKH / 3 CARAS** Jafar Panahi
- 21:45 **NUESTRO TIEMPO** Carlos Reygadas

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **SEM RAIZ** Renan Roviada
- 19:00 **KABE NO NAKA NO HIMEGOTO / SEGREDOS TRALA PAREDE*** Kôji Wakamatsu
- 20:30 **VIOLATED ANGELS*** Kôji Wakamatsu
- 21:45 **VIOLENT VIRGIN*** Kôji Wakamatsu
- 23:00 **RUNNING IN MADNESS, DYING IN LOVE***
Kôji Wakamatsu

MULTICINES COMPOSTELA (SALA B)

- 22:00 **SIMON KILLER*** Antonio Campos

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 11:30 **SHATRANJ KE KHILARI / OS XOGADORES DE XADREZ*** Satyajit Ray

- 16:00 **SEDUÇÃO DA CARNE** Júlio Bressane
- 17:30 **RABOT** Christina Vandeckerckhove
- 19:15 **PEDRÓN DO FREIXO*** Ángel Cordero Gómez, con presentación e coloquio.
- 21:00 **NAZIDANIE** Boris Yukhananov e Alexander Shein

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 16:00 **THE PLEASURE OF BEING ROBBED*** Josh Safdie
- 17:15 **DARK HORSE*** Todd Solondz
- 19:00 **CAMBIO DE SEXO*** Vicente Aranda
- 21:00 **THE IMMORAL MR. TEAS / O INMORAL SR. TEAS*** Russ Meyer

Mércores 14 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **EL ENTUSIASMO** Luis E. Herrero
- 17:45 **KAZARKEN: EN CREUSANT** Güldem Durmaz, con presentación e coloquio.
- 20:00 **THE GUILTY** Gustav Möller
- 21:45 **LETO / SUMMER** Kirill Serebrennikov

SALÓN TEATRO

- 16:30 **KARDEŞLER / IRMÁNS** Ömür Atay
- 18:30 **BELMONTE** Federico Veiroy
- 20:00 **EL SILENCIO DE OTROS**
Almudena Carracedo e Robert Bahar
- 21:45 **LAS HIJAS DEL FUEGO** Albertina Carri

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **LAST MEN IN ALEPPO** Feras Fayyad e Steen Johannessen

- 19:30 **LOS VAGOS** Gustavo Biazzi
 21:15 **NAKED BULLET*** Kôji Wakamatsu
 22:45 **GO, GO SECOND TIME VIRGIN*** Kôji Wakamatsu

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 11:30 **PAWN SACRIFICE / O CASO FISCHER***
Edward Zwick
 16:15 **UNTIL THE END OF TIME** Yasmine Chouikh
 18:00 **AL DESIERTO** Ulises Rosell
 19:45 **THE OTHER SIDE OF EVERYTHING**
Mila Turajlic
 21:45 **CUBANAS. MUJERES EN REVOLUCIÓN**
María Torrellas

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 16:00 **PASOLINI: PROSSIMO NOSTRO***
Giuseppe Bertolucci
 17:15 **SALÒ O LE 120 GIORNATE DI SODOMA / SALÒ, OU OS 120 DÍAS DE SODOMA***
Pier Paolo Pasolini
 19:15 **MYRA BRECKINRIDGE*** Michael Sarne
 21:00 **NARCOTIC*** Dwain Esper e Vival Sodart

AUDITORIO DE GALICIA

- 20:30 CONCERTO DA REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
dirixida por Helmut Imig coa proxección de
DAS CABINET DES DR. CALIGARI / O GABINETE DO DOUTOR CALIGARI
Robert Wiene

Xoves 15 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:15 **L'ÎLE AU TRÉSOR / A ILLA DO TESOURO**
Guillaume Brac

- 18:15 **EL SILENCIO DE OTROS**
Almudena Carracedo e Robert Bahar
 20:00 **HIGH LIFE** Claire Denis
 22:15 **ASH IS PUREST WHITE** Jia Zhang-Ke

SALÓN TEATRO

- 16:00 **IDENTIFICAZIONE DI UNA DONNA / IDENTIFICACIÓN DUNHA MULLER***
Michelangelo Antonioni
 18:15 **TIGRE** Silvina Schnicer e Ulises Porra Guardiola
 20:00 **OIKTOS / PITY** Babis Makridis
 21:45 **MENTE REVÓLVER** Alejandro Ramírez Corona

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **FEVEREIROS** Marcio Debellian
 19:00 **LAS VEGAS** Juan Villegas
 20:30 **THE OTHER SIDE OF EVERYTHING** Mila Turajlic
 22:30 **CIAO MASCHIO / ADEUS AO MACHO***
Marco Ferreri

MULTICINES COMPOSTELA (SALA B)

- 22:00 **ECSTASY OF THE ANGELS*** Kôji Wakamatsu

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 11:30 **LA PARTIE D'ÉCHECS / A PARTIDA DE XADREZ*** Yves Hanchar
 16:15 **VIRIDIANA*** Luis Buñuel
 18:00 **O TERMÓMETRO DE GALILEU** Teresa Villaverde
 20:00 **KAZARKEN: EN CREUSANT** Ggüldem Durmaz,
con presentación e coloquio.

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 15:00 **MAFIOSO*** Alberto Lattuada

- 17:00 **L'APE REGINA / A ABELLA RAÍÑA*** Marco Ferreri
 18:45 **LA DONNA SCIMMIA / REMATOU O NEGOCIO***
Marco Ferreri
 20:30 **OGGI, DOMANI, DOPODOMANI / HOXE, MAÑÁ, PASADOMANÁ***
Eduardo De Filippo, Marco Ferreri e Luciano Salce

Venres 16 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **DIE KÖRPER DER ASTRONAUTEN / OS CORPOS DOS ASTRONAUTAS** Alisa Berger
 17:15 **ANNA KARENINA. ISTORIYA VRONSKOGO / ANA KARÉNINA. A HISTORIA DE VRÓNSKI**
Karen Shakhnazarov
 20:00 **INDEPENDENTA ROMÂNIEI**** Aristide
Demetriade e Grigore Brezeanu co
acompañamento musical en vivo da pianista Mihaela Duma
 22:00 **THE HOUSE THAT JACK BUILT / A CASA DE JACK** Lars von Trier

SALÓN TEATRO

- 16:00 **NAZIDANIE** Boris Yukhananov e Alexander Shein
 18:45 **WALDHEIMS WALZER / O CASO KURT WALDHEIM** Ruth Beckermann
 20:30 **DJON AFRICA** Filipa Reis e João Miller Guerra
 22:15 **FROST** Sharunas Bartas

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **DIANTE DOS MEUS OLHOS** André Félix
 19:00 **LA FEMME PUBLIQUE / A MULLER PÚBLICA***
Andrzej Zulawski

- 21:00 **INFERNINHO** Pedro Diogenes e Guto Parente
 22:30 **ROMANCE*** Catherine Breillat

CINEMA NUMAX

- 17:30 **LA ESTRELLA ERRANTE*** Alberto Gracia
 19:00 **HAL** Amy Scott
 20:45 **CÓMPRAME UN REVÓLVER**
Julio Hernández Cordón
 22:30 **SPK KOMPLEX / COMPLEXO SPK** Gerd Kroske

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:00 **SCHIZOPOLIS*** Steven Soderbergh
 18:45 **O SOM AO REDOR*** Kleber Mendonça Filho

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 11:30 **THE LUZHIN DEFENCE / A DEFENSA LUZHIN***
Marleen Gorris
 16:00 **ATA TU ARADO A UNA ESTRELLA** Carmen Guarini
 17:30 **SOBIBÓR, 14 OCTOBRE 1943, 16 HEURES***
Claude Lanzmann
 19:15 **LA CAUSA CONTRA FRANCO** Lucía Palacios
e Dietmar Post, con presentación e coloquio.
 21:30 **O DESAFÍO DO SIL*** Domingo Díaz, con
presentación e coloquio.

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 15:30 **L'URLO*** Tinto Brass
 17:15 **LA CHIAVE / A CHAVE SECRETA*** Tinto Brass
 19:00 **LA PIRATE*** Jacques Doillon
 20:45 **JE VOUS SALUE, MARIE / EU SAÚDOTE, MARÍA***
Jean-Luc Godard

Sábado 17 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:15 **DILILI À PARIS / DILILI EN PARÍS** Michel Ocelot
18:00 **LA DERNIÈRE FOLIE DE CLAIRE DARLING / A ÚLTIMA TOLEMIA DE CLAIRE DARLING** Julie Bertuccelli
20:00 CERIMONIA DE ENTREGA DO PREMIO CINEUROPA A ÁNGELA MOLINA**.
ESE ESCURO OBXECTO DO DESEXO** Luis Buñuel
22:30 **HIGH LIFE** Claire Denis

SALÓN TEATRO

- 16:00 **UNTIL THE END OF TIME** Yasmine Chouikh
17:45 **THE MISEDUCATION OF CAMERON POST** Desiree Akhavan
19:30 **ASH IS PUREST WHITE** Jia Zhang-Ke
22:15 **ARCTIC** Joe Penna

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **MAMA** Elisabeta Bostan
19:15 **LAS OLAS** Adrián Biniez
21:00 **KHRUSTAL / CISNE DE CRISTAL** Darya Zhuk
22:45 **MENTE REVÓLVER** Alejandro Ramírez Corona

CINEMA NUMAX

- 17:30 **A LAND IMAGINED** Yeo Siew Hua
19:30 **THE GREEN FOG** Guy Maddin, Evan Johnson e Galen Johnson
20:45 **NUESTRO TIEMPO** Carlos Reygadas

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 16:00 **LA 'MOARA CU NOROC' / O MUIÑO DA FORTUNA** Victor Iliu

- 18:00 **O PROCESSO** Maria Augusta Ramos
20:30 **LA CAUSA CONTRA FRANCO** Lucía Palacios e Dietmar Post, con presentación e coloquio.

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 16:00 **CONTROSESSO*** Renato Castellani, Marco Ferreri e Franco Rossi
18:00 **UNA MOGLIE AMERICANA / A ESPOSA AMERICANA*** Gian Luigi Polidoro
20:00 **RECONSTITUIREA / A RECONSTRUCCIÓN*** Lucian Pintilie

Domingo 18 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:15 **LAIKA** Aurel Klimt
18:00 **THE MISEDUCATION OF CAMERON POST** Desiree Akhavan
19:45 **LETO / SUMMER** Kirill Serebrennikov
22:00 **NUESTRO TIEMPO** Carlos Reygadas

SALÓN TEATRO

- 16:30 **PRAÇA PARIS** Lúcia Murat
18:30 **LA DERNIÈRE FOLIE DE CLAIRE DARLING / A ÚLTIMA TOLEMIA DE CLAIRE DARLING** Julie Bertuccelli
20:30 **NOTTI MAGICHE / NOITES MÁXICAS** Paolo Virzì
22:45 **TERET / THE LOAD** Ognjen Glavonić

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **JIMMIE** Jesper Ganslandt
19:15 **FELIX SI OTILIA / FELIX E OTILIA** Iulian Mihu
21:30 **JULIA Y EL ZORRO** Inés María Barrionuevo

CINEMA NUMAX

- 17:30 **DIE KÖRPER DER ASTRONAUTEN / OS CORPOS DOS ASTRONAUTAS** Alisa Berger
19:00 **SVIDETELI PUTINA / TESTEMUNHAS DE PUTIN** Vitaly Mansky
21:00 **TROTE** Xacio Baño. Preestrea en Galicia. Presentación co equipo da película.

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:00 **CRUISING / Á CAZA*** William Friedkin
19:00 **CONDUCTA IMPROPIA*** Néstor Almendros e Orlando Jiménez Leal

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 16:00 **LES ANGES EXTERMINATEURS*** Jean-Claude Brisseau
17:45 **DINCOLO DE NISIPURI / MÁIS ALÁ DAS AREAS** Radu Gabrea
19:45 **JE VOIS ROUGE / VEXO TODO ROXO** Bojina Panayotova
21:30 **INFERNINHO** Pedro Diogenes e Guto Parente

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 16:00 **CLEOPATRA*** Cecil B. DeMille
18:00 **EL DIPUTADO*** Eloy de La Iglesia
20:00 **EL SACERDOTE*** Eloy de La Iglesia

Luns 19 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:15 **SEDUÇÃO DA CARNE** Júlio Bressane
17:30 **ARCTIC** Joe Penna
19:30 **LAS HEREDERAS** Marcelo Martinessi

- 21:15 **L'HOMME FIDÈLE / UN HOME FIEL** Louis Garrel
22:45 **DOUBLES VIES / NON-FICTION** Olivier Assayas

SALÓN TEATRO

- 16:00 **JETZT.NICHT.** Julia Keller
17:45 **JE VOIS ROUGE / VEXO TODO ROXO** Bojina Panayotova
19:30 **KHRUSTAL / CISNE DE CRISTAL** Darya Zhuk
21:15 **THE WILD PEAR TREE** Nuri Bilge Ceylan

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **MIHAI VITEAZUL / A ÚLTIMA CRUZADA** Sergiu Nicolaescu
21:00 **MARFA ȘI BANII / A MERCANCÍA E A PASTA** Cristi Puiu
22:45 **EL ENTUSIASMO** Luis E. Herrero

MULTICINES COMPOSTELA (SALA B)

- 22:00 **HOTEL DE LUX *** Dan Pița

CINEMA NUMAX

- 18:00 **NEVILLE D'ALMEIDA: CRONISTA DA BELEZA E DO CAOS** Mario Abbade
20:00 **FROST** Sharunas Bartas
22:30 **TERET / THE LOAD** Ognjen Glavonić

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:00 **W.R. - MISTERIJE ORGANIZMA / OS MISTERIOS DO ORGANISMO*** Dušan Makavejev
THE HOUSE IS BLACK* Forugh Farrokhzad

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 16:00 **LA CENA BLANCA DE ROMINA** Francisco Rizzi e Hernán Martín

- 17:15 **'77 NO COMMERCIAL USE** Luis Fulvio
- 19:30 **EL COLOR DEL CAMALEÓN** Andrés Lübbert,
con presentación e coloquio.
- 21:45 **SVIDETELI PUTINA / TESTEMUNHAS DE PUTIN**
Vitaly Mansky

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 15:00 **MARCIA NUZIALE / MARCHA NUPCIAL***
Marco Ferreri
- 16:30 **IL FISCHIO AL NASO / QUE DOCE É MORRER ASÍ***
Ugo Tognazzi
- 18:30 **L'HAREM / O HARÉN*** Marco Ferreri
- 20:15 **TOUCHE PAS À LA FEMME BLANCHE /
NON TOCAR Á MULLER BRANCA***
Marco Ferreri

Martes 20 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **WALDHEIMS WALZER /
O CASO KURT WALDHEIM** Ruth Beckermann
- 17:45 **TERET / THE LOAD** Ognjen Glavonić
- 19:45 **SUNSET / ATARDECER** László Nemes
- 22:15 **LES ESTIVANTS / A CASA DE VERÁN**
Valeria Bruni Tedeschi

SALÓN TEATRO

- 16:30 **GHOSTLAND** Pascal Laugier
- 18:15 **DRESSAGE** Pooya Badkoobeh
- 20:15 **MORIR PARA CONTAR** Hernán Zin,
con presentación e coloquio.
- 22:30 **L'HOMME FIDÈLE / UN HOME FIEL** Louis Garrel

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **SCURTĂ ISTORIE / UNHA HISTORIA CURTA**
Ion Popescu-Gopo
- SECVENȚE / SECUENCIAS** Alexandru Tatos
- 19:30 **LAST MEN IN ALEPPO** Feras Fayyad
e Steen Johannessen
- 21:30 **DE PALMA*** Noah Baumbach e Jake Paltrow

MULTICINES COMPOSTELA (SALA B)

- 22:00 **HUSTLER WHITE*** Bruce La Bruce e Rick Castro
- CINEMA NUMAX**
- 17:00 **RABOT** Christina Vandekerckhove
- 18:45 **SANTOS #2. WORK IN PROGRESS ***
Antón Corbal, con presentación e coloquio.
- 20:30 **EL COLOR DEL CAMALEÓN** Andrés Lübbert,
con presentación.
- 22:15 **DOVLATOV** Alexey German Jr.

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 16:00 **HAL** Amy Scott
- 17:45 **LA FLOR DE LA VIDA** Claudia Abend
e Adriana Loeff
- 19:30 **LUZ OSCURA** Susana de Sousa Dias
- 21:00 **O PROCESSO** Maria Augusta Ramos

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 15:30 **CAUDILLO*** Basilio Martín Patino
- 17:15 **LOS GOLFOS*** Carlos Saura
- 18:45 **UNA GOTA DE SANGRE PARA MORIR AMANDO***
Eloy de La Iglesia
- 20:30 **FURTIVOS*** José Luis Borau

Mércores 21 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 17:00 **THE WILD PEAR TREE** Nuri Bilge Ceylan
- 20:15 **IN FABRIC** Peter Strickland
- 22:30 **SUNSET / ATARDECER** László Nemes

SALÓN TEATRO

- 16:00 **PEEPING TOM / O FOTÓGRAFO DO PÁNICO***
Michael Powell
- 18:00 **LAS HEREDERAS** Marcelo Martinessi
- 20:00 **DOUBLES VIES / NON-FICTION** Olivier Assayas
- 22:00 **SAUVAGE** Camille Vidal-Naquet
- 23:45 **TOUCH ME NOT** Adina Pintilie

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **MOROMEȚII / A FAMILIA MOROMETE** Stere Gulea
- 20:00 **SEIZOKU / SEX JACK*** Kôji Wakamatsu
- 21:15 **SHINJUKU MAD*** Kôji Wakamatsu
- 22:30 **GHOSTLAND** Pascal Laugier

CINEMA NUMAX

- 17:30 **L'EMPIRE DE LA PERFECTION /
BUSCANDO A PERFECCIÓN** Julien Faraut
- 19:30 **LA FLOR (primeiro acto)**
Mariano Llinás, con presentación e coloquio.

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 16:00 **MOI, PIERRE RIVIÈRE, AYANT ÉGORGÉ MA
MÈRE, MA SOEUR ET MON FRÈRE...*** René Allio
- 18:15 **FIGURAS** Eugenio Canevari,
con presentación e coloquio.
- 20:15 **LA FELICIDAD DE LOS PERROS***
David Hernández, con presentación e coloquio.

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 17:30 **MOONRISE*** Frank Borzage
- 19:15 **THE LAST TEMPTATION OF CHRIST /
A ÚLTIMA TENTACIÓN DE CRISTO***
Martin Scorsese

Xoves 22 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **LAS HIJAS DEL FUEGO** Albertina Carri
- 18:15 **WHAT KEEPS YOU ALIVE** Colin Minihan
- 20:15 **SUPPORT THE GIRLS** Andrew Bujalski
- 22:00 **PELÍCULA SORPRESA**

SALÓN TEATRO

- 16:30 **MULLERES EXPERIMENTALISTAS
DE AMÉRICA LATINA**
- 18:15 **VIVIR Y OTRAS FICCIONES** Jo Sol
- 20:00 **GRÅNS / BORDER** Ali Abbasi
- 22:00 **DOVLATOV** Alexey German Jr.

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 18:00 **MORGIANA*** Juraj Herz
- 20:00 **EGON SCHIELE - EXZESSE*** Herbert Vesely
- 21:45 **RESTUL E TĂCERE /
O RESTO É SILENCIO** Nae Caranfil

MULTICINES COMPOSTELA (SALA B)

- 22:00 **THE IMAGE*** Radley Metzger

CINEMA NUMAX

- 18:00 **LA FLOR (segundo acto)**
Mariano Llinás, con presentación e coloquio.

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 17:15 **UN VIVANT QUI PASSE*** Claude Lanzmann
18:30 **MATER AMATÍSIMA***
María Ruido, con presentación e coloquio.
20:00 **FIGURAS** Eugenio Canevari, con presentación e coloquio.

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 17:00 **QUEEN KELLY / A RAÍÑA KELLY***
Erich von Stroheim
18:45 **BLONDE VENUS / A VENUS LOURA***
Josef von Sternberg
20:30 **SHE DONE HIM WRONG / LADY LOU***
Lowell Sherman

Venres 23 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **DRESSAGE** Pooya Badkoobeh
17:45 **THE MAN WHO SURPRISED EVERYONE / O HOME QUE SORPRENDEU A TODOS**
Natalya Merkulova e Aleksey Chupov
19:45 **LONG DAY'S JOURNEY INTO NIGHT / LONGA VIAJE DO DÍA CARA Á NOITE** Bi Gan
22:15 **MARATÓN DE #CINEUROPA32**
GRÄNS / BORDER Ali Abbasi
WHAT KEEPS YOU ALIVE Colin Minihan
GHOSTLAND Pascal Laugier
SANTA SANGRE Alejandro Jodorowsky
EL GRAN AMOR DEL CONDE DRÁCULA
Javier Aguirre
SYMPTOMS / SÍNTOMAS José Ramón Larraz
ESCALOFRÍO Carlos Puerto
PELÍCULA SORPRESA MARATÓN

SALÓN TEATRO

- 16:15 **HAL** Amy Scott
18:00 **DIANE** Kent Jones
19:45 **SUNSET / ATARDECER** László Nemes
22:15 **NOTTI MAGICHE / NOITES MÁXICAS** Paolo Virzi

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **ALONDRAS EN EL ALAMBRE / COTOVÍAS NO ARAME*** Jiří Menzel
19:15 **EL ENCARGO DEL CAZADOR*** Joaquim Jordà
21:00 **À MA SOEUR / FAT GIRL*** Catherine Breillat
22:30 **LA VIE NOUVELLE*** Philippe Grandrieux

CINEMA NUMAX

- 17:00 **FOTBAL INFINIT / FÚTBOL INFINITO**
Corneliu Porumboiu
18:30 **LA FLOR (terceiro acto)**
Mariano Llinás, con presentación e coloquio.

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:00 **NATTEK / XOGOS DE NOITE*** Mai Zetterling
18:45 **KOMISSAR / A COMISARIA*** Aleksandr Askoldov

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

- 12:00 **MESA DE DEBATE. MULLERES CREADORAS: A SITUACIÓN NO AUDIOVISUAL GALEGO E AS EXPERIENCIAS NOUTROS ESCENARIOS**
16:00 **L'UDIENZA*** Marco Ferreri
18:00 **HUNGRY HEARTS*** Saverio Costanzo
20:00 **1048 LUNES / 1048 LÚAS**
Charlotte Serrand, con presentación e coloquio.
21:30 **SEVILLA Y GOMORRA*** Ángel Filgueira, con presentación e coloquio.

Sábado 24 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **MIRAI NO MIRAI / MIRAI, A MIÑA IRMÁ PEQUENA** Mamoru Hosoda
18:00 **DESLEMBRO** Flavia Castro
19:45 **LORO / SILVIO E OS OUTROS** Paolo Sorrentino
22:30 **GALVESTON** Mélanie Laurent

SALÓN TEATRO

- 16:15 **MIRIAM MIENTE** Natalia Cabral e Oriol Estrada
18:00 **L'HOMME FIDÈLE / UN HOME FIEL** Louis Garrel
19:30 **THE KINDERGARTEN TEACHER** Sara Colangelo
21:30 **LES ESTIVANTS / A CASA DE VERÁN**
Valeria Bruni Tedeschi
23:45 **SAUVAGE** Camille Vidal-Naquet

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 18:00 **À L'AVENTURE*** Jean-Claude Brisseau
20:00 **ENTER THE VOID*** Gaspar Noé
22:30 **EMPEROR TOMATO KETCHUP*** Shûji Terayama

CINEMA NUMAX

- 17:30 **WHAT KEEPS YOU ALIVE** Colin Minihan
19:15 **1048 LUNES / 1048 LÚAS**
Charlotte Serrand, con presentación e coloquio.
20:30 **L'EMPIRE DE LA PERFECTION / BUSCANDO A PERFECCIÓN** Julien Faraut
22:15 **'77 NO COMMERCIAL USE** Luis Fulvio

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:30 **OCAÑA, RETRAT INTERMITENT*** Ventura Pons
19:15 **ROCÍO*** Fernando Ruiz Vergara

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

- 17:00 **SHOAH (parte 1)*** Claude Lanzmann

AUDITORIO DE GALICIA (SALA MOZART)

- 19:30 **SOIS BELLE ET TAIS-TOI / SÉ FERMOZA E CALA***
Delphine Seyrig

Domingo 25 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 15:30 **DILILI À PARIS / DILILI EN PARÍS** Michel Ocelot
17:15 **NEVER LOOK AWAY / OBRA SEN AUTOR**
Florian Henckel von Donnersmarck
20:30 **HAMADA**** Eloy Domínguez Serén.
Preestrea en Galicia.
Presentación co equipo da película.
22:30 **THE MAN WHO SURPRISED EVERYONE / O HOME QUE SORPRENDEU A TODOS**
Natalya Merkulova e Aleksey Chupov

SALÓN TEATRO

- 16:30 **LAS HEREDERAS** Marcelo Martinessi
18:15 **SUPPORT THE GIRLS** Andrew Bujalski
20:00 **GALVESTON** Mélanie Laurent
21:45 **LA CENA BLANCA DE ROMINA**
Francisco Rizzi e Hernán Martín
23:00 **LONG DAY'S JOURNEY INTO NIGHT / LONGA VIAJE DO DÍA CARA Á NOITE** Bi Gan

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **JIMMIE** Jesper Ganslandt
19:15 **MIRIAM MIENTE** Natalia Cabral e Oriol Estrada

21:00 **KARDEŞLER / IRMÁNS** Ömür Atay
22:45 **FISCHIA IL SESSO*** Gian Luigi Polidoro

CINEMA NUMAX

17:30 **CUNA DE MÚSICOS*** Pablo Vázquez e
Denis Carballás, con presentación e debate.
19:00 **TEMPO COMUM** Susana Nobre
20:15 **PRIMAS** Laura Bari
22:15 **DIANE** Kent Jones

SEDE AFUNDACIÓN

17:00 **CHOSSES SECRÈTES / PAIXÓNS SEGREDAS***
Jean-Claude Brisseau
19:00 **THE BRIDES OF DRACULA /
AS NOIVAS DE DRÁCULA*** Terence Fisher

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

16:30 **SHOAH** (parte 2)* Claude Lanzmann

AUDITORIO DE GALICIA (SALA MOZART)

18:45 **MASO ET MISO VONT EN BATEAU /
MASO E MISO VAN EN BARCO***
Carole Roussopoulos, Ioana Wieder,
Delphine Seyrig e Nadja Ringart
20:00 **LA MARCHÉ DES FEMES À HENDAYE /
A MARCHA DAS MULLERES A HENDAIA***
Ioana Wieder e Carole Roussopoulos
LIP: MONIQUE ET CHRISTIANE
Carole Roussopoulos
**VIOL CONJUGAL, VIOL À DOMICILE /
VIOLACIÓN CONJUGAL, VIOLACIÓN
A DOMICILIO** Carole Roussopoulos
e Véronique Ducret

Luns 26 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

16:30 **CÓMPRAME UN REVÓLVER**
Julio Hernández Cordón
18:15 **THE KINDERGARTEN TEACHER** Sara Colangelo
20:00 **IN FABRIC** Peter Strickland
22:15 **LORO / SILVIO E OS OUTROS** Paolo Sorrentino

SALÓN TEATRO

16:00 **TOUCH ME NOT** Adina Pintilie
18:15 **DOUBLES VIES / NON-FICTION** Olivier Assayas
20:15 **FLEUVE NOIR** Érick Zonca
22:30 **SUPPORT THE GIRLS** Andrew Bujalski

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

17:30 **FOTOGRAF*** Irena Pavlásková
20:00 **EL SEXO ESTÁ LOCO*** Jesús Franco
21:30 **KOI NO TSUMI / GUILTY OF ROMANCE***
Sion Sono

MULTICINES COMPOSTELA (SALA B)

22:00 **PARTIES FINES /
EDUCATION OF THE BARONESS*** Gérard Kikoïne

CINEMA NUMAX

17:30 **WIÑAYPACHA / ETERNIDADE** Oscar Catacora
19:00 **OS FILLOS DA VIDE *** Ana Domínguez,
con presentación e coloquio.
20:45 **COINCOIN ET LES Z'INHUMAINS /
COINCOIN CONTRA OS EXTRATERRESTRES**
Bruno Dumont

SEDE AFUNDACIÓN

17:00 **L'ULTIMA DONNA / A ÚLTIMA MULLER***
Marco Ferreri

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

16:30 **THE TRIGGER EFFECT / O EFECTO DOMINÓ***
David Koepf
18:15 **SANS TOIT NI LOI / SEN TEITO NIN LEI***
Agnès Varda
20:15 **LITTLE ODESSA / CUESTIÓN DE SANGUE***
James Gray

Martes 27 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

16:15 **COINCOIN ET LES Z'INHUMAINS /
COINCOIN CONTRA OS EXTRATERRESTRES**
Bruno Dumont
20:00 **FLEUVE NOIR** Érick Zonca
22:15 **UN COUTEAU DANS LE COEUR /
COITELO E CORAZÓN** Yann Gonzalez
00:00 **A CLOCKWORK ORANGE /
A LARANXA MECÁNICA*** Stanley Kubrick

SALÓN TEATRO

16:00 **WIÑAYPACHA / ETERNIDADE** Oscar Catacora
17:30 **LES ESTIVANTS / A CASA DE VERÁN**
Valeria Bruni Tedeschi
19:45 **PLAIRE, AIMER ET COURIR VITE / SORRY ANGEL**
Christophe Honoré
22:15 **NEVER LOOK AWAY / OBRA SEN AUTOR**
Florian Henckel von Donnersmarck

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

17:45 **NEVILLE D'ALMEIDA:
CRONISTA DA BELEZA E DO CAOS** Mario Abbade
19:45 **OCCIDENT / OCCIDENTE** Cristian Mungiu
21:45 **ME SIENTO EXTRAÑA*** Enrique Martí Maqueda

MULTICINES COMPOSTELA (SALA B)

22:00 **JE SUIS À PRENDRE*** Francis Leroy

CINEMA NUMAX

17:30 **MULLERES EXPERIMENTALISTAS
DE AMÉRICA LATINA**
19:15 **L'EMPIRE DE LA PERFECTION /
BUSCANDO A PERFECCIÓN** Julien Faraut
21:00 **FOTBAL INFINIT / FÚTBOL INFINITO**
Corneliu Porumboiu
22:15 **CEL MAI IUBIT DINTRE PĂMÂNTENI /
O FILLO MÁIS AMADO DA TERRA**
Șerban Marinescu

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

16:00 **L'ULTIMO PULCINELLA*** Maurizio Scaparro
17:45 **UN CHANT D'AMOUR*** Jean Genet
**SUDDENLY, LAST SUMMER /
DE SÚBITO, O ÚLTIMO VERÁN***
Joseph L. Mankiewicz
20:15 **SEDMIKRÁSKY / AS MARGARIDAS***
Vera Chytilová

Mércores 28 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

17:00 **NEVER LOOK AWAY / OBRA SEN AUTOR**
Florian Henckel von Donnersmarck

20:30 CLAUSURA E CERIMONIA DE ENTREGA DO PREMIO CINEUROPA A ANTONIO DURÁN «MORRIS»**.

KURSK** Thomas Vinterberg

23:00 **PLAIRE, AIMER ET COURIR VITE / SORRY ANGEL**

Christophe Honoré

SALÓN TEATRO

16:00 **7 DÍAS DE ENERO*** Juan Antonio Bardem

18:15 **OIKTOS / PITY** Babis Makridis

20:15 **THE KINDERGARTEN TEACHER** Sara Colangelo

22:15 **UN COUTEAU DANS LE COEUR /**

COITELO E CORAZÓN Yann Gonzalez

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

18:00 **ULTIMO TANGO A PARIGI /**
O ÚLTIMO TANGO EN PARÍS*

Bernardo Bertolucci

20:15 **CRASH*** David Cronenberg

22:00 **YA BON LES BLANCS /**

OS NEGROS TAMÉN COMEN* Marco Ferreri

CINEMA NUMAX

17:30 **COINCOIN ET LES Z'INHUMAINS /**
COINCOIN CONTRA OS EXTRATERRESTRES

Bruno Dumont

21:15 **TOUCH ME NOT** Adina Pintilie

SALA AGUSTÍN MAGÁN (CC. SANTA MARTA)

15:45 **THE BROWN BUNNY*** Vincent Gallo

17:30 **THE RASPBERRY*** REICH Bruce La Bruce

19:15 **THUNDERCRACK!*** Curt McDowell

Nota: as películas marcadas cun asterisco son con entrada libre e as que están marcadas con dous asteriscos son de balde previa retirada de convite.

PREMIOS CINEUROPA 2018



Foto: Óscar Orengo

XOV 8, 20:15 | TEATRO PRINCIPAL

PREMIO CINEUROPA 2018 A ISAKI LACUESTA

A ferida do tempo

Acaba de gañar a súa segunda Cuncha de Ouro en San Sebastián. Sete anos despois de facelo con *Los pasos dobles*, un triunfo que daquela pareceu encrespas os defensores ultramontanos dese cinema español fofo e sobrado de ganga que manufacturan os dous grandes grupos de televisión privada. Esta vez, hai unhas semanas, xa lle deixaron gozar o merecido recoñecemento á súa arte de cineasta cimarrón, porque a arte de Lacuesta móvese noutra dimensión, onde non alcanza xa o fel dos Botejara da máis rancia crítica española. Así que *Entre dos aguas* vén completar, nunha viaxe virtuosa a través dos anos, unha ficción documentalizada belísima, *La leyenda del tiempo*, onde Isaki nos presentou en 2006 os dous irmáns Gómez Romero: Isra, o xitano que ía para *cantaor* ata que o *fatum* se cruzou no seu camiño, e Cheito. E devólvenos ambos os dous desprovistos dos restos da máis mínima veta de inocencia. Sobre este Isra, de neno ninguén a home desarticulado, esténdese a ponte de ferruxe da ferida do tempo. O material co que Isaki forxa estas vidas que respiran autenticidade, aínda que se forxen sobre unha sutilísima representación, é aquel do que están feitos os sonhos máis tristes, cando non os pesadelos. Estes antiheroes, que algo teñen do Pasolini de Accatone, definen, no seu equilibrio entre verdade e ficción, a grandeza de Isaki Lacuesta como o que é xa: o grande autor do territorio fronteirizo. A fronteira entre a realidade e a dramaturxia, a liña de sombra coa que Lacuesta reflexiona sobre a vida e a súa representación, era unha lúdica xenialidade que brillaba xa naquel boxeador inventado,

aquel Cravan que tanto celebrou este Cineuropa en 2002. A partir de entón, o festival foi seguindo as leis das fronteiras, máis ou menos arraianas, do cinema de Isaki. Ese relato de guerrilleiros que volven ao corazón do bosque ou das tebras conradianas onde nunca se inhumaron ben os restos do naufraxio e os loitos das súas loitas, e por iso estes personaxes son os condenados. A fusión de *Los pasos dobles* de François Augiéras e de Miquel Barceló, dous pintores separados por medio século e polos metros de terra que separan a lenda do museo. A inquietante posibilidade dun home que ocupa a identidade doutro, non como *doppelganger* senón como expropiador da súa pel. Ou a fronteira entre a Ava Gardner á que un Hollywood do que bebeu Harvey Weinstein definía como o animal máis belo do mundo e aqueloutra Ava Lavinia que atopou naquela España que era un cuartel, paradoxalmente, a súa terra de liberdade. Lembro que tras un pase de festival de *La noche que no acaba*, en 2010, transmitínlle a Isaki, grande autor do cinema da mestizaxe de ficción e verdade, a mensaxe de que en Cineuropa o agardabamos. E é agora, chegado dunha desas viaxes ao deserto ou no túnel do tempo taciturno, que o recibimos para honrar ese cinema seu, indomeable e transfronteirizo, máis valioso que nunca nun mundo que levanta por todas partes muros de odio.

José Luis Losa

Director de Cineuropa

PREMIO CINEUROPA 2018 A ÁNGELA MOLINA

Ángela Molina, a virxe pagá

Que Luis Buñuel te bendiga, Ángela, ou que te apadríne con aquela definición, que xa terás gravada a lume, de «virxe pagá» é un feito diferencial. Tanto que logo, a santa Transición tivo moitas actrices nos seus altares —Vitoria Abril, Ana Belén ou Carmen Maura— pero virxe e pagá, musitado polo Deus do cinema nun dos seus últimos suspiros, só houbo unha. Por iso, mentres o noso cinema destapaba tirias e troianas, Ángela Molina foi a *pasionaria* daquelas primeiras elexías que se permitían evocar a República perdida. Ou soñala como a infancia recuperada. Dese tempo son *Las largas vacaciones del 36*, *La Ciudad Quemada*, *A un dios desconocido* ou esa xoia necesitada de rboisníaevindicación, o mellor filme de Gutiérrez Aragón e de todo o cine español do posfranquismo que é *El corazón del bosque*, onde aquel maquis algo conradiano nos facía pensar que a guerra dos nosos antepasados aínda podería revertirse na súa derrota. Mellor morrer de pé que vivir de xeonllos. Con Gutiérrez Aragón estiveches tamén en *Cama negra*, unha daquelas películas a cuxas proxeccións acudían os fillos guerrilleirínos de Cristo Rei para gritar «Vivan as cadeas» ou ameazar de bomba. E comezaches a ser a nosa actriz internacionalista traballando ás ordes de Elio Petri, de Gillo Pontecorvo (onde Carrero voou e voou), de Comencini ou de Bellocchio. De volta a España, tras dúas películas igualmente necesitadas de revisitación como *Los restos del naufragio*, do querido Ricardo Franco e *La sabina*, do venerado Borau, xa encadeaches a idade de ouro ou a bóla de cristal daquela era apadrinada por Pilar Miró: *Demonios en el jardín* e *La mitad del cielo*, ambas as dúas de novo con Gutiérrez Aragón, puxéronte na cima daquel *star-system* pilarista que tanto estrañamos. Nesas historias, Ángela, fúchesnos levando dos días do pasado da guerra máis triste de todas as guerras á escura e

ditatorial autarquía na cal ti poñas luminosidade rebelde e liberadora no universo do estraperlo e cuartel. Non gañaches o Goya naquel ano no que naceu o cabezón. Pero si a Cuncha de Prata en San Sebastián e, en Italia, o David de Donatello, con Liv Ullman e Giulietta Massina como competidoras. Fuches a Nicaragua, rodar o *Novecento* sandinista con Miguel Litin. De volta, reinaches con Chávarri naquela versión española de Cabaret que foi *Las cosas del querer*, onde se falaba de Miguel de Molina e de como os falanxistas lle partiron a cara para que Ojos verdes só a cantase a voz franquista de Concha Piquer. Alain Tanner reuniute con Paco Rabal, mentres caía o Muro e a outra Pasionaria morría en Madrid. E chegaches á vida de Almodóvar, que non ía parar ata conseguir sacar partido da virtude dramática da virxe pagá. En *Carne trémula* e na apoteótica *Los abrazos rotos* non fuches moza Almodóvar, senón Ángela Molina *nomás*. Os Taviani e Giuseppe Tornatore en dúas ocasións renovaron ese fervor italiano que sempre se rendeu diante de ti. Aínda o pasado ano, Leonardo Sbaraglia recollía o Premio Cineuropa mentres se proxectaba nesta pantalla do Principal un *neo-noir* arxentino de exultante negrura, *El otro hermano*, onde ti preiteabas nun mundo macho. E igual que o teatro chegou á túa vida para que foses troiana e a Mrs. Robinson de *El graduado*, o teatro ábrese agora en Cineuropa para te recibir, nena de lume, virxe pagá, nai coraxe, muller dunha peza e actriz de telúrica forza intemporal. Celebramos case as túas vodas de prata e a túa metade do ceo. Quédanos outra metade para que sigas regalándonos talento, beleza, trasgo e luz de veráns e de *pasionarias*

José Luis Losa
Director de Cineuropa

Foto: Javier Salas



Foto: Mara Cozar

MER 28, 20:30 | TEATRO PRINCIPAL

PREMIO CINEUROPA 2018 A ANTONIO DURÁN «MORRIS»

O mundo que foi e o que é

Hai unha enorme xustiza poética no feito de que fose unha serie de televisión a que internacionalizou o talento de actor de Morris. Porque a televisión foi a que o fixo en Galicia un rostro máis coñecido que o home do tempo cando o home do tempo era Mariano Medina. Como tantos, antes diso, Morris aspirou o veneno do teatro. Con vinte anos interpretaba Fernando Arrabal coa súa compañía Artello, cando Arrabal era un roxo perigoso e aínda non o home bébedo do milenarismo ou o tipo que escribía cartas de amor a José María Aznar. Pois Morris, con vinte anos, interpretaba sobre as táboas a Aristófanes, a Ionesco ou a Méndez Ferrín, moito antes de que existise o Centro Dramático Galego. Isto é que, como tantos —como o seu amigo Ernesto Chao— foi primeiro de nada un actor pura raza, corenta anos antes de Netflix. Morris fixo shakespeareas e molieres antes de recalar nesas series que humanizaban a orwelliana TVG. En cinema, de entre a xa ampla nómina de personaxes que protagonizou con directores como Fernando León, Antonio Hernández, Daniel Monzón ou o noso Alfonso Zauza, hai un traballo de Antonio Durán que a min me chegou especialmente. Trátase dun filme que, seguramente verían tantos espectadores como os que asistían ás montaxes teatrais de Artello. Pero a min o rexistro de Morris en *El mundo que fue y el que es*, do tan vocacionalmente minoritario como interesantísimo Pablo Llorca, parécese soberbio. É un deses personaxes dunha clandes-

tinidade comunista á que o cinema español condenou á inexistencia. Sería necesario que esa película de Llorca fose revisada pola súa coraxe na defensa dunha postura intransixente coas rodas de muiño da santa Transición. E para atopar unha das máis valiosas interpretacións de Morris no cinema español. Fascíneme tamén o personaxe do noso premiado en *Pieles*, de Eduardo Casanova. Na irregularidade desa *opera prima* de Casanova hai un personaxe, ese individuo parafilico e pederasta, que o actor é capaz de dotar de humanidade insólita. Tras ver esa presenza indeleble de Morris, pensei que a súa capacidade para embocar personalidades patolóxicas me lembraba a de Richard Attenborough no Estrangulador de Rillington Place, unha das pezas mestras do tríptico de Richard Fleischer sobre a psicopatía criminal. E agora chegou o pai de todos os charlins. E, en efecto, Morris, en *Fariña* mete o mundo no peto porque nesa sensacional composición súa asistimos ao seu virtuosismo para acariñar a banalidade do mal. Por iso, intuimos que haberá moitos máis charlins e outros seres de moito perigo na carreira do noso homenaxeado que —non esquezan— xa foi actor de culto naquela transgresión con lugar de honra no cinema galego que é *A matanza canibal dos garrulos lisérxicos*.

José Luis Losa

Director de Cineuropa

ÍNDICE DE SECCIONES

FILME INAUGURAL

45 LA NOCHE DE 12 AÑOS [2018]

FILME DE CLAUSURA

45 KURSK [2018]

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

48 ANNA KARENINA. ISTORIYA VRONSKOGO / ANA KARÉNINA. A HISTORIA DE VRÓNSKI [2017]
48 APUNTES PARA UNA PELÍCULA DE ATRACOS [2018]
49 ARCTIC [2018]
49 BLOSSOM VALLEY / OVAL DAS FLORES [2018]
50 DIE KÖRPER DER ASTRONAUTEN / OS CORPOS DOS ASTRONAUTAS [2017]
50 DOGMAN [2018]
51 DOUBLES VIES / NON-FICTION [2018]
51 DOVLATOV [2018]
52 ENTRE DOS AGUAS [2018]
52 FLEUVE NOIR [2018]
53 FROST [2017]
53 HIGH LIFE [2018]
54 IN FABRIC [2018]
54 JETZT.NICHT. [2017]
55 JIMMIE [2018]
55 L'HOMME FIDÈLE / UN HOME FIEL [2018]
56 LA DERNIÈRE FOLIE DE CLAIRE DARLING / A ÚLTIMA TOLEMIA DE CLAIRE DARLING [2018]
56 LES ESTIVANTS / A CASA DE VERÁN [2018]
57 LETO / SUMMER [2018]
57 LORO / SILVIO E OS OUTROS [2018]
58 NEVER LOOK AWAY / OBRA SEN AUTOR [2018]

58 NOTTI MAGICHE / NOITES MÁXICAS [2018]
59 OIKTOS / PITY [2018]
59 PLAIRE, AIMER ET COURIR VITE / SORRY ANGEL [2018]
60 SAUVAGE [2018]
60 SUNSET / ATARDECER [2018]
61 TERET / THE LOAD [2018]
61 THE GUILTY [2018]
62 THE HOUSE THAT JACK BUILT / A CASA DE JACK [2018]
62 THE MAN WHO SURPRISED EVERYONE / O HOME QUE SORPRENDEU A TODOS [2018]
63 THE WILD PEAR TREE [2018]
63 TOUCH ME NOT [2018]
64 UN COUTEAU DANS LE CŒUR / COITELO E CORAZÓN [2018]
64 UTØYA 22. JULI [2018]
65 ZGODOVINA LJUBEZNI / HISTORIA DE AMOR [2018]

SECCIÓN OFICIAL INTERNACIONAL

70 A LAND IMAGINED [2018]
70 ASH IS PUREST WHITE [2018]
71 BELMONTE [2018]
71 CÔMPRAME UN REVÓLVER [2018]
72 DESLEMBRO [2018]
72 DIANE [2018]
73 DJON AFRICA [2018]
73 DRESSAGE [2018]
74 FIGURAS [2018]
74 GALVESTON [2018]
75 INFERNINHO [2018]
75 KARDEŞLER / İRMÂN S [2018]
76 LA FLOR [2018]
76 LAS HEREDERAS [2018]

77 LAS HIJAS DEL FUEGO [2018]
77 LONG DAY'S JOURNEY INTO NIGHT / LONGA VIAXE DO DÍA CARA Á NOITE [2018]
78 MANBIKI KAZOKU / UN ASUNTO DE FAMILIA [2018]
78 MI OBRA MAESTRA [2018]
79 NUESTRO TIEMPO [2018]
79 PRAÇA PARIS [2017]
80 SE ROKH / 3 CARAS [2018]
80 SUPPORT THE GIRLS [2018]
81 THE KINDERGARTEN TEACHER [2018]
81 THE MISEDUCATION OF CAMERON POST [2018]
82 UNTIL THE END OF TIME [2017]
82 WHAT KEEPS YOU ALIVE [2018]

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA

85 ENTRE DOS AGUAS [2018]
85 ESE OSCURO OBXECTO DO DESEXO [1977]

LATIDOAMERICANO

88 AL DESIERTO [2017]
88 LA FLOR DE LA VIDA [2017]
89 LAS OLAS [2018]
89 LAS VEGAS [2018]
90 LOS VAGOS [2017]
90 MENTE REVÓLVER [2017]
91 MIRIAM MIENTE [2018]
91 OJOS DE MADERA [2017]
92 ROBAR A RODIN [2017]
92 SEDUÇÃO DA CARNE [2018]
93 SEM RAIZ [2017]
93 TIGRE [2017]
94 WIÑAYPACHA / ETERNIDADE [2017]

DEREITOS HUMANOS: A MEMORIA É PRESENTE

98 EL COLOR DEL CAMALEÓN [2017]
98 EL ENTUSIASMO [2018]
99 EL SILENCIO DE OTROS [2018]
99 LA CAUSA CONTRA FRANCO: ¿EL NÜREMBERG ESPAÑOL? [2018]
100 LAST MEN IN ALEPPO [2017]
100 THE OTHER SIDE OF EVERYTHING [2017]

DOCS CINEUROPA

104 '77 NO COMMERCIAL USE [2017]
104 DIANTE DOS MEUS OLHOS [2017]
105 FEVEREIROS [2017]
105 FOTBAL INFINIT / FÚTBOL INFINITO [2018]
106 JE VOIS ROUGE / VEXO TODO ROXO [2018]
106 L'EMPIRE DE LA PERFECTION / BUSCANDO A PERFECCIÓN [2018]
107 L'ÎLE AU TRÉSOR / A ILLA DO TESOURO [2018]
107 MORIR PARA CONTAR [2018]
108 NAZIDANIE [2017]
108 O PROCESSO [2018]
109 RABOT [2017]
109 SPK KOMPLEX / COMPLEXO SPK [2018]
110 SVIDETELI PUTINA / TESTEMUNHAS DE PUTIN [2018]
110 VIVIR Y OTRAS FICCIONES [2016]
111 WALDHEIMS WALZER / O CASO KURT WALDHEIM [2018]

O PRESENTE É MULLER

114 1048 LUNES / 1048 LÚAS [2017]
114 CONVERSACIONES ALREDEDOR

DE UN PIANO QUE VINO DE EUROPA [2018]
115 CUBANAS. MUJERES EN REVOLUCIÓN [2018]
115 JULIA Y EL ZORRO [2018]
116 KAZARKEN: EN CREUSANT [2016]
116 KHRUSTAL / CISNE DE CRISTAL [2018]
117 LA CENA BLANCA DE ROMINA [2017]
117 LAS HIJAS DEL FUEGO [2018]
118 LUZ OSCURA [2017]
118 MARLINA, THE MURDERER IN FOUR ACTS / MARLINA, ASASINA EN CATRO ACTOS [2017]
119 PRIMAS [2017]
119 TEMPO COMUM [2018]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

122 BLUES TROPICAL [1982]
122 COLOR [1954]
123 COME OUT [1971]
123 COPACABANA BEACH [1983]
124 DESNUDO CON ALCATRAZES [1986]
124 EL DIABLO EN EL CUERPO [1998]
125 PARACAS [1983]
125 POPSICLES [1983]
126 UMBRALES [1967]

MOSTRA DO CENTRO SIMONE DE BEAUVOIR

129 LA MARCHÉ DES FEMMES À HENDAYE / A MARCHA DAS MULLERES A HENDAIA [1975]
129 LIP: MONIQUE ET CHRISTIANE [1976]
130 MASO ET MISO VONT EN BATEAU / MASO E MISO VAN EN BARCO [1975]
130 SOIS BELLE ET TAIS-TOI / SÉ FERMOUSA E CALA [1981]

131 VIOL CONJUGAL, VIOL À DOMICILE / VIOLACIÓN CONXUGAL, VIOLACIÓN A DOMICILIO [2003]

LEMBRANZA DE LANZMANN

134 SHOAH [1985]
134 SOBIBÓR, 14 OCTOBRE 1943, 16 HEURES [2001]
135 UN VIVANT QUI PASSE [1999]

CINEFILIAS

138 ATA TU ARADO A UNA ESTRELLA [2017]
138 BERGMAN: A YEAR IN A LIFE [2018]
139 HAL [2018]
139 NEVILLE D'ALMEIDA: CRONISTA DA BELEZA E DO CAOS [2018]
140 O TERMÓMETRO DE GALILEU [2018]
140 THE GREEN FOG [2017]

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

144 HAMADA [2018]
144 TROTE [2018]
145 9 FUGAS (WORK IN PROGRESS) [2018]
145 CUNA DE MÚSICOS [2017]
146 EL EQUIPO DE MI BARRIO [2017]
146 LA ESTRELLA ERRANTE [2018]
147 LA FELICIDAD DE LOS PERROS [2018]
147 MATER AMATÍSIMA [2017]
148 O DESAFÍO DO SIL [2018]
148 OS FILLOS DA VIDE [2017]
149 PEDRÓN DO FREIXO [2018]
149 SANTOS #2. WORK IN PROGRESS [2018]
150 SEVILLA Y GOMORRA [2018]

100 ANOS DE CINE ROMANÉS

- 154 CEL MAI IUBIT DINTRE PĂMÂNTENI / O FILLO MÁIS AMADO DA TERRA [1993]
- 154 DINCOLO DE NISIPURI / MÁIS ALÁ DAS AREAS [1975]
- 155 FELIX SI OTILIA / FELIX E OTILIA [1972]
- 155 HOTEL DE LUX [1992]
- 156 INDEPENDENTA ROMÂNIEI / A GUERRA DA INDEPENDENCIA [1912]
- 157 LA 'MOARA CU NOROC' / O MUÍÑO DA FORTUNA [1957]
- 157 MAMA [1976]
- 158 MARFA ŞI BANII / A MERCANCÍA E A PASTA [2001]
- 158 MIHAI VITEAZUL / A ÚLTIMA CRUZADA [1970]
- 159 MOROMEȚII / A FAMILIA MOROMETE [1987]
- 159 OCCIDENT / OCCIDENTE [2002]
- 160 RECONSTITUIREA / A RECONSTRUCCIÓN [1968]
- 160 RESTUL E TĂCERE / O RESTO É SILENCIO [2007]
- 161 SCURTĂ ISTORIE / UNHA HISTORIA CURTA [1957]
- 161 SECVENȚE / SECUENCIAS [1982]

ESCÁNDALO: CINEMA SEN LEI NIN MORDAZAS

- 164 7 DÍAS DE ENERO [1979]
- 164 A CLOCKWORK ORANGE / A LARANXA MECÁNICA [1971]
- 165 À L'AVENTURE [2008]
- 165 À MA SOEUR / FAT GIRL [2001]
- 166 AL DI LÀ DEL BENE E DEL MALE / MÁIS ALÁ DO BEN E DO MAL [1977]

- 166 ALONDRAS EN EL ALAMBRE / COTOVÍAS NO ARAME [1969]
- 167 AMADOR [1966]
- 167 BLONDE VENUS / A VENUS LOURA [1932]
- 168 CAMBIO DE SEXO [1977]
- 168 CAUDILLO [1977]
- 169 CHOSSES SECRÈTES / PAIXONS SEGREDAS [2002]
- 169 CLEOPATRA [1934]
- 170 CONDUCTA IMPROPIA [1984]
- 170 CRASH [1996]
- 171 CRUISING / Á CAZA [1980]
- 171 EGON SCHIELE - EXZESSE [1980]
- 172 EKSTASE / ÉXTASE [1933]
- 172 EL CRIMEN DE CUENCA [1980]
- 173 EL ENCARGO DEL CAZADOR [1990]
- 173 EL EXTRAÑO VIAJE [1964]
- 174 EL SEXO ESTÁ LOCO [1981]
- 174 EMPEROR TOMATO KETCHUP [1971]
- 175 ENTER THE VOID [2009]
- 175 ESE OSCURO OBXECTO DO DESEXO [1977]
- 176 FOTOGRAF [2015]
- 176 FUNERAL PARADE OF ROSES [1969]
- 177 FURTIVOS [1975]
- 177 HUSTLER WHITE [1996]
- 178 IL PORTIERE DI NOTTE / PORTEIRO DE NOITE [1974]
- 178 JE SUIS À PRENDRE [1978]
- 179 JE T'AIME... MOI NON PLUS / ÁMOTE... MAIS EU NON [1976]
- 179 JE VOUS SALUE, MARIE / EU SAÚDOTE, MARÍA [1985]
- 180 JITSUROKU ABE SADA / O ABISMO DOS SENTIDOS [1975]
- 180 KOI NO TSUMI /
- 180 GUILTY OF ROMANCE [2011]
- 181 KOMISSAR / A COMISARIA [1967]

- 181 L'URLO [1970]
- 182 LA CHIAVE / A CHAVE SECRETA [1983]
- 182 LA FEMME PUBLIQUE / A MULLER PÚBLICA [1984]
- 183 LA GRANDE BOUFFE / O GRAN BANQUETE [1973]
- 183 LA PIRATE [1984]
- 184 LA PRIMA ANGÉLICA [1974]
- 184 LA TRASTIENDA [1975]
- 185 LA VIE NOUVELLE [2002]
- 185 LES ANGES EXTERMINATEURS [2006]
- 186 LOS GOLFOS [1960]
- 186 MACUNAÍMA [1969]
- 187 MAÎTRESSE [1976]
- 187 ME SIENTO EXTRAÑA [1977]
- 188 MORGIANA [1972]
- 188 MYRA BRECKINRIDGE [1970]
- 189 NARCOTIC [1933]
- 189 NATTEK / XOGOS DE NOITE [1966]
- 190 NIKUTAI NO MON / GATE OF FLESH [1964]
- 190 OCAÑA, RETRAT INTERMITENT [1978]
- 191 PARTIES FINES / EDUCATION OF THE BARONESS [1977]
- 191 PASOLINI: PROSSIMO NOSTRO [2006]
- 192 PEEPING TOM / O FOTÓGRAFO DO PÁNICO [1960]
- 192 POLISSONS ET GALIPETTES / GOLFOS E PICARDÍAS [2002]
- 193 QUEEN KELLY / A RAÍÑA KELLY [1929]
- 193 ROCÍO [1980]
- 194 ROMANCE [1999]
- 194 SALÒ O LE 120 GIORNATE DI SODOMA / SALÓ, OU OS 120 DÍAS DE SODOMA [1975]
- 195 SANTA SANGRE [1989]
- 195 SEMIKRÁSKY / AS MARGARIDAS [1966]
- 196 SHE DONE HIM WRONG / LADY LOU [1933]

- 196 SHORTBUS [2006]
- 197 STRAW DOGS / CANS DE PALLA [1971]
- 197 SUDDENLY, LAST SUMMER / DE SÚPETO, O ÚLTIMO VERÁN [1959]
- 198 SYMPTOMS / SÍNTOMAS [1974]
- 198 TAMAÑO NATURAL [1974]
- 199 THE BRIDES OF DRACULA / AS NOIVAS DE DRÁCULA [1960]
- 199 THE BROWN BUNNY [2003]
- 200 THE HOUSE IS BLACK [1963]
- 200 THE IMAGE [1975]
- 201 THE IMMORAL MR. TEAS / O INMORAL SR. TEAS [1959]
- 201 THE LAST TEMPTATION OF CHRIST / A ÚLTIMA TENTACIÓN DE CRISTO [1988]
- 202 THE RASPBERRY REICH [2004]
- 202 THE TRIP / A VIAXE [1967]
- 203 THUNDERCRACK! [1975]
- 203 ULTIMO TANGO A PARIGI / O ÚLTIMO TANGO EN PARÍS [1972]
- 204 UN CHANT D'AMOUR [1950]
- 204 UNE FLAMME DANS MON COEUR / UNHA LAPA NO MEU CORAZÓN [1987]
- 205 VIRIDIANA [1961]
- 205 W.R. - MISTERIJE ORGANIZMA / OS MISTERIOS DO ORGANISMO [1971]
- 206 WISH YOU WERE HERE / SE ESTIVERAS AQUÍ [1987]

FOCO KÔJI WAKAMATSU

- 207 ECSTASY OF THE ANGELS [1972]
- 207 GO, GO SECOND TIME VIRGIN [1969]
- 208 KABE NO NAKA NO HIMEGOTO / SEGREDOS TRALA PAREDE [1965]
- 208 NAKED BULLET [1969]
- 209 RUNNING IN MADNESS, DYING IN LOVE [1969]
- 209 SEIZOKU / SEX JACK [1970]
- 210 SHINJUKU MAD [1970]

- 210 VIOLATED ANGELS [1967]
- 211 VIOLENT VIRGIN [1969]

FOCO ELOY DE LA IGLESIA

- 212 EL DIPUTADO [1978]
- 213 EL SACERDOTE [1978]
- 213 LA CRIATURA [1977]
- 214 LA SEMANA DEL ASESINO [1972]
- 214 LOS PLACERES OCULTOS [1977]
- 215 UNA GOTA DE SANGRE PARA MORIR AMANDO [1973]

RAFAEL AZCONA EN ITALIA

- 218 CIAO MASCHIO / ADEUS AO MACHO [1978]
- 218 CONTROSESSO [1964]
- 219 FISCHIA IL SESSO [1974]
- 219 IL FISCHIO AL NASO / QUE DOCE É MORRER ASÍ [1967]
- 220 L'HAREM / O HARÉN [1967]
- 220 L'UDIENZA [1972]
- 221 L'ULTIMA DONNA / A ÚLTIMA MULLER [1976]
- 221 L'ULTIMO PULCINELLA [2008]
- 222 LA DONNA SCIMMIA / REMATOU O NEGOCIO [1964]
- 222 LA GRANDE BOUFFE / O GRAN BANQUETE [1973]
- 223 L'APE REGINA / A ABELLA RAÍÑA [1963]
- 223 MAFIOSO [1962]
- 224 MARCIA NUZIALE / MARCHA NUPCIAL [1966]
- 224 OGGI, DOMANI, DOPODOMANI / HOXE, MAÑÁ, PASADOMAÑÁ [1965]
- 225 TOUCHE PAS À LA FEMME BLANCHE / NON TOCAR Á MULLER BRANCA [1974]
- 225 UNA MOGLIE AMERICANA / A ESPOSA AMERICANA [1965]

- 226 YA BON LES BLANCS / OS NEGROS TAMÉN COMEN [1987]

CULT MOVIES

- 230 BENVENUTA [1983]
- 230 DARK HORSE [2011]
- 231 DE PALMA [2015]
- 231 GO GET SOME ROSEMARY [2009]
- 232 HUNGRY HEARTS [2014]
- 232 IDENTIFICAZIONE DI UNA DONNA / IDENTIFICACIÓN DUNHA MULLER [1982]
- 233 LITTLE ODESSA / CUESTIÓN DE SANGUE [1994]
- 233 MOI, PIERRE RIVIÈRE, AYANT ÉGORGÉ MA MÈRE, MA SOEUR ET MON FRÈRE... [1976]
- 234 MOONRISE [1948]
- 234 O SOM AO REDOR [2012]
- 235 SANS TOIT NI LOI / SEN TEITO NIN LEI [1985]
- 235 SCHIZOPOLIS [1996]
- 236 SIMON KILLER [2012]
- 236 THE ADJUSTER / O LIQUIDADOR [1991]
- 237 THE PLEASURE OF BEING ROBBED [2008]
- 237 THE TRIGGER EFFECT / O EFECTO DOMINÓ [1996]
- 238 UN SINGE EN HIVER / UN MONO EN INVIERNO [1962]

FANTASTIQUE COMPOSTELA

- 242 COINCOIN ET LES Z'INHUMAINS / COINCOIN CONTRA OS EXTRATERRESTRES [2018]
- 242 GHOSTLAND [2018]
- 243 GRÄNS / BORDER [2018]
- 243 HIGH LIFE [2018]

MARATÓN

- 246 GRÄNS / BORDER [2018]
- 246 WHAT KEEPS YOU ALIVE [2018]
- 247 GHOSTLAND [2018]
- 247 SANTA SANGRE [1989]
- 248 EL GRAN AMOR DEL CONDE DRÁCULA [1973]
- 248 SYMPTOMS / SÍNTOMAS [1974]
- 249 ESCALOFRÍO [1978]

CINEUROPA MIÚDA

- 252 DILILI À PARIS / DILILI EN PARÍS [2018]
- 252 LAIKA [2017]
- 253 MIRAI NO MIRAI / MIRAI, A MIÑA IRMÁ PEQUENA [2018]

CINE E XADREZ

- 256 COMPUTER CHESS [2013]
- 256 LA PARTIE D'ÉCHECS / A PARTIDA DE XADREZ [1994]
- 257 PAWN SACRIFICE / O CASO FISCHER [2014]

- 257 SEARCHING FOR BOBBY FISCHER / EN BUSCA DE BOBBY FISCHER [1993]
- 258 SHATRAJ KE KHILARI / OS XOGADORES DE XADREZ [1977]
- 258 THE LUZHIN DEFENCE / A DEFENSA LUZHIN [2000]

PROGRAMA ESPECIAL RFG

- 262 DAS CABINET DES DR. CALIGARI / O GABINETE DO DOUTOR CALIGARI [1920]

Nota: os textos precedidos por unha barra vertical de cor violeta que aparecen nas fichas das películas de seccións como **Sección Oficial Europea** ou **Sección Oficial Internacional** son as críticas cinematográficas do director de Cineuropa, José Luis Losa, e das programadoras Ana Gontad e Alejandra Trelles.

XUNTA DE GALICIA

PROGRAMA DE SUBVENCIONS EN 2018 AO SECTOR AUDIOVISUAL

Producións e coproducións: 2.000.000 €
Longametraxes, curtametraxes e formatos para televisión

Desenvolvemento de proxectos: 240.000 €

Promoción do talento: 145.000 €
Guións, curtametraxes e longametraxes

Organización de festivais: 140.000 €

Presenza en festivais de prestixio nacional e internacional: 30.000 €

Liña específica de desenvolvemento e produción cara ao Xacobeo 2021: ata 1.575.000 €

**Total de investimento
4.130.000 €**

Rodaxe de Aquilo que arde (Oliver Laxe, 2018)

www.agadic.gal/Axudas

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

XURADO NOVO

Este é o Xurado Novo de #CINEUROPA32.

Teñen nas súas mans a composición dun palmarés no que se inclúen as seguintes categorías:

Mellor Película, Mellor Director, Mellor Guión, Mellor Interpretación Feminina e Mellor Interpretación Masculina.

Os premios do Xurado Novo serán de carácter honorífico e daranse a coñecer antes da proxección da película de clausura do festival.



Laura Sixto

Nacín no 1997. Namoreime do cinema no 2013. Asistín por primeira vez ao Cineuropa e estudei na EIS no 2016. Fun xurado do Cineuropa no...




Aldara Pagán

Estudante de CAV. Teño escrito, dirixido, filmado e interpretado diferentes pezas audiovisuais. Fun xurado da xuventude no Zinemaldia 2018.



Gonzalo Rodríguez de Uña

Estudante de Historia da Arte e cinéfilo empedernido. Incondicional a cineuropa dende a miña chegada a Santiago fai 4 anos.



Ángel López Rivas

Son un estudante de Farmacia que pasa máis tempo na butaca central da fila 4 do Numax que na clase. Canso, chosco e depresivo.



Antía Díaz López

Estudante de Medicina na USC e acérrima espectadora no meu tempo libre. Tamén me veredes facilmente en calquera concerto por Compostela.



Sara García Cabeza

Proxecto de humanista e axitadora cultural dende unha perspectiva social e despatriarcal. Porén, nobre defensora da produción das milenials.



Xoán Fernández Diz

Son un estudante de Comunicación Audiovisual moi interesado polo mundo cinematográfico dende sempre e nun futuro gustaríame formar parte del.

FILMES INAUGURAL E DE CLAUSURA



MER 7, 20:00

LA NOCHE DE 12 AÑOS [2018]

Álvaro Brechner

Uruguai, Arxentina, España / 122 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Antonio de la Torre, Chino Darín, Alfonso Tort, César Troncoso, Soledad Villamil, Silvia Pérez Cruz.

Ficha técnica:

Guión: Álvaro Brechner.

Fotografía: Carlos Catalán.

Música: Federico Jusid.

Produción: Alcaravan / Haddock Films / Hernández y Fernández P.C / Manny Films / Movistar+ / Salado Films / Tornasol Films / ZDF/Arte.

Sinopse:

Ano 1973. Uruguai está baixo o poder da ditadura militar. Unha noite de outono, nove presos Tupamaros son sacados das súas celas nunha operación militar secreta. A orde é precisa: “como non podemos matoa, imos volvelos tolos”. Os tres homes permanecerán illados durante 12 anos.

— Premio do público no Festival de Cine Latinoamericano de Biarritz 2018.

Máis preto do ámbito intimista, da supervivencia da conciencia do home combativo, que da épica do cinema ambientado en prisións, as emocións da obra de Brechner nacen dunha raíz moito máis fonda, a do gran cinema sobre espíritos indómitos. A súa achega a esta estirpe —e tamén a unha reconstrución nobre, preñada de honestidade, da memoria histórica de Uruguai— respírase como un proceso liberador e tamén de expiación.



MER 28, 20:30

KURSK [2018]

Thomas Vinterberg

Francia, Bélxica, Luxemburgo / 117 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Matthias Schoenaerts, Léa Seydoux, Colin Firth, Max von Sydow, Michael Nyqvist, Peter Simonischek, Martin Brambach.

Ficha técnica:

Guión: Robert Rodat.

Fotografía: Anthony Dod Mantle.

Música: Alexandre Desplat.

Produción: Europa Corp / Belga Productions / VIA EST.

Sinopse:

Agosto de 2000. O submarino nuclear da armada rusa K-141 naufraga durante un exercicio en augas do mar de Barents. Un desastre ao que lle segue unha marcada negligencia goberamental internacional que ten a todo o mundo expectante. Mentres os mariñeiros loitan por sobrevivir atrapados dentro do submarino, as súas familias enfróntanse desesperadamente contra os obstáculos políticos e as escasas probabilidades de rescatalos.

Centrando *Kursk* sobre a misión de salvamento marítimo e a supervivencia da tripulación a porta pechada, así como na inquietude das familias, Vinterberg non esquece cargar o seu thriller claustrofóbico cunha aguda crítica da sociedade rusa de principios de século XXI, e o seu discurso de fachada que pretende esconder as fallas dun país de infraestruturas vetustas. A posta en escena, sobria e desposuída de grandes artificios, fai xustiza ao trauma das familias e ao sacrificio destas novas vítimas condenadas sobre o altar do orgullo nacionalista. Un drama político e humano, tinguido de punxente melancolía e cólera ardente.

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA



DOM 11, 19:30 | VEN 16, 17:15

ANNA KARENINA. ISTORIYA VRONSKOGO / ANA KARÉNINA. A HISTORIA DE VRÓNSKI [2017]

Karen Shakhnazarov

Rusia / 138 min. / Ficción / Ruso

Ficha artística:
Elizaveta Boyarskaya, Maksim Matveyev, Vitaly Kishchenko.

Ficha técnica:
Guión: Alexey Buzin, Karen Shakhnazarov.
Fotografía: Aleksandr Kuznetsov.
Música: Yuriy Poteenko.
Producción: Anton Zlatopolskiy, Karen Shakhnazarov.

Sinopse:
1904. Manchuria. Estamos nun hospital militar ruso no medio dunha aldea semidestruída. O xefe do hospital decátase de que o conde Vronsky, un oficial ferido, é a persoa que arruinou a vida da súa nai. Sen ningún tipo de expectativa, Karenin visita Vronsky e faillle a pregunta que o atormentou toda a súa vida: que fixo que Anna Karenina cruzase a liña?

Aínda que as adaptacións da coñecida novela de León Tolstói poden contarse por dúcias, a versión de Karen Shakhnazarov non está exenta de gran interese. Shakhnazarov aposta por unha actualización máis social da novela, supeditando en ocasións a narración á materialización das miserias dunha Rusia hipócrita, desigual e reaccionaria cuxo futuro só pode estar abocado ao fracaso. Visualmente é hipnótica e espectacular, ambientada cun rigor histórico que evidencia o profundo traballo de documentación que hai detrás.



SAB 10, 20:15 | DOM 11, 22:00 | MAR 13, 18:15

APUNTES PARA UNA PELÍCULA DE ATRACOS [2018]

Elías León Siminiani

España / 90 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:
Guión: León Siminiani.
Fotografía: Juan Barrero.
Producción: Pandora Cinema.

Sinopse:
Elías é un director de cinema. Flako foi o ladrón de bancos máis buscado durante a crise económica en España. Flako estaba no cárcere. Elías, na rúa. Este documental é a crónica dunha amizade entre dúas persoas cun obxectivo común: facer unha película de atracos.

Siminiani visitounos en 2012 con *Mapa*, a súa ópera prima. De novo o autor parte do persoal para ir desvelando unha Atlántida, as catacumbas da cidade onde se moven como peixe na auga os butroneiros. E un personaxe real da crónica negra: un destes ladróns que explica os seus saqueos non violentos como a aprendizaxe dunha das belas artes. Como un capítulo da serie negra e o honrado (e moi humano) gremio do roubo. Con sorte, León, na súa presentación en sala, conectará desde o seu móbil con este antiheroe do que sempre desexamos saber máis.



SAB 10, 18:15 | SAB 17, 22:15 | LUN 19, 17:30

ARCTIC [2018]

Joe Penna

Islandia / 97 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Mads Mikkelsen, Maria Thelma Smáradóttir.

Ficha técnica:
Guión: Joe Penna, Ryan Morrison.
Fotografía: Tómas Örn Tómasson.
Música: Joseph Trapanese.
Producción: Armory Films / Pegasus Pictures / Union Entertainment Group.

Sinopse:
No Ártico a temperatura pode baixar ata -70° C. Neste deserto xeadado e hostil, afastado de todo, un home loita por sobrevivir. Ao seu redor só existen a inmensidade branca e o cadáver dun avión que lle serviu de refuxio, único vestixio dun accidente xa moi afastado. Co tempo, aprendeu a loitar contra o frío e as tormentas, a coidarse dos osos polares e a buscar comida.

Mads Mikkelsen fai horas extra só fronte ao inferno branco, nunha ben armada modalidade de *survival* náufrago que é herdeira do Robert Redford de *All is lost*. Neve e soidade, sen compañeiros de viaxe e sen poder *whatsapp*. Isto é, o horror.



MAR 13, 18:00 | SAB 10, 21:45

BLOSSOM VALLEY / O VAL DAS FLORES [2018]

László Csujá

Hungría / 83 min. / Ficción / Húngaro

Ficha artística:
Réti László, Berényi Bianka, Kozma Károly, Kardos György, Kardos Róbert.

Ficha técnica:
Guión: László Csujá, Gergő V. Nagy.
Fotografía: Gergely Vass.
Edición: Attila Csabai.
Producción: András Muhi, Gábor Ferenczy, Focusfox Studio.

Sinopse:
Bianka atópase á deriva sen ningún propósito particular. De repente, sofre o impulso repentino de roubar un bebé, pero agora ten que lle un fogar. Ninguén está disposto a axudala, agás Laci, un mozo de 21 anos que ten unha discapacidade mental.

— Premio especial do xurado da sección East of the West no Karlovy Vary International Film Festival 2018.
— Premio do xurado da crítica no Palic International Film Festival 2018.

Unha irónica historia sociorrealista de amantes á fuga. Os noveis Réti László, campión de patinaxe nas Olimpíadas Especiais, e Berényi Bianka, celebridade de Instagram, interpretan con total naturalidade esta peculiar e fortuita parella, tan libre como desorientada nun mundo sobrado de convencionalismos. Unha luminosa e fluída fotografía acompaña a parella na procura do seu lugar no mundo, do seu particular val das flores.



VEN 16, 16:00 | DOM 18, 17:30

W arts M

DIE KÖRPER DER ASTRONAUTEN / OS CORPOS DOS ASTRONAUTAS [2017]

Alisa Berger

Alemaña / 73 min. / Ficción / Alemán

Ficha artística:

Lars Rudolph, Zita Aretz, Béla Gabor Lenz, Luzie Nadjafi, Daniel Michel, Britta Thie.

Ficha técnica:

Guión: Alisa Berger.
Fotografía: Bine Jankowski.
Edición: Alisa Berger, Yana Höhnerbach, Gesa Hille.
Producción: Alisa Berger, Robert Schaefer, Darius Cernota.

Sinopse:

Tres membros dunha familia ansían desfacerse da insoportable forza gravitatoria que exerce sobre eles o fogar e comezan así a virar en diferentes órbitas, ensimesmados nos seus propios corpos.

— Mellor longametraxe na categoría de novos realizadores do Festival Cinematográfico Internacional do Uruguai 2018.

Os corpos dos astronautas convértese nunha historia poética sobre a beleza do ser humano e o soño de ir ao espazo, cinema orixinal e arriscado, tanto desde o punto de vista narrativo como formal. O uso de ángulos e primeiros planos extremos, imaxes intermedias confusas e material de arquivo intercalado na trama proporcionan uns magníficos xogos visuais que reforzan a natureza reflexiva deste belo debut.



VEN 9, 20:00 | SAB 10, 22:15

DOGMAN [2018]

Matteo Garrone

Italia / 102 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Marcello Fonte, Edoardo Gero, Nunzia Schiano, Adamo Dionisi, Francesco Acquaroli, Alida Baldari Calabria, Gianluca Gobbi.

Ficha técnica:

Guión: Maurizio Braucci, Ugo Chiti, Matteo Garrone, Massimo Gaudioso.
Fotografía: Nicolaj Bruel.
Música: Michele Braga.
Producción: Matteo Garrone, Jean Labadie, Jeremy Thomas, Paolo del Brocco.

Sinopse:

Nun lugar nos arrabaldes, onde a única lei semella ser a do máis forte, Marcello vive o día a día entre o traballo na súa modesta barbería para cans, os momentos coa súa filla Alida e unha estraña relación de inferioridade con Simoncino, un ex boxeador que aterroriza todo o barrio. Disposto a recuperar a súa dignidade tras a enésima humillación por parte de Simoncino, Marcello ideará unha vinganza de inesperadas consecuencias.

— Mellor actor no Festival de Cannes 2018.

Como na súa multipremiada *Gomorra*, Matteo Garrone recorre ao naturalismo sen ambages para contar un caso criminal que conmocionou Italia. Un salvaxe pulso entre un perruqueiro de cans e un boxeador nun arrabalde romano, nun duelo excepcional dos seus actores, Edoardo Gero e Marcello Fonte, este último mellor actor en Cannes. O home é un lobo para o home. E a vinganza está servida por Garrone como unha mestura de Pasolini e Pascual Duarte.



LUN 19, 22:45 | MER 21, 20:00 | LUN 26, 18:15

DOUBLES VIES / NON-FICTION [2018]

Olivier Assayas

Francia / 107 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Juliette Binoche, Guillaume Canet, Olivia Ross, Christa Theret, Antoine Reinartz, Pascal Greggory, Violaine Gillibert.

Ficha técnica:

Guión: Olivier Assayas.
Fotografía: Yorick Le Saux.
Edición: Simon Jacquet.
Producción: CG Cinéma / Vortex Sutra / arte France Cinéma.

Sinopse:

Alain, un exitoso editor parisiense que loita por adaptarse á revolución dixital, ten dúbidas sobre o novo manuscrito de Léonard, un dos seus autores máis veteranos, por tratarse da enésima obra de autoficción na que recida a súa historia de amor cunha celebridade menor.

Despois do arriscado envite ao cinema de pantasmas de *Personal shopper*, Olivier Assayas —habitual do noso festival, onde tiros retrospectiva—, volve a unha contorna que domina. Pero este escenario de personaxes intelectuais de mediana idade elévase, lonxe de lugares comúns, como unha comedia divertidísima, como un Allen afrancesado cuxos personaxes a modo de quixotes da era dixital bracean na brecha das novas tecnoloxías e das velas ou neonatas infidelidades. Impagable a autoparodia de Juliette Binoche e o gag sobre as felacións, A Cinta branca e Star Wars, O espertar da forza.



MAR 20, 22:15 | XOY 22, 22:00

DOVLATOV [2018]

Alexey German Jr.

Rusia, Polonia, Serbia / 126 min. / Ficción / Ruso, Castelán, Finés

Ficha artística:

Milan Marić, Danila Kozlovsky, Helena Sudecká, Artur Beschastny, Anton Shagin, Svetlana Khodchenkova, Elena Lyadova.

Ficha técnica:

Guión: Alexey German Jr.
Fotografía: Lukasz Zal.
Edición: Sergey Ivanov, Darya Gladysheva.
Producción: Dariusz Jabłoński, Isabella Wojcik, Wioleta Kaminska, Miroslav Mogorovich.

Sinopse:

Seis días na vida do brillante e irónico escritor Sergei Dovlatov, quen viu de lonxe os ríxidos límites da Rusia soviética dos anos 70. Xunto co seu amigo e poeta Joseph Brodsky, loita para preservar o seu propio talento e integridade. Mentres que ve como os seus amigos artistas son esmagados pola maquinaria do estado de ferro, eles deberán emigrar.

— Premio á contribución artística (vestiario) na Berlinale 2018

Aleksey German Jr. ofrece un fresco do ambivalente mundo dos escritores disidentes na Unión Soviética de Brezhnev —o citado Dovlatov ou o futuro Nobel Joseph Brodsky— que tratan de equilibrar as súas actitudes críticas coa obediencia debida á burocracia de partido. Un Leningrado de axitada vida cultural *underground* co tratamento visual do responsable de *Ida* e ese estado febril ao que German consegue transportarnos cuns cantos gramos de tolema. Do mellor da pasada Berlinale.



XOV 8, 20:15 | LUN 12, 20:00

ENTRE DOS AGUAS [2018]

Isaki Lacuesta

España / 135 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Israel Gómez Romero, Francisco José Gómez Romero, Rocío Rendón, Yolanda Carmona, Daniela, Erika y Manuela Gómez Rendón, Lorrein Galea y Manuel González del Tanago.

Ficha técnica:

Guión: Isa Campo, Isaki Lacuesta, Fran Araújo.
Fotografía: Diego Dussuel. Música: Raül Refree, Kiko Veneno.
Producción: La Termita Films / B-Team Pictures / All Go Movies / Mallerich Films Paco Poch / Bord Cadre Films / Studio Indie Productions.

Sinopse:

Cando Isra sae do cárcere e Cheito remata unha longa misión que o levou a Somalia e as Seychelles, ambos os dous irmáns regresan á Illa de San Fernando. O reencontro dos irmáns renovará a lembranza da morte violenta do seu pai cando eran nenos.

— Cuncha de Ouro á mellor película no Festival de Cine de San Sebastián 2018.

Doce anos despois de dirixir *La leyenda del tiempo*, Isaki Lacuesta retomou os soños truncados de Isra, o neno que soñaba daquela con ser cantaor de flamenco. Ese mesmo Isra que despois foi abocado ao cárcere. E asistimos sen filtros á marxinalidade, á imposible reinserción social deste esgotado Sísifo que xa decidiu nun par de ocasións soltar a rocha e intentar liberarse do insuportable peso de vivir. Latexan en *Entre dos aguas* eses ecos do pasado, plenos da dor destas criaturas que teñen moito da dignidade dos golpeados que retrataba Pasolini, e que aquí bracean no barro onde o premio é a supervivencia.



LUN 26, 20:15 | MAR 27, 20:00

FLEUVE NOIR [2018]

Érick Zonca

Francia, Bélxica / 113 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Vincent Cassel, Romain Duris, Elodie Bouchez, Sandrine Kiberlain, Charles Berling, Christophe Tek, Lauréna Thellier, Sadek.

Ficha técnica:

Guión: Érick Zonca, Lou de Fanget Signolet (Novela: Dror Mishani).
Fotografía: Paolo Camera.
Música: Rémi Boubal.
Producción: Curiosa Films / Versus Production / FD Production.

Sinopse:

Un policía desenganado comeza unha investigación sobre a desaparición repentina dun adolescente, ao tempo que o seu fillo delincuente volve á súa vida tras embarcarse no mundo do narcotráfico para que o axude a salvar un amigo.

Érick Zonca roubounos a alma hai vinte Cineuropas con *A vida soñada dos anxos*. Tan caro de ver, regresa e faino con outro rostro case esvaído daquela película súa, o de Elodie Bouchez. Pero aquí a parte do león lévaa un Vincent Cassel descomunal como policía deshabitado e etílico, aferrado ao caso dun adolescente desaparecido. Unha serie negra colossal e nihilista, das que te creban cando encaixan, no claroscuro, todas as súas xunturas.



VEN 16, 22:15 | LUN 19, 20:00

FROST [2017]

Sharunas Bartas

Lituania, Francia, Ucraína, Polonia / 130 min. / Ficción / Lituano, Ucraíno, Ruso, Inglés, Francés

Ficha artística:

Mantas Janciauskas, Lyja Maknaviciute, Vanessa Paradis, Andrzej Chyra.

Ficha técnica:

Guión: Sharunas Bartas, Anna Cohen-Yanay.
Fotografía: Eitvydas Diskus.
Música: Pawel Mykietyt.
Producción: Sharunas Bartas, Jurga Dikciuvienė Janja Kralj, Olena Yershova Maria Blicharska, Michel Merkt.

Sinopse:

Unha parella de mozos lituanos ofrécese voluntaria para conducir unha camioneta de axuda humanitaria a Ucraína.

— Mellor filme na sección Dereitos Humanos do Festival de Cine Internacional de Estambul.

Sharunas Bartas, que regresa a este festival dous anos despois da proxección da suxestiva *Peace to us in our dreams*, propón nesta ocasión unha obra ambientada no conflito activo entre Rusia e Ucraína para reflexionar sobre aquilo que máis coñece, que é a condición humana. En *Seven invisible men* xa tratara o tema ucraíno pero con outro tipo de personaxes, situados nas antipodas dos inicialmente idealistas Rokas e Inga. *Frost* emerxe máis ambiciosa, como un relato que comprende o individual e o universal, o psicolóxico e o filosófico, e que adquire un cariz máis escuro, mesmo nihilista, a medida que nos mergulla nos horrores da guerra.



XOV 15, 20:00 | SAB 17, 22:30

W&M

HIGH LIFE [2018]

Claire Denis

Alemaña, Francia, Reino Unido, Polonia, Estados Unidos / 110 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Robert Pattinson, Juliette Binoche, Mia Goth, André Benjamin, Lars Eidinger, Agata Buzek, Claire Tran, Ewan Mitchell.

Ficha técnica:

Guión: Claire Denis, Jean-Pol Fargeau, Geoff Cox.
Fotografía: Yorick Le Saux, Tomasz Naumiuk.
Música: Stuart Staples, Tindersticks.
Producción: Alcatraz Film / Pandora Film / Andrew Lauren Productions (ALP) / Apocalypse Films Company / Madants / Canal+ / arte France Cinéma / BFI Film Fund.

Sinopse:

Un grupo de convictos acepta participar nunha misión espacial a cambio dunha rebaixa na súa condena.

— Premio FIPRESCI da crítica no Festival de San Sebastián 2018

Tras *Un sol interior*, na que se permitía un excuso pola comedia de muller descaída, Claire Denis repite con Juliette Binoche nunha viaxe a un xénero moito máis afastado, a ciencia ficción dentro de nave espacial. A orixe dos seus despersonalizados tripulantes é o de vagar no espazo, case como remeiros dunha sentina, como colonia penal. É Denis vai ensinando por onde comezou a foderse esta viaxe onde os seres humanos perderon a súa alma. E o único que pervive, e axigantada, é a pulsión sexual, tan ben expresada nesa ferocidade coa que Juliette Binoche se fai cun orgasmatrón. Outra fascinante obra maiúscula da misantropía de Claire Denis.



MER 21, 20:15 | LUN 26, 20:00

IN FABRIC [2018]

Peter Strickland

Reino Unido / 118 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Marianne Jean-Baptiste, Hayley Squires, Leo Bill, Gwendoline Christie, Sidse Babbett Knudsen, Caroline Catz, Julian Barratt.

Ficha técnica:

Guión: Peter Strickland.

Fotografía: Ari Wegner.

Música: Cavern of Anti-Matter.

Producción: Andy Starke.

Sinopse:

Cando a empregada dun banco compra un fermoso vestido vermello durante as rebaixas, parece que tivo un golpe de sorte, pero axiña quererá cambiálo.

Tras a sensacional *The Duke of Burgundy*, Peter Strickland retorna a Cineuropa con este quebracabezas de pánico insondable, con esa idea dunha pequena tenda dos horrores na cal o departamento de rebaixas devén trampa para incautos. Un espello escuro sobre o cal reflicte a historia daqueles aos que lles toca en desgraza o tortuoso agasallo de ser posuidores desa peza depredadora que non só lles carcome a pel, senón que centrifuga as súas mentes cara ao baleiro ou a morte. Á vez que relato de horror, *In Fabric* funciona tamén como feroz discurso contra a sociedade de consumo e a explotación do ser humano en toda cadea de mando. E nela Strickland fai tremer o chan do xénero a través dunha estética e unha planificación das secuencias revolucionaria, como no seu día o fixeron Hitchcock con *Psicose*, Polanski con *Rosemary's baby* ou John Carpenter na noite de *Halloween*.



XOV 8, 21:15 | LUN 19, 16:00

W

JETZT.NICHT. [2017]

Julia Keller

Alemaña / 88 min. / Ficción / Alemán

Ficha artística:

Godehard Giese, Loretta Pflaum, Ronald Kukulis, Tinka Fürst.

Ficha técnica:

Guión: Julia Keller, Janis Mazuch.

Fotografía: Janis Mazuch.

Música: Jonas Förster.

Producción: Bettina Brokemper, Heimatfilm GmbH + CO KG.

Sinopse:

Walter non pode crer que fose despedido dun día para outro. El, que literalmente vive polo seu traballo. O despedimento golpéao coma un gouño. Mentres a súa autoestima fraquea, a súa desesperación medra. A situación é unha pesada carga para o seu matrimonio ata que unha noite todo rebenta.

Julia Keller narra na súa lúcida e inconformista ópera prima a historia dun tipo ambicioso e egocéntrico que é despedido da empresa á que dedicou todo o seu tempo nos últimos anos. A destitución obrígaos a saír da zona de confort e a reformular a súa vida. El mesmo se define como “dinámico, práctico e novo”, e, aínda que é ben certo que é dinámico e práctico, tamén o é que pasados os corenta xa ninguén é novo no implacable mercado laboral, polo que comeza a sentir como o chan cambalea debaixo dos seus pés. *Jetzt.Nicht.* propón unha reflexión sobre o mundo actual: vivir unha segura pero gregaria existencia ou romper as normas e intentar ser libre?



DOM 18, 17:30 | DOM 25, 17:30

JIMMIE [2018]

Jesper Ganslandt

Suecia / 88 min. / Ficción / Sueco, Alemán, Croata

Ficha artística:

Jesper Ganslandt, Hunter Ganslandt, Christopher Wagelin, Anna Littorin, Marita Fjeldheim Wierdal.

Ficha técnica:

Guión: Jesper Ganslandt.

Fotografía: Måns Månsson.

Música: Jon Ekstrand.

Producción: Hedvig Lundgren, Juan Pablo Libossart, Jesper Kurlandsky.

Sinopse:

O pequeno Jimmie, de 4 anos, e o seu pai buscan un lugar seguro despois de que un conflito violento se desencadee na súa Suecia natal.

Jimmie ten catro anos. O seu pai asegúralle que van na procura da súa nai desaparecida. Aínda que a súa bonita vida en Estocolmo se esvaece ao verse obrigados a fuxir, o neno non esquece as promesas e aférrase a elas. Son o propio Ganslandt e o seu pequeno quen interpretan esta historia de desesperación e perda en cuxo periplo é fácil recoñecer o de miles de migrantes que día a día foxen en busca dun lugar seguro onde vivir. Ao que o espectador non está afeito é a ver que os que foxen aquí son de países ricos e seguros.



LUN 19, 21:15 | MAR 20, 22:30 | SAB 24, 18:00

L'HOMME FIDÈLE / UN HOME FIEL [2018]

Louis Garrel

Francia / 75 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Louis Garrel, Laetitia Casta, Lily-Rose Melody Depp, Joseph Engel.

Ficha técnica:

Guión: Jean-Claude Carrière, Louis Garrel.

Fotografía: Irina Lubtchansky.

Música: Philippe Sarde.

Producción: Why Not Pro / Wild Bunch.

Sinopse:

Marianne deixa a Abel por Paul, o seu mellor amigo e pai do fillo que está a esperar. Oito anos máis tarde, Paul morre e Abel volve con Marianne. Isto provoca os celos do fillo de Marianne e da irmá de Paul.

— Mellor guión (*ex aequo*) no Festival de Cine de San Sebastián 2018.

Louis Garrel, ademais de dirixir, protagoniza a este tipo inseguro, zanzado de modo non pouco sadomasoquista por dúas mulleres que din querele pero que non fan máis que manipulalo ata a extenuación. O que resulta é un añado relato a tres voces sobre o (des)amor, no que Garrel debuxa boxeo puntos de fuga entre Hitchcock e François Ozon. E decide que mellor deixar que sexa a nosa imaxinación a que peche todos eses labirintos sobre a natureza humana e o amor como enfermidade que deflagra sempre no outro.



SAB 17, 18:00 | DOM 18, 18:30



LA DERNIÈRE FOLIE DE CLAIRE DARLING / A ÚLTIMA TOLEMIA DE CLAIRE DARLING [2018]

Julie Bertuccelli

Francia / 94 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Catherine Deneuve, Chiara Mastroianni, Samir Guesmi, Laure Calamy, Alice Taglioni, Johan Leysen, Olivier Rabourdin.

Ficha técnica:

Guión: Julie Bertuccelli, Sophie Fillières (Novela: Lynda Rutledge).
Fotografía: Irina Lubtchansky.
Producción: Les Films du Poisson.

Sinopse:

En Verderonne, pequena vila en Oise, preto de París, é o primeiro día do verán e Claire Darling esperta convencida de que é o seu último día. Decide baleirar a súa casa e poñer todo á venda. Estes obxectos tan amados reflicten o que foi unha vida traxica e resplandecente. Esta última tolemia de Claire provocará o regreso da súa filla Marie, a quen non viu desde hai 20 anos.

Catherine Deneuve sae do seu longo peche, como dun sarcófago, para poñer en almoeda os seus caros obxectos: lámpadas de Tiffany a 1 euro. Para poñer coto a tan fermosa tolemia chega a súa filla —tamén na vida real—, Chiara Mastroianni. Todo queda na casa... ou fóra dela, nese bazar das sorpresas. Adaptación da novela de Lynda Rutledge *Faith Bass Darling's last garage sale*.



MAR 20, 22:15 | SAB 24, 21:30 | MAR 27, 17:30



LES ESTIVANTS / A CASA DE VERÁN [2018]

Valeria Bruni Tedeschi

Francia, Italia / 120 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Valeria Bruni Tedeschi, Pierre Arditi, Valeria Golino, Noémie Lvovsky, Yolande Moreau, Marisa Borini, Bruno Raffaelli.

Ficha técnica:

Guión: Valeria Bruni Tedeschi, Noémie Lvovsky, Agnès de Sacy.
Fotografía: Jeanne Lapoirie.
Producción: Ad Vitam Production / BiBi Film / Canal+.

Sinopse:

Unha casa na Costa Azul, afastada do tempo e protexida do mundo. Alí é onde Anna pasa as vacacións de verán coa súa filla. Rodeada da súa familia, amigos e empregados, Anna intenta recuperarse da súa recente ruptura sentimental mentres prepara o guión da súa próxima película.

Preside e percorre esta lúcida obra de Valeria Bruni Tedeschi unha preciosa carga de humor sarcástico: a dos guapos burgueses que habitan na súa dacha da Costa Azul, un cadro coral como un illote ao sol, onde se adiviñan perfis autobiográficos de Bruni Tedeschi. E un elegante espello case esperpéntico que reflicte sen acritude pero con añaño e intelixente bisturi as excentricidades desta clase do *dolce far niente* e os seus servos do arriba e abaixo.



SAB 10, 22:30 | MER 14, 21:45 | DOM 18, 19:45

LETO / SUMMER [2018]

Kirill Serebrennikov

Rusia, Francia / 126 min. / Ficción / Ruso, Inglés

Ficha artística:

Irina Starshenbaum, Teo Yoo, Roman Bilyk, Philipp Avdeev.

Ficha técnica:

Guión: Lily Idov, Mikhail Idov, Kirill Serebrennikov (baseado nas memorias de Natalia Naumenko).
Fotografía: Vladislav Opeyants.
Son: Boris Voyt.
Producción: Ilya Stewart, Murad Osmann, Pavel Buria, Mikhail Finogenov.

Sinopse:

Leningrado, un verán a principios dos 80: a escena do rock está en pleno apoxeo. Viktor Tsoï, un mozo músico que creceu escoitando a Led Zeppelin, T-Rex e David Bowie, está a tratar de facerse un nome. O encontro co seu ídolo Mike e a súa esposa Natacha cambiará o seu destino.

Ter unha banda de *rock* na Unión Soviética dos 80 podía ser moi *cool* pero entrañaba serias dificultades. Naquel Leningrado máis permisivo que Moscova, asistimos á evolución daqueles mozos tan raros para o socialismo real. Que a subversión florezca entre versións de Bowie ou mesmo Chuck Berry non evita que *Leto*, ademais das súas lecturas ideolóxicas, posúa as servidumes do cinema sobre rockeiros: as amizades fragmentadas, as disputas amorosas a tres ou a nostalgia da rebeldiva. Leningrado, finais dos 80... tal como eramos.



SAB 24, 19:45 | LUN 26, 22:15

LORO / SILVIO E OS OUTROS [2018]

Paolo Sorrentino

Italia, Francia / 156 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Toni Servillo, Elena Sofia Ricci, Riccardo Scamarcio, Kasia Smutniak, Euridice Axén, Fabrizio Bentivoglio.

Ficha técnica:

Guión: Paolo Sorrentino, Umberto Contarello.
Fotografía: Luca Bigazzi.
Música: Lele Marchitelli.
Producción: Indigo Film / Pathé / France 2 Cinema.

Sinopse:

Sergio Morra é un home feito a si mesmo que soña con dar o salto dos seus negocios á escala internacional. O camiño máis rápido para conseguilo é achegarse a Silvio. Para Sergio só hai unha maneira de chamar a súa atención: as velinas, as extravagancias e o exceso.

Sorrentino brillou na súa *opera magna* da Italia dos anos de chumbo e o complot permanente encarnados por Giulio Andreotti en *Il Divo*. Para poder expresar o que representou Berlusconi e a súa corte das sevicias, só cabe representar ese reino da inmudicia a través dunha telenovela bárbara, o *kitsch* do porno brando e as viaxes opiáceas en nave de caspa. O sobe e baixa lisérxico do *bunga-bunga*, Vila Certosa e as velinas, envoltidas nunha torta explosiva, un desmembramento de toda orde e lei. Un *Tirano Banderos* acaramelado, un *Padriño* das Mamma Ciccio. Era unha vez un circo. E Toni Servillo axigantándose e pedindo amor, moito amor para Silvio.



DOM 25, 17:15 | MAR 27, 22:15 | MER 28, 17:00

NEVER LOOK AWAY / OBRA SEN AUTOR [2018]

Florian Henckel von Donnersmarck

Alemaña, Italia / 188 min. / Ficción / Alemán, Ruso

Ficha artística:

Sebastian Koch, Tom Schilling, Paula Beer, Lars Eidinger, Rainer Bock, Florian Bartholomäi, Oliver Masucci.

Ficha técnica:

Guión: Florian Henckel von Donnersmarck.

Fotografía: Caleb Deschanel.

Música: Max Richter.

Produción: Pergamon Film / Wiedemann, Berg Filmproduktion / Beta Cinema / RAI Cinema / ARTE / Bayerischer Rundfunk (BR).

Sinopse:

Kurt, un estudante de arte na Alemaña do Leste, está namorado da súa compañeira de clase, Ellie. O pai dela non aproba a relación da súa filla e está decidido a destruíla. O que ningún deles sabe é que as súas vidas están conectadas por un crime cometido hai décadas.

Florian Henckel gañou o premio do público e unha das ovacións máis prolongadas do festival con *A vida dos outros* en 2006. Doce anos tiveron que pasar para o seu agardado regreso, outro drama en tempos de divisións, fronteiras, guerras, réximes liberticidas, esvásticas e amores *bigger than life*. E a arte como mecanismo de guión que representa esa pugna entre a liberdade e a opresión, entre a memoria e o soterramento. De novo, a tecla da emotividade impulsando o *dramatis personae* por enriba dos furacáns da Historia.



DOM 18, 20:30 | VEN 23, 22:15

NOTTI MAGICHE / NOITES MÁXICAS [2018]

Paolo Virzì

Italia / 125 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Mauro Lamantia, Giovanni Toscano, Irene Vetere, Giancarlo Giannini, Roberto Herlitzka, Paolo Bonacelli, Ornella Muti.

Ficha técnica:

Guión: Francesco Piccolo, Francesca Archibugi, Paolo Virzì.

Fotografía: Vladan Radovic.

Música: Carlo Virzì.

Produción: Lotus Productions / RAI / 3 Marys Entertainment.

Sinopse:

Verán de 1990. O cadáver dun recoñecido produtor de cinema aparece no río Tíber. Os principais sospeitosos son tres novos aspirantes a guionistas.

Paolo Virzì visitou por sorpresa #Cineuropa30 con *La pazza gioia*. Agora viaxa a 1990, década na cal a idade de ouro do cinema italiano se viu degolada pola telebasurización do país de man de Berlusconi e Mediaset. Virzì cóntao en clave de comedia de humor negro, con inxección de nostalgia e dúas vellas glorias como Giancarlo Giannini e Ornella Muti apadriñando a elección polo club dos cineastas desaparecidos.



XOV 15, 20:00 | MER 28, 18:15

OIKTOS / PITY [2018]

Babis Makridis

Grecia, Polonia / 99 min. / Ficción / Grego

Ficha artística:

Yannis Drakopoulos, Evi Saoulidou, Nota Tserniasfki, Makis Papadimitriou.

Ficha técnica:

Guión: Babis Makridis, Efthimis Filippou.

Fotografía: Konstantinos Koukoulis.

Edición: Yannis Chalkiadakis.

Produción: Amanda Livanou, Christos V. Konstantakopoulos, Klaudia Smieja, Beata Rzezniczek.

Sinopse:

Un home duns 45 anos,ogado, vive co seu fillo nun fogar acomodado. A súa muller está en coma e a tristeza causada por isto converteuse no elemento principal da súa vida, o que lle dá unha sensación de pracer que devén en adición. A súa dor fai que todos sintan compaixón por el, a súa vida nunca foi mellor do que é agora que é unha persoa triste e compunxida.

— Mellor filme e mellor director no Festival de Cine de Odessa.

Tendo como eixo central a formidable interpretación de Yannis Drakopoulos —que nun sublime exercicio de xestualidade *keatoniana*, combina impasible o gag absurdo con momentos da perversidade máis absoluta—, *Pity* mantén o ton e o ritmo austeros, zarrapicados dun humor tan negro que se acaba sentindo como un coitelo entre as costelas. Elegantemente concibida e depravadamente convincente.



MAR 27, 19:45 | MER 28, 23:00

PLAIRE, AIMER ET COURIR VITE / SORRY ANGEL [2018]

Christophe Honoré

Francia / 132 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Vincent Lacoste, Pierre Deladonchamps, Denis Podalydès, Rio Vega, Willemijn Kressenhof.

Ficha técnica:

Guión: Christophe Honoré.

Fotografía: Rémy Chevrin.

Produción: Les Films Pelléas / arte France Cinéma.

Sinopse:

Jacques é un escritor que vive en París. Aínda non cumpriu 40 anos e cre que o mellor da vida está por chegar. Arthur é un estudante que vive na Bretaña francesa. Le, sorri moito e négase a aceptar que hai algo imposible na vida. Jacques e Arthur gústanse e viven como se estivesen nun soño romántico ou nunha historia triste.

Para Christophe Honoré, a evocación dunha historia de amor condenada á dilución e, con todo, vivida coa intensidade do gozar do momento atopa o seu leito neste excuso aos anos 90. Unha relación homosexual e a sida soa como referente cronolóxico de algo que é como un eco do pasado e dun futuro incerto. Sobre esa sensible estrutura reafirmase, sen medo o *kitsch*, esta crónica de pobres amantes, condenados pola ferida do tempo.



MER 21, 22:00 | SAB 24, 23:45

SAUVAGE [2018]

Camille Vidal-Naquet

Francia / 99 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Félix Maritaud, Eric Bernard, Nicolas Dibla, Philippe Ohrel, Marie Seux, Lucas Bléger, Camille Müller, Jean-Pierre Baste.

Ficha técnica:

Guión: Camille Vidal-Naquet.

Fotografía: Jacques Girault.

Música: Romain Trouillet.

Producción: Emmanuel Giraud/ Les Films de la Croisade - Marie Sonne-Jensen / La voie lactée.

Sinopse:

Leo ten 22 anos e vende o seu corpo na rúa por uns poucos cartos. Os homes van e veñen, e el queda xusto aí, anhelando amar.

- Premio FIPRESCI da crítica ao mellor debut no Jerusalem Film Festival 2018.
- Mellor longametraxe no Oslo/Fusion Int'l Film Festival 2018.
- Premio da Fundación Louis Roederer para Félix Maritaud na Semana da Crítica de Cannes 2018.

A gran revelación da pasada Semana da Crítica de Cannes é este exercicio de coraxe que propón a inmersión no latexo dun personaxe de marxinalidade extrema, que é quen de elevar de entre as sórdidas acometidas dese submundo un discurso case poético de fe no amor, na solidariedade que discorre de modo harmonioso con esa crueza dos encontros sexuais baixo pago que emblematizan procuras do desexo asociadas a roles fantasmáticos radicais. E, deses combates ao límite, o seu protagonista dá tumbos de semideus ou de Ecce Homo un segundo antes da caída.



MAR 20, 19:45 | MER 21, 22:30 | VEN 23, 19:45

SUNSET / ATARDECER [2018]

László Nemes

Francia, Hungría / 144 min. / Ficción / Húngaro

Ficha artística:

Juli Jakab, Vlad Ivanov, Judit Bárdos, Susanna Wuest, Tom Pilath, Levente Molnár, Urs Rechn, Christian Harting.

Ficha técnica:

Guión: László Nemes, Clara Royer, Matthieu Taponier.

Fotografía: Mátyás Erdély.

Música: László Melis.

Producción: Laokoon Filmgroup / Playtime Production / Hungarian National Film Fund.

Sinopse:

1913 en Budapest. Despois de pasar a infancia nun orfanato, Irisz Leiter chega á Budapest con 20 anos e a esperanza de traballar na antiga tenda de chapéus dos seus pais, mais é rexeitada polo novo propietario. Ao mesmo tempo, terá que enfrontarse ao seu pasado cando descobre un irmán que nunca soubo que tiña.

- Premio FIPRESCI no Festival de Venecia 2018.

Tras se consagrar en Cannes coa escenificación da asfixia envolvente dun campo de exterminio nazi en *Son of Saul*, László Nemes recorre ao mesmo dispositivo de inmersión e ao punto de vista subxectivo do seu protagonista, aquí unha moza que chega á Budapest de comezos do século XX, mentres cae o Imperio Austrohúngaro. Nun marco de forza visual irresistible, Nemes arrisca de novo na narración elíptica, na formulación da investigación desta muller como un percorrido psicotrópico, insondable e inquietante.



DOM 18, 22:45 | LUN 19, 22:30 | MAR 20, 17:45

TERET / THE LOAD [2018]

Ognjen Glavončić

Serbia, Francia, Croacia, Irán, Catar / 98 min. / Ficción / Serbio

Ficha artística:

Leon Lucev, Pavle Cemerikic, Tamara Krcunovic, Ivan Lucev, Igor Bencina.

Ficha técnica:

Guión: Ognjen Glavončić.

Fotografía: Tatjana Krstevski.

Edición: Jelena Maksimovic.

Producción: Cinémadefacto / Kinorama / Non-Aligned Films / Three Gardens Film.

Sinopse:

Durante o bombardeo da OTAN en Serbia en 1999, Vlada conduce un camión frigorífico polo país. Non quere saber que é o que transporta, pero a súa mercadería converterase aos poucos na súa carga.

- Candidato á Cámara de Ouro de Cannes 2018.

Vlada ten que levar un misterioso cargamento de Kosovo a Belgrado. O seu camión é pesado pero semella que non sabe, e que talvez nunca saberá, o que transporta. A través dos encontros cos diferentes personaxes, a película comezará a comunicar unha incomodidade tan tensa como os camiños que Vlada debe percorrer, incapacitado polo seu estranho traballo para conxeniarse con quen sexa, co problema engadido de atoparse no medio dunha guerra. O filme devén nun lúcido *thriller* político que non evita o conflito en ningún momento. Unha historia implacable, intelixente e sobria. Necesaria.



VEN 9, 22:00 | MER 14, 20:00

THE GUILTY [2018]

Gustav Möller

Dinamarca / 85 min. / Ficción / Danés

Ficha artística:

Jakob Cedergren, Jessica Dinnage, Omar Shargawi, Johan Olsen, Maria Gersby, Jakob Ulrik Lohmann, Laura Bro.

Ficha técnica:

Guión: Emil Nygaard Albertsen, Gustav Möller.

Fotografía: Jasper Spanning.

Música: Carl Coleman, Caspar Hesselager.

Producción: Nordisk Film.

Sinopse:

Asger Holm, un exoficial de policía, foi suspendido das súas funcións e relegado a operador do servizo de emerxencias. Durante a súa quenda de noite, recibe a estraña chamada dunha muller aterrada. Asger decátase de que a muller alén do teléfono está secuestrada e comeza a procura. Recluido na súa mesa na central de emerxencias, Asgar terá que localizar e axudar a muller en perigo coa axuda dos seus compañeiros en todo o país.

- Premio do público en Sundance.

Un thriller de orixinalidade esmagadora. O sueco Gustav Möller é quen de soste-lo ritmo frenético nun suspense xerado desde un espazo mínimo: un policía e un teléfono. De aí, o manexo do son, dos sabios golpes de guiño que atrapan e bandean con mestría e sen descanso, no que son imaxes só suxeridas pola conversación.



MAR 13, 20:00 | VEN 16, 22:00

THE HOUSE THAT JACK BUILT / A CASA DE JACK [2018]

Lars von Trier

Dinamarca / 155 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Matt Dillon, Bruno Ganz, Uma Thurman, Riley Keough, Sofie Gråbøl, Siobhan Fallon.

Ficha técnica:

Guión: Lars von Trier.
Fotografía: Manuel Alberto Claro, Dff.
Edición: Molly Malene Stensgaard.
Producción: Louise Vesth.

Sinopse:

Estados Unidos, anos 70. Seguimos o brillantísimo Jack durante cinco incidentes a medida que descubrimos as mortes que marcan o seu percorrido de asasinato en serie. Para el, cada asasinato representa unha auténtica obra de arte, pero a súa inadaptación cáusalle problemas co mundo que o rodea.

No seu repaso a xéneros para alcanzar a obra definitiva, Lars Von Trier decide que chegou o momento de orquestrar a súa inmersión no cinema de *serial-killers*. E Matt Dillon aplica a súa arte de liquidador dividido en cinco segmentos: por enriba da crueldade deste asino compulsivo, Von Trier sitúa unha serie de reflexións sobre a arte e a moral, sobre o mal absoluto e a beleza irrepitible de Glen Gould e Bach. O cineasta atormentado —alter ego das obsesións de Dillon—, non deixa Uma Thurman respirar tanto como en *Kill Bill*.



VEN 23, 17:45 | DOM 25, 22:30



THE MAN WHO SURPRISED EVERYONE / O HOME QUE SORPRENDEU A TODOS [2018]

Natalya Merkulova, Aleksey Chupov

Rusia, Estonia, Francia / 105 min. / Ficción / Ruso

Ficha artística:

Evgeniy Tsyganov, Natalya Kudryashova.

Ficha técnica:

Guión: Aleksey Chupov, Natalya Merkulova.
Fotografía: Mart Taniel.
Música: Andrey Kurchenko.
Producción: Katia Filipova.

Sinopse:

Egor é un valente garda forestal que traballa na taiga siberiana. Trátase dun home de familia, respectado polos seus veciños e que agarda un segundo fillo da súa esposa. Con todo, Egor descobre un día que ten cancro e que lle quedan só dous meses de vida.

— Premio Horizontes á mellor actriz no Festival de Cine de Venecia 2018.

Debería ser un dos *sleepers*, dos descubrimentos deste festival. O anuncio dunha enfermidade sen fisgoas para a esperanza devén en vía cara ao autodescubrimento e a liberación dun garda forestal. O seu proceso de travestismo na taiga, a Rusia profunda, é un acto de subversión revolucionaria e desata a homofobia ancestral ben coñecida, que o despacho de Putin non fai senón alimentar. E de aí este filme imprevisible eríxese en obra de emancipación, e como un milagre entre Dreyer e o máis xenuino e efectivo activismo LGTB.



LUN 19, 21:15 | MER 21, 17:00

THE WILD PEAR TREE [2018]

Nuri Bilge Ceylan

Turquía, Francia, Alemaña, Bulgaria, Macedonia, Bosnia, Suecia, Catar / 188 min. / Ficción / Turco

Ficha artística:

Hazar Ergüçlü, Murat Cemcir, Dogu Demirkol, Benu Yildirimlar.

Ficha técnica:

Guión: Nuri Bilge Ceylan, Akin Aksu, Ebru Ceylan.
Fotografía: Gökhan Tiryaki.
Edición: Nuri Bilge Ceylan.
Producción: Memento Films Production / Zeynofilm / Detailfilm / Film i Väst / RFF International / Sister and Brother Mitevski.

Sinopse:

Sinan é un apaixonado da literatura que sempre quixo ser escritor. Ao volver á aldea onde naceu, inviste toda a súa enerxía en reunir os cartos que necesita para ser publicado, pero as débedas do seu pai convértese nun obstáculo.

Nuri Bilge Ceylan volve constatar a súa dimensión de cineurgo colosal con este achegamento aos conflitos que profundan nas diferenzas e na desigualdade na sociedade turca, a partir da brecha cultural e económica entre o campo e a cidade, a cicatriz xeracional expresada polas friccións constantes dese fillo *millennial* e os seus pais e irmáns que permaneceron na aldea. Dese choque de aparencia nimia, Ceylan vai esculpindo os perfís dunha sociedade enferma, bifronte, allea ás liberdades nin tan sequera formais. E faino noutro fresco poético de arte maiúscula.



MER 21, 23:45 | LUN 26, 16:00 | MER 28, 21:15



TOUCH ME NOT [2018]

Adina Pintilie

Romanía, Alemaña, República Checa, Bulgaria, Francia / 125 min. / Ficción / Inglés, Alemán

Ficha artística:

Laura Benson, Tomás Lemarquis, Dirk Lange, Hermann Mueller, Christian Bayerlein, Irmene Chichikova.

Ficha técnica:

Guión: Adina Pintilie.
Fotografía: George Chiper.
Música: Ivo Paunov.
Producción: Manekino Film / 4 Proof Film / Agitprop / Les films de l'étranger / Pink Productions / Rohfilm.

Sinopse:

Na fronteira entre realidade e ficción, *Touch me not* segue as viaxes emocionais de Laura, Tomás e Christian. Ansiosos por intimar pero ao mesmo tempo con medo a facelo, intentarán superar os seus mecanismos de defensa e os seus tabús para chegar a ser libres.

— Oso de Ouro á mellor película e mellor ópera prima na Berlinale 2018.

O Oso de Ouro na Berlinale para a romanesa Adina Pintilie non chega exento de polémicas. O seu marco difuso entre a ficción e o documental aplícase a unha serie de personalidades con sexualidade complexa —impotencias para o contacto físico, masturbacións mercenarias, sesións de sadomasoquismo en grupo—, e a outros que superan as súas dificultades (un home con atrofia muscular na columna, un travesti que semella querer curar coa palabra...). O cóctel que cociña Pintilie permítelle tamén entrar en plano, amosar o embigo autoral. Un “viva a xente” clasificado X? Xulguen vostedes.



MAR 27, 22:15 | MER 28, 22:15

UN COUTEAU DANS LE CŒUR / COITELO E CORAZÓN [2018]

Yann Gonzalez

Francia / 102 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Vanessa Paradis, Nicolas Maury, Kate Moran, Jonathan Genet, Khaled Alouach, Félix Maritaud, Noé Hernandez, Thibault Servière, Bastien Waultier, Bertrand Mandico.

Ficha técnica:

Guión: Yann Gonzalez, Cristiano Mangione.

Fotografía: Simon Beauflis.

Música: M83.

Producción: Charles Gillibert.

Sinopse:

París, verán de 1979. Anne produce porno gai de terceira categoría. Tras o abandono de Lois, a súa editora e amante, queda desfeita. Desesperada e decidida a recuperala, filma a súa película máis ambiciosa ata o momento co seu flamante compañeiro Archibald. Pero uno dos seus actores é brutalmente asasinado e Anne vese envolvida nunha estraña investigación que lle dá a volta á súa vida.

Unha das propostas máis poderosas do pasado Cannes. Unha sucesión de asasinatos cometidos durante a rodaxe dun filme porno gai serve a Yann Gonzalez para unha fastosa mestizaxe de elementos do *giallo* de Dario Argento, do cinema de Brian de Palma ou do Antonioni de *Blow-Up*. O terror de paxaros de pluma de cristal, a imaxe como creación asociada ao sexo, á paixón e á morte ficcionada ou carnal. Unha pantasma da ópera homoerótica e infinitamente libre.



DOM 11, 17:45 | LUN 12, 20:00

UTØYA 22. JULI [2018]

Erik Poppe

Noruega / 93 min. / Ficción / Noruegués

Ficha artística:

Andrea Berntzen, Aleksander Holmen, Brede Fristad, Ada Eide, Sorosh Sadat, Elli Rhiannon Müller Osbourne.

Ficha técnica:

Guión: Anna Bache-Wiig, Siv Rajendram.

Fotografía: Martin Otterbeck.

Música: Wolfgang Plagge.

Producción: Paradox Film 7 / Programme MEDIA de la Communauté Européenne / Nordisk Film / Norsk Filminstitutt.

Sinopse:

Coñecemos a Kaja apenas 12 minutos antes de que comece a matanza no campamento de verán da illa norueguesa de Utøya, o 22 de xullo do 2011. Os mozos acampados saben da bomba que un terrorista fixo estoupar en Oslo, pero descoñecen que Anders Breivik está na illa coa intención de matar cantas máis persoas mellor.

— Candidata ao Oso de Ouro da Berlinale 2018.

Noruega, o oasis nórdico, tivo —despois do magnicidio de Olof Palme— a súa segunda perda da inocencia na matanza da illa de Utøya. Erik Pope —ao revés que a infecta versión da mesma traxedia estreada en Netflix—, non amosa o monstro, o executor. En asfixiante plano-secuencia imos vendo as súas mordeduras de bala. A montaxe conmociona, asistimos a esa coreografía do horror sen poder apartar a mirada. Case sen respirar. Terminas sentindo que estivesches alí. E que viviches para contalo.



SAB 10, 19:45 | XOY 8, 21:45

Wartm

ZGODOVINA LJUBEZNI / HISTORIA DE AMOR [2018]

Sonja Prosenc

Eslovenia, Italia, Noruega / 105 min. / Ficción / Esloveno, Inglés

Ficha artística:

Doroteja Nadrah, Kristoffer Joner, Matej Zemljčič, Matija Vastl.

Ficha técnica:

Guión: Sonja Prosenc.

Fotografía: Mitja Ličen.

Música: VV.AA.

Producción: Rok Sečen, Sonja Prosenc, Nadia Trevisan (Italia), Jarle Bjorknes (Noruega).

Sinopse:

Iva, de dezasete anos, está en proceso de recuperación tras a morte da súa nai. Influenciada por esta profunda perda persoal e polo descubrimento dos segredos que a súa nai ocultaba, a moza mergúllase lentamente nun mundo estraño, case de ilusión, lonxe da realidade.

O segundo filme de Sonja Prosenc desenvolve unha poética audaz e distintiva que ataca directamente os sentidos do espectador, así como un estilo narrativamente solto e a capacidade de armar unha historia coa axuda da máis sutil das suxestións.



- ÓPERA EN DIRECTO
- CINE EN VERSIÓN ORIXINAL
- ALUGUER DE SALAS
PARA GRUPOS E ESCOLARES

Rúa Ramón Piñeiro 3 y 5, 15702 Compostela
881.018.467 | web@multicinescompostela.es



SECCIÓN OFICIAL INTERNACIONAL



XOV 8, 20:00 | SAB 17, 17:30

A LAND IMAGINED [2018]

Yeo Siew Hua

Singapur, Francia, Países Baixos / 95 min. / Ficción / Mandarín, Inglés, Bengali

Ficha artística:

Peter Yu, Liu Xiaoyi, Luna Kwok, Jack Tan, Ishtiaque Zico, Kelvin Ho, George Low, Andie Chen.

Ficha técnica:

Guión: Yeo Siew Hua.
Fotografía: Hideho Urata.
Música: Teo Wei Yong.
Producción: Akanga Film Asia / Films de Force Majeure / Volya Films.

Sinopse:

Un traballador chinés que vive na área industrial de Singapur sofre un accidente laboral e comeza a angustiarse pola posibilidade de ser repatriado. Incapaz de dormir, frecuenta un cibercafé no medio da noite. Coa esperanza de atopar algunha forma de contacto humano, fai unha amizade en liña que termina sendo máis sinistra do esperado.

— Leopardo de Ouro á mellor película no Festival de Locarno 2018.

O León de Ouro en Locarno para un filme que explora esa terra de ningún que é unha zona portuaria de fábricas nun Singapur onde sobra a man de obra migrante de lugares máis pobres. Unha desaparición, un arranque propio de *thriller* e unha viraxe na acción cara o pasado dese ser na bruma, un traballador que atopa a súa vía de escape en noites de neon de danzas tolas. Influencias de Won Kar-Wai e de Jia Zhang-Ke, quen presidía o xurado que premiou esta película que fala do amor entre as ruínas, da paixón nada do insomnio e as alucinacións.



XOV 15, 22:15 | SAB 17, 19:30

ASH IS PUREST WHITE [2018]

Jia Zhang-Ke

China, Francia / 141 min. / Ficción / Mandarín

Ficha artística:

Tao Zhao, Liao Fan, Xu Zheng, Casper Liang, Feng Xiaogang, Diao Yinan.

Ficha técnica:

Guión: Jia Zhang-Ke.
Fotografía: Eric Gautier.
Música: Lim Giong.
Producción: Shozo Ichiyama.

Sinopse:

En 2001, a moza Qiao está apaixonadamente namorada de Bin, un xefe da mafia local. Testemuña do ataque dunha banda rival contra Bin, dispara para defendelo. Por non delatalo, Qiao acaba condenada a cinco anos de cárcere. Unha vez en liberdade, Qiao busca a Bin pero este négase a aceptala de novo na súa vida.

— Candidata á Palma de Ouro de Cannes 2018.

Jia Zhang-Ke é xa unha presenza habitual en Cineuropa. A China coa mafia como poder fáctico fronte á inmutable presa das tres gargantas. Unha historia de amor traizoada, a vinganza servida como prato frío. E o curso do tempo que atravesa unha sociedade que parece dominada non pola clase política senón polo novo grupo emerxente, esa mafia que impón as súas regras nun mundo sen referentes.



VEN 9, 23:30 | MER 14, 18:30

BELMONTE [2018]

Federico Veiroj

Uruguai, México, España / 75 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Gonzalo Delgado, Olivia Molinaro Eijo, Tomás Wahrmann, María Noel Gutiérrez, Giselle Motta, Jeannette Sauksteliskis.

Ficha técnica:

Guión: Federico Veiroj.
Fotografía: Arauco Hernández Holz, Analía Pollio.
Música: Leo Masliah, Gervasio Tarragona & Javier Bezzato, Rafael Bonavita, Diane Denoir & Eduardo Mateo, Pedro Dalton & Buenos Muchachos, Carlos Gardel & Alfredo Lepera, Orquesta Juvenil del Sodre
Edición: Manuel Rilla, Fernando Franco.
Producción: Federico Veiroj, Juan José López.

Sinopse:

Belmonte, un home divorciado de 43 anos, séntese perdido cando non está coa súa filla Celeste, de dez. A súa identidade está ancorada nunha exitosa carreira como pintor, mediante a cal explora un tortuoso mundo interior. Celeste goza pasando tempo co seu pai, pero teme perder o amor da súa nai, novamente embarazada, mesmo nestas curtas visitas.

A nova película de Federico Veiroj (*A vida útil, O apóstata*) vén de triunfar en Toronto e en San Sebastián. Un pintor reconecido internacionalmente e o seu caos, o seu medo escénico fronte a unha exposición internacional. O seu *horror vacui* ante o novo fillo da súa exparella. E eses temores sublimados en soños, en situacións surrealistas, en noites que non acaban.



VEN 16, 20:45 | LUN 26, 16:30

CÓMPRAME UN REVÓLVER [2018]

Julio Hernández Cordón

México, Colombia / 84 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Ángel Leonel Corral, Fabiana Hernández, Matilde Hernández, Jhoan Martinez, Wallace Pereyda, Sostenes Rojas.

Ficha técnica:

Guión: Julio Hernández Cordón.
Fotografía: Nicolas Wong.
Música: Alberto Torres.
Producción: Burning Blue, Woo Films.

Sinopse:

Nun México atemporal unha nena vístese dun xeito estraño para ocultar o seu xénero, usa unha máscara de Hulk e axuda o seu atormentado pai a coidar un campo de béisbol abandonado onde xogan traficantes de drogas.

Nun momento no que hai inflación de filmes distópicos, moita atención a esta sensacional obra do mexicano Julio Hernández Cordón. Un desértico futuro, onde as mulleres case desapareceron. E a pugna dunha nena por manter un hábito de inocencia e salvar ao mesmo tempo ao seu pai toxicómano nun escenario de violencia e inhumanidade. Do mellor da Quincena de Realizadores de Cannes.



VEN 9, 22:00 | SAB 24, 18:00



DESLEMBRO [2018]

Flavia Castro

Brasil, Francia, Catar / 96 min. / Ficción / Portugués, Francés, Castelán

Ficha artística:

Jeanne Boudier, Sara Antunes, Eliane Giardini, Hugo Abranches, Julian Marras, Jesuita Barbosa, Arthur Raynaud.

Ficha técnica:

Guión: Flavia Castro.
Fotografía: Heloisa Passos.
Edición: François Gédigier, Flavia Castro.
Producción: Walter Salles, Gisela Camara, Flavia Castro, Yael Fogiel.

Sinopse:

Joana creceu en París rodeada de rock e literatura. Pero en 1979, cando se declara a amnistía en Brasil, Joana regresa ao país que apenas lembra, da noite para a mañá e en contra da súa vontade. En Río, ela recupera lembranzas dunha infancia fragmentada e dun pai desaparecido. Nin todo é real, nin todo é imaxinación. Como lembra, Joana é quen de escribir a súa propia historia en tempo presente

Como se constrúe un relato autobiográfico —e aínda que non o é exactamente—, Castro vai debuxando unha historia que se asemella a moitas pero que é tan singular como ningunha. Joanna é filla dun pai desaparecido pola ditadura brasileira, e o desexilio, que se lle impón xusto na metade da súa adolescencia, conéctaa con ese pasado cuxa memoria foi borrada polo tempo, a imaxinación e a información fragmentada. Un relato de iniciación á vez poético e político, entrañable e necesario.



VEN 23, 18:00 | DOM 25, 22:15

DIANE [2018]

Kent Jones

Estados Unidos / 95 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Mary Kay Place, Jake Lacy, Andrea Martin, Deirdre O'Connell, Glynnis O'Connor, David Tuttle, Joyce Van Patten, Phyllis Somerville.

Ficha técnica:

Guión: Kent Jones.
Fotografía: Wyatt Garfield.
Música: Jeremiah Bornfield.
Producción executiva: Martin Scorsese, Julia Lebedev, Eddie Vaisman, And Leonid Lebedev.
Producción: AgX / Sight Unseen Pictures.

Sinopse:

Diane é unha viúva septuaxenaria que dedica a súa vida a coidar dos demais. Enche os seus días servindo comida aos vagabundos, visitando a amigos enfermos e, sobre todo, intentando axudar o seu fillo drogadicto. Pero Diane tamén convive coa sombra da culpa por un antigo pecado.

— Premio Founders á mellor longametraxe narrativa, mellor guión e mellor fotografía no Tribeca Film Festival 2018.

A primeira película de ficción de Kent Jones é unha viaxe o fondo da insatisfacción dunha muller —soberbia Mary Kay Place— que parece lastrada polos problemas dos seres queridos aos que coida. Un *looping* argumental permítenos coñecer o que xa intuíamos, que Diane foxe de si mesma, dos seus demos interiores. E a oscilación do drama á comedia flúe de modo natural nesta obra que respira moito de elegía pola nai do propio Kent Jones.



VEN 9, 20:15 | VEN 16, 20:30



DJON AFRICA [2018]

Filipa Reis, João Miller Guerra

Portugal, Brasil, Cabo Verde / 96 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Miguel Moreira, Isabel Cardoso.

Ficha técnica:

Guión: Pedro Pinho, João Miller Guerra.
Fotografía: Vasco Viana.
Edición: Eduardo Serrano, Ricardo Pretti, Luisa Homem.
Producción: Terratre Films.

Sinopse:

Djon Africa acaba de aprender que a xenética pode ser cruel cando a súa fisionomía e algúns dos seus fortes xestos o delatan de inmediato como fillo dun pai ao que nunca coñeceu. Todo o que sabe sobre el é o que lle contou a súa avoa, con quen sempre viviu. Miguel emprenderá unha viaxe a Cabo Verde en busca das súas raíces.

Djon Africa é o fresco debut na longametraxe de ficción da parella formada por Filipa Reis e João Miller Guerra, que emerxe dese fecundo caldo de cultivo que é o Novo Cinema Portugués. O xa coñecido Pedro Pinho, director da multipremiada *A Fábrica de nada*, exerce aquí de coguionista. A película fai partícipe ao espectador da viaxe de Miguel, directo ao corazón da cultura indíxena caboverdiana. O estilo documental con que se filma a beleza de Cabo Verde, é equilibradamente contrarrestado con varias secuencias oníricas e fantásticas. *Djon Africa* é, en definitiva, a historia dun lisboeta que, na procura das súas raíces, se atopará a si mesmo. Tan simple e brillante como iso.



VEN 9, 21:15 | MAR 20, 18:15 | VEN 23, 16:00

DRESSAGE [2018]

Pooya Badkoobeh

Irán / 93 min. / Ficción / Persa

Ficha artística:

Negar Moghaddam, Yasna Mirtahmasb, Houshang Tavakoli, Ali Mosaffa, Shabnam Moghaddami.

Ficha técnica:

Guión: Hamed Rajabi.
Fotografía: Ashkan Ashkani.
Música: Shahab Paranj.
Producción: Samira Baradari, Roohollah Baradari, Toubia Film.

Sinopse:

Golsa é unha rapaza de 16 anos que vive coa súa familia nunha pequena poboación preto de Teherán. Ela pasa a meirande parte do seu tempo saíndo cun grupo de amigos. Un día, o grupo toma unha decisión cuxas consecuencias terán resultados inesperados.

— Mención especial na competición Generation 14plus da Berlinale 2018.
— Mellor actriz no Fajr International Film Festival 2018.
— Mellor actriz no Xangai International Film Festival 2018

Descuberta na sección Generation da última edición do Festival de Berlin, esta ópera prima é á vez a narración dun suceso policial e un relato de iniciación. Do mesmo xeito que esa cámara que se pega aos seus ombreiros e a segue de preto, Golsa debe convivir cunha ameaza crecente e a presión da súa contorna. O dilema moral ao que se enfrenta a nova protagonista sostense grazas ao gran pulso cinematográfico da novel directora e a un elenco sobresaínte co que constrúe escenas dunha forza impresionante.



MER 21, 18:15 | XOV 22, 20:00

FIGURAS [2018]

Eugenio Canevari

España, Arxentina / 88 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Adrià Sánchez-Campo, Judith Dalmau, Laura Esteve Reig, Mer Calduch, Valeria Ballerini, Roberto García Suárez, Isabel Rojas.

Ficha técnica:

Guión: Eugenio Canevari, Melina Pereyra.
Fotografía: Michele Falci, Enrique Rico.
Música: Patricio Canevari, Javier Orduña.
Producción: Mamá Húngara Cine / FANCA FILMS / Chroma Teatre.

Sinopse:

Stella é arxentina e non ten papeis. Desde que enfermou de ELA, a súa parella Paco axúdaa a moverse, alimentarse e comunicarse. Valeria, filla de Stella, acompañaos nos seu tempo libre, pero a angustia que lle provoca a deterioración da súa nai, lévaa a perderse nas noites de festa. Mentres agardan resposta por un piso de protección oficial, intentan sobrevivir ao día a día cos poucos recursos que quedan.

Tras o seu interesante debut con *Paula*, Canevari realiza agora un híbrido entre ficción e documental no que, outra vez, penetra nunha contorna familiar pero esta vez moi diferente á da súa ópera prima. É unha familia real que interpreta o seu verdadeiro drama: tres personaxes que deben enfrontarse á enfermidade dunha delas, o duro de ser testemuñas da decadencia do ser que máis queren e aínda así manter o humor, a alegría, a vida.



SAB 24, 22:30 | DOM 25, 20:00



GALVESTON [2018]

Mélanie Laurent

Estados Unidos / 94 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Ben Foster, Elle Fanning, Lili Reinhart, María Valverde, Beau Bridges, Robert Aramayo, Adepero Oduye, Rob Steinberg.

Ficha técnica:

Guión: Jim Hammett (Novela: Nic Pizzolatto).
Fotografía: Arnaud Potier.
Música: Marc Chouarain.
Producción: Low Spark Films / Jean Doumanian Productions.

Sinopse:

Roy Cady é un asasino a soldo en New Orleans ao que lle foi diagnosticado cancro de pulmón aos 40 anos. Ante a sospeita de que o seu xefe quere eliminalo, Roy trata de fuxir cara un horizonte descoñecido. No seu camiño, atoparase cunha moza desamparada que lle ofrece a oportunidade de darlle un novo sentido á súa vida.

A cuarta longa como directora de Mélanie Laurent —e o seu intercambio de Francia aos Estados Unidos— é un filme de serie negra, adaptación dunha novela que Nick Pizzolatto escribiu antes de alcanzar a fama con *True Detective*. *Galveston* pertence á estirpe do *noir* que protagonizan seres crebados, dous perdedores que foxen da violencia e buscan último refuxio nunha Texas costeira e vítima dos furacáns. Cando xa sabemos que estes desvíos ao paraíso sempre terminan nun *cul de sac*. Entre a sordidez e a poética dese canellón das almas perdidas, hai que ver para crer a composición de fragilidade exquisita de Elle Fanning.



VEN 16, 21:00 | DOM 18, 21:30

INFERNINHO [2018]

Pedro Diogenes, Guto Parente

Brasil / 82 min. / Ficción / Portugués, Inglés, Francés

Ficha artística:

Yuri Yamamoto, Demick Lopes, Samya De Lavor, Rafael Martins, Tatiana Amorim, Paulo Ess.

Ficha técnica:

Guión: Guto Parente, Pedro Diogenes, Rafael Martins.
Fotografía: Victor de Melo.
Música: Vitor Colares, Felipe Lima.
Producción: Amanda Pontes, Caroline Louise.

Sinopse:

Deusimar é a dona do Inferninho, un bar escuro e decadente que é refuxio de soños e fantasías. A súa ilusión é deixar todo atrás e marchar a calquera lugar, o máis lonxe posible.

Inferninho é un fermoso tributo a esas xentes solitarias que habitan os últimos bares abertos, seres inadaptados con mil e unha historias que contar. Filmada practicamente dentro das catro paredes do local e sinxela en termos orzamentarios, trátase dunha pequena película realizada con moita tenrura, aínda que non exenta de certa retrans. A narrativa é menos importante que a atmosfera e o ánimo dos moradores do Inferninho, unha particular e estraña familia formada polos incondicionais dun tugurio que serve como pano de fondo para os seus melodramas. *Inferninho* non abre novos horizontes temáticos ou formais, pero si emociona ao retratar a súa bizarra galería de personaxes cun agarimo palpable en todo momento.



MER 14, 16:30 | DOM 25, 21:00

KARDEŞLER / IRMÁNS [2018]

Ömür Atay

Turquía, Alemaña, Bulgaria / 103 min. / Ficción / Turco

Ficha artística:

Yiğit Ege Yazar, Caner Şahin, Gözde Mutluer, Cem Zeynel Kılıç, Ozan Çelik, Ebru Ojen Şahin.

Ficha técnica:

Guión: Ömür Atay.
Fotografía: A. Emre Tanyildiz.
Música: Erdem Helvacioğlu, Victor Chouchkov.
Producción: Atay Film, Off Film, Fiction 2.0, Chouchkov Brothers.

Sinopse:

Yusuf, de 17 anos, chega á casa despois de pasar catro anos nun centro de reclusión. O seu regreso ao círculo familiar e a reunión co seu irmán maior, Ramazan, sobre todo, lémbrañlle constantemente o acto que os outros membros da familia, obrigados por unha rixida tradición, lle impuxeron como fillo menor. Ao entrar na vida dos dous irmáns, Yasemin convértese en testemuña involuntaria dun segredo familiar.

De ritmo pausado e fermosa fotografía, *Irmáns* desenvolve un sutil suspense ofrecendo a información a contagotas ao longo de toda a metraje. Atención á contida e silenciosa interpretación do prometedor Yiğit Ege Yazar, que tan só cos xestos e a mirada transmite con solvencia a dicotomía entre o seu desexo de redención e o resentimento cara unha familia sometida ás hipócritas normas morais da relixión.



MER 21, 19:30 (P. I) | XOY 22, 18:00 (P. II) | VEN 23, 18:30 (P. III)

LA FLOR [2018]

Mariano Llinás

Arxentina / 815 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Elisa Carricajo, Valeria Correa, Pilar Gamboa, Laura Paredes.

Ficha técnica:

Guión: Mariano Llinás.

Fotografía: Agustín Mendilaharsu.

Música: Gabriel Chwojnik.

Edición: Agustín Gagliardi, Felicitas Soldi.

Producción: Laura Citarella - El Pampero Cine / Piel de Lava.

Sinopse:

La Flor é un complexo narrativo integrado por seis narracións independentes e sucesivas. O filme exhibirase en tres partes en días consecutivos coa seguinte estrutura:

Parte I: 210'20" + un intervalo de 15 minutos.

Parte II: 312'5" + dous intervalos de 15 minutos.

Parte III: 290'22" + dous intervalos de 15 minutos.

— Mellor filme da Competencia Internacional no 20º Bafici.

— Hubert Bals Audience Award no Festival Internacional de Róterdam 2018.

Un dos maiores acontecementos cinéfilos do ano. Mariano Llinás presenta unha película de trece horas! En realidade, os seus capítulos encadéanse en ata seis historias diferentes, todas elas protagonizadas por catro actrices, e nas cales Llinás trebella cos subxéneros tradicionais. Obra de obras, aproximación a unhas *Mil* e unhas *Noites* pampeiras, é *La Flor* un experiencia de xenio libre imprescindible. Para facer viable que a gocen sen trasnóitar, exhibirase en días consecutivos e, iso si, en pase único. Non a deixen pasar. Todos os festivais a desexan.



LUN 19, 19:30 | MER 21, 18:00 | DOM 25, 16:30

LAS HEREDERAS [2018]

Marcelo Martinessi

Paraguai, Alemaña, Brasil, Noruega, Uruguai / 97 min. / Ficción / Castelán, Guaraní

Ficha artística:

Ana Brun, Margarita Irún, Ana Ivanova, Nilda González, María Martins, Alicia Guerra.

Ficha técnica:

Guión: Marcelo Martinessi.

Fotografía: Luis Armando Arteaga.

Producción: La Babosa Cine / Pandora Film / Mutante Cine / Norsk Filmproduksjon A/S / Esquina Filmes.

Sinopse:

Chela e Martina viven xuntas desde hai máis de 30 anos. Como fillas de familias de boa posición social herdaron suficiente diñeiro como para vivir comodamente, pero agora, eses cartos acabáronse.

- Oso de Prata Alfred Bauer, Oso de Prata á mellor actriz, premio da crítica (FIPRESCI) e premio Teddy concedido pola revista Mannschaft no Festival de Berlín 2018.
- Mellor película latinoamericana no Festival de San Sebastián

Ofende que esta sensible e belísima historia da emancipación liberatoria dunha muller outonal provocase escándalo e desaprobación cando se presentou no seu país, Paraguai, por tratar unha relación lésbica. Ten moito dun Visconti en Asunción: a decadencia dunha burguesía que ten que vender os seus mobles de valor, o peche da súa protagonista que se ve forzada a vencer a súa agorafobia, a saír á luz, a atoparse coa epifanía do desexo aínda vivo cara a outra muller, no que é un canto do cisne da beleza que remite a *Morte en Venecia*.



XOV 8, 23:15 | MER 14, 21:45 | XOY 22, 16:00



LAS HIJAS DEL FUEGO [2018]

Albertina Carri

Arxentina / 115 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Carolina Alaminó Bartha, Mijal Katzowicz, Rocío Zuviría, Wanda Rzoncinsky, María Eugenia Marcet, Ivanna Colona Olsen, Mar Morales, Erica Rivas, Cristina Banegas.

Ficha técnica:

Guión: Albertina Carri.

Fotografía: Inés Duacastella.

Edición: Florencia Tissera.

Producción: Eugenia Campos Guevara / Gentil.

Sinopse:

Tres mulleres crúzanse por azar na fin do mundo e inician unha viaxe poliamorosa que as transforma ata devolvelas á súa cidade natal sendo outras, ou talvez aquelas que sempre quixeron ser. Suxeitos que sofren fronte á orde establecida, fronte ao irreversible da paixón e fronte ao utópico dun amor único, experimentan na procura de novas formas de relacionarse, afastadas da posesión e da dor como ineludible final do amor fóra de todos os canons.

En *Las hijas del fuego* o andar polas rutas, polo tempo e pola vida convértese para as protagonistas en puro goce, en ríos de pracer e diversión. Unha banda dedicada a acompañar outras mulleres na procura da súa propia erótica, na procura da oportuna forma que cada unha ten de estar nun mundo que descoñece da voluptuosidade do desapego.



VEN 23, 19:45 | DOM 25, 23:00

LONG DAY'S JOURNEY INTO NIGHT / LONGA VIAXE DO DÍA CARA Á NOITE [2018]

Bi Gan

China / 133 min. / Ficción / Mandarín

Ficha artística:

Tang Wei, Sylvia Chang, Meng Li, Huang Jue, Chen Yongzhong, Lee Hong-Chi, Luo Feiyang.

Ficha técnica:

Guión: Bi Gan.

Fotografía: David Chizallet, Hung-i Yao.

Música: Giong Lim, Point Hsu.

Producción: Huace Pictures / Zhejiang Huace Film, TV / Dangmai Films.

Sinopse:

Luo Hongwu regresa a Kaili, a súa cidade natal, da que fuxiu hai varios anos. Comeza a procura da muller que amaba, e a quen nunca puido esquecer.

Tras triunfar en Locarno con *Kali Blues*, Bi Gan incrementou a súa sona no pasado Cannes con este filme que cativou na sección *Un Certain Regard*. Con ecos de *In the Mood for Love*, a procura dun antigo amor percorre a película e, transcorrida unha hora, Bi Gan introduce os créditos como dun comezo. En efecto, asistimos a unha proeza iniciática: os 50 minutos restantes do filme son un único plano-secuencia no que o encontro dos amantes se respira como algo onírico, como un baile de ambos sobrevoando literalmente a realidade.



SAB 10, 18:00 | DOM 11, 19:30

MANBIKI KAZOKU / UN ASUNTO DE FAMILIA [2018]

Hirokazu Kore-eda

Xapón / 121 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Lily Franky, Sakura Ando, Mayu Matsuo, Kirin Kiki, Sôsuuke Ikematsu, Moemi Katayama.

Ficha técnica:

Guión: Hirokazu Kore-eda.
Fotografía: Ryuto Kondo.
Música: Haruomi Hosono.
Producción: Kaoru Matsuzaki, Akihiko Yose, Hijiri Taguchi.

Sinopse:

Osamu e o seu fillo atopan unha nena na rúa. Ao principio, a muller de Osamu non quere que quede, pero acaba apiadándose dela. A pesar de sobrevivir grazas a pequenos roubos, a familia é feliz, ata que un imprevisto revela un segredo que os pon a proba.

— Palma de Ouro en Cannes 2018.

— Premio ARRI/OSRAM á mellor película no Festival de Múnic 2018.

Hirokazu Kore-eda, outro valor fixo da nosa programación, fíxose coa Palma de Ouro con este retablo de familia entendida como escola de la-dróns. É, de lonxe, o mellor de Kore-eda desde *Nobody Knows*. Porque a afectación, a caída en formulas repetitivas e autocompracentes, en conflitos de familia subliñados ata o fastío, deixan aquí paso a un renacer do cineasta. E a súa película é subversiva, vivísima, con moito do cinema de pícaros de Berlanga ou Ferreri. Reconciliense co gran Kore-eda.



SAB 10, 20:15 | DOM 11, 17:45 | LUN 12, 22:30

MI OBRA MAESTRA [2018]

Gastón Duprat

Arxentina, España / 100 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Guillermo Francella, Luis Brandoni, Raúl Arévalo, Andrea Frigerio, María Soldi, Alejandro Paker, Pablo Ribba.

Ficha técnica:

Guión: Andrés Duprat.
Fotografía: Rodrigo Pulpeiro.
Música: Alejandro Kauderer, Emilio Kauderer.
Producción: Televisión Abierta / Arco Libre / Mediapro.

Sinopse:

Un artista outrora exitoso, queda moi afectado tras o fracaso da súa última exposición. O seu galerista, amigo de toda a vida, intentará revalorizar a súa obra custe o que custe. No mundo da arte, por absurdo que pareza, todo é posible.

— Premio do público na Seminci 2018.

Gastón Duprat inaugurou o 30º Cineuropa con *El ciudadano ilustre*, comedia aceirada que chegaba a coquetear felizmente co bizarro. Se este filme trataba a fama intelectual dun Nobel confrontada coas súas orixes, a proposta da súa nova película —presentada na Mostra de Venecia—, móvese sobre outra desmitificación, a do mercado de valores da pintura contemporánea. E dous cómicos maiores da escena arxentina (Guillermo Francella e Luis Brandoni) afinan talentos nesta eficiente *buddy-movie* crepuscular.



MAR 13, 21:45 | SAB 17, 20:45 | DOM 18, 22:00

NUESTRO TIEMPO [2018]

Carlos Reygadas

México, Francia, Alemaña, Dinamarca, Suecia / 177 min. / Ficción / Castelán, Inglés

Ficha artística:

Carlos Reygadas, Natalia López, Eliazar Reygadas, Rut Reygadas, Phil Burgers.

Ficha técnica:

Guión: Carlos Reygadas.
Fotografía: Diego García, Adrián Durazo.
Son: Carlos Cortés, Jaime Baksht, Michelle Couttolen.
Producción: Jaime Romandía, Carlos Reygadas (Nodream, Mantarraya).

Sinopse:

Unha familia vive no campo mexicano criando touros de lida. Esther está a cargo do rancho, mentres o seu marido, Juan, cría e selecciona os animais. Cando Esther se namora dun adestrador de cabalos chamado Phil, a parella loita por superar a crise emocional.

Carlos Reygadas, tras o cume alcanzado con *Post Tenebras Lux*, coa cal foi mellor director en Cannes, propón un deses exercicios de nudez persoal tan insólitos pola súa coraxe que te acompañan longamente na memoria. A súa muller na vida real e o propio Reygadas exhiben os seus segredos de parella, as complexas e inconfesables leis do desexo sobre as cales se desequilibra a súa relación. E intúese esta exposición aberta de algo tan íntimo como un exercicio de autoexpiación dun home corroido pola culpa. Nese sentido, *Nuestro tiempo* é tamén unha obra de amor, unha maneira de tender pontes para reconstruír unha parella despois dunha tempada no inferno. Maxistral na súa moi nobre impudicia.



DOM 11, 21:30 | DOM 18, 16:30



PRAÇA PARIS [2017]

Lúcia Murat

Brasil, Arxentina, Portugal / 110 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Grace Passô, Joana De Verona, Digão Ribeiro, Alex Brasil, Marco Antonio Caponi.

Ficha técnica:

Guión: Lúcia Murat, Raphael Montes.
Fotografía: Guillermo Nieto.
Música: André Abujamra, Marcio Nigro.
Producción: Lúcia Murat, Felicitas Raffo, Luis Galvão Teles.

Sinopse:

Gloria é unha ascensorista da Universidade de Río de Xaneiro que creceu e vive na favela. Camila é unha moza psicanalista portuguesa que estuda un posgrao na mesma universidade onde traballa Gloria, a quen comeza a tratar. Entre elas establécese un vínculo cuxa influencia atravesas as paredes do consultorio.

— Mellor director no Rio de Janeiro International Film Festival 2017.

— Premio do público no Festival de Granada Cines del Sur 2017.

— Mellor actriz no FESTin 2018.

Lúcia Murat pon o dedo na chaga da violencia estrutural do actual Río de Xaneiro, tratando o tema do racismo e a súa desigual influencia no día a día de persoas de diferentes clases económicas. O acertadísimo guión ataca con habilidade as raíces do problema a través da construción simbólica dos seus personaxes. Un filme indispensable que ousa poñer temas de vital importancia sobre a mesa.



LUN 12, 21:45 | MAR 13, 19:45

SE ROKH / 3 CARAS [2018]

Jafar Panahi

Irán / 100 min. / Ficción / Persa

Ficha artística:

Behnaz Jafari, Jafar Panahi, Marziyeh Rezaei, Maedeh Erteghaei, Narges Delaram.

Ficha técnica:

Guión e produción: Jafar Panahi.
Fotografía: Amin Jafari.
Edición: Mastaneh Mohaier.
Son: Amireza Alavian.

Sinopse:

A coñecida actriz Behnaz Jafari non pode resistir a chamada de auxilio dunha moza de provincias cuxa familia quere impedirlle que siga estudando no Conservatorio de Teherán. Behnaz decide abandonar unha rodaxe e recorre ao cineasta Jafar Panahi para resolver o misterio que esconden os problemas da moza. Desprázanse en coche cara ao noroeste rural do país, onde coñecen os amables habitantes da aldea de montaña da nova actriz. Pero os visitantes non tardan en descubrir que a tradición é tan poderosa como a hospitalidade.

— Mellor guión no Festival de Cannes 2018.

Jafar Panahi —o cineasta cuxa reclusión domiciliaria non impide filmar e dirixir en exteriores— chega cunha actriz que é estrela do cinema persa a unha recóndita aldea onde o mundo do espectáculo é visto como algo *non sancto*. Cinema dentro do cinema como mecanismo para contar a evolución de tres xeracións de mulleres nunha sociedade de liberdades constrinxidas.



XOV 22, 20:15 | DOM 25, 18:15 | LUN 26, 22:30

SUPPORT THE GIRLS [2018]

Andrew Bujalski

Estados Unidos / 90 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Regina Hall, Haley Lu Richardson, Dylan Gelula, Amanda Michalka, Shayna McHayle, Lea Delaria, James Legros.

Ficha técnica:

Guión: Andrew Bujalski.
Fotografía: Matthias Grunsky.
Edición: Karen Skloss.
Produción: Prodigy Pictures / Burn Later Productions / Houston King Productions.

Sinopse:

Lisa é a moi involucrada xerente dun restaurante que intenta mantelo en pé, levarse ben co propietario e cos clientes e apoiar as súas empregadas. Pero unha avalancha de problemas acumulados gradualmente mina a súa paciencia.

Benvidos a unha das películas norteamericanas máis celebradas do curso independente. Benvidos ao show de Regina Hall como propietaria dun bar con mozas que visten de forma provocadora pero que traballan baixo a protección da súa xefa, unha singularísima coach que as axuda para superar os malos tratos do pasado. Benvidos a todo o que acontece neste bar deportivo baixo a dirección de Andrew Bujalski, alumno de avanzada de Chantal Akerman.



SAB 24, 19:30 | LUN 26, 18:15 | MER 28, 20:15

W arts M

THE KINDERGARTEN TEACHER [2018]

Sara Colangelo

Estados Unidos / 97 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Maggie Gyllenhaal, Parker Sevak, Rosa Salazar, Anna Barynikov, Michael Chernus, Gael García Bernal.

Ficha técnica:

Guión: Sara Colangelo.
Fotografía: Pepe Avila del Pino.
Música: Asher Goldschmidt.
Produción: Pie Films / Maven Pictures / PaperChase Films.

Sinopse:

Lisa Spinelli é unha profesora de Staten Island que é inusualmente atenta cos seus estudantes. Cando descobre que un deles é un neno prodixio, acabará arriscando a súa vida familiar para intentar que o neno poida desenvolver o seu talento.

— Mellor director de filme dramático no Festival de Sundance 2018.

Hai catro anos puidemos ver no noso festival un filme israelí de Nadav Lapid que moitos non esquecerían. Aquela relación entre unha profesora e o seu alumno que con cinco anos se revelaba como un poeta de profundidade. Sobre aquela obra mestra, en aparencia irrepitible na súa alquimia, filmou Sara Colangelo o seu *remake*, co visto e prace de Lapid e o premio á mellor dirección en Sundance. O resultado é máis que convincente: é quen de reter a tensión crecente que levaba xa a versión israelí do cinema con neno ao *thriller* irrespirable.



DOM 11, 19:45 | SAB 17, 17:45 | DOM 18, 18:00

W arts M

THE MISEDUCATION OF CAMERON POST [2018]

Desiree Akhavan

Estados Unidos / 91 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Chloë Grace Moretz, Sasha Lane, Forrest Goodluck, John Gallagher Jr., Jennifer Ehle, Quinn Shephard, Dalton Harrod.

Ficha técnica:

Guión: Desiree Akhavan, Cecilia Frugieue (Novela: Emily M. Danforth).
Fotografía: Ashley Connor.
Música: Julian Wass.
Produción: Beachside Films / Parkville Pictures.

Sinopse:

En 1993, despois de descubrir que é homosexual, a familia da adolescente Cameron envía a un remoto centro de tratamento para sometela a unha terapia e obrigala a facerse heterosexual.

— Mellor película en Sundance 2018.
— Espiga de prata na Seminci 2018.

A norteamericana de orixe iraniana Desiree Akhavan, quen xa trataba dos conflitos na defensa dunha identidade non heterosexual no seu debut *Appropriate Behaviour* e na serie *Bisexual*, gañou o premio á mellor película en Sundance con esta adaptación dunha novela onde se denuncian os insólitos centros de terapia para a «curación de homosexuais» en Estados Unidos. Chloë Grace Moret —formidable, nun ano que tamén protagonizou *Suspiria*— é a Cameron Post empoderada desta comedia de denuncia a través do humor cáustico, algo así como un cruzamento de John Hughes e de Todd Haynes.



MER 14, 16:15 | SAB 17, 16:00



UNTIL THE END OF TIME [2017]

Yasmine Chouikh

Alxeria / 90 min. / Ficción / Árabe

Ficha artística:

Boudjemaa Djillali, Djamila Arres, Mohamed Takiret, Mohamed Benbakreti, Imen Noel, Mehdi Moulay.

Ficha técnica:

Guión: Yasmine Chouikh.

Fotografía: Semcheddine Touzene.

Edición: Yamina Bachir.

Producción: Making of films.

Sinopse:

En Sidi Boulekbour os fieis agardan a Ziara, a época do ano en que as familias acoden visitar os seus mortos. Para Ali, o tranquilo sepultureiro de setenta anos, esta Ziara preséntase diferente pola chegada de Joher, quen lle pide axuda para organizar o seu propio funeral. Durante tres días de peregrinación, Ali e Joher aprenden a descubrirse o un ao outro, convertendo o cemiterio en escenario dunha platónica historia de amor e enchendo de vida este lugar de morte.

A morte foi sempre un tema de reflexión para a humanidade. A curiosidade deste relato reside no seu punto de partida: a naturalidade abraiante coa que Joher, unha muller madura, chega a un cemiterio para organizar o seu propio funeral. Entre o drama e a comedia, o realismo, si, pero con grandes doses de absurdo, a directora constrúe un filme fresco sobre as, probablemente, experiencias máis universais: o amor e a morte.



XOV 22, 18:15 | VEN 23, MARATÓN | SAB 24, 17:30

WHAT KEEPS YOU ALIVE [2018]

Colin Minihan

Canadá / 98 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Hannah Emily Anderson, Brittany Allen, Martha MacIsaac, Joey Klein.

Ficha técnica:

Guión: Colin Minihan.

Fotografía: David Schuurman.

Música: Brittany Allen.

Producción: Digital Interference Productions.

Sinopse:

Jules e Jackie van pasar a fin de semana a un bosque para celebrar o seu primeiro aniversario de vodas. Pero nese idílico bosque no que deberían celebrar o seu amor comezan a acontecer cousas coas que non contaban.

Hai neste filme do canadense Colin Minihan ecos de *Revenge*, o *survival* feminino que integrou o maratón de Cineuropa 2017. Pero, indo máis atrás, a relación tan estreita dos protagonistas desta caza humana coa natureza remite á xa lendaria *Deliverance*, a obra mestra de John Boorman baseada en novela de James Dickey. O ritmo frenético e a dosificación dos golpes de efecto pasan por encima de situacións máis ou menos inverosímiles. Isto é o bosque, estás completamente só e tes que te aferrar a aquilo que che axude a sobrevivir.

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA



XOV 8, 20:15 | LUN 12, 20:00

ENTRE DOS AGUAS [2018]

Isaki Lacuesta

España / 135 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Israel Gómez Romero, Francisco José Gómez Romero, Rocío Rendón, Yolanda Carmona, Daniela, Erika y Manuela Gómez Rendón, Lorrein Galea y Manuel González del Tanago.

Ficha técnica:

Guión: Isa Campo, Isaki Lacuesta, Fran Araújo.
Fotografía: Diego Dussuel. Música: Raül Refree, Kiko Veneno.
Producción: La Termita Films / B-Team Pictures / All Go Movies
/ Mallerich Films Paco Poch / Bord Cadre Films / Studio Indie Productions.

Sinopse:

Cando Isra sae do cárcere e Cheito remata unha longa misión que o levou a Somalia e as Seychelles, ambos os dous irmáns regresan á Illa de San Fernando. O reencontro dos irmáns renovará a lembranza da morte violenta do seu pai cando eran nenos.

— Cuncha de Ouro á mellor película no Festival de Cine de San Sebastián 2018.

Doce anos despois de dirixir *La leyenda del tiempo*, Isaki Lacuesta retomou os soños truncados de Isra, o neno que soñaba daquela con ser cantaor de flamenco. Ese mesmo Isra que despois foi abocado ao cárcere. E asistimos sen filtros á marxinalidade, á imposible reinserción social deste esgotado Sísifo que xa decidiu nun par de ocasións soltar a rocha e intentar liberarse do insoportable peso de vivir. Latexan en *Entre dos aguas* eses ecos do pasado, plenos da dor destas criaturas que teñen moito da dignidade dos golpeados que retrataba Pasolini, e que aquí bracean no barro onde o premio é a supervivencia.



SAB 17, 20:00

ESE OSCURO OBJETO DO DESEÑO [1977]

Luis Buñuel

Francia, España / 103 min. / Ficción / Francés, Castelán

Ficha artística:

Fernando Rey, Ángela Molina, Carole Bouquet, Julien Bertheau, André Weber, Milena Vukotic, María Asquerino, Ellen Bahl, Valérie Blanco.

Ficha técnica:

Guión: Luis Buñuel, Jean-Claude Carrière (Novela: Pierre Louÿs).
Fotografía: Edmond Richard.
Música: Richard Wagner.
Producción: Les Films Galaxie / Incine / Greenwich Film Productions.

Sinopse:

Durante unha viaxe en tren de Sevilla a Madrid, o maduro cabaleiro Mathieu conta aos seus compañeiros de vagón a historia dos seus infortunios amorosos coa bailarina Conchita. A partir do seu primeiro encontro en París, Conchita xoga coa obsesión de Mathieu, facéndoo pasar continuamente do desexo á frustración e do amor ao odio máis furibundo.

**LATIDO
AMERICANO**



VEN 9, 18:00 | MER 14, 18:00

AL DESIERTO [2017]

Ulises Rosell

Arxentina, Chile / 94 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Valentina Bassi, Jorge Sesán, José María Marcos, Germán De Silva, Gastón Salgado.

Ficha técnica:

Guión: Ulises Rosell, Sergio Bizzio.

Fotografía: Julián Apezteguía.

Edición: Alejandro Brodersohn.

Producción: Ezequiel Borovinsky, Alejandro Israel, Catalina Donoso.

Sinopse:

Julia, unha empregada de casino de Comodoro Rivadavia, é tentada por Gwynfor, que lle promete un posto administrativo na petroleira onde traballa. Para cando advirte o engano, xa estarán inmersos no deserto e comezará unha ardua travesía a pé pola meseta patagónica.

Ulises Rosell ofrece na súa nova película unha abafadora odisea desértica que combina elementos de thriller psicolóxico e western. Os protagonistas —Valentina Bassi e Jorge Sesán en impresionante *tour de force*— deberán manterse unidos para sobrevivir ás duras condicións climáticas da Patagonia. O propio deserto exerce de secundario de luxo, a súa inmensidade dificulta a supervivencia de Julia e Gwynfor, e esas paraxes abertas e espectaculares, excelentemente captadas pola fotografía de Julián Apezteguía, vólvense, por contra, opresivas e abafadoras. É por iso que o ritmo xeral é de tensa calma, interrompida en ocasións por trepidantes secuencias dramáticas. O resultado é un filme que atrapa, visual e narrativamente falando, de principio a fin.



VEN 9, 18:00 | MAR 20, 17:45



LA FLOR DE LA VIDA [2017]

Claudia Abend, Adriana Loeff

Uruguai / 86 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Ficha técnica:

Guión, edición e produción: Claudia Abend, Adriana Loeff.

Fotografía: Jackie Bourdette, Fabio Berrutti.

Música: Lito Vitale.

Sinopse:

Aldo e Gabriella levan case 50 anos de matrimonio, teñen tres fillos e varios netos e prepáranse para vivir a súa velez en tranquilidade. Pero algo non está ben. Aqueles mozos que se apaixonaron o un polo outro nos anos 50, que xuraron amarse e acompañarse ata o último día, están distanciados. As súas personalidades, os seus intereses e as súas formas de ver o mundo xa non son as mesmas. E ao cumprir os 80 comezan a preguntarse: por que estamos xuntos?

— Premio do público ao mellor documental no Festival de Málaga.

— Premio especial do xurado no Festival Internacional de Cine Documental É Tudo Verdade — Brasil.

La flor de la vida é un conto de fadas enfrontado á realidade, unha historia universal sobre o amor —e o desamor—, as relacións de parella, e os desafíos de envellecer. Un filme que obriga á reflexión e interpela o espectador sobre as súas propias decisións vitais. Cheo de humor e de ironía, mergúllanos sobre as vicisitudes da vida en parella.



LUN 12, 20:00 | SAB 17, 19:15

LAS OLAS [2018]

Adrián Biniez

Uruguai / 88 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Alfonso Tort, Fabiana Charlo, Julieta Zylberberg.

Ficha técnica:

Guión: Adrián Biniez.

Fotografía: Nicolás Soto Díaz, Germán De León.

Edición: Pablo Riera, Alejo Moguillansky.

Producción: Agustina Chiarino, Fernando Epstein (Mutante Cine).

Sinopse:

Alfonso sae de traballar e vai ao mar. Mergúllase na auga e nada. Emerxe nunha praia onde estivo de vacacións coa súa familia cinco anos atrás. Alí comeza unha viaxe fantástica por diferentes veráns e balnearios nos que estivo ao longo da súa vida.

Las olas é unha especie de comedia que xoga de forma episódica cos recordos, cos amores e coas aventuras de verán. Un pouco unha viaxe fantástica, un pouco un soño, outro pouco memorias mal lembradas e transformadas nalgo estraño polo paso dos anos.



DOM 11, 16:15 | XOV 15, 19:00

LAS VEGAS [2018]

Juan Villegas

Arxentina / 75 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Pilar Gamboa, Santiago Gubernori, Valentín Oliva, Camila Fabbri, Valeria Santa.

Ficha técnica:

Guión: Juan Villegas.

Fotografía: Inés Duacastella.

Música: Gabriel Chwojnik.

Producción: Felicitas Raffo, Andrés Longares, Juan Villegas, Celina Murga, CepaAudiovisual, TresmilmundosCine.

Sinopse:

Martín e Laura teñen pouco máis de trinta e cinco anos. Cando eran adolescentes tiveron un fillo, Pablo, que agora ten dezaioito. Casualmente, Laura, Pablo e Martín coinciden no mesmo edificio en Vila Gesell, para pasar uns días de vacacións xunto ao mar no comezo do verán. Esta viaxe será a oportunidade para que Martín e Laura reencontren o amor, pero tamén para recoñecerse como pais de Pablo. *Las Vegas* é unha comedia sobre o paso do tempo e os recordos do pasado, pero tamén acerca da idea de crecemento e recoñecemento da idade adulta. É unha reflexión do que implica ser pais e do que é ser fillo, é unha mirada cara o futuro como un territorio de infinitas posibilidades.

Las Vegas é unha comedia sobre o paso do tempo e os recordos do pasado, pero tamén acerca da idea de crecemento e recoñecemento da idade adulta. É unha reflexión do que implica ser pais e do que é ser fillo, é unha mirada cara o futuro como un territorio de infinitas posibilidades.



LUN 12, 16:00 | MER 14, 19:30

LOS VAGOS [2017]

Gustavo Biazzi

Arxentina / 93 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Agustín Avalos, Bárbara Hobecker, Ana Clara Lasta, Marcelo Enriquez, Walter Casco.

Ficha técnica:

Guión: Gustavo Biazzi.
Fotografía: Alejo Maglio.
Edición: Leandro Aste.
Producción: Gustavo Biazzi, Santiago Carabante, La Unión de los Ríos srl.

Sinopse:

A pasaxe da adolescencia á idade adulta é un momento tan complexo na vida dun ser humano que o cinema tivo que dedicarlle un subxénero propio: o *coming of age*. Os protagonistas de *Los vagos* queren consumir os restos de adolescencia que quedan no tinteiro antes de que a carroza da adrenalina xuvenil se converta na cabaza do compromiso e as responsabilidades.

Ambientado naqueles tempos nos que redes sociais e os móbiles non eran ferramentas diarias para a sedución nin para manterse en contacto a longa distancia, *Los vagos* é un relato coral dun grupo de adolescentes en pleno estoupido hormonal narrado con elegancia, espontaneidade e fluidez. A pesar de que non son poucos os momentos hilarantes, non estamos ante unha comedia. O baleiro, a incerteza sobre o futuro e a dificultade de asumir responsabilidades percíbense como transondo desta viaxe ao desconcertante mundo adulto. O debut de Biazzi propón unha mirada cariñosa e nostálxica cara á adolescencia que quedou atrás, estampada naquel verán que aínda seguimos lembrando.



XOV 15, 21:45 | SAB 17, 22:45

MENTE REVÓLVER [2017]

Alejandro Ramírez Corona

México / 87 min. / Ficción / Castelán, Inglés

Ficha artística:

Baltimore Beltran, Paul Hertel, Adolfo Madera, Hoze Meléndez, Bella Merlin, Michael Ray.

Ficha técnica:

Guión: Alejandro Ramírez Corona.
Fotografía: Víctor Dávila Camacho.
Música: Sonidero Travesura.
Producción: María del Carmen de Lara, Ana Hernández, Fernando Delgado, Alejandro Solar, UNAM, IMCINE.

Sinopse:

Mario Aburto atópase libre despois de 20 anos de prisión e regresa á cidade de Tijuana para reconstruír a súa vida. Chicali é un mozo de 24 anos que entrou no negocio de asasinar a soldo por unha casualidade inesperada, pero quere deixalo, sabedor de que quen o intenta morre. Jenny é unha vagabunda estadounidense que decide cruzar a fronteira cara México para cambiar a súa condición. Jenny namórase de Chicali e encoméndalle o asasinato de Mario.

O novo director constrúe un relato coral con singular ambición narrativa para mostrar o arraigamento da violencia en México a través de tres personaxes “fronteirizos cuxo mundo está emocionalmente podre pero que é entrañable á vez” segundo o propio director, que filma un México que coñece ben e onde se entrevé ademais a denuncia dese estado de violencia e impunidade.



SAB 24, 16:15 | DOM 25, 19:15

Wartm

MIRIAM MIENTE [2018]

Natalia Cabral, Oriol Estrada

República Dominicana, España / 90 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Dulce Rodríguez, Carolina Rohana, Pachy Méndez, Frank Perozo, Georgina Duluc, Vicente Santos, Ana María Arias.

Ficha técnica:

Guión: Natalia Cabral, Oriol Estrada.
Fotografía: Israel Cárdenas.
Música: Ernesto Paredano.
Producción: Natalia Cabral, Oriol Estrada, Pablo Mustonen, Gabriel Tineo, Jordi Comellas, Paco Poch.

Sinopse:

O tranquilo mundo dunha familia pequenoburguesa comeza a derrubarse a partir do momento en que Miriam, de 14 anos, coñece o seu noivo por internet. Mentres os seus familiares e amigas preparan con entusiasmo a tradicional festa de quince anos, Miriam non sabe como explicar que o seu noivo é negro.

— Mención especial do xurado no Festival de Karlovy Vary.

Retrato cativador dunha cultura, á vez que unha crónica íntima da adolescencia e unha feroz crítica dunha sociedade clasista, racista e fachen-dosa. Todo iso cun estilo próximo ao documental, onde sobresaen un elenco de actores —tanto novos como adultos, algúns experimentados, outros non profesionais— dunha naturalidade abraiante.



XOV 8, 18:15 | MAR 13, 16:45

OJOS DE MADERA [2017]

Roberto Suárez, Germán Tejera

Uruguai, Venezuela, Arxentina / 64 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Pedro Cruz, Florencia Zabaleta, César Troncoso, Soledad Pelayo, Juan Sánchez, Ana Victoria Kollaian.

Ficha técnica:

Codirección: Germán Tejera.
Guión: Roberto Suárez, Germán Tejera.
Fotografía: Arauco Hernández.
Música: Níolás Rodríguez Mieres, Manuel Scavone.
Producción: Guillermo Casanova.

Sinopse:

Víctor, un neno de 11 anos, é adoptado polos seus tíos logo dun traumático accidente no que falecen os seus pais. A súa vida convértese nun inferno infestado de visións aterradoras que o acosan debido ao estrés postraumático.

— Mellor ficción nacional, fotografía, dirección de arte, música, montaxe, dirección novel e mellor actriz pola Asociación de Críticos do Uruguai 2017.

— Premio á mellor fotografía da Sociedade de Cinematografía do Uruguai.

Ambientado nunha poboación decadente e opresora pero con certo encanto familiar mediante unha intencionadamente lóbrega fotografía, o filme segue a Víctor, un neno afogado nas súas turbias visións que o achegarán á tolemia. Unha historia ominosa que mestura fantasía e realidade. Un fermoso e escuro conto infantil para adultos.



VEN 9, 16:30 | MAR 13, 16:30

ROBAR A RODIN [2017]

Cristóbal Valenzuela Berríos

Chile, Francia / 80 min. / Documental / Castelán, Francés

Ficha artística:

Luis Emilio Onfray.

Ficha técnica:

Guión: Cristóbal Valenzuela, María Luis Furche, Sebastián Rioseco.

Fotografía: David Bravo.

Música: Jorge Cabargas.

Producción: María Paz González.

Sinopse:

Unha mañá de xuño de 2005, os gardas do Museo Nacional de Belas Artes de Chile notaron que unha millonaria escultura de Auguste Rodin fora roubada. Vintecatro horas despois do suceso, un tímido estudante de arte devolve a peza argumentando que a roubara como parte dun proxecto artístico no que quería demostrar que “unha obra de arte estaba máis presente non estando”.

Con elementos propios do cinema documental pero con outros dunha singular comicidade, a ópera prima de Cristóbal Valenzuela preséntase como unha reflexión irónica e intelixente sobre o nacemento da arte e a condición artística. Resulta evidente a riqueza do material cinematográfico subxacente nas entrevistas da investigación e no relato do propio autor do roubo. E aí radica a frescura da película. O que se goza como unha mestura de comedia de enredo e drama costumista contado con pulcro estilo xornalístico, é autenticamente real.



MAR 13, 16:00 | LUN 19, 16:15

SEDUÇÃO DA CARNE [2018]

Júlio Bressane

Brasil / 70 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Mariana Lima.

Ficha técnica:

Guión: Júlio Bressane, Rosa Dias.

Fotografía: Pablo Baião, Pepe Schettino, Pablo Hoffmann.

Música: Guilherme Vaz.

Sinopse:

Unha delicada e tenaz escritora, viúva desde hai tres anos, embárcase en frecuentes conversacións cun papagaio. Con todo, ela sempre é observada por unha grande porción de carne crúa.

A última película de Júlio Bressane desenvólvese nas paisaxes idílicas de Sil María, en Suíza. Pero a beleza destas paisaxes é maltratada por unha cámara axitada, que non é quen de aterrar en ningures, que persegue os lugares como un can de caza persegue a súa presa. E a presa revélase como a inasequible visión de Friedrich Nietzsche, a intanxible fonte de inspiración de Zaratustra mesmo. A vida, como tal, é invisible, e a imaxe escápase —a miúdo cara ao ceo— nunha aceleración sen saída.



VEN 9, 19:30 | MAR 13, 17:30

SEM RAIZ [2017]

Renan Rovida

Brasil / 80 min. / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Carlota Joaquina, Maria Tereza Urias, Deborah Hathner, Ruth Melchior, Laura Brauer, René Costanny, Rimenna Procópio, Adriana Mendonça.

Ficha técnica:

Guión: Talita Araujo, Renan Rovida.

Fotografía: Danilo Dilettoso, Maria Terra.

Edición: Gabriel Martins, Alan Siqueira, Luiz Cruz, Renan Rovida.

Producción: Maria Tereza Urias.

Sinopse:

Catro traballadoras da cidade nas súas relacións cotiás de supervivencia. Unha traballadora do campo do Movemento dos Traballadores Rurais Sen Terra. Poesía arrincada como malas herbas do chan do noso tempo.

A estrutura narrativa da ópera prima de Renan Rovida divídese en catro capítulos protagonizados por catro mulleres traballadoras, coa historia dunha quinta muller entreverada entre eles. Así constrúe unha alegación contra a precariedade laboral e a ferocidade do capitalismo. A denuncia implícita non é tanto cara aos ambientes de traballo como ao redor da dimensión simbólica que suscitan os diversos dispositivos de violencia laboral institucionalizados na sociedade contemporánea: o desemprego e as débedas, o afogo dos préstamos como única solución para un negocio propio, a falta de conciliación familiar e laboral e o liberalismo dun mundo académico que tamén esixe produtividade e cumprimento de prazos.



XOV 8, 19:30 | XOV 15, 18:15

W&M

TIGRE [2017]

Silvina Schnicer, Ulises Porra Guardiola

Arxentina / 92 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Marilú Marini, María Ucedo, Agustín Rittano, Lorena Vega, Melina Toscano.

Ficha técnica:

Guión: Silvina Schnicer.

Fotografía: Ivan Gierasinchuk.

Edición: Delfina Castagnino, Damian Tetelbaum, Ulises Porra Guardiola.

Producción: Barbara Sarasola-Day, Federico Eibuszyc.

Sinopse:

Unha muller visita a súa casa nunha illa do Delta do Tigre nun intento de reconectar co seu fillo, pero descobre que os regresos e as reconciliacións nunca son sinxelos. Unha nena pérdese na selva. Máquinas fluviais buscan arrasalo todo. A auga está subindo.

A suxestiva ópera prima de Silvina Schnicer e Ulises Porra sitúanos nunha paisaxe tan escura, exuberante e húmida que o ambiente resulta sufocante, próximo ao de *La ciénaga* de Lucrecia Martel. Os formidables traballos de fotografía e son non fan senón incidir nesta sensación de inquietude mediante a captación de pintorescos contrastes de luz e do murmurio dos insectos, persistente banda sonora da película. A atmosfera é tan crible que mesmo semella perceptible o cheiro da auga turbia. Unha das grandes virtudes do guión de Schnicer é a complexidade dos numerosos personaxes, especialmente os femininos, con mulleres de diferentes idades e caracteres, todas elas perfectamente fiadas, cheas de emocións diversas e múltiples contradicións.



LUN 26, 17:30 | MAR 27, 16:00

WIÑAYPACHA / ETERNIDADE

[2017]

Oscar Catacora

Perú / 87 min. / Ficción / Aimará

Ficha artística:

Rosa Nina, Vicente Catacora.

Ficha técnica:

Guión: Oscar Catacora.

Fotografía: Oscar Catacora.

Producción: Tito Catacora.

Sinopse:

Willka e Phaxsi, unha parella de anciáns de máis de 80 anos viven abandonados nun lugar remoto dos Andes de Perú, a máis de cinco mil metros de altura. Enfróntase á miseria e ao inclemente paso do tempo, rogando aos seus deuses que por fin chegue o seu único fillo para rescatalos.

Un cinema que captura o ser humano sen artificios: a ambición de Rosellini e que semella autoimpoñerse Catacora, logrando, fiel ao legado de Yasujiro Ozu, un retrato da vida humana transparente na súa crueza. Son noventa e seis planos fixos desposuídos de calquera outro recurso que o da imaxe e o son do ambiente para construír unha crónica desbordante de realidade.

El Instituto de la Cinematografía
y las Artes Audiovisuales de España
en su objetivo de promoción
del Cine Español

icaa

APOYA ESTE FESTIVAL



/cine.icaa



@CineICA

www.ICA.es

**DEREITOS
HUMANOS:
A MEMORIA
É PRESENTE**



LUN 19, 19:30 | MAR 20, 20:30

EL COLOR DEL CAMALEÓN [2017]

Andrés Lübbert

Chile, Bélxica / 87 min. / Documental / Castelán, Alemán

Ficha técnica:

Guión: Andrés Lübbert.

Fotografía: David Bravo.

Edición: Guillermo Badilla Coto.

Producción: Frederik Nicolai, Flor Rubina.

Sinopse:

Durante a ditadura de Pinochet, Jorge Lübbert converteuse nun instrumento dos servizos secretos chilenos, que o forzaron a traballar para eles dunha forma extremadamente violenta. Logrou escapar de Chile a Berlín, onde a Stasi o tomou por un axente secreto chileno. Máis tarde, acabaría converténdose en camarógrafo de guerra. Hoxe, o seu fillo fai un retrato psicolóxico do seu pai, e xuntos indagan nas profundidades do pasado inconcluso de Jorge Lübbert.

O filme parte das reflexións de Andrés Lübbert sobre a complexa relación que mantivo toda a vida co seu pai. É por iso que emprende a rodaxe como unha viaxe psicanalítica para intentar entender (e recompoñer) o seu pai, un home que con tan só 20 anos foi secuestrado e adestrado mediante torturas e ameazas pola Central Nacional de Información (CNI) chilena, para converterse en alguén capaz de torturar e matar. Este honesto e valente documental, fusiona documentos familiares como vídeos, gravacións de audio, fotografías e entrevistas para compoñer o complexo e intrigante quebra cabezas dun home que continúa lidando cos seus demos internos por aquilo que foi obrigado a facer. Unha estremecedora reflexión sobre a delgada liña que en ocasións separa a vítima e verdugo.



MER 14, 16:00 | LUN 19, 22:45

EL ENTUSIASMO [2018]

Luis E. Herrero

España / 80 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Luis E. Herrero.

Producción: Hanoi Films, Aved Producciones.

Sinopse:

Tras corenta anos de ditadura, a reconstrución do sindicato anarquista CNT durante a Transición española superou todas as expectativas. A histórica central obreira converteuse na casa común, o paraugas baixo o cal todas as loitas parecían ter cabida. Pero o seu espectacular crecemento non pasaría inadvertido nun momento especialmente delicado para o país debido ao cambio de réxime e aos efectos da crise económica. *El entusiasmo* é tamén a historia dunha derrota.



MER 14, 20:00 | XOY 15, 18:15

W arts M

EL SILENCIO DE OTROS [2018]

Almudena Carracedo, Robert Bahar

Estados Unidos, España / 96 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Almudena Carracedo, Robert Bahar.

Fotografía: Almudena Carracedo.

Música: Leonardo Heblum, Jacobo Lieberman.

Producción: Semilla Verde Productions / Lucernam Films / American Documentary POV / Independent Television Service / Latino Public Broadcasting (LPB) / El Deseo.

Sinopse:

Retrato cinematográfico do primeiro intento na historia de procesar os criminais da ditadura franquista, quen, para descoñecemento de gran parte do mundo, gozaron de impunidad durante décadas debido á Lei de amnistía de 1977. A película saca á luz un pasado doloroso ao que España é remisa a enfrontarse, mesmo hoxe en día, décadas despois da morte do ditador.

— Premio do público ao mellor documental da Sección Panorama no Festival de Berlín 2018.



VEN 16, 19:15 | SAB 17, 20:30

W arts M

LA CAUSA CONTRA FRANCO: ¿EL NÚREMBERG ESPAÑOL? [2018]

Lucía Palacios, Dietmar Post

Alemaña, España / 97 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Dietmar Post, Lucía Palacios.

Asesor histórico: Francisco Espinosa.

Edición: Karl-W. Huelsenbeck & Gertrudis Hantschnk.

Producción: Dietmar Post.

Sinopse:

Ata o día de hoxe, ningún foi xulgado polo exterminio organizado que tivo lugar durante o golpe de estado, a guerra civil e a ditadura encabezada por Franco, nin se reparou ás vítimas. Máis de 100.000 persoas continúan desaparecidas. Despois de que o intento de Baltasar Garzón de xulgar estes crimes fracasase en 2010, vítimas de franquismo presentan ese mesmo ano unha querela en Bos Aires, a coñecida como Querela Arxentina. *La causa contra Franco* presenta casos de crimes concretos incluídos na Querela Arxentina. Ao intercalar material de arquivo en parte inédito coa metraje actual, e ao contextualizar histórica e legalmente cada caso, a película ofrece novas evidencias.

Lucía Palacios e Dietmar Post traballaron nesta película máis de 8 anos. Durante ese tempo, lograron establecer contacto con persoas de ambos os lados do conflito. *La causa contra Franco* arroxa luz sobre un episodio case esquecido da historia europea e expón a pregunta: Podería a querela presentada en Arxentina desembocar no último gran xuízo contra unha ditadura fascista do século XX? O Núremberg español?



MER 14, 17:30 | MAR 20, 19:30

LAST MEN IN ALEPPO [2017]

Feras Fayyad, Steen Johannessen

Dinamarca, Siria / 104 min. / Documental / Árabe

Ficha técnica:

Guión: Feras Fayyad.

Fotografía: Fadi Al Halabi, Thaer Mohamad, Mujahed Abou Al Joud, Hassan Kattan.

Música: Karsten Fundal.

Producción: Larm Film / Aleppo Media Center.

Sinopse:

Despois de cinco anos de guerra en Siria, as persoas que quedan en Aleppo prepáranse para un asedio militar. A traxedia indescritible que sofre o pobo sirio móstrase a través da loita diaria e heroica dos voluntarios da ONG Defensa Civil Siria, coñecidos como os cascos brancos.

— Mellor documental (World Cinema) no Festival de Sundance 2017.

O cineasta sirio Feras Fayyad segue a entrega extenuante de Khalid, Subhi e Mahmoud, que entran cada día nos edificios bombardeados e buscan sobreviventes entre os cascallos para rescatalos. A intensificación do asedio, con bombardeos constantes, obriga aos Cascos Brancos e aos máis de 350.000 habitantes de Alepo a facer fronte a un dilema imposible: abandonar o país coas súas familias e buscar refuxio ou quedar e loitar ata o final para defender a súa cidade.



MER 14, 19:45 | NOV 15, 20:30

W.M

THE OTHER SIDE OF EVERYTHING [2017]

Mila Turajlic

Serbia, Francia, Catar / 104 min. / Ficción / Serbio

Ficha técnica:

Guión: Mila Turajlic.

Fotografía: Mila Turajlic.

Edición: Sylvie Gadmer, Aleksandra Milovanovic.

Producción: Carine Chichkowsky and Mila Turajlic.

Sinopse:

Unha porta pechada dentro dun apartamento de Belgrado mantivo unha familia separada do seu pasado durante máis de 70 anos. A crónica desa familia convértese no retrato desgarrador dunha activista en tempos de grande axitación, cuestionando a responsabilidade de cada xeración para loitar polo seu futuro.

— Premio do Público e FIPRESCI no ZagrebDox 2018.

— Premio do xurado do 36º Festival Cinematográfico Internacional do Uruguai na categoría de Dereitos Humanos 2018.

— Mellor longametraxe documental no IDFA de Amsterdam.

O celebrado filme de Mila Turajlic mestura o persoal e o político, tecendo a historia de Serbia coas memorias familiares. O relato comeza coa porta que se pechou en tempos de Tito. Esa división do fogar dos Turajlic é simbolicamente extrapolada á realidade social do país desde a orixe da desintegración de Iugoslavia ata o presente.



Co apoio a máis de 60 festivais a Deputación da Coruña sitúase á cabeza das institucións que colaboran coas entidades e concellos que os organizan.

Para que ti os goces; porque queremos que se difunda a nosa música, o noso cine, a nosa danza ou o noso teatro; dinamizar e crear emprego no sector cultural, para xerar riqueza; por apostar polo turismo cultural e porque, para nós...#aculturaéundereito

dac Festivais!

PARA QUE TI OS GOCES PORQUE... #ACULTURAÉUNDEREITO

www.dacoruna.gal

@dacultura

@DACCultura

@DACCultura

S8- FREAKEMACHINE-SEA SONS FESTIVAL A CORUÑA / CINEMA CRIANZA AMES / FESTIVAL DO QUEIXO ARZÚA / GALICREQUES CONSORCIO AS MARIÑAS / FOLK GUISAMO-BERGONDO / VAI DE RÚA BETANZOS / FESTIVAL DA LUZ BOIMORTO / ROCK IN CAMBRE / FIOT - CARBALLO INTERPLAY / MOSTRA DE TEATRO DE CARIÑO / MARES DA FIN DO MUNDO CARNOTA / FESTIVAL DE MÚSICA GALEGA - PORTUGUESA - DISCALZ@S POLO FESTIVAL CEBEIRA / FESTIVAL CASTELO CONTA CULLEREDO / FELICIAPOP 2.0 FENE ROCK FESTIVAL / ESTE NA RÚA FERROL / FISTERRA BLUES EXPERIENCE FOLK NA FIN DO CAMIÑO / FESTIMAXIA LOUSAME / GROBA EN RUTA MELIDE / FESTIVAL LORD FACU MIÑO / FESTIVAL IRMANDIÑO DE MOECH / GRELO FOLK MONFERO / FESTIVAL CASTELO ROCK - CARRILANAS DE ESTEIRO MUROS / COMAREA ELECTRONIC EXPERIENCE MUXIA / MOTRIX NARÓN / FESTIVAL RIO BELELLE - NOITE DE BOLOS NEDA / NOIA JAZZ - MOSTRA DE CURTAMETRAXES - FESTIVAL INTERNACIONAL DE ARPA VILA DE NOIA / FESTIVAL DA ARTE DIVERSIDADE ARTE INCLUSIVO / RÚA EXT-CÉNICA OLEIROS / DESORDRES SONORAS ORES / FESTIVAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA / TREME A TERRA PONTEDEUME / FESTIVAL ROMPETIÑO JUMP PORTO DO SON / ROCK IN RIAN - NOITES DE JAZZ RIANXO / ROCK&DORMA RIBEIRA / CHANFAINA LAB-FESTIVAL DO RIO CASTRO SAN SADURNIÑO / CURTOCIRCUITO CINEUROPA - WOS - MICE - FEITO A MAN - ATLÁNTICA - FESTIVAL - GALICREQUES SANTIAGO DE COMPOSTELA / TITIRIBERIA TEO / FOLK IN RIO TOURS / ASALTO AO CASTELO DE VIMIANZO / FESTIVAL DE CINEMA FOUCIÑO - FESTA DA CARBALLEIRA ZAS /



Deputación
DA CORUÑA

DOCS
CINEUROPA



LUN 19, 17:15 | SAB 24, 22:15

'77 NO COMMERCIAL USE [2017]

Luis Fulvio

Italia / 127 min. / Documental / Italiano

Ficha artística:

Lucrezia Ercolani, Damiano Roberti.

Ficha técnica:

Guión: Luis Fulvio.
Fotografía: Luca Toni, Andrea Gadaleta Caldarola.
Edición: Luis Fulvio.
Producción: Abelmarty, Trop Tot Trop Tard.

Sinopse:

Para este documental, Luis Fulvio editou secuencias de disturbios, noticiarios, entrevistas, gravacións de radio, concertos de pop e clips de películas, de forma que non só ofrece unha visión xeral ou nostálgica dun ano que posiblemente sexa máis interesante e explosivo que o mítico 1968. 1977 despregase ante os nosos ollos cunha vitalidade case esquecida e a miúdo violenta, como un ano en que se viviu perigosamente porque quizais foi a época en que as cousas poderían ter cambiado.

'77 *non commercial use* salienta como un rompedor e libérrimo filme-ensaio que convida á reflexión a través dunha experiencia de inmersión total na Italia de 1977. O cineasta constrúe unha panorámica anárquica e *punk* (xénero tamén nacido ese ano) do contexto socio-cultural, utilizando un magnífico arquivo de contidos inéditos co que bombardea informativamente un espectador que dificilmente quedará indiferente.



VEN 16, 17:30

DIANTE DOS MEUS OLHOS [2017]

André Félix

Brasil / 81 min. / Documental / Português

Ficha artística:

Afonso Abreu, Marco Antônio Grijó, Mario Ruy.

Ficha técnica:

Guión: André Félix.
Fotografía: William Sossai.
Edición: Luiz Pretti.
Producción: Carlos Dalla, Murilo Abreu, Vitor Graize, André Félix.

Sinopse:

Afonso Abreu, Marco Antônio Grijó e Mario Ruy levan na actualidade unha existencia sinxela. No medio das luces da cidade, lembran os seus éxitos, á vez que axudan a recuperar un fragmento fundamental da música popular brasileira. Entre 1966 e 1971, formaron o grupo musical Os Mamíferos. A banda compuxo e interpretou in directo preto de 40 cancións, pero nunca gravou un disco.

O documental de André Félix nace como froito da súa curiosidade por esta formación. Nos seus temas tiñan cabida estilos tan dispares como o jazz, a bossa nova, o rock, a samba e o soul, executados cunha capacidade instrumental envexable e acompañados dunhas letras de gran contido poético e crítico. En clara oposición á ditadura militar vixente aqueles anos, adoptaron o concepto de liberdade como actitude ideolóxica aplicable a calquera contexto. E todo iso, nun lugar practicamente esquecido do sueste do país. O documental reivindica unha das formacións máis vangardistas de Brasil, froito do rico movemento artístico e contracultural daqueles anos, que inspirou a varias xeracións de músicos.



XOV 15, 17:30

FEVEREIROS [2017]

Marcio Debellian

Brasil / 75 min. / Documental / Português

Ficha artística:

Maria Bethânia, Caetano Veloso, Mabel Velloso, Leandro Vieira, Pai Pote, Chico Buarque.

Ficha técnica:

Guión: Marcio Debellian, Diana Vasconcellos.
Fotografía: Miguel Vassy, Pedro von Krüger.
Música: Bruno Di Lullo, Domenico Lancellotti.
Producción: Daniel Nogueira, Marcio Debellian.

Sinopse:

Febreiros segue todo o proceso que inspirou o tema *Maria Bethânia: A menina dos olhos de Oyá*: desde os deseños das primeiras alegorías, aos desfiles na avenida. O equipo tamén realiza unha viaxe ao interior de Baía acompañando á cantante nas festas populares da súa cidade natal, Santo Amaro da Purificação; e descubrindo as particularidades que inspiraron o desfile, como o seu peculiar universo relixioso, que comprende o candomblé e o catolicismo, as festas herdadas dos escravos, e a apertura da súa casa á comunidade local.

A través das historias da cidade natal de Bethânia e o triunfo da escola Manguera no Carnaval, establécense vínculos entre Rio de Janeiro e Baía, a través de temas históricos como o nacemento da samba, o racismo e a tolerancia relixiosa. O documental, que conta coa participación de músicos e poetas tan recoñecidos como Caetano Veloso (irmán de Maria), Mabel Velloso ou Chico Buarque, concédenos unha magnífica oportunidade para coñecer a arte de Maria Bethânia —icona da contracultura e unha das cantautoras máis queridas de Brasil—, e para mergullarnos durante uns minutos no apaixonante e fecundo mundo da cultura brasileira.



VEN 23, 17:00 | MAR 27, 21:00

FOTBAL INFINIT / FÚTBOL INFINITO [2018]

Corneliu Porumboiu

Romania / 70 min. / Documental / Romanés

Ficha técnica:

Fotografía: Tudor Mircea.
Edición: Roxana Szel.
Producción: Marcela Ursu - 42 Km Film.

Sinopse:

O pasado outono, un bo amigo da infancia de Corneliu Porumboiu díxolle que, a base de cambiar as regras do fútbol, o seu irmán inventara un novo deporte. Un mes despois, Porumboiu volveu á súa cidade natal, Vaslui, cun pequeno equipo de rodaxe, para aprender máis sobre ese novo deporte.



DOM 18, 19:45 | LUN 19, 17:45



JE VOIS ROUGE / VEXO TODO ROXO [2018]

Bojina Panayotova

Francia / 83 min. / Documental / Búlgaro, Francés

Ficha artística:

Bojina Panayotova, Milena Mikhailova Makarius, Nicolai Panayotov, Toshka Mikhailova, Silvina Mikhailova, Kamen Draganov, Xavier Sirven.

Ficha técnica:

Fotografía: Bojina Panayotova, Xavier Sirven.

Música: Emilian Gatsov.

Edición: Léa Chatauret, Elsa Jonquet, Bojina Panayotova.

Producción: Roy Arida (Stank), Arnaud Dommerc (Andolfi).

Sinopse:

Despois de pasar vinte e cinco anos en Francia, volvo a Bulgaria, cámara en man, cunha irreprimible sospeita: e se a miña familia colaborou coa policía do réxime comunista? E se foron parte dese “lixo roxo” que os manifestantes na rúa queren ver desaparecer? Decido investigar e filmar, constantemente, preparada para calquera cousa. A miña aventura transfórmasse nunha odisea cómico-tráxica, unha mestura de espionaxe e filme familiar.



MER 21, 17:30 | SAB 24, 20:30 | MAR 27, 19:15

L'EMPIRE DE LA PERFECTION / BUSCANDO A PERFECCIÓN

[2018]

Julien Faraut

Francia / 95 min. / Documental / Francés, Inglés

Ficha técnica:

Guión: Julien Faraut.

Fotografía: Gil de Kermadec.

Música: Serge Teyssot-Gay.

Narración: Mathieu Amalric.

Producción: William Jehannin, Raphaëlle Delauche.

Sinopse:

No ano 1984, John McEnroe chegou invicto ata a final do campionato Roland Garros. Ali, McEnroe tivo que enfrontarse a Ivan Lendl, o tenista checo que terminou facéndose coa vitoria ante o considerado mellor tenista do mundo. *Buscando a perfección* ofrece a partir deste caso un estudo do tenis e todo o que rodea este deporte mediante un ensaio audiovisual sobre a relación entre o cinema, o tenis e o impulso competitivo.



LUN 12, 18:00 | XOV 15, 16:15

L'ÎLE AU TRÉSOR / A ILLA DO TESOURO [2018]

Guillaume Brac

Francia / 96 min. / Documental / Francés

Ficha técnica:

Son: Nicolas Joly, Arnaud Marten.

Fotografía: Martin Rit.

Edición: Karen Benainous.

Producción: Nicolas Anthome – Bathysphere.

Sinopse:

A tempada de verán nun centro de ocio preto de París está en pleno apoxeo, polo que non escasean as situacións divertidas na concorrida piscina. Unha ollada á mentalidade dos visitantes e empregados do extenso parque: franceses brancos e inmigrantes que chegan para relaxarse porque carecen dos medios necesarios para gozar dunhas vacacións máis exóticas.

É a Francia de hoxe a que retrata Brac neste documental, terra de acollida, de inmigrantes chegados dos cinco recunchos do mundo e tamén é a Francia das fronteiras que para eles constrúe o propio sistema. Un filme afable e optimista, belo e punzante a un tempo, que non se conforma coa celebración, simple, da convivencia interracial e multiétnica senón que constitúe unha profunda reflexión histórico-política. Non só iso: Brac filma a infancia coa elocuencia dun grande observador.



MAR 20, 20:15

MORIR PARA CONTAR [2018]

Hernán Zin

España / 88 min. / Documental / Inglés, Castelán, Árabe

Ficha técnica:

Guión: Hernán Zin.

Fotografía: Ignacio Barreto.

Música: Marcos Bayón.

Producción: Contramedia Films / Quexito Films.

Sinopse:

Grandes reporteiros de guerra contan as súas peores lembranzas e o xeito en que se enfrontan a elas. Ao mesmo tempo, coñecemos de preto o traballo de quen brinda axuda aos xornalistas que padecen tensión postraumática. Cada protagonista de *Morir para contar* falará dun conflito en particular, polo que será tamén unha viaxe á guerra desde Vietnam ata os nosos días, así como unha homenaxe aos compañeiros.

Un tema ata agora nunca tratado nun documental: as consecuencias psicolóxicas que sofren os reporteiros que traballan en zonas de conflito. Os horrores da guerra na narración das peores lembranzas destes xornalistas. O filme elévase como revelación e tamén como homenaxe para quen a padece, achegándose sobre todo ao humano, con delicada sobriedade.



MAR 13, 21:00 | VEN 16, 16:00

NAZIDANIE [2017]

Boris Yukhananov e Alexander Shein

Rusia / 148 min. / Documental / Ruso, Italiano, Francés

Ficha técnica:

Guión: Boris Yukhananov coa colaboración de Ilya Permyakov.

Edición: Yukhananov, Ilya Permyakov.

Música: Alexander Belousov.

Produción: Georgy Lordkipanidze, Alexander Rodniansky, Alexander Shein, Viktor Taknov, Film group 2PLAN2.

Sinopse:

O famosa final da Copa do Mundo de 2006 e todos os eventos previos a ela xorden baixo a forma dun espectáculo místico. Esta singular obra é un xogo interpretativo no que os cineastas transforman Zinedine Zidane, Marco Materazzi, outros futbolistas, adestradores, árbitros, xornalistas, comentaristas, 2,5 billóns de espectadores que viron este partido, así como ao narrador, nos heroes dun conto que se ofrece como unha mensaxe para toda a humanidade.



SAB 17, 18:00 | MAR 20, 21:00

W arts M

O PROCESSO [2018]

Maria Augusta Ramos

Brasil, Alemaña, Países Baixos / 139 min. / Documental / Portugués

Ficha técnica:

Fotografía: Alan Schvartsberg.

Edición: Karen Akerman.

Produción executiva: Maria Augusta Ramos.

Produción: Paula Alves, Maria Augusta Ramos, Gudula Meinzolt, Paulo de Carvalho, Wout Conijn.

Sinopse:

O proceso ofrece unha nova mirada ao *impeachment* de Dilma Rousseff, a primeira muller presidenta de Brasil. A película retrata o xuízo "político xudicial" ao que foi sometida, primeiro na Cámara de Representantes e despois no Senado. A historia persoal de Rousseff enriquece o relato: unha muller que foi encarcerada e torturada pola antiga ditadura militar do país, que agora é acusada de delitos fiscais e corrupción.

— Mellor documental no DocumentaMadrid 2018.

A técnica de Ramos, que tivo acceso exclusivo ao equipo da defensa, aos senadores de esquerda e á mesma Rousseff, é puramente observacional, sen entrevistas nin narracións. A cámara capta as interaccións físicas e as conversacionais na esfera privada e política á vez que ofrece aos espectadores unha ollada das manifestacións masivas ao aire libre. A película é testemuña de como a acusación desencadea unha profunda crise política en Brasil, analiza o colapso das institucións democráticas no corazón da crise e reflexiona sobre os perigos aos que tantas democracias se enfrontan en todo o mundo.



MAR 13, 17:30 | MAR 20, 17:00

W arts M

RABOT [2017]

Christina Vandekerckhove

Países Baixos / 93 min. / Documental / Holandés

Ficha técnica:

Guión: Christina Vandekerckhove.

Fotografía: Frank Schulte.

Edición: Jan Van der Weken.

Música: Stijn Ylode De Gezelle.

Produción: Peter Krüger - Inti Films.

Sinopse:

Rabot conta a historia dun bloque de vivendas sociais ao bordo da demolición. Aqueles que buscan unha saída da súa miseria e aqueles que non poden atopar un fogar noutro lugar, continúan aquí, nesta pequena comunidade de grande altura, onde reina a maior das indiferenzas. Tanto o edificio como os residentes deben irse, marcando o final dunha era turbulenta. Seguimos varios dos ocupantes durante os seus últimos meses na torre, nun marco narrativo sobre o amor, a soidade e a pobreza no corazón da sociedade occidental.

Fragmentos de historias que se mesturan nun filme que fala de amor, de soidade e de miseria no corazón da nosa sociedade occidental.



LUN 12, 18:00 | VEN 16, 22:30

SPK KOMPLEX / COMPLEXO SPK [2018]

Gerd Kroske

Alemaña / 115 min. / Documental / Alemán

Ficha técnica:

Guión: Gerd Kroske.

Edición: Olaf Voigtländer, Stephan Krumbiegel.

Música: Milena Kipfmüller, Klaus Janek.

Produción: Gerd Kroske.

Sinopse:

O Colectivo Socialista de Pacientes (en alemán *Sozialistisches Patientenkollektiv*, e coñecido polas súas siglas SPK) foi unha organización esquerdista de pacientes psiquiátricos da Policlínica da Universidade de Heidelberg, fundada por Wolfgang Huber en 1970. Combatía a medicina e aos médicos como inimigos de clase, vía o capitalismo como a causa das enfermidades físicas e mentais e usaba a enfermidade como arma contra a sociedade capitalista.

As acusacións de apoiar a RAF, e por tanto de ser cómplice do seu terrorismo, agochan as principais e vangardistas liñas de traballo do movemento SPK: os dereitos dos pacientes psiquiátricos, a resistencia e o empoderamento, cuestións que aínda hoxe seguen a ser relevantes. *Complexo SPK* céntrase na historia non contada dos acontecementos previos ao "outono alemán". Unha historia de tolema, percepción pública e violencia (inevitable).



DOM 18, 19:00 | LUN 19, 21:45

SVIDETELI PUTINA / TESTEMUÑAS DE PUTIN [2018]

Vitaly Mansky

Letonia, Suíza, República Checa / 102 min. / Documental / Ruso

Ficha técnica:

Guión: Vitaly Mansky.

Música: Karlis Auzans.

Edición: Gunta Ikere.

Producción: Studio Vertov, Golden Egg Production, Hypermarket Film.

Sinopse:

Os eventos da película comezan o 31 de decembro de 1999 cando o exlíder do Servizo Federal de Seguridade, o primeiro ministro Vladimir Putin, ascende á Presidencia de Rusia. A película baséase en testemuños únicos e estritamente documentais das verdadeiras causas e consecuencias da operación "Sucesor", como resultado da cal Rusia terminou co presidente que aínda goberna o país. Os protagonistas da película son Mikhail Gorbachov, Boris Yeltsin, Vladimir Putin e a nación rusa, como sempre testemuña silenciosa do seu propio destino.

— Gran Premio ao mellor documental no Festival de Cine Internacional de Karlovy Vary.



XOV 22, 18:15

VIVIR Y OTRAS FICCIONES [2016]

Jo Sol

España / 81 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Pepe Rovira, Antonio Centeno, Arántzazu Ruiz, Ann Perelló.

Ficha técnica:

Guión: Jo Sol.

Fotografía: Afra Rigamonti, Jo Sol.

Música: Niño de Elche.

Producción: Shaktimetta Productions.

Sinopse:

Pepe saíu do psiquiátrico tras pagar condena por roubar para traballar. Unicamente a solidariedade de Antonio, activista con diversidade funcional, lle permite construír unha vida fráxil sobre a que proxectar novas ilusións. Con todo, a súa necesidade de encaixar nun mundo sen sentido convértese nunha tarefa desesperada. O horizonte da súa ansiada "normalidade" resulta inalcanzable. A relación con Antonio interpela a súa mirada sobre a vida, convidándoo a recoñecerse como anomalía e inventar unha tolema maior para vivir.



VEN 16, 18:45 | MAR 20, 16:00

Wartm

WALDHEIMS WALZER / O CASO KURT WALDHEIM [2018]

Ruth Beckermann

Austria / 93 min. / Documental / Alemán, Inglés, Francés

Ficha artística:

Josef Aichholzer, Edgar Bronfman, Josef Broukal, John Bunzl, Hubertus Czernin, Barrie Dunsmore, Michaela Englert.

Ficha técnica:

Guión: Ruth Beckermann.

Animación: David Pedro-Suarez.

Edición: Kurt Hennrich.

Producción: Ruth Beckermann Filmproduktion / ORF Film/Fernseh-Abkommen.

Sinopse:

«Waldheim non, Waldheim non» gritaba unha multitude no centro de Viena en 1986. Daquela, o ex Secretario Xeral da ONU, de escuro pasado nazi, presentábase como candidato do Partido Populista ás eleccións á presidencia da República. Ruth Beckermann foi unha daqueles activistas que intentaron impedir a elección de Kurt Waldheim e documentou aqueles eventos coa súa cámara. Máis de 30 anos despois, mestura o seu propio arquivo con material de televisión internacional para analizar este punto de inflexión na cultura política austríaca.

— Mellor documental na Berlinale 2018.

— Mellor filme (ex-aequo) no Play-Doc 2018.

**O PRESENTE
É MULLER**



VEN 23, 20:00 | SAB 24, 19:15



1048 LUNES / 1048 LÚAS [2017]

Charlotte Serrand

Francia / 60 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Françoise Lebrun, Charlotte Bayer-Broc, Noémie Marignier, Noémie Lothe, Carmen Leroi.

Ficha técnica:

Guión: Charlotte Serrand (baseado nas *Cartas das heroínas* de Ovidio).
Fotografía: Victor Zébo, Xavier Pérez Díaz.
Música e son: Blumone, Thomas Fourel.
Produción: Charlotte Serrand.

Sinopse:

— A quen estás a esperar?
— Aquiles. E ti?
— Demofonte.
— Canto tempo levas agardando?
— Seis lúas cheas. E ti?
— Vinte lúas cheas.
— Oh, ben...

Briseida, Filis, Hero, Enone e Penélope esperan aos heroes que foron á Guerra de Troia. Unha comedia moderna e antiga ambientada nunha imaxinaria BretañaGrecia.

Primeiro a espera. A de Briseida quen, abandonada, fronte ao mar, agarda a Aquiles. Tamén a de Filis, quen, deambulando por bosques e camiños espera a Demofonte, e está Hero que agarda o regreso de Leandro; Enone espera a Paris, e, por suposto, Penélope languidece estrañando a Ulises. A realizadora revisita o texto de Ovidio para crear unha obra onde o visual e o sonoro se axustan ao relato magnificamente.



VEN 9, 18:00



CONVERSACIONES ALREDEDOR DE UN PIANO QUE VINO DE EUROPA [2018]

Queyi

Uruguai, España / 30 min. / Documental, Experimental / Castelán, Inglés

Ficha técnica:

Guión: Queyi.

Sinopse:

Ao redor dun vello piano francés acantoado no teatro dun carismático barrio montevidéano, van fiándose as historias de tres mulleres.



MER 14, 21:45



CUBANAS. MUJERES EN REVOLUCIÓN [2018]

María Torrellas

Arxentina / 85 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Teresa Amarelle Boué, Sadaise Arencibia, Marta Ayala, Mariela Castro, Zaida del Río, Irina Eiranova.

Ficha técnica:

Fotografía: Mónica Simoncini, Syara Salado Massip, Víctor Villalba Gutiérrez, María Torrellas. Música: Aurora Feliú, Tammy López Moreno, Jorge Guichón, Belén Pasqualini, Pablo Merletti, Elisabeth Monteagudo Pérez. Edición: Mónica Simoncini, Omar Neri. Produción: Resumen Latinoamericano.

Sinopse:

Cubanas rescata o rol xogado polas mulleres tanto na loita guerrilleira como no devir da Revolución ata chegar á actualidade. Polo documental desfilan testemuños e vivencias de heroínas como Vilma Espín, Celia Sánchez e Haydée Santamaría, facedoras fundamentais do quefacer revolucionario. Á súa voz súmase a de mulleres de diversos ámbitos e idades que transmiten canto significou para elas alimentarse dos valores postos en marcha a fins da década do 50.

Cubanas pon sobre a mesa temas como a alfabetización nos anos 60, o desenvolvemento da educación en todas as épocas, a infatigable resistencia ao bloqueio, a solidariedade, a intensa batalla cultural e mesmo o bulicio das marchas LGTBI en defensa da diversidade sexual, conformando unha necesaria colaxe sociocultural cubana da man das mulleres.



LUN 12, 17:30 | DOM 18, 21:30



JULIA Y EL ZORRO [2018]

Inés María Barriónuevo

Arxentina / 105 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Umbra Colombo, Victoria Castelo Arzubialde, Pablo Limarzi.

Ficha técnica:

Guión: Inés María Barriónuevo.
Fotografía: Ezequiel Salinas.
Música: Germán A. Sanchez.
Produción: Juan Pablo Miller (Tarea Fina), Inés María Barriónuevo.

Sinopse:

Julia, ex actriz, e a súa filla Emma instálanse nunha casarí nunha localidade arxentina. É inverno e Julia debe arranxar a casa para vendela. Pasou tempo desde a morte do seu esposo e pai de Emma, pero o dó aínda está moi presente. Unha noite, Julia atopa a Gaspar, un amigo de toda a vida que a intenta convencer de que participe nun concurso de teatro. Julia, Emma e Gaspar reconstruirán as súas vidas comezando un proxecto incerto dun novo tipo de familia.

Logo do seu exitoso debut con *Atlántida*, Barriónuevo volve explorar o universo feminino e faino con gran pericia. Os seus personaxes conviven co seu dó non resolvido que as determina nos seus sentimentos e nos seus actos. O regreso á casa abandonada, a reconstrución da relación entre nai e filla, os ambientes opresivos, os intentos de redención, están narrados desde un punto de vista que acompaña o drama á perfección.



MER 14, 17:45 | XOY 15, 20:00



KAZARKEN: EN CREUSANT [2016]

Güldem Durmaz

Bélxica, Francia / 90 min. / Documental, Ficción / Francés, Turco

Ficha artística:

Denis Lavant, Güldem Durmaz, Martin Selze, Marie-Sohne Conde.

Ficha técnica:

Guión: Güldem Durmaz, Simon Backes.

Fotografía: Simon Backes, Güldem Durmaz, Piet Eekman, Bernard Verstraete.

Edición: Simon Backes, Güldem Durmaz.

Producción: Güldem Durmaz, Simon Backes, Javier Packer.

Sinopse:

Unha muller de ascendencia turca, seguindo antigos ritos curativos anatólios, soña o seu camiño a través de fragmentos de memoria, tanto persoais como colectivos. Guiada por Quirón o Centauro, viaxa libremente entre as ruínas dun antigo hospital romano e as rúas dunha vila de montaña, moi por encima do río Éufrates.

Güldem Durmaz condúcenos a unha experiencia vital realmente hipnótica, unha aventura ao fondo da mente que transcende o cinematográfico. Unha viaxe á Anatolia dos seus devanceiros, escenario actual de traballos arqueolóxicos, sèrvelle de pretexto para repasar a historia turca e realizar a súa propia escavación arqueolóxica no plano emocional. Arqueoloxía, historia, records, soños e mitoloxía únense de forma vertixinosa mediante un sublime proceso de deconstrución cinematográfica, seleccionando imaxes gravadas ao longo de trece anos e conectándoas entre si nun delicado traballo de reconstrución.



SAB 17, 21:00 | LUN 19, 19:30



KHRUSTAL / CISNE DE CRISTAL [2018]

Darya Zhuk

Bielorrusia, Alemaña, Estados Unidos, Rusia / 93 min. / Ficción / Ruso, Inglés

Ficha artística:

Alina Nasibullina, Ivan Mulin, Yuri Borisov, Svetlana Anikey, Ilya Kapanets.

Ficha técnica:

Guión: Helga Landauer.

Fotografía: Carolina Costa.

Edición: Sergey Dmitrenko, Michal Leszczylowski.

Producción: Birgit Gernböck, Olga Goister, Debbie Vandermeulen, Valery Dmitrotchenko.

Sinopse:

Velya soña con mudarse a Chicago e traballar como DJ. É 1996 e vive na Minsk postsoviética. O país está a sufrir unha crise económica. Para poder obter unha visa, Velya debe proporcionar unha evidencia na embaixada de que ten un emprego permanente.

— Gran Premio no Festival Internacional de Cine de Odessa.

Ambientada uns anos despois de que Bielorrusia obtivese a súa independencia, esta vibrante ópera prima é a amarga resposta dunha moza na vintena que creceu soñando con marchar, con abrazar a independencia propia, e non a recentemente conquistada pola xeración dos seus pais. Salpicada de humor moi fino, esta comedia negrísima, intelixente e feminista foi realizada por unha moza chamada Darya Zhuk: dese nome volveremos ter moi boas noticias.



LUN 19, 16:00 | DOM 25, 21:45

LA CENA BLANCA DE ROMINA [2017]

Francisco Rizzi, Hernán Martín

Arxentina / 62 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Olga Viglietta.

Fotografía: Alejandro Rath.

Edición: Hernán Martín.

Producción: Hernán Martín.

Sinopse:

A cea branca é unha noite máxica para as mozas que terminan a secundaria, ese día serán princesas como as dos contos. Romina non puido cumprir o seu soño: o día da súa cea branca estaba presa, matara o seu bebé, concibido tras unha violación que quedou impune.

Hernán Martín e Francisco Rizzi poñen o foco no mediático caso de Romina Tejerina para evidenciar as carencias da conservadora sociedade arxentina de San Pedro de Jujuy, unha comunidade que vive condicionada pola relixión, as políticas de austeridade e o machismo, onde o aborto non está permitido e ante unha violación culpabilízase á vítima mentres se xustifica ao verdugo. O documental artículase con base no testemuño de todos os implicados no proceso. A partir das súas reflexións e dos acontecementos que se van precipitando, a película manífestase como unha alegación contra a opresión dun sistema patriarcal que trata as mulleres como cidadás de segunda categoría.



MER 14, 21:45 | XOY 22, 16:00 | XOY 8, 23:15



LAS HIJAS DEL FUEGO [2018]

Albertina Carri

Arxentina / 115 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Carolina Alamino Barthaburu, Mijal Katzowicz, Rocío Zuviría, Wanda Rzoncinsky, María Eugenia Marcet, Ivanna Colona Olsen, Mar Morales, Erica Rivas, Cristina Banegas.

Ficha técnica:

Guión: Albertina Carri.

Fotografía: Inés Duacastella.

Edición: Florencia Tissera.

Producción: Eugenia Campos Guevara / Gentil.

Sinopse:

Tres mulleres crúzanse por azar na fin do mundo e inician unha viaxe poliamorosa que as transforma ata devolvellas á súa cidade natal sendo outras, ou talvez aquelas que sempre quixeron ser. Suxeitos que sofren fronte á orde establecida, fronte ao irreversible da paixón e fronte ao utópico dun amor único, experimentan na procura de novas formas de relacionarse, afastadas da posesión e da dor como ineludible final do amor fóra de todos os canons.

En *Las hijas del fuego* o andar polas rutas, polo tempo e pola vida convértese para as protagonistas en puro goce, en ríos de pracer e diversión. Unha banda dedicada a acompañar outras mulleres na procura da súa propia erótica, na procura da oportuna forma que cada unha ten de estar nun mundo que descoñece da voluptuosidade do desapego.



LUN 12, 16:30 | MAR 20, 19:30



LUZ OSCURA [2017]

Susana de Sousa Dias

Portugal / 77 min. / Documental / Português

Ficha artística:

Álvaro Pato, Isabel Pato, Rui Pato.

Ficha técnica:

Guión: Susana de Sousa Dias.

Fotografía: João Ribeiro.

Edición: Susana de Sousa Dias.

Producción: Ansgar Schäfer.

Sinopse:

Como dar forma a alguén que desapareceu sen ter unha existencia histórica? Tomando como punto de partida as fotografías tiradas pola policía política portuguesa (1926-1974), *Luz obscura* busca revelar como opera un sistema autoritario dentro da intimidade familiar, á vez que desvela áreas de represión que moldean o present

Susana de Sousa Dias, cineasta profundamente política e implicada coa reescrita histórica do pasado recente portugués, cegou o mundo co seu segundo traballo, a sorprendente *48. Luz obscura* recupera a esencia e as formas ensaiadas en 48 pero en diálogo con novas ideas e técnicas visuais coas que constrúe este delicado ensaio sobre a memoria e o tempo. Recorre tamén a fotografías antigas, esta vez de disidentes políticos e tomadas pola PIDE (a policía secreta do Estado Novo), e inclúe imaxes en cor, testemuños en audio e desasosegantes planos marítimos. A película convértese nunha viaxe no tempo a través de fotografías fixas que teñen o poder de mergullarnos no contexto do que proveñen.



DOM 11, 00:00 | LUN 12, 21:30



MARLINA, THE MURDERER IN FOUR ACTS / MARLINA, ASASINA EN CATRO ACTOS [2017]

Mouly Surya

Indonesia, Francia, Malasia, Tailandia / 93 min. / Ficción / Indonesio

Ficha artística:

Marsha Timothy, Dea Panendra, Yoga Pratama, Egi Fedly, Rita Matu Mona, Anggun Priambodo.

Ficha técnica:

Guión: Mouly Surya, Rama Adi.

Fotografía: Yunus Pasolang.

Música: Zeke Khaseli.

Producción: Rama Adi, Fauzan Zidni.

Sinopse:

Marlina, unha moza viúva, é atacada por unha banda de criminais que a violan e lle rouban o gando. Para defenderse, mata varios homes do grupo e emprende unha viaxe en busca de xustiza.

— Mellor actriz no Festival de Sitges 2017

A indonesia Mouly Surya asina un western feminista como vehículo de denuncia do machismo e da violencia de xénero imperantes na súa sociedade. Decántase por un ritmo pausado para transmitir a tensión crecente, cunha impresionante banda sonora co acompañamento e unha exquisita composición de planos que evoca a fotografía do western clásico. Premiada en varios festivais internacionais, é unha magnífica mostra de cinema reivindicativo cunha mensaxe directa de sororidade e emancipación feminina transmitida con moita forza.



LUN 12, 19:30 | DOM 25, 20:15



PRIMAS [2017]

Laura Bari

Canadá, Arxentina / 100 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Rocío Álvarez, Aldana Camila Bari Gonzalez.

Ficha técnica:

Guión: Laura Bari.

Fotografía: Laura Bari.

Música: Florencia di Concillio, Marco Liy, Juan Pablo Fernandez.

Producción: Andreas Mendritzki.

Sinopse:

Retrato evocador de dúas curmáns arxentinas, que tras sufrir abominables actos de violencia que interromperon as súas infancias, logran liberarse dos afogos do pasado. Nas súas viaxes, as rapazas alcanzan a madurez tendo experiencias reveladoras nas súas vidas cotiás; aprendendo danza, mimo, teatro, circo e artes visuais.

— Premio do público no Mar del Plata Film Festival 2017.

— Premio do xurado no CineLatino Rencontres de Toulouse.

— Premio do xurado no IF Istanbul Independent Film Festival.

— Gran premio do xurado no DOXA de Canadá.

Laura Bari compón un retrato íntimo e metafórico das súas sobriñas Rocío e Aldana, dúas mozas que comparten un pasado trágico, pero tamén un presente esperanzador. Rodada durante algo máis de tres anos entre Arxentina e Montreal, expón un relato de superación persoal traballado con gran sensibilidade e sen deixar unha físgoa para a sensiblería. A liña entre documental e ficción dilúese nunha experiencia catártica e resiliente para as rapazas e a cineasta, que tamén se verá obrigada a enfrontarse os seus propios demos internos.



DOM 25, 19:00



TEMPO COMUM [2018]

Susana Nobre

Portugal / 64 min. / Ficción / Português

Ficha artística:

Marta Lança, Clara Castanheira, Pedro Castanheira.

Ficha técnica:

Guión: Susana Nobre.

Fotografía: Paulo Menezes.

Edición: João Rosas.

Producción: João Matos, Sophie Erbs.

Sinopse:

Marta entégase aos cuidados maternos da súa primeira filla recentemente nada, á vez que convalece do parto. Nestes primeiros tempos son visitadas por familiares e amigos que ao involucrase no espazo íntimo da casa narran historias sobre o matrimonio, o nacemento dos fillos, os primeiros traballos, as expectativas e os proxectos de futuro.


Cando Susana Nobre gozou do seu permiso por maternidade, descubriu a evocadora atmosfera que o nacemento dun bebé xera no círculo familiar máis próximo. Anos despois, decidiu materializar ese clima tan íntimo nunha película. *Tempo comum* está protagonizada pola familia real que forman Marta, Pedro e os amigos e familiares que os visitan para coñecer a Clara, a súa filla acabada de nacer. Nobre desenvolve un contemplativo e minimalista proxecto de ficción que xoga abertamente coa realidade. Todo xira ao redor das conversas cos visitantes, orixinando unha especie de mapa emocional coa crianza como difuso pano de fondo, un espazo de intercambio de experiencias e saberes construído a través da participación colectiva e interxeracional. Unha película hipnótica e sabia.

O PRESENTE É MULLER

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

As películas elixidas para esta mostra foron agrupadas baixo o título de "Umbrales", un programa que é abordado desde unha perspectiva feminista descolonizadora que procura indagar nos posibles desbordes e implicacións epistémicas dos termos "muller latinoamericana" e "artista latina", para compoñer un mapa de empatías conceptuais, estratexias coincidentes e redes afectivas que traspasaron barreiras xeopolíticas e apostaron pola subversión do canon modernista. Traza unha xenealoxía sinuosa e fragmentaria que sinala puntos de encontro entre as creacións cinematográficas realizadas por suxeitos considerdas mulleres. *Umbrales* é tamén o nome dun dos filmes de Marie Louise Alemann que foi restaurado para este proxecto e ao cal se lle dedica un capítulo na publicación *Ismo Ismo Ismo* escrita polo investigador Federico Windhausen. Preséntanse aquí tres eixes: performatividade sonora, corporalidade e visualidades. O eixe de performatividade sonora comeza cunha das pioneiras nesta práctica, a uruguia Lydia García Millán, que expón *Color* (1954-1955), unha película abstracta sonorizada en vivo polo Hot Jazz Club. Continuando con obras pioneiras, *Come Out* de Narcisa Hirsch, que algúns investigadores mencionan como unha das primeiras obras de cinema estrutural en América Latina; tamén *Copacabana Beach* da estadobosniaunides Vivian Ostrovsky, expón un *flickeo* que se corresponde entre imaxe e musicalidade propoñendo así unha nova mirada sobre o tema. A corporalidade é outro dos focos das performatividades. *Umbrales* é o exemplo dunha investigación profunda no tema e abre así unha porta ao reflexo do *queer*, das sexualidades. *Desnudo con alcatraces*, de Silvia Grüner, narra un autoerotismo mudo coa cadencia da caricia dunha flor. *Popsicles*, de Gloria Camiruaga, une os tres eixes abordados pero é incluído en corporalidades pola sinalización á temática trans que comeza a abrirse paso nos oitenta e da cal a artista forma parte activa. Por último están *Blues Tropical*, de Poli Marichal, que é unha obra de cinema intervido que fala sobre a dor das decisións políticas da illa e da simboloxía da estrela. *Paracas*, da artista chilena Cecilia Vicuña, onde se dá vida a un tear a través da animación de obxectos en miniatura. E *El diablo en el cuerpo*, unha controvertida videoperformance da recoñecida artista mexicana Ximena Cuevas. Os eixos entrelázanse nun compilado de memorias, subxectividades e resistencias persoais e políticas compoñendo así un calidoscopio cinematográfico.

Ángela López Ruiz (Curadora do programa
e parte do equipo de investigación de ISMO ISMO ISMO).



XOV 22, 16:30 | MAR 27, 17:30



BLUES TROPICAL [1982]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

Poli Marichal

Porto Rico / 9 min. / Musical, Experimental

Sinopse:

Blues Tropical é parte da triloxia onde a artista expón a rabia e impotencia producidas pola situación de miseria na illa de Porto Rico a causa do imperialismo ianqui. A través dunha estrela danzante a artista traballa a metáfora de estrela como desexo de liberdade que atravesando documentos visuais vai reafirmando a súa mirada anticolonialista. Trátase dun filme que usa a intervención física da metraje atopada para narrar a memoria colectiva e as manchas que se produciron, e se seguen a producir, pola intervención xeopolítica.



XOV 22, 16:30 | MAR 27, 17:30



COLOR [1954]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

Lydia García

Uruguai / 3 min. / Musical, Abstracto

Ficha técnica:

Sonido: Hot Jazz Club.

Fotografía: Walter Dassori.

Restauración: Orphans Film Symposium e BBOptics.

Tomando a consigna feminista “o persoal é político” poderíase afirmar que este filme é tan poético como político debido a que foi realizado nun contexto onde o cinema experimental era rexeitado pola narrativa patriarcal reflectida a través da crítica e a cultura cinematográfica en xeral. É así que estas pingas de pintura filmadas en vivo poderían ser unha especie de action painting cinematográfico acompañado da musicalización en vivo do Hot Jazz Club, polo tanto o son é agregado a través da banda magnética. Debido a esta particularidade o filme foi restaurado no seu formato orixinal para poder preservar a integridade da sonoridade.



XOV 22, 16:30 | MAR 27, 17:30



COME OUT [1971]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

Narcisa Hirsch

Arxentina / 11 min. / Experimental / Inglés

Ficha técnica:

Música: Steve Reich.

Sinopse:

Come Out é considerada unha das primeiras obras de cinema estrutural en América Latina. Narcisa Hirsch defínea como a película que representa o espírito do *underground* experimental do grupo no que traballaban. Foi rodada nun soto tomando como inspiración o que é a base sonora do filme, a peza de música experimental homónima pertencente a Steve Reich *Come Out* (USA, 1966). Esta peza foi composta en apoio ao reclamo polo conflito de seis mozos negros arrestados por asasinato durante as manifestacións de Harlem en 1964. Narcisa toma as reberveracións e as modificacións sonoras do músico para expandilas a través da hipnose visual lograda a través do fóra de foco e a potenciación da atmosfera subterránea.



XOV 22, 16:30 | MAR 27, 17:30



COPACABANA BEACH [1983]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

Vivian Ostrovsky

11 min. / Experimental / Portugués

Vivian Ostrovsky viviu a súa infancia e adolescencia en Río de Xaneiro e foi onde se impregnou da sonoridade e o movemento inquieto de Copacabana Beach. Este filme foi integrado no programa de superochistas brasileiros e mencionado por Johnson e Stam como “beach symphony filme”. Trátase dunha colaxe lúdica que retrata as escenas cotiás dunha xornada en Copacabana ao ritmo de fragmentos musicais, entre eles cancións de Carmen Miranda. Sincronización, fragmentación, retrato, situacións cotiás, todo encadea para realizar unha experimentación con certo toque de humor.



XOV 22, 16:30 | MAR 27, 17:30



DESNUDO CON ALCATRACES [1986]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

Silvia Grüner

México / 2 min. / Experimental

Trátase dunha película que retrata unha *performance* exposta onde se reafirma a enunciación feminista a través da sinalización poética da corporalidade como xeito de interpelación ao canon modernista. Os alcatraces ou calas, moi presentes na pintura clásica mexicana, son aquí un obxecto xerador de caricias que resaltan a coloración da pel a través da textura achegada pola realización en súper 8. A artista logra unha atmosfera sutil contaminada polo gran da película, un clima erótico na relación da súa pel coas flores.



XOV 22, 16:30 | MAR 27, 17:30



EL DIABLO EN EL CUERPO [1998]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

Ximena Cuevas

México / 5 min. / Videoarte

A artista estuda certos tópicos do melodrama e presupón os usos de materiais para poder accionar o pranto e os acenos de dor. A través desta metáfora pon en cuestión os rituais cotiáns. «Mírome no espello, pero a través do abatido orificio dunha máscara, o círculo rompe polo ángulo cortante dun teléfono que segue soando. Collo a culler de novo. Non hai forma de escapar do aburrimiento cotián. Cada puntuación gramatical constitúe unha procura dunha ruptura na realidade ou un estado intensificado». Trátase dunha obra referencial da videoarte que ao ser incluída nesta xenealoxía cuestiona os límites das categorizacións.



XOV 22, 16:30 | MAR 27, 17:30



PARACAS [1983]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

Cecilia Vicuña

Estados Unidos / 19 min. / Animación

Ficha técnica:

Música de José Pérez de Arce e Claudio Mercado.
Cantos de Cecilia Vicuña.

Sinopse:

Animación tridimensional dun téxtil precolombino de dous mil anos de antigüidade creado na rexión Paracas/Naza do Perú, actualmente na colección do Brooklyn Museum de Nova York. Nesta obra, a artista recrea o universo poético do deserto transformado en xardín polos seus antigos habitantes.



XOV 22, 16:30 | MAR 27, 17:30



POPSICLES [1983]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

Gloria Camiruaga

Estados Unidos, Chile / 5 min. / Videoarte / Castelán

Sinopse:

Popsicles (xeado de auga) alude á relación entre a igrexa católica e a ditadura chilena. Móstranse primeiros planos de rostros cuxas bocas repiten o mantra do ave maría, mentres chupan un xeado de auga que dentro contén o clásico boneco de soldadiño en miniatura. A través desta acción simúlase unha felación por parte dos adeptos á igrexa e interpela a negación dos devotos para ver estes nexos. Mentres isto ocorre repítese en mantra o rezo do ave maría mentres soan sirenas e se escoitan avións. As figuras en miniatura, tamén rotas, deixan ver que o estado de guerra deixou desfeitas en corpos que agora non son máis bonecos.



XOV 22, 16:30 | MAR 27, 17:30



UMBRALES [1967]

MULLERES EXPERIMENTALISTAS DE AMÉRICA LATINA

Marie Louise Alemann

Arxentina, Francia / 19 min. / Musical, Experimental

Ficha técnica:

Musicalización: Katja Alemann.

Sinopse:

Umbrales é unha das películas restauradas no marco deste proxecto. A súa importancia débese ao retrato da atmosfera que se vivía na década dos oitenta no ambiente de contracultura. Expón a desorientación colectiva, a ocultación, a deriva dunha narrativa errática onde o que prevalece é o xogo de miradas e o rozamento dos corpos. É tamén un filme que propón unha estética do homoerotismo a través dunha acción performática colectiva e singular. Como todos os filmes da cineasta, esta é unha obra inclasificable e quizais por iso sexa tan importante neste proxecto.

O PRESENTE É MULLER

MOSTRA DO CENTRO SIMONE DE BEAUVOIR

A seguir coas relacións que Cineuropa tece con diversos programas e iniciativas culturais que se ofrecen en Compostela, a 32 edición do festival conta este ano coa colaboración de Wom@rts, un proxecto cultural europeo en prol da igualdade das mulleres na contorna artística que é coordinado polo Auditorio de Galicia en representación do Concello de Santiago.

Ao abeiro do proxecto Wom@rts, o catálogo deste #Cineuropa32 ofrece unha aposta destacada pola proxección de filmes realizados por mulleres e busca reivindicar o seu papel central na construción da diversidade cinematográfica. Filmes asinados por creadoras abrollan nas diferentes seccións do certame compostelán e transcéndenas para conforman unha arenga pola visibilidade que decote se lles nega.

Canda a proxección das fitas máis recentes do panorama nacional, estatal e internacional, Wom@rts ofrece neste Cineuropa un ciclo especial con filmes referenciais para a análise da representación das mulleres no cinema e o seu papel na construción dunha outra maneira de ver e de ser vistas. Grazas á colaboración do Centre Audiovisuel Simone de Beauvoir, unha das institucións parceiras do proxecto, o catálogo de Cineuropa acolle así a exhibición de varias fitas realizadas por creadoras ben coñecidas da militancia feminista francesa, como Nadja Ringart, Carole Roussopoulos, Delphine Seyrig, Iona Wieder ou Véronique Ducret.

Wom@rts é un proxecto cooperativo de longa duración e sen ánimo de lucro que conta con financiamento do programa Europa Creativa e coa participación de diferentes institucións culturais públicas e privadas do continente. O proxecto desenvólvese entre 2017 e 2021, e nel participan, canda o Auditorio de Galicia, a Fundación Municipal de Cultura do Concello de Avilés, a rede escandinava WIFT (Mulleres en Cinema e Televisión), o Concello de Vilnius (Lituania), o Centro Audiovisuel Simone de Beauvoir e a Communauté d'Agglomération du Grand Angoulême (Francia), a Escola Limerick de Artes e Deseño (Limerick Institute of Technology, Irlanda), o Hay Festival de Literatura e Artes (Reino Unido), a Academia Universitaria de Artes Aplicadas en Rijeka (Croacia), e o museo UGM Maribor (Eslovenia). Co albo de fomentar a participación efectiva das mulleres dende unha perspectiva intersectorial e pór en valor o seu papel activo das artes, como creadoras e distribuidoras de cultura, o proxecto organiza diferentes actividades culturais nos países das entidades participantes, como residencias artísticas, ciclos de proxeccións e conferencias, obradoiros creativos, encontros con creadoras e colaboracións cos festivais de literatura e cinema.



DOM 25, 20:00



LA MARCHÉ DES FEMMES À HENDAYE / A MARCHA DAS MULLERES A HENDAIA [1975]

MOSTRA DO CENTRO SIMONE DE BEAUVOIR

Carole Roussopoulos, Iona Wieder

Francia / 20 min. / Documental / Francés

Ficha técnica:

Guión, edición e produción: Carole Roussopoulos, Iona Wieder.

Sinopse:

Un milleiro de mulleres de toda Francia reúnen en Hendaia o domingo 5 de outubro de 1975 contra as execucións de militantes vascos polo réxime de Franco. Os exiliados españois, que participan na marcha, falan sobre as súas condicións de vida nese país e das relacións entre mulleres e homes. Con imaxes de mulleres vascas cantando e da marcha cara á fronteira.



DOM 25, 20:00



LIP: MONIQUE ET CHRISTIANE [1976]

MOSTRA DO CENTRO SIMONE DE BEAUVOIR

Carole Roussopoulos

Francia / 30 min. / Documental / Francés

Ficha artística:

Monique Piton.

Ficha técnica:

Guión, edición e produción: Carole Roussopoulos.

Sinopse:

En 1976, en Besaçon, as obreiras de LIP ocupan novamente a fábrica e relanzan a produción de reloxo. Monique e Christiane deixan testemuño da dificultade de ser muller á hora de converterse nunha figura da reivindicación sindical. Co obxectivo de poñer en evidencia o racismo de xénero que é o sexismo, Monique propón substituír no seu relato "home" por "branco" e "muller" por "árabe". O resultado é un testemuño elocuente e curioso.



DOM 25, 18:45



MASO ET MISO VONT EN BATEAU / MASO E MISO VAN EN BARCO [1975]

MOSTRA DO CENTRO SIMONE DE BEAUVOIR

Carole Roussopoulos, Ioana Wieder, Delphine Seyrig, Nadja Ringart

Francia / 55 min. / Documental / Francés

Ficha artística:

José Artur, Simone de Beauvoir, Françoise Giroud, Bernard Pivot, Delphine Seyrig, Ioana Wieder.

Ficha técnica:

Guión: Carole Roussopoulos, Ioana Wieder, Delphine Seyrig, Nadja Ringart.

Sinopse:

O 30 de decembro de 1975 —Ano da Muller—, o coñecido xornalista francés Bernard Pivot convida o programa que realizaba para a cadea televisiva Antena 2 a Françoise Giroud, daquela Secretaria de Estado para a Condición Feminina. Despois de ver ese programa, as realizadoras sentiron a necesidade de contestar o que viran, utilizando para iso unha actitude humorística e uns recursos fílmicos moi interesantes.



SAB 24, 19:30



SOIS BELLE ET TAIS-TOI / SÉ FERMOsa E CALA [1981]

MOSTRA DO CENTRO SIMONE DE BEAUVOIR

Delphine Seyrig

Francia / 115 min. / Documental / Francés, Inglés

Ficha artística:

Jenny Agutter, Juliet Berto, Ellen Burstyn, Candy Clark, Patti D'Arbanville, R. de Gregorio, Marie Dubois, Louise Fletcher, Jane Fonda, Luce Guilbeault, Shirley MacLaine, Mallory Millet-Jones, Mady Norman, Millie Perkins, Rita Renoir.

Ficha técnica:

Guión: Delphine Seyrig.

Fotografía: Carole Roussopoulos.

Sinopse:

Co sexismo como fio condutor subxacente, o documental amosa unha serie de entrevistas feitas por Delphine Seyrig con vinte e tres actrices francesas, inglesas, americanas e unha canadense que evocan a súa experiencia profesional, os papeis que lles propuxeron e as súas relacións cos directores e equipos técnicos.



DOM 25, 20:00



VIOL CONJUGAL, VIOL À DOMICILE / VIOLACIÓN CONXUGAL, VIOLACIÓN A DOMICILIO [2003]

MOSTRA DO CENTRO SIMONE DE BEAUVOIR

Véronique Ducret, Carole Roussopoulos

Suíza / 30 min. / Documental / Francés

Ficha técnica:

Guión: Véronique Ducret.

Produción: Le 2e Observatoire, Solidarité Femmes, Viol-Secours.

Sinopse:

Hai moitas mulleres vítimas da violación conxugal. Tres delas expresan aquí o seu sufrimento e a súa ira. Profesionais do ámbito sanitario, social e xurídico de Xenebra achegan igualmente a súa contribución. A perspectiva xurídica pon de manifesto as lagoas que existen na lexislación suíza.

LEMBRANZA DE LANZMANN



SAB 24, 17:00 (primeira parte) | DOM 25, 16:30 (segunda parte)

SHOAH [1985]

Claude Lanzmann

Francia, Reino Unido / 566 min. / Documental / Alemán, Hebreo, Polaco, Lídiche, Francés, Inglés

Ficha técnica:

Guión: Claude Lanzmann.

Fotografía: Dominique Chapuis, Jimmy Glasberg, William Lubtchansky.

Edición: Ziva Postec, Anna Ruiz.

Producción: Les Films Aleph / Historia / Ministère de la Culture de la République Française.

Sinopse:

Shoah ('aniquilación' en lingua hebrea) é unha revisión da memoria do Holocausto en primeira persoa. As vítimas, as testemuñas, todos aqueles que viviron o horror e poden, obrigándose a lembrar, devolver ao presente unha realidade que non debe caer no esquecemento.

Nota: O filme exhibirase en dúas partes en días consecutivos.



VEN 16, 17:30

SOBIBÓR, 14 OCTOBRE 1943, 16 HEURES [2001]

Claude Lanzmann

Francia / 95 min. / Documental / Hebreo, Francés

Ficha técnica:

Guión: Claude Lanzmann.

Fotografía: Dominique Chapuis, Caroline Champetier.

Producción: France 2 Cinéma / Les Films Aleph / Why Not Productions.

Sinopse:

O filme nace a partir dunha entrevista que lle concedeu Yehuda Lerner a Claude Lanzmann en 1979, durante a rodaxe de *Shoah*, a súa famosa película de 1985 acerca da barbarie nazi. *Sobibor* ocúpase de narrar a única revolta exitosa que houbo nun campo de exterminio. Nela, unha vintena de prisioneiros xudeus mataron a machadazos dezaseis oficiais alemáns, cortaron a luz e a electricidade e conseguiron darse á fuga.



XOV 22, 17:15

UN VIVANT QUI PASSE [1999]

Claude Lanzmann

Francia, Alemaña / 65 min. / Documental / Francés

Ficha artística:

Maurice Rossel, Claude Lanzmann.

Ficha técnica:

Guión: Claude Lanzmann.

Fotografía: Dominique Chapuis, William Lubtchanskyv.

Producción: La Sept-Arte / Les Films Aleph / MTM Cineteve.

Sinopse:

O obxectivo de Lanzmann céntrase en Maurice Rossel, oficial suízo da Cruz Vermella que durante a II Guerra Mundial chegou aos campos de Auschwitz e Theresienstadt en visitas coidadosamente manipuladas polos nazis, ata o punto de que o seu informe sobre o trato dispensado aos prisioneiros de guerra foi positivo.

CINEFILIAS



XOV 8, 16:30 | VEN 16, 16:00



ATA TU ARADO A UNA ESTRELLA [2017]

Carmen Guarini

Arxentina / 82 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Fernando Birri, Osvaldo Bayer, Eduardo Galeano, Ernesto Sábato.

Ficha técnica:

Guión: Carmen Guarini.

Fotografía: Martín Gamaler, Carmen Guarini.

Música: Gustavo Pomeranec.

Producción: Carmen Guarini, Marcelo Céspedes.

Sinopse:

No ano 1997 o cineasta arxentino Fernando Birri regresa ao seu país para filmar un documental sobre o 30º aniversario da morte do Che Guevara e a relevancia das utopías naquela altura. Carmen Guarini decidiu rexistrar eses momentos. Unha primeira montaxe deste filme estivo escondida durante vinte anos nun fráxil VHS. Esas imaxes hoxe cobran vida e botan luz sobre a vivencia deste poeta e mestre do cinema latinoamericano, que sempre se resistiu a abandonar as súas propias utopías.

A proposta de Carmen Guarini comeza como un *making of* de *Che: morte da utopía?*, o documental para o que Birri contou co testemuño de xente moi diversa, desde intelectuais como Ernesto Sábato ou Eduardo Galeano, ata obreiros e campestes. Pero non queda só aí, nin moito menos. Guarini recorre a entrevistas e imaxes de arquivo para trazar un sólido retrato dese humanista que foi Fernando Birri, un dos pais do Novo Cinema Latinoamericano.



XOV 8, 17:45 | SAB 10, 17:30 | LUN 12, 17:45



BERGMAN: A YEAR IN A LIFE [2018]

Jane Magnusson

Suecia, Noruega / 117 min. / Documental / Sueco, Inglés, Alemán

Ficha artística:

Elliott Gould, Barbra Streisand, Liv Ullmann, Lars von Trier, Lena Endre.

Ficha técnica:

Guión: Jane Magnusson.

Fotografía: Emil Klang.

Música: Jonas Beckman, Lars Kumlin.

Producción: B-Reel Films.

Sinopse:

A mediados do século XX, produciuse un fenómeno único. Un desgarrado sueco, a piques de cumprir os corenta anos, comezou un período de produción cinematográfica sen precedentes. Entre 1957 e 1963, filmou algúns dos máis grandes clásicos da historia do cinema, produciu varias creacións teatrais para as táboas e a radio, e dirixiu seis filmes para televisión. No mundo do cinema, Ingmar Bergman é un personaxe único e inimitable.



VEN 16, 19:00 | MAR 20, 16:00 | VEN 23, 16:15



HAL [2018]

Amy Scott

Estados Unidos / 90 min. / Documental / Inglés

Ficha artística:

Jane Fonda, Jeff Bridges, Dustin Hoffman, Jon Voight, Rosanna Arquette, Judd Apatow, Adam McKay, Alexander Payne, Beau Bridges, Lee Grant, David O. Russell.

Ficha técnica:

Guión: Amy Scott.

Fotografía: Adam Michael Becker, Jonathon Narducci.

Música: Heather McIntosh.

Sinopse:

Documental que examina a vida e a obra do director Hal Ashby dentro do variable panorama do cinema estadounidense.



LUN 19, 18:00 | MAR 27, 17:45

NEVILLE D'ALMEIDA: CRONISTA DA BELEZA E DO CAOS [2018]

Mario Abbade

Brasil / 106 min. / Documental / Portugués

Ficha artística:

Pedro Aguinaga, Marco Altberg, Cláudio Assis, Joel Barcellos, Luiz Carlos Barreto, Flavio Bauraquei.

Ficha técnica:

Guión: Mario Abbade, Leonardo Luiz Ferreira, Celso Rodrigues Ferreira Jr.

Fotografía: Arthur Sherman, Vinicius Brum.

Son: Arthur Sherman

Producción: Cavideo, Canal Brasil, Abbade Entretenimento.

Sinopse:

A pesar dos moitos éxitos e filmes premiados en festivais, Neville non conseguiu estrear unha longa en circuito comercial desde 1997 até este ano. Xa non existe a censura, mais a persecución nestes últimos vinte anos, segundo Neville, viña por medio do que el chama ditadura das convocatorias. Entre a ironía, a arte e o drama, *Neville D'Almeida: cronista da beleza e do caos* reconstrúe unha parte importante da historia do cinema brasileiro.

- Seleccionado no Festival Internacional de Cine de Róterdam 2018.
- Seleccionado para o festival Es Todo Verdad 2018.
- Premio Impact Docs 2018.
- Premio ao mellor director de documentais internacionais no Festival de Iacarta 2018.



XOV 15, 18:00



O TERMÓMETRO DE GALILEU [2018]

Teresa Villaverde

Portugal / 105 min. / Documental / Portugués, Italiano

Ficha técnica:

Guión e

Fotografía: Teresa Villaverde.

Produción: Alce Filmes.

Sinopse:

"A Italia de hoxe perdeu a capacidade de ver", e pode ser certa a afirmación, pero quedan moitos ollos dispostos a crer, a contar, a filmar, a explicar o que somos.

Como quedará demostrado, *O termómetro de Galileu* é moito máis que un repaso pola filmografía do director de *Piccoli orrori*. Villaverde acompaña a metraxa orixinal das mellores películas de De Bernardi con imaxes da casa de campo onde reside o director coa súa familia; así como extractos do diario persoal deste (lidos en italiano pola propia Villaverde), ou recitacións de poemas de Pier Paolo Pasolini e o soado *Aullido* de Allen Ginsberg. Esta xustaposición de elementos visuais e sonoros compoñen un ensaio poético sobre a admiración e a amizade entre cineastas.



MAR 13, 22:45 | SAB 17, 19:30

THE GREEN FOG [2017]

Guy Maddin, Evan Johnson, Galen Johnson

Estados Unidos / 63 min. / Documental, Experimental / Inglés

Ficha técnica:

Guión: Guy Maddin, Evan Johnson, Galen Johnson.

Música: Jacob Garchik.

Produción: Extra Large Productions.

Sinopse:

A interpretación que fixo o director Guy Maddin do clásico de Alfred Hitchcock, *Vértigo*, realizouse utilizando imaxes de películas antigas e programas de televisión filmados en e ao redor da área de San Francisco.

CINEUROPA
EN NEGRO

O CONTROL TAMÉN É VIOLENCIA



PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO



DOM 25, 20:30

HAMADA [2018]

PREESTREA EN GALICIA

Eloy Domínguez Serén

Suecia, Noruega, Alemaña / 87 min. / Documental / Hassanía

Ficha artística:

Zaara Mohamed Saleh, Sidahmed Salec Labeid, Taher Mulay Zain.

Ficha técnica:

Guión: Eloy Domínguez Serén.

Fotografía: Eloy Domínguez Serén.

Edición: Ana Pfaff e Eloy Domínguez Serén.

Son: Ted Krotkiewski, Thomas Jäger.

Producción: Michael Krotkiewski.

Sinopse:

Con vitalidade e humor, Hamada pinta un retrato inusual dun grupo de amigos que viven nun campamento de refuxiados no medio do deserto pedregoso do Sahara. Xuntos, utilizan o poder da creatividade e xogan para denunciar a realidade que os rodea e expandirse máis alá das fronteiras do campamento.



DOM 18, 21:00

TROTE [2018]

PREESTREA EN GALICIA

Xacio Baño

España, Lituania / 87 min. / Ficción / Galego

Ficha artística:

María Vázquez, Celso Bugallo, Diego Anido, Tamara Canosa.

Ficha técnica:

Guión: Xacio Baño, Diego Ameixeiras.

Fotografía: Lucía C. Pan.

Edición: Álvaro Gago.

Producción: Frida Films / Ciobrelai.

Sinopse:

Filla de, irmá de..., Carme vive nunha aldea das montañas do interior de Galicia xunto ao seu pai Ramón, co que apenas se comunica, e a súa nai enferma. Traballa nunha panadería e necesita escapar dese ambiente opresivo, pero as circunstancias sempre lle impediron dar o paso. Trotar. Fuxir.

Fóra da casa, as bombas que anuncian a festa non se deixan escoitar a través dos cristais.



DOM 11, 18:15

9 FUGAS (WORK IN PROGRESS) [2018]

Fon Cortizo

Galicia / 20 min. / Ficción / Galego

Ficha artística:

María Roja, Olga Cameselle, Ailén Kéndelman, Areta Bolado, Noelia Castro, Marta Pérez, Paco Barreiro.

Ficha técnica:

Guión: Fon Cortizo.

Fotografía: Javier Álvarez.

Dirección musical: Orquestra Fugaz de Improvisación Industrial,

Xavier Núñez Bértolo e David Santos

Producción: Fon Cortizo e Alexandre Cancelo.

Sinopse:

Unha orquestra investiga os sons do pasado que evocan a historia de tres mulleres obrigadas a fuxir. A orquestra improvisa. A súa música ten o poder de evocar historias, de impulsar a fantasía. Cada un dos músicos conta unha das historias a través do seu instrumento. Nove fugas. Nove historias que procuran unha saída.



DOM 25, 17:30

CUNA DE MÚSICOS [2017]

Pablo Vázquez, Denis Carballás

España / 63 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Julián Hernández, Óscar Avendaño, Suso Hidalgo, Miguel Costas, Germán Fandiño, Eladio Santos, Javier Abreu, Nicolás Pastoriza, Mauro Comesaña, Quique Rodríguez, Fran Fernández, Israel Ruíz, Belén Lamas, Toño López, Roy Basanta, Nacho Dafonte, Sergio Martínez.

Ficha técnica:

Guión: Pablo Vázquez y Denis Carballás.

Fotografía: Pablo Vázquez.

Música: Siniestro Total, The Soul Jacket, Eladio y los Seres Queridos, Basanta, Golpes Bajos, Dallasgracias, Presumido, etc.

Producción: Denis Carballás.

Sinopse:

Documental no que músicos e persoas relacionadas co panorama musical reflexionan sobre as últimas catro décadas da escena viguesa. Un percorrido histórico que abrangue desde a Movida dos 80 ata a actualidade, tocando tanto temas locais como globais.



DOM 11, 18:15

EL EQUIPO DE MI BARRIO [2017]

Rafa de los Arcos

España / 56 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Rafa de los Arcos, Miguel Ángel Blanca, Bernat Manzano.

Fotografía: Gris Jordana, Àlex Sans.

Música: Niño y Pistola, Mujeres, A Singer of Songs.

Producción: Bernat Manzano.

Sinopse:

É a industria do espectáculo un monstro que comeu o deporte? Todos os equipos de fútbol e os seus xogadores réxense só polo diñeiro? Todos? Todos non! O U.C. CEARES é un pequeno equipo de barrio de Xixón que resiste autoxestionado, intentando saír adiante co orzamento máis baixo da categoría e enalzando os auténticos valores do fútbol. O seu lema déixao claro: Últimos en diñeiro, primeiros en corazón. Malia isto, non todo é diversión e alegría no Ceares. Ser o equipo máis humilde da categoría tamén provoca unha loita encarnizada contra os elementos para manter a supervivencia. Pero o U.C. Ceares ten algo que os grandes clubs non teñen: o orgullo de saber que o equipo é de todos os que forman parte del. Unha historia de supervivencia nos tempos do fútbol astronómico.

— Premio do público no Festival de Xixón 2017.



VEN 16, 17:30

LA ESTRELLA ERRANTE [2018]

Alberto Gracia

España / 67 min. / Documental, Experimental / Castelán

Ficha artística:

Rober Soler, Nacho Alonso, José Regueiro, J. Manuel Hermelo.

Ficha técnica:

Guión: Alberto Gracia.

Fotografía: Mauro Herce.

Música: Jonay Armas.

Producción: Alberto Gracia, Felipe Lage Coro, José Alayón.

Sinopse:

En 1984 Rober e a súa banda Los Fiambres sacaban o seu primeiro e único LP titulado *El lado oscuro del Rock and Roll*. 30 anos despois Rober viaxa a Vigo para atoparse con Nacho, un amigo fotógrafo. Alí descobre que neste tempo todo cambiou. Nin el nin Vigo parecen estar presentes. Talvez a única saída sexa atopar a Ronnie.



MER 21, 20:15

LA FELICIDAD DE LOS PERROS [2018]

David Hernández

Galicia / 79 min. / Ficción / Galego, Castelán

Ficha artística:

Fran Paredes, Devorah Vukusic, Santi Prego, Isabel Naveira.

Ficha técnica:

Guión: David Hernández, Toni Bascoy.

Fotografía: Neira.

Música: Iván Blanco.

Producción: Alex Penabade, David Hernández, Analía G. Alonso.

Sinopse:

César é un home en paro de 40 anos. Está casado con Sara e teñen unha filla de dous anos. Xa hai tempo que Sara mantén economicamente a familia co seu soldo de perruqueira e trata de apoiar a César para sacalo da súa rutineira vida. Pero algo sucede no interior de César que lle fai cambiar o rumbo da vida.



XOV 22, 18:30

W.M

MATER AMATÍSIMA [2017]

María Ruido

España / 55 min. / Documental, Experimental / Castelán, Alemán, Inglés

Ficha artística:

Rosario Porto, José Luis Gutiérrez Aranguren, José Antonio Vázquez Taín, Benito López de Abajo, Xurxo Melchor.

Ficha técnica:

Guión: María Ruido.

Producción: Beca Multiverso / Fundación BBVA.

Sinopse:

O corpo é un dos territorios fundamentais de control social. Os estados aléntannos á reprodución —dos fillos e do propio modelo familiar—, controlan a nosa fecundidade e os seus produtos, pero paralelamente déixannos soas cos nosos nenos, clausuradas no espazo doméstico, e instadas a que a crianza sexa un asunto estritamente íntimo. A nosa capacidade de construción do mundo e de relacionarmos a través de experiencias social e persoalmente significativas e profundas, está moi limitada nun sistema cada vez máis fragmentado e individualista, de forma que ter descendencia e construír unha familia homologada pode actuar como unha estrutura compensatoria nun contexto sociopolítico que ofrece poucas posibilidades de xerar pegadas significativas.



VEN 16, 21:30

O DESAFÍO DO SIL [2018]

Domingo Díaz

España / 65 min. / Documental / Galego, Castelán

Ficha artística:

Juan García Benítez, Francisco Blanco, Susana Chávarri, Rogelio Díaz, Francisco Delgado, Abilio Mojón, Xoán Carlos Nóvoa, Diotino Pombar, Ricardo Yagüe.

Ficha técnica:

Guión: Domingo Díaz Docampo.
Fotografía: Miguel Ares.
Música: Arturo Kress.
Producción: Domingo Díaz Docampo.

Sinopse:

En 1959, Alejandro do Campo, o novo enxeñeiro responsable dos proxectos de Saltos do Sil, durmía pouco. En xaneiro, a rotura dunha presa de Eléctricas Moncabril arrasara a aldea de Ribadelago na provincia de Zamora. Meses despois, o Sil baixaba cun caudal maior do previsto e as presas de Santo Estevo e San Pedro aínda estaban en construción. O enxeñeiro era consciente do perigo que chegaba en forma de riada. A posibilidade doutra traxedia, agora en Ourense, era real. Mentres Diotino, empregado de Saltos do Sil, traballaba día e noite para mitigar os efectos da riada, os seus veciños agricultores seguían as súas rutinas con normalidade. Non eran conscientes da catástrofe que axexaba. Tampouco da transformación que ían soportar as súas vidas e as comarcas nas que se asentaban as obras.



LUN 26, 19:00

W.M

OS FILLOS DA VIDE [2017]

Ana Domínguez

Galicia / 69 min. / Documental / Galego

Ficha técnica:

Guión: Ana Domínguez.
Fotografía: Ángel Rueda.
Edición: Ana Domínguez, Ángel Rueda.
Producción: Ana Domínguez.

Sinopse:

Regresando ás súas raíces, Ana Domínguez adéntrase nunha viaxe que vai do persoal ao ancestral a través dos ciclos da vida e das estacións, os viñedos, a vendima e o viño. Os ritos, os ritmos da natureza e as tradicións en perigo de extinción, mediante as paisaxes e de quen as habita, debuxan esta mirada na que etnografía e emoción se funden nunha revelación das correntes pagás e míticas das bacanais que son as festas populares, explosións de fertilidade e de vida.



MAR 13, 19:15

PEDRÓN DO FREIXO [2018]

Ángel Cordero Gómez

Galicia / 65 min. / Documental / Galego

Ficha técnica:

Carolina Lorenzo, Alfredo Varela, Pedro Carrete, Cándido Díaz, Tamara Ochoa, Bruno Area, Pablo Santiago, Guillermo Ascanio, Roberto Pita, Delia Cabarcos, Alejandro Rodríguez e Pedro Álvarez (NIMBO dron Coruña), Laura Cotel, Álvaro Bernabeu, Fausto López e Ángel Cordero.
Producción: Campoverde Produccións.

Sinopse:

Pedron (José María Tojeiro Pita), un home da parroquia do Freixo (As Pontes, A Coruña) de 83 anos, relata a súa vida, chea de duras experiencias, na que o traballo a reo, a ausencia de familia e a integración na comunidade son un reflexo do acontecido na súa terra. A través da historia (compendio de tenacidade, supervivencia e bo humor) coñeceremos a esencia do Freixo, unha parroquia chea de vida hai un século, agora camiño do despoboamento.



MAR 20, 18:45

SANTOS #2. WORK IN PROGRESS [2018]

Antón Corbal

España / 75 min. / Documental / Castelán, Inglés, Bérber, Galego

Ficha técnica:

Guión: Antón Corbal, Jacobo Paz.
Fotografía: César Pérez, Alex Gaultier.
Son: Elias Dege, Antón Corbal.
Producción: Antón Corbal.

Sinopse:

Coa súa *opera prima* Oliver Laxe gaña o Premio FIPRESCI en Cannes e vaise a vivir ás montañas de Marrocos. Despois de cinco anos afondando no seu coñecemento do sufismo, regresa a Vilela, a aldea abandonada dos seus avós, para renovar a casa da familia e capturar a contorna nunha película de 16 mm, creando *Santos #2. Work in Progress* é un documental etnográfico que viaxa a través do mundo creativo dun cineasta durante o proceso de filmación e edición dunha película inacabada.

Na súa *opera prima*, Corbal entrelaza dúas realidades utilizando o cineasta Oliver Laxe como ponte entre o retiro espiritual e o mundo secular, como unha transición entre as montañas do Anti-Atlas e dos Ancares. *Work in Progress* traballa así a dous niveis, como documento metacinematográfico e como unha película que toma forma nalgún lugar entre a espiritualidade e a súa ausencia.



VEN 23, 21:30

SEVILLA Y GOMORRA [2018]

Ángel Filgueira

España / 60 min. / Documental / Castelán

Ficha artística:

Juan Vitalista, Cagnier, Alexis Ivanovich, Alexis Red, Juanma Ganapié, Edu Gala.

Ficha técnica:

Edición: Ángel Filgueira.
Posproducción de cor: Iria Silvosa.
Posproducción de son: Víctor Rivas.
Producción: Ángel Filgueira & Sétima.

Sinopse:

Sevilla. Uns amigos falan, chancean, beben e reflexionan. A noite en Sevilla, unha festa densa, de rúas frías e laranxas. A visión ebria dun presente atrancado. E esa noite que non acaba.

MiiC²

2ª Edición

Mostra internacional ilustración Contemporánea

Sede Afundación Santiago
4 decembro '18 // 9 marzo '19

Horario 12.00 a 14.00 e 17.00 a 21.00 h
Entrada de balde // Pechado os días 24, 25,
31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro.

//Afundación
Obra Social ABANCA



100 ANOS DE CINE ROMANÉS



MAR 27, 22:15

CEL MAI IUBIT DINTRE PĂMÂNTENI / O FILLO MÁIS AMADO DA TERRA [1993]

Șerban Marinescu

Romanía / 138 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Ștefan Iordache, Gheorghe Dinică, Maia Morgenstern, Victor Rebengiuc, George Constantin.

Ficha técnica:

Guión: Șerban Marinescu.
Fotografía: Călin Ghibu.
Música: Dan Stefanica.
Edición: Nita Chivulescu.

Sinopse:

A película é a adaptación cinematográfica da novela homónima de Marin Preda, un escritor controvertido que morreu durante o réxime comunista pouco despois da publicación deste libro. Petrini, filósofo de profesión, é detido pola Securitate (a policía do réxime) na súa tranquila residencia e sometido a unha investigación por culpa dunha carta interceptada que un dos seus antigos compañeiros de facultade remataba cunha broma parva, habitual entre eles: “agardo ordes”. A experiencia de estar preso e, máis tarde, encerrado entre os muros igual de herméticos da “liberdade” amplían o horizonte filosófico do heroe.



DOM 18, 17:45

DINCOLO DE NISIPURI / MÁIS ALÁ DAS AREAS [1975]

Radu Gabrea

Romanía / 104 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Dan Nuțu, Emil Botta, Gina Patrichi.

Ficha técnica:

Guión: Fănuș Neagu.
Fotografía: Dinu Tănase.
Música: Iosif Conta.
Edición: Yolanda Mintulescu.

Sinopse:

Adaptación cinematográfica de dúas obras de Fănuș Neagu (Îngerul a strigat e Dincolo de nisipuri). A película é un drama que segue o percorrido dunha familia campesiña, forzada a mudarse á rexión de Dobruja. Polo camiño, un dos personaxes, Neculai Mohreanu, sospeitoso de estar implicado en revoltas sociais, é arrestado e, cando intenta fuxir, dispáranlle. Sete anos máis tarde, obsesionado pola morte do pai, o seu fillo, Ion Mohreanu, decide vingarse e volve ao lugar, onde atopa un mundo totalmente distinto e confuso.



DOM 18, 19:15

FELIX SI OTILIA / FELIX E OTILIA [1972]

Iulian Mihu

Romanía / 120 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Julietta Szönyi, Radu Boruzescu, Gheorghe Dinică, Hermann Chrodower.

Ficha técnica:

Guión: George Călinescu (autor) e Ioan Grigorescu.
Fotografía: Alexandru Întorsureanu, Gheorghe Fischer.
Edición: Lucia Anton.
Producción: Studioul Cinematografic Bucuresti.

Sinopse:

Adaptación cinematográfica da novela homónima do escritor e crítico literario romanés G. Călinescu. A película conta a historia dun amor imposible entre Félix, que chega á capital para estudar, e Otilia, a sobriña do seu anfitrión en Bucarest, Costache Giurgiuveanu, un estraño personaxe que se atopa de xeito evidente en pleno proceso de decrepitude biolóxica e social. A ambición deste por recuperar posicións no terreo social ofrecendo a man de Otilia a un próspero burgués, produce gran sufrimento sentimental en Félix, que intenta entender o “enigma” escondido no novo destino de Otilia.

— Película seleccionada na sección Venezia 33 do Festival de Venecia 1972.

— Mellor actor nos premios da Unión de Cineastas Romaneses.



LUN 19, 22:00

HOTEL DE LUX [1992]

Dan Pița

Romanía / 105 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Irina Petrescu, Ștefan Iordache, Clara Vodă, Constantin Cotimanis.

Ficha técnica:

Guión: Dan Pița.
Fotografía: Călin Ghibu.
Edición: Cristina Ionescu.
Producción: Parnasse Production / Romania Film / Solaris Films.

Sinopse:

Un novo e ambicioso xefe de sala intenta renovar o ambiente do restaurante dun hotel de luxo. Inexplicablemente, a súa iniciativa provoca o rexeitamento dalgúns superiores. Ao penetrar na profundidade das relacións entre aqueles que dirixen o complexo e quen executa as súas ordes, sae á luz unha pérfida armazón de mentiras que impiden a evolución dunha vida normal e próspera.

— León de Prata no Festival Internacional de Cine de Venecia 1992.



VEN 16, 20:00

INDEPENDENTA ROMÂNIEI / A GUERRA DA INDEPENDENCIA [1912]

Aristide Demetriade, Grigore Brezeanu

Romanía / 90 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:
Constantin Nottara, Aurel Athanasescu, Aristide Demetriade.

Ficha técnica:
Guión: Petre Liciu, Constantin Nottara, Grigore Brezeanu.
Fotografía: Franck Daniau.
Edición: Aristide Demetriade.
Producción: Leon Popescu.

Sinopse:
Esta película conmemorou —en 1912— o 35º aniversario da soberanía nacional romanesa, como consecuencia da guerra entre Rusia e Turquía, saldada coa derrota nos Balcáns do temido Imperio otomán. Ao final da cinta aparece o desfile do 10 de maio de 1912 (gravación de actualidade naquel momento) e é a primeira longametraxe de ficción romanesa.



Proxección acompañamento musical en vivo da pianista Mihaela Duma.

Madrileña de raíces romanesas, graduouse en piano performance en Musikene (Escola Superior de Música do País Vasco), foi nomeada aos Premios Novo Talento da Comunidade de Madrid no 2016 e actualmente é semifinalista en Romania's Got Talent. Actuou en festivais por todo o territorio estatal, pasando por Santiago de Compostela, Sevilla, Bilbao, Barcelona ou Madrid.

Unha das prácticas habituais do músico no século XIX era improvisar. Logo de ver a proxección, a pianista percibe ideas que se plasmarán a través da música que acompañará a película. Non é unha música escrita e tampouco estudada, trátase dunha creación en tempo real xunto ao público da sala. Con iso, Mihaela desenvolve con naturalidade a súa faceta como improvisadora, inspirada por outros pianistas, como Gabriela Montero ou Josep Colom.



SAB 17, 16:00

LA 'MOARA CU NOROC' / O MUÍÑO DA FORTUNA [1957]

Victor Iliu

Romanía / 110 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:
Ioana Bulcă, Constantin Codrescu, Geo Barton.

Ficha técnica:
Guión: Titus Popovici, Alexandru Struțeanu.
Fotografía: Ovidiu Gologan.
Edición: Emanuela Libros.
Producción: Studioul Cinematografic Bucuresti.

Sinopse:
Ao redor de 1870, Ghiță, o encargado dunha pousada illada nos arredores da cidade de Arad, desesperado polo diñeiro, mestúrase en asuntos turbios con Să mărăou. A súa cobiza ameazará pronto con destruír a súa vida e a da súa familia. Drama psicolóxico baseado no relato O muíño afortunado de *Ivan Slavici, un clásico da literatura romanesa*.

— Candidata á Palma de Ouro no Festival Internacional de Cine de Cannes, 1957.



SAB 17, 17:30

W.M

MAMA [1976]

Elisabeta Bostan

Romanía, Unión Soviética, Francia / 83 min. / Ficción / Romanés, Ruso, Inglés

Ficha artística:
Mikhail Boyarskiy, George Mihăiță, Lyudmila Gurchenko.

Ficha técnica:
Guión: Vasile Istrate.
Fotografía: Konstantin Petricenko.
Edición: Cristina Ionescu.
Música: Gerard Burgeois, Temistocle Popa.

Sinopse:
A película está baseada nos contos *Os sete cabritiños* e *o lobo*, dos irmáns Grimm, e *A cabra e os tres cabritiños* escrito polo autor romanes lon Creangă. Unha nai vai facer a compra e deixa os seus fillos sós na casa, tras insistir en que non abran a porta a ninguén. A pesar diso, o astuto lobo entra na casa, rapta os nenos e pide un rescate.



LUN 19, 21:00

MARFA ȘI BANII / A MERCÂNCIA E A PASTA [2001]

Cristi Puiu

Romania / 90 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Dragoș Bucur, Ioana Flora, Alexandru Papadopol.

Ficha técnica:

Guión: Cristi Puiu, Răzvan Rădulescu.

Fotografía: Silviu Stăvilă.

Edición: Ines Barbu.

Producción: Mandragora.

Sinopse:

Considerada con razón unha das películas-estandarte do “Novo cinema romanés”, tan presente hoxe en día nos cinemas europeos e do outro lado do océano, *A mercancia e a pasta* é unha road-movie cuxa narración se alimenta da dolorosa e alambicada transacción económica e política que sufriu Romanía na década inmediatamente posterior aos feitos de 1989.

— Candidata ao Gran Premio da Semana da Crítica en Cannes 2001.



LUN 19, 17:30

MIHAI VITEAZUL / A ÚLTIMA CRUZADA [1970]

Sergiu Nicolaescu

Romania / 203 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Olga Tudorache, Irina Gărdescu, Amza Pellea, Florin Piersic.

Ficha técnica:

Guión: Titus Popovici.

Fotografía: Ovidiu Gologan.

Edición: Yolanda Mintulescu, Dan Naum.

Producción: Filmstudio Bucuresti.

Sinopse:

Película histórica en dúas partes, dedicada ao príncipe que conseguiu unir en 1600 as tres provincias romanesas (Muntenia, Transilvania e Moldavia). Figura emblemática para os romaneses, Miguel o Valente adquiriu a inmortalidade na visión de Sergiu Nicolaescu.

A película ten de todo: grandiosas escenas de loita, intrigas políticas, traizóns infames, dramas familiares e, sobre todo, a interpretación dun dos mellores actores romaneses de todos os tempos, Amza Pellea.



MER 21, 17:30

MOROMEȚII / A FAMILIA MOROMETE [1987]

Stere Gulea

Romania / 142 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Luminița Gheorghiu, Victor Rebengiuc, Gina Patrichi.

Ficha técnica:

Guión: Stere Gulea.

Fotografía: Vivi Drăgan-Vasile.

Música: Cornelia Tautu.

Edición: Mircea Ciocâltei.

Sinopse:

O período de entreguerras situou Romanía na esfera dun evidente proceso de industrialización e modernización urbanística. A pesar diso, o campo continuou sendo o centro da sociedade. A película contempla como se desfai unha familia campesiña tradicional. O intento autoritario e desesperado do cabeza de familia, Ilie Moromete, de conservar esta realidade, fracasa. Con Ilie Moromete desaparece un prototipo social representativo durante séculos da sociedade romanesa. De feito, desaparece unha identidade que non volveu ser substituída.



MAR 27, 19:45

OCCIDENT / OCCIDENTE [2002]

Cristian Mungiu

Romania / 105 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Tania Popa, Alexandru Papadopol, Coca Bloos, Dorel Vișan.

Ficha técnica:

Guión: Cristian Mungiu.

Fotografía: Vivi Drăgan-Vasile.

Edición: Nita Chivulescu.

Producción: Hubert Bals Fund / McCann Advertising / Temple Film.

Sinopse:

Occidente sitúanos no contexto da migración romanesa a Europa Occidental. Divídese en tres partes que se mesturan entre si: unha parella que non atopa nin traballo nin vivenda e decide emigrar; unha nai, cuxa filla foi plantada no altar e quere que a moza case cun home de boa posición, aínda que para iso teña que emigrar; e un coronel da policía que recibe a visita dun mozo que emigrara a Alemaña máis dunha década antes.

— Candidata aos Premios Cámara de Ouro e CICA en Cannes 2002.



SAB 17, 20:00

RECONSTITUIREA / A RECONSTRUCCIÓN [1968]

Lucian Pintilie

Romanía / 100 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

George Mihăiță, Vladimir Găitan, George Constantin, Emil Botta, Ernest Maftei, Ileana Popovici, Nicolae Wolcz.

Ficha técnica:

Guión: Lucian Pintilie, Horia Pătrașcu.

Fotografía: Sergiu Huzum.

Edición: Eugenia Naghi.

Producción: Filmstudio Bucuresti.

Sinopse:

Dous mozos estudantes que celebran a súa graduación cunha gran bebedeira, atacan o propietario do bar e peléxanse. Uns días despois, volven ao lugar dos feitos cun axente de policía, un xuíz, un profesor e un equipo de gravación. O xuíz decide que, en lugar de ir ao cárcere, reconstrúan os feitos para a gravación dun documental contra o alcolismo. A película estivo prohibida en Romanía desde pouco despois da súa estrea ata a caída do réxime comunista e non volveu ás salas ata 1990. *A reconstrucción*, da autoría do recentemente falecido Lucian Pintilie, ocupa o primeiro lugar na lista das dez mellores películas romanesas de todos os tempos, realizada en 2008 pola Asociación de Críticos de Cinema de Romanía.

— Seleccionada para a Quincena de Realizadores en Cannes 1970.



XOV 22, 21:45

RESTUL E TĂCERE / O RESTO É SILENCIO [2007]

Nae Caranfil

Romanía / 140 min. / Ficción / Romanés, Francés, Alemán

Ficha artística:

Marius Florea Vizante, Mirela Zeța, Ovidiu Niculescu.

Ficha técnica:

Guión: Nae Caranfil. Fotografía: Marius Panduru. Edición: Dan Nanoveanu. Producción: Domino Film.

Sinopse:

Ambientada nas primeiras décadas do século XX, a película conta a historia de Grig, fillo dunha estrela do Teatro Nacional, que está a piques de cometer un pecado imperdoable a ollos do seu pai: dirixir unha película de cinema! Soña con realizar o filme máis grandioso e longo de todos os tempos, a reconstrución fiel da guerra contra os turcos coa que Romanía conseguira a súa independencia 35 anos antes. Leon, un terratenente local tocado por delirios mesiánicos e autoproclamado patrón das artes, convértese no financiador de todo o asunto. Pero poderá Gaumonde, a compañía francesa que controla o mercado cinematográfico en case toda Europa, aceptar a competición cunha produción independente de tal amplitude? E, en caso afirmativo, obterá Grig, a través desta vitoria, o respecto do seu pai? Unha historia (en gran parte) verdadeira, que ten como punto de partida a primeira longametraxe romanesa, *A Guerra da Independencia* (1912).

— A produción obtivo en 2009 nove premios Gopo (os Goyas romaneses), entre eles, o Gopo á mellor película, ao mellor guión e á mellor fotografía.



MAR 20, 17:30

SCURTĂ ISTORIE / UNHA HISTORIA CURTA [1957]

Ion Popescu-Gopo

Romanía / 9 min. / Animación / Romanés

Ficha técnica:

Guión: Ion Popescu-Gopo.

Producción: Est/Ouest Distribution.

Sinopse:

Considerado nun momento dado o Disney romanés, Ion Popescu-Gopo afirmou como líder da animación europea da segunda metade do século XX. Este feito certificouse co premio que obtivo *Scurtă istorie* en Cannes en 1957, unha película que non temía sacar á luz ideas políticas subversivas nun clima marcado pola morte de Stalin, polo “aborto” da Conferencia de Xenebra e polo fortalecemento do Pano de Aceiro que separaba Europa. Para facer dixerible esta mensaxe, Gopo recorre ao humor presente en todas as súas películas de animación ou de ficción artística.

— Palma de Ouro á mellor curtametraxe en Cannes 1957.



MAR 20, 17:30

SECVENȚE / SECUENCIAS [1982]

Alexandru Tatos

Romanía / 98 min. / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Ion Vilcu, Geo Barton, Mircea Diaconu, Luminița Gheorghiu.

Ficha técnica:

Guión: Alexandru Tatos.

Fotografía: Florin Mihăilescu.

Edición: Iulia Vincenz.

Producción: Romania Film.

Sinopse:

A película está composta por tres episodios independentes que teñen como vínculo o equipo de rodaxe, a atmosfera e os problemas específicos da realización dunha película. Tanto no estudio como fóra del, a vida dos membros do equipo de rodaxe confróntase coa dos personaxes, xerando en ocasións situacións similares, noutras, discrepantes. A soidade do mozo do primeiro episodio refléctese na soidade do director. O drama conxugal do director do restaurante, no segundo episodio, esperta no equipo unha compaixón divertida e evidentemente condescendente. E, ao final, o enfrontamento entre os dous figurantes e antigos adversarios toma unha inesperada carga trágica.

ESCÁNDALO: CINEMA SEN LEI NIN MORDAZAS



MER 28, 16:00

7 DÍAS DE ENERO [1979]

Juan Antonio Bardem

España, Francia / 128 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Manuel Egea, Fernando Sánchez Polack, Virginia Mataix, José Manuel Cervino, Madeleine Robinson, Alberto Alonso.

Ficha técnica:

Guión: Juan Antonio Bardem, Gregorio Morán.

Fotografía: Leopoldo Villaseñor.

Música: Nicolas Peyrac.

Producción: Les Films des deux mondes / Goya Producciones Cinematográficas S.A.

Sinopse:

Reconstrución dos tráxicos acontecementos ocorridos en España no mes de xaneiro de 1977: o atentado dun grupo de ultradereita contra un despacho de avogados da rúa de Atocha, vinculados ao Partido Comunista, no que morreron catro letrados e un administrativo e quedaron malferidos outros catro avogados. A matanza foi reivindicada pola Tripla A (Alianza Apostólica Anticomunista) e foi o suceso máis grave ocorrido durante a Transición.



MAR 27, 00:00

A CLOCKWORK ORANGE / A LARANXA MECÁNICA [1971]

Stanley Kubrick

Reino Unido, Estados Unidos / 137 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Malcolm McDowell, Patrick Magee, Michael Bates, Adrienne Corri, Warren Clarke, John Clive, Aubrey Morris.

Ficha técnica:

Guión: Stanley Kubrick (Novela: Anthony Burgess).

Fotografía: John Alcott.

Música: Wendy Carlos.

Producción: Warner Bros. / Hawk Films.

Sinopse:

Gran Bretaña, nun futuro indeterminado. Alex é un mozo moi agresivo que ten dúas paixóns: a violencia desaforada e Beethoven. É o xefe da banda dos drugos, que dan renda solta aos seus instintos máis salvaxes mallando, violando e aterrorizando a poboación. Cando esa escalada de terror chega ata o asasinato, Alex é detido e, en prisión, someterase voluntariamente a unha innovadora experiencia de reeducación que busca anular calquera indicio de conduta antisocial.

— Premio Pasinetti á mellor longametraxe estranxeira no Festival de Venecia 1972.



SAB 24, 18:00

À L'AVENTURE [2008]

Jean-Claude Brisseau

Francia / 104 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Carole Brana, Arnaud Binard, Nadia Chibani, Lise Bellynck, Etienne Chicot, Estelle Galarne, Frédéric Aspisi, Jocelyn Quivrin, Michèle Larue.

Ficha técnica:

Guión: Jean-Claude Brisseau.

Fotografía: Wilfrid Sempé.

Música: Jean Musy.

Producción: Moby Dick Films / La Sorcière Rouge / Soficinéma 3.

Sinopse:

Sandrine, farta do seu estilo de vida actual e sexualmente insatisfeita co seu mozo Fred, decide buscar unha nova forma de vida. Animada pola súa amiga Sophie, quen lle conta as súas experiencias sexuais, atopará novos praceres e novas sensacións, xa sexan físicas ou espirituais.



VEN 23, 21:00



À MA SOEUR / FAT GIRL [2001]

Catherine Breillat

Francia, Italia / 83 min. / Ficción / Francés, Italiano, Inglés

Ficha artística:

Anaïs Reboux, Roxane Mesquida, Libero de Rienzo, Arsinee Khanjian, Romain Goupil, Laura Betti, Albert Goldberg.

Ficha técnica:

Guión: Catherine Breillat.

Fotografía: Yorgos Arvanitis.

Música: Jean-Paul Jamot, Fabrice Nguyen Thai.

Producción: Flach Film / CB Films / Arte France Cinema / Imagine, Cinema / Urania Pictures.

Sinopse:

Anaïs, unha rapariga de doce anos, séntese acomplexada polo seu peso. Agochada na sombra ou abandonada á súa sorte, enfróntase soa ao seu sufrimento. É o verán e toca gozar do mar, das vacacións en familia e da aprendizaxe do primeiro amor. Pero Anaïs terá que levar a cabo esta aprendizaxe observando á súa irmá maior.

— Hugo de Ouro á mellor película no Festival de Chicago 2001.

— Premio Manfred Salzgeber na Berlinale 2001.



DOM 11, 16:00



AL DI LÀ DEL BENE E DEL MALE / MÁS ALÁ DO BEN E DO MAL [1977]

Liliana Cavani

Italia, Francia, Alemaña Occidental (RFA) / 127 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Dominique Sanda, Erland Josephson, Robert Powell, Virna Lisi, Michael Degen, Elisa Cegani, Umberto Orsini.

Ficha técnica:

Guión: Liliana Cavani, Franco Arcalli, Italo Moscati.

Fotografía: Armando Nannuzzi.

Música: Daniele Paris.

Produción: Silvio Clementelli, Esa De Simone, Robert Gordon Edwards.

Sinopse:

Filme baseado nalgunhas pasaxes supostamente biográficas do filósofo alemán Friedrich Nietzsche. Céntrase sobre todo no triángulo amoroso entre o filósofo, a estimulante Lou Andreas Salomé e o psicólogo Paul Rée. Nietzsche, incapaz de levar unha vida exenta de regras como a de Lou, e aborrecido da súa hipócrita educación burguesa, acaba enlouquecendo.



VEN 23, 17:30

ALONDRAS EN EL ALAMBRE / COTOVÍAS NO ARAME [1969]

Jiří Menzel

Checoslovaquia / 94 min. / Ficción / Checo

Ficha artística:

Václav Neckár, Jitka Zelenohorská, Rudolf Hrušínský, Jaroslav Satoranský, Vlastimil Brodský, Ferdinand Kruta, Frantisek Rehák, Leos Sucharipa, Vladimír Ptáček.

Ficha técnica:

Guión: Jiri Menzel (Novela: Bohumil Hrabal).

Fotografía: Jaromír Šofr.

Música: Jiri Sust.

Produción: Filmové Studio Barrandov.

Sinopse:

Na cidade de Kladno, durante a era comunista, un pequeno grupo de operarios forzosos recicla pezas antigas de metal para convertelas en pezas novas de máquinas e tractores. O grupo, composto por un profesor de filosofía, un fiscal que ousa reivindicar o dereito dos condenados a defendérense, un músico consagrado a un instrumento tan burgués coma o saxo e un cocineiro que se nega a traballar os sábados por motivos relixiosos, fai os seus labores á vez que observa como no extremo oposto do campo hai varias mulleres tamén condenadas a traballos forzosos por intentar escapar do país. Entre estes dous núcleos, irremediabilmente atraídos, están os gardas, que intentan evitar calquera tipo de contacto entre ambos.

— Oso de Ouro e FIPRESCI no Festival de Cine de Berlín 1990.



LUN 12, 16:00

AMADOR [1966]

Francisco Regueiro

España, Francia / 93 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Maurice Ronet, Amparo Soler Leal, Elsa Zabala, Margarita Lozano, María Luisa Ponte.

Ficha técnica:

Guión: Francisco Regueiro, Manuel López Yubero, Jacques Lagneau, Angelino Fons (Historia: Francisco Regueiro).

Fotografía: Francisco Sempere.

Música: Daniel White.

Produción: Jet Films / Champs Elysées Productions.

Sinopse:

Tras asasinar á súa noiva, Amador deixa Madrid, onde vivía coa súa tía, e vai a Guadalaxara coa súa familia. Pero, como non a soporta, marcha a Torremolinos, onde se ve implicado na morte dunha estranxeira. Alí tamén coñecerá unha moza de Madrid.



XOV 22, 18:45

BLONDE VENUS / A VENUS LOURA [1932]

Josef von Sternberg

Estados Unidos / 93 min. / Ficción / Inglés, Alemán, Francés

Ficha artística:

Marlene Dietrich, Herbert Marshall, Cary Grant, Dickie Moore, Gene Morgan, Rita La Roy.

Ficha técnica:

Guión: Jules Furthman, S.K. Lauren.

Fotografía: Bert Glennon.

Música: W. Franke Harling, John Leipold, Paul Marquardt, Oscar Potoker.

Produción: Paramount Pictures.

Sinopse:

Helen é unha cantante de cabaré que decide abandonar a súa profesión para contraer matrimonio con Edward Faraday, un científico entregado ao seu traballo cuxa situación económica non é moi boiante. Durante unha viaxe a Alemaña, Edward contrae unha grave enfermidade, debido ás súas investigacións, e vese obrigado a seguir un custoso tratamento. Para sufragar os gastos, Helen volve ao seu antigo traballo.



MAR 13, 19:00

CAMBIO DE SEXO [1977]

Vicente Aranda

España / 113 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Victoria Abril, Lou Castel, Bibiana Fernández, Fernando Sancho, Mario Gas, Rafaela Aparicio, Joan Borrás, José Castillo.

Ficha técnica:

Guión: Joaquín Jordá, Vicente Aranda (Historia: Carlos Durán).

Fotografía: Néstor Almendros.

Música: Ricard Miralles.

Producción: Impala / Morgana Films.

Sinopse:

José María, un mozo de 16 anos, séntese muller nun corpo de home. Axuda no negocio familiar, un pequeno hotel nunha poboación próxima a Barcelona. Con todo, non encaixa na súa contorna. A súa irmá é a súa auténtica confidente, a única persoa a que lle pode contar todo o que lle acontece. Tampouco no instituto se sente feliz debido ao desprezo dos seus compañeiros.



MAR 20, 15:30

CAUDILLO [1977]

Basilio Martín Patino

España / 104 min. / Documental / Castelán, Catalán

Ficha técnica:

Guión: Basilio Martín Patino, José Luis García Sánchez.

Fotografía: Alfredo F. Mayo.

Edición: José Luis Peláez.

Sinopse:

Un espléndido documento para a mellor comprensión da figura do ditador. O filme desenvólvese entre os anos 1926 e 1939, é dicir, entre o momento en que Franco comeza a súa espectacular ascensión militar durante a guerra de África, e o ano en que se celebra o primeiro desfile da vitoria. Martín Patino analiza aquí, mediante un abondoso material de arquivo inédito, unha serie de importantes sucesos e actitudes persoais que configurarían o réxime autoritario.



DOM 25, 17:00

CHOSSES SECRÈTES / PAIXÓNS SEGREDAS [2002]

Jean-Claude Brisseau

Francia / 115 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Coralie Revel, Sabrina Seyvecou, Roger Mirmont, Fabrice Deville, Blandine Bury, Olivier Soler.

Ficha técnica:

Guión: Jean-Claude Brisseau.

Fotografía: Wilfrid Sempé.

Música: Julien Civange.

Producción: La Sorcière Rouge.

Sinopse:

Unha noite, ao rematar a súa quenda, Sandrine é despedida do local de *striptease* onde traballaba como camareira, xusto no mesmo momento no que tamén despiden a Nathalie, unha das *stripper*. As dúas mozas non tardan en conxeniar e Nathalie, de natureza máis cobizosa, ensinará á cálida Sandrine a utilizar a súa sexualidade para obter todo o que se lle antolle. Para probar a súa teoría, Nathalie fará que ambas as dúas sexan contratadas pola empresa onde traballa Christophe, a quen pretenden conquistar.



DOM 18, 16:00

CLEOPATRA [1934]

Cecil B. DeMille

Estados Unidos / 101 min. / Ficción / Inglés

Ficha técnica:

Guión: Waldemar Young, Vincent Lawrence.

Fotografía: Victor Milner.

Música: Rudolph Kopp.

Producción: Paramount Pictures.

Sinopse:

No ano 48 a.C., Cleopatra dá a benvinda a Xulio César. A chegada do mandatario romano mellorará a súa posición, á vez que a de César. Cando este morre, Cleopatra sentirase atraída por Marco Antonio. O seu romance será unha fonte inesgotable de problemas.

— Oscar á mellor fotografía.



DOM 18, 19:00

CONDUCTA IMPROPIA [1984]

Néstor Almendros, Orlando Jiménez Leal

Francia / 112 min. / Documental / Castelán, Francés, Inglés

Ficha artística:

Lorenzo Monreal, Luis Lazo, Rafael de Palet, Jorge Lago, Reinaldo Arenas, Guillermo Cabrera Infante, Caracol, Fidel Castro, Carlos Franqui, Martha Frayde, Juan Goytisolo, Hernero Padilla, Susan Sontag.

Ficha técnica:

Guión: Néstor Almendros, Orlando Jiménez Leal.
Fotografía: Dominique Merlin.
Producción: Antenne-2 / Les Films du Losange.

Sinopse:

Este documental de Néstor Almendros e Orlando Jiménez Leal trata sobre a persecución da que foron vítimas os homosexuais e intelectuais na Cuba castrista desde os inicios da Revolución Cubana ata os primeiros anos da década dos 80. Contén entrevistas a personalidades relevantes da cultura cubana e demostra a existencia de campos de concentración para gais na Cuba de Castro.



MER 28, 20:15

CRASH [1996]

David Cronenberg

Canadá, Reino Unido / 95 min. / Ficción / Inglés, Sueco

Ficha artística:

James Spader, Holly Hunter, Elias Koteas, Deborah Kara Unger, Rosanna Arquette, Peter MacNeill, Yolande Julian.

Ficha técnica:

Guión: David Cronenberg (Novela: J.G. Ballard).
Fotografía: Peter Suschitzky.
Música: Howard Shore.
Producción: Alliance Communications Corporation / Recorded Picture Company (RPC) / Movie Network / The (TMN) / Téléfilm Canada.

Sinopse:

Unha noite, James Ballard estrea o seu coche contra o de Helen e ambos son ingresados nun hospital. O sorprendente é que inmediatamente despois do choque os dous experimentan unha estraña atracción mutua. A partir dese momento, a vida de James precipitárase cara a un mundo escuro e prohibido, dominado polo perigo, o sexo e a morte.

— Premio especial do xurado en Cannes 1996.



DOM 18, 17:00

CRUISING / Á CAZA [1980]

William Friedkin

Estados Unidos / 102 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Al Pacino, Paul Sorvino, Karen Allen, Richard Cox, Joe Spinell, Don Scardino, Powers Boothe, James Remar, Ed O'Neill.

Ficha técnica:

Guión: William Friedkin.
Fotografía: James A. Contner.
Música: Jack Nitzsche.
Producción: Lorimar / CIP - Europäische Treuhand AG.

Sinopse:

Un detective de policía, Steve Burns, infiltra-se no ambiente gai da cidade de Nova York para atrapar a un asasino en serie que mata homosexuais tras practicar xogos sadomasoquistas con eles. O asasino contacta coas súas vítimas en locais habituais de encontro sexual, polo que Burns debe aprender os códigos de conduta que reñen este tipo de garitos para pasar desapercibido e así conseguir información que o leve a descubrir o responsable dos asasinatos.



XOV 22, 20:00

EGON SCHIELE - EXZESSE [1980]

Herbert Vesely

Alemaña Occidental (RFA), Francia, Austria / 95 min. / Ficción / Alemán

Ficha artística:

Mathieu Carrière, Jane Birkin, Christine Kaufmann, Kristina Van Eyck, Karina Fallenstein, Ramona Leib, Marcel Ophüls, Robert Dietl, Dany Mann, Guido Wieland.

Ficha técnica:

Guión: Leo Tichat, Herbert Vesely.
Fotografía: Rudolf Blahacek.
Música: Brian Eno.
Producción: Cinéproduction / Dieter Geissler Filmproduktion / Gamma Film / Profinanz Filmproduktion / V-Film Herbert Vesely.

Sinopse:

Ao redor de 1912, Egon Schiele, un dos grandes referentes do expresionismo austríaco, e a súa amante e musa artística Wally, fanse amigos dunha adolescente obsesionada co pintor que foxe da casa para atoparse con el. Posteriormente, o artista é detido por comportamento sexual inapropiado con mulleres menores. A moza acusa falsamente a Schiele e, aínda que el nega a acusación, vai á cadea.



DOM 11, 22:15

EKSTASE / ÉXTASE [1933]

Gustav Machaty

República Checa, Austria / 73 min. / Ficción / Alemán

Ficha artística:

Hedy Lamarr, Aribert Mog, Zvonimir Rogoz, Leopold Kramer, Jirina Steimarová, Jan Sviták, André Nox, Eduard Slégl, Pierre Nay.

Ficha técnica:

Guión: Gustav Machaty, Frantisek Horký, Jacques A. Koerpel (Libro: Robert Horky).

Fotografía: Hans Androschin, Jan Stallich, Gerhard Huttula.

Música: Giuseppe Becce.

Producción: Elektafilm / Televentures.

Sinopse:

Tras casar co seu marido, un vello cabaleiro, Eva descobre que este está obsesionado coa orde e a tranquilidade, deixando pouco tempo á paixón e ao romanticismo que ela esperaba. Desanimada, abandonará o seu marido e regresará co seu pai. Un día, mentres nada no lago coñece un mozo do que se namora.

— Mellor director no Festival de Cine de Venecia 1934.



XOV 8, 16:00



EL CRIMEN DE CUENCA [1980]

Pilar Miró

España / 93 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Amparo Soler Leal, Héctor Alterio, Fernando Rey, Daniel Dicenta, José Manuel Cervino, Mary Carrillo, Assumpta Serna, Nicolás Dueñas, Guillermo Montesinos.

Ficha técnica:

Guión: Salvador Maldonado, Pilar Miró (Idea orixinal: Juan Antonio Porto).

Fotografía: Hans Burmann.

Música: Antón García Abril.

Producción: Incine / Jet Films.

Sinopse:

En 1913, Gregorio Valero Contreras e León Sánchez Gascón, amigos e veciños de Osa de la Vega (Cuenca) son detidos como autores da morte de José María Grimaldos López, pastor de oficio e compañeiro dos anteriores. A xente acúsao do asasinato e mesmo a muller de Gregorio xunta probas contra eles. Os dous homes confesan o crime tras seren sometidos a torturas. Son xulgados en 1918 na Audiencia Provincial de Cuenca que, tras modificar a petición de pena capital, condénaos a dezaioito anos de cárcere.



VEN 23, 19:15

EL ENCARGO DEL CAZADOR [1990]

Joaquim Jordà

España / 90 min. / Documental / Catalán, Castelán

Ficha artística:

Ricardo Bofill, Jacinto Esteva, Luis García Berlanga, Pere Portabella, Ariadna Gil, Terenci Moix, Francisco Rabal

Ficha técnica:

Guión: Joaquim Jordà.

Fotografía: Carles Gusi.

Producción: Institut del Cinema Català / Televisión Española (TVE).

Sinopse:

Reconstrución da vida e da obra de Jacinto Esteva, arquitecto, pintor e aventureiro, a través das lembranzas da súa filla e amigos. As súas palabras permiten tamén observar unha visión panorámica da Barcelona dos anos sesenta.



DOM 11, 18:00

EL EXTRAÑO VIAJE [1964]

Fernando Fernán Gómez

España / 92 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Carlos Larrañaga, Tota Alba, Lina Canalejas, Jesús Franco, Rafaela Aparicio, Sara Lezana, María Luisa Ponte.

Ficha técnica:

Guión: Manuel Ruiz Castillo, Pedro Beltrán, Luis García Berlanga.

Fotografía: José F. Aguayo.

Música: Cristóbal Halffter.

Producción: Ízaro Films / Pro Artis Ibérica.

Sinopse:

Nunha pequena poboación de provincias, próxima á capital, vive unha familia composta por tres irmáns: a severa Ignacia e os apoucados Paquita e Venancio. A monotonía só é rota os sábados cando chega un conxunto musical de Madrid para amenizar as noites da fin de semana. Un sábado de tormenta, Paquita e Venancio buscan asustados a protección da súa irmá. No seu cuarto atopan alguén, pero Ignacia négao rotundamente.



LUN 26, 20:00

EL SEXO ESTÁ LOCO [1981]

Jesús Franco

España / 83 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Lina Romay, Lynn Endersson, Antonio Mayans, Antonio Rebollo, Laura García, Antonio Martín.

Ficha técnica:

Guión: Jesús Franco.
Fotografía: Juan Soler.
Música: Jesús Franco, Daniel White.
Producción: Star Films S.A / Triton / Warner Española S.A.

Sinopse:

Extraterrestres que se reproducen con asombrosa velocidade, un fillo cada 9 segundos! Dous matrimonios que se namoran en grupo e fundan unha nova forma de convivencia: o tetramonio. Axentes secretos sen escrúpulos. Tangos arxentinos. Sacrificios humanos ofrendados a San Cucufato. Estas situacións e outras aínda máis absurdas succédense (con todo o mundo espido, por suposto) neste filme.



SAB 24, 22:30

EMPEROR TOMATO KETCHUP [1971]

Shûji Terayama

Xapón / 72 min. / Experimental / Xaponés

Ficha artística:

Goro Abashiri, Tarô Apollo, Shiro Demaemochi, Mitsufumi Hashimoto, Maya Kaba, Keiko Niitaka, Masako Ono.

Ficha técnica:

Guión: Shuji Terayama.
Fotografía: Hajime Sawatari.
Música: J.A. Seazer, Shuji Terayama.
Producción: Art Theatre Guild.

Sinopse:

Controvertida película experimental protagonizada por un grupo de nenos preadolescentes que, vestidos con uniformes militares, fanse co poder de Xapón e comezan a dar caza aos adultos.



SAB 24, 20:00

ENTER THE VOID [2009]

Gaspar Noé

Francia, Alemaña, Italia, Canadá / 137 min. / Ficción / Inglés, Xaponés

Ficha artística:

Paz de la Huerta, Nathaniel Brown, Cyril Roy, Emily Alyn Lind, Jesse Kuhn, Masato Tanno, Olly Alexander.

Ficha técnica:

Guión: Gaspar Noé.
Fotografía: Benoît Debie.
Música: Thomas Bangalter.
Producción: Fidélité Films / Wild Bunch / BUF / Essential Filmproduktion GmbH / BIM Distribuzione / Paranoid Films / Eurimages / Canal+.

Sinopse:

Óscar e a súa irmá Linda viven desde hai pouco en Toquio. El sobrevive traficando con drogas e ela traballa como *stripper* nun club nocturno. Durante un forcexo coa policía, Óscar cae ferido tras un disparo. Aínda que morre, o seu espírito, fiel á promesa de non abandonar a súa irmá, comeza a vagar pola caótica cidade.

— Mellor fotografía e premio especial do xurado no Festival de Sigtes 2009.



SAB 17, 20:00

ESE OSCURO OBJETO DO DESEXO [1977]

Luis Buñuel

Francia, España / 103 min. / Ficción / Francés, Castelán

Ficha artística:

Fernando Rey, Ángela Molina, Carole Bouquet, Julien Bertheau, André Weber, Milena Vukotic, María Asquerino, Ellen Bahl, Valérie Blanco.

Ficha técnica:

Guión: Luis Buñuel, Jean-Claude Carrière (Novela: Pierre Louÿs).
Fotografía: Edmond Richard.
Música: Richard Wagner.
Producción: Les Films Galaxie / Incine / Greenwich Film Productions.

Sinopse:

Durante unha viaxe en tren de Sevilla a Madrid, o maduro cabaleiro Mathieu conta aos seus compañeiros de vagón a historia dos seus infortunios amorosos coa bailarina Conchita. A partir do seu primeiro encontro en París, Conchita xoga coa obsesión de Mathieu, facéndoo pasar continuamente do desexo á frustración e do amor ao odio máis furibundo.



LUN 26, 17:30



FOTOGRAF [2015]

Irena Pavlásková

República Checa / 133 min. / Ficción / Checo

Ficha artística:

Karel Roden, Jirí Balcárek, Slávek Bilský, Jenovéfa Boková, Vilma Cibulková, Patrik Dergel, Zbigniew Czendlik.

Ficha técnica:

Guión: Irena Pavlásková, Jan Saudek.

Fotografía: David Ployhar.

Música: Jirí Chlumecký.

Producción: Cineart TV Prague s.r.o / Česká Televize / Eydelle Film.

Sinopse:

Historia libremente baseada na vida e no traballo de Jan Saudek, o fotógrafo checo máis internacionalmente recoñecido. Saudek converteuse nun verdadeiro fenómeno e alcanzou unha gran popularidade exhibindo as súas obras nas mellores galerías e nos máis prestixiosos museos.



DOM 11, 22:00

FUNERAL PARADE OF ROSES [1969]

Toshio Matsumoto

Xapón / 105 min. / Ficción / Xaponés, Inglés

Ficha artística:

Osamu Ogasawara, Shotari Akiyama, Peter, Kiyoshi Awazu, Emiko Azuma, Toshiya Fujita, Masato Hara.

Ficha técnica:

Guión: Toshio Matsumoto.

Fotografía: Tatsuo Suzuki.

Música: Joji Yuasa.

Producción: Art Theatre Guild / Matsumoto Production Company.

Sinopse:

Primeira película xaponesa en mostrar abertamente personaxes LGBTI. Producción de culto, anárquica, impactante e na que realizadores con tanta fama como Stanley Kubrick ou Quentin Tarantino se inspiraron á hora de rodar algunhas das súas máis famosas escenas. A acción transcorre no Toquio de 1969. Partindo da traxedia grega *Edipo Rei*, asistimos a unha historia de celos, odio, sangue e amores imposibles.



MAR 20, 20:30

FURTIVOS [1975]

José Luis Borau

España / 82 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Lola Gaos, Ovidi Montllor, Alicia Sánchez, Ismael Merlo, José Luis Borau, Felipe Solano, Antonio Gamero.

Ficha técnica:

Guión: Manuel Gutiérrez Aragón, José Luis Borau.

Fotografía: Luis Cuadrado.

Música: Vainica Doble.

Producción: El Imán.

Sinopse:

Ángel é un cazador furtivo que vive nun bosque coa súa nai, unha muller tiránica e violenta. Nun das súas escasas viaxes á cidade, coñece a Milagros, unha moza que fuxiu dun reformatorio e que está relacionada cun delincuente chamado El Cuqui. Ángel decide protexela e levala á súa casa, pero a animosidade da súa nai cara a moza, así como a atracción que Anxo sente por ela desembocarán nun drama.

— Cuncha de Ouro no Festival de San Sebastián 1975.

— Fotogramas de Plata á mellor intérprete protagonista 1976.



MAR 20, 22:00

HUSTLER WHITE [1996]

Bruce La Bruce, Rick Castro

Canadá, Alemaña / 81 min. / Drama / Inglés

Ficha artística:

Tony Ward, Bruce La Bruce, Alex Austin, Kevin Kramer, Ron Athey

Ficha técnica:

Guión: Bruce La Bruce e Rick Castro

Fotografía: James Carman Montaxe: Rider Siphron

Sinopse:

Montgomery Ward é un chapero de Los Ángeles que aparece flotando nun *jacuzzi*. A súa voz en off inicia o relato das circunstancias que o conduciron á morte. Todo comeza cun escritor alemán chamado Jürgen Anger que recala en California coa intención de escribir un libro sobre prostitución masculina. Cando coñece a Monty contrátalo por 1000 dólares para que lle conte a historia da súa vida e mais os pormenores do seu traballo.



VEN 9, 23:45



IL PORTIERE DI NOTTE / PORTEIRO DE NOITE [1974]

Liliana Cavani

Italia / 117 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Charlotte Rampling, Dirk Bogarde, Philippe Leroy, Gabriele Ferzetti, Piero Vidal, Nora Ricci, Isa Miranda, Giuseppe Addobbati.

Ficha técnica:

Guión: Liliana Cavani, Italo Moscati.

Fotografía: Alfio Contini.

Música: Danièle Paris.

Producción: Lotar Film Productions.

Sinopse:

Viena, 1957. Unha muller xudía, casada cun director de orquestra, reconece no porteiro do hotel no que se aloxa ao oficial nazi que a utilizara como obxecto sexual nunha tortuosa relación sadomasoquista estando presa nun campo de concentración.



MAR 27, 22:00

JE SUIS À PRENDRE [1978]

Francis Leroy

Francia / 74 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Brigitte Lahaie, Patrick Bruno, Karine Gambier.

Ficha técnica:

Fotografía: François About.

Producción: Alpha France, Les Films du Palais Royal.

Sinopse:

Hélène, unha muller nova e inexperta, casa cun home rico e elegante. Pero o seu marido prefire pasar as súas noites nun club libertino antes que con ela. Hélène, baixo o efecto dun afrodisíaco botado polo seu esposo nun vaso de leite, multiplica as aventuras sexuais cos seus serventes.



LUN 12, 17:00

JE T'AIME... MOI NON PLUS / ÁMOTE... MAIS EU NON [1976]

Serge Gainsbourg

Francia / 89 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Jane Birkin, Joe Dallesandro, Hugues Quester, Reinhard Kolldehoff, Gérard Depardieu, Jimmy Davis.

Ficha técnica:

Guión: Serge Gainsbourg.

Fotografía: Willy Kurant.

Música: Serge Gainsbourg.

Producción: Président Films / Renn Productions.

Sinopse:

A nova Johnny traballa e vive nunha área de servizo para camioneiros, onde se sente soa e agarda que, algún día, lle chegue o amor. Johnny fíxase en Krassky, un condutor do camiión do lixo, a pesar de que Boris, o seu xefe, a alerta de que en realidade é homosexual. Quizais sexa polo seu aspecto andróxino, pero tamén Krassky sente atracción por Johnny. Ningún dos dous repara en que Padovan, o noivo de Krassky, cada vez semella máis e máis celoso.



VEN 16, 20:45

JE VOUS SALUE, MARIE / EU SAÚDOTE, MARÍA [1985]

Jean-Luc Godard

Francia, Suíza, Reino Unido / 72 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Myriem Roussel, Thierry Rode, Philippe Lacoste, Juliette Binoche, Manon Andersen, Malachi Jara Kohan.

Ficha técnica:

Guión: Jean-Luc Godard.

Fotografía: Jean-Bernard Menoud, Jacques Firmann.

Música: J.S. Bach.

Producción: Pégase Films / Sara Films / JLG Films / Gaumont / TSR / Channel Four Films.

Sinopse:

María é unha moza normal que xoga ao baloncesto e axuda a seu pai nunha gasolinera. Un día descobre que está embarazada, a pesar de non deitarse con ningún home, nin tan sequera co seu mozo Xosé, un taxista que non acredita a situación que está a vivir. Eu saúdote, María é unha das películas máis polémicas do cinema europeo de todos os tempos pola súa libre interpretación do embarazo da Virxe María. O mesmo Papa Xoán Paulo II chegou a condenala duramente de forma pública.

— Premio Interfilm - Otto Dibelius na Berlinale 1985.



DOM 11, 19:00

JITSUROKU ABE SADA / O ABISMO DOS SENTIDOS [1975]

Noboru Tanaka

Xapón / 77 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Junko Miyashita, Eimei Esumi, Genshu Hanayagi, Yoshie Kitsuda, Ikunosuke Koizumi, Nagatoshi Sakamoto.

Ficha técnica:

Guión: Akio Ido.

Fotografía: Masaru Mori.

Música: Kôichi Sakata.

Produción: Nikkatsu.

Sinopse:

En 1936, unha *geisha* chamada Sada Abe foi atopada vadiando polos arredores de Quioto cun coitelo, unha corda e varios penes nas súas mans. Un deles pertencía ao seu examante Kichi, o propietario do hotel onde traballaba. Ambos pasaron un mes encerrados nun cuarto, vivindo un violento e apaixonado *amour fou*. Segundo o amor de Sada se volvía máis obsesivo, tentou ir máis aló dos límites para manter a paixón de Kichi, buscando posuílo por completo.



LUN 26, 21:30

KOI NO TSUMI / GUILTY OF ROMANCE [2011]

Sion Sono

Xapón / 144 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Megumi Kagurazaka, Miki Mizuno, Makoto Togashi, Kanji Tsuda, Kazuya Kojima, Satoshi Nikaido, Ryûju Kobayashi.

Ficha técnica:

Guión: Sion Sono.

Fotografía: Sôhei Tanikawa.

Música: Yasuhiro Morinaga.

Produción: Nikkatsu.

Sinopse:

Izumi está casada cun recoñecido novelista. O seu día a día pasa por unha anódina rutina e por unha relación sen paixón. Intentando cambiar este xeito de vida, comeza a traballar nun mercado, logo proba como actriz nunha película porno e finalmente comeza a exercer a prostitución. Cando se ve envolta nun mundo de sexualidade irrefreable, un morto aparece nun dos hoteis que ela visita cos clientes.



VEN 23, 18:45

KOMISSAR / A COMISARIA [1967]

Aleksandr Askoldov

Unión Soviética / 110 min. / Ficción / Ruso

Ficha artística:

Nonna Mordukova, Rolan Bykov, Raisa Nedashkovskaya, Lyudmila Volynskaya, Vasili Shukshin, Lyubov Kats, Pavel Levin, Dmitri Kleyman.

Ficha técnica:

Guión: Aleksandr Askoldov (Historia: Vasili Grossman).

Fotografía: Valeri Ginzburg.

Música: Alfred Shnitke.

Produción: Gorky Film Studios / Mosfilm.

Sinopse:

Este polémico filme, vítima da censura ata 1988, está baseado no relato *Na cidade de Berdichev* de Vasili Grossman. A acción sitúanos na guerra civil ucráina de 1921. Claudia, comisaria do exército roxo, debe quedar na retagarda porque está embarazada dun oficial recentemente caído na fronte.

— Oso de Prata e Premio FIPRESCI na Berlinale 1988.



VEN 16, 15:30

L'URLO [1970]

Tinto Brass

Italia / 100 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Tina Aumont, Gigi Proietti, Nino Segurini, Germano Longo, Giorgio Gruden, Osiride Pevarello, Attilio Corsini.

Ficha técnica:

Guión: Tinto Brass, Gian Carlo Fusco, Franco Longo, Gigi Proietti.

Fotografía: Silvano Ippoliti.

Produción: Lion Film.

Sinopse:

Relato sobre as emocións e os desexos dunha parella en ton satírico. O autor decántase por explorar o intimismo, os problemas de alcoba e a protagonista feminina: Anita, unha moza duns vinte anos que acepta casar cun home responsable e traballador. Con todo, a voda é fixada demasiado axiña e iso provoca malestar e ansiedade á rapariga.



VEN 16, 17:15

LA CHIAVE / A CHAVE SECRETA [1983]

Tinto Brass

Italia / 96 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Stefania Sandrelli, Frank Finlay, Barbara Cupisti, Franco Branciaroli, Maria Grazia Bon, Gino Cavalieri, Piero Bortoluzzi.

Ficha técnica:

Guión: Tinto Brass (Novela: Junichirô Tanizaki).

Fotografía: Silvano Ippoliti.

Música: Ennio Morricone.

Produción: International Video Service / San Francisco Film / Selenia Cinematografica.

Sinopse:

Nino é un home que está casado cunha fermosa muller moito máis nova ca el. O tipo non está moi satisfeito coa súa vida sexual, pero unha noite que sorprende a súa esposa durmindo ábrese unha posibilidade de cambio.



VEN 16, 19:00

LA FEMME PUBLIQUE / A MULLER PÚBLICA [1984]

Andrzej Zulawski

Francia / 113 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Valérie Kaprisky, Francis Huster, Lambert Wilson, Patrick Bauchau, Gisèle Pascal, Roger Dumas, Diane Delor, Jean-Paul Farré, Olivier Achard, Yveline Ailhaud.

Ficha técnica:

Guión: Andrzej Zulawski, Dominique Garnier.

Fotografía: Sacha Vierny.

Música: Alain Wisniak.

Produción: Hachette-Fox Productions.

Sinopse:

Ethel, unha aspirante a actriz, acepta o papel protagonista na adaptación cinematográfica dunha obra de Dostoyevski. Desconforme coa súa actuación, o excéntrico e dominante director someterá a actriz a unha presión que a vai deixar mentalmente extenuada, incapaz de distinguir entre o mundo real e o seu papel na película.

— Premio especial do xurado no Festival de Montreal 1984.



XOV 8, 22:00

LA GRANDE BOUFFE / O GRAN BANQUETE [1973]

Marco Ferreri

Francia, Italia / 129 min. / Ficción / Francés, Italiano

Ficha artística:

Marcello Mastroianni, Ugo Tognazzi, Philippe Noiret, Michel Piccoli, Andréa Ferréol, Solange Blondeau, Florence Giorgetti, Monique Chaumette, Louis Navarre.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Marco Ferreri.

Fotografía: Mario Vulpiani.

Música: Philippe Sarde.

Produción: Mara Films / Les Films 66 / Capitolana Films.

Sinopse:

Catro amigos unidos polo hedonismo e o tedio máis absolutos reúnen nunha mansión coa idea de suicidarse comendo sen tregua. Axiña engaden á gula outro pecado capital, a luxuria, e comezan a chegar as prostitutas. O sexo obsceno mestúrase así cos porcos, os queixos, os xamóns e o caviar.

— Premio FIPRESCI en Cannes 1973.



VEN 16, 19:00

LA PIRATE [1984]

Jacques Doillon

Francia / 88 min. / Ficción / Francés, Inglés

Ficha artística:

Jane Birkin, Maruschka Detmers, Andrew Birkin, Philippe Léotard, Laure Marsac.

Ficha técnica:

Guión: Jacques Doillon.

Fotografía: Bruno Nuytten.

Música: Philippe Sarde.

Produción: F.L.F..

Sinopse:

Alma é unha muller insegura que soamente se sente viva a través de miradas alleas. Sofre desde sempre a imperiosa necesidade de ser desexada por todo o mundo. Deste xeito, convértese en vítima consciente dun triángulo amoroso formado por ela, o seu marido Andrew e Carol, unha muller da que se namora apaixonadamente.



LUN 12, 16:00

LA PRIMA ANGÉLICA [1974]

Carlos Saura

España / 107 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

José Luis López Vázquez, Lina Canalejas, Fernando Delgado, Julieta Serrano, Lola Cardona, Josefina Díaz.

Ficha técnica:

Guión: Carlos Saura, Rafael Azcona.

Fotografía: Luis Cuadrado.

Música: Varios.

Producción: Elías Querejeta P.C.

Sinopse:

Un home volve á súa poboación natal para asistir ao enterro da nai. Alí, rememora a infancia e a adolescencia, especialmente o amor que sentía pola súa curmá Angélica.

— Premio especial do xurado en Cannes 1974.



DOM 11, 19:45

LA TRASTIENDA [1975]

Jorge Grau

España / 102 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

María José Cantudo, Frederick Stafford, Rosanna Schiaffino, Ángel del Pozo, José Suárez, Pep Munné.

Ficha técnica:

Guión: Jorge Grau, Alfonso Jiménez Romero.

Fotografía: Miguel Agudo.

Edición: Fernando Arribas, Rosa Salgado, Rosario Sáinz de Rozas.

Producción: José Frade Producciones Cinematográficas S.A..

Sinopse:

O doutor Navarro, un coñecido médico, séntese fortemente atraído por Juana, a súa enfermeira, quen tamén está namorada del. Malia todo, o doutor mantense fiel á súa esposa e trata por todos os medios de evitar que as súas relacións con ela traspasen os límites profesionais. Para iso ordena que a enfermeira sexa destinada a outro hospital, cousa que empuxa Juana a tomar a iniciativa e a intentar provocar ao doutor.



VEN 23, 22:30

LA VIE NOUVELLE [2002]

Philippe Grandrieux

Francia / 102 min. / Ficción / Francés, Inglés

Ficha artística:

Zachary Knighton, Anna Mouglalis, Marc Barbe, Zsolt Nagy, Raoul Dantec, Vladimir Zintov.

Ficha técnica:

Guión: Philippe Grandrieux, Eric Vuillard.

Fotografía: Stéphane Fontaine.

Música: Étant Donnés.

Producción: Blue Light / Canal+ / Centre National de la Cinématographie / French Productions / Gimages 5 / L Films / LOZ / Maïa Films / arte France Cinéma.

Sinopse:

Nalgún lugar de Europa Oriental, Melania é comprada por Boyan, un proxeneta. Seymour, un turista norteamericano, vai ao club de striptease onde traballa Melania e sente inmediata atracción pola moza. Por ela viaxará ao interior dun mundo erótico, perverso e decadente.



DOM 18, 16:00

LES ANGES EXTERMINATEURS [2006]

Jean-Claude Brisseau

Francia / 100 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Frédéric van den Driessche, Maroussia Dubreuil, Lise Bellynck, Marie Allan, Sophie Bonnet, Raphaële Godin, Virginie Legeay, Olivier Perrot.

Ficha técnica:

Guión: Jean-Claude Brisseau.

Fotografía: Wilfrid Sempé.

Música: Jean Musy.

Producción: La Sorcière Rouge / TS Productions / Cinéma / Cofinova 3 / Soficinéma 2 / Centre National de la Cinématographie.

Sinopse:

François, un director de cinema, dispónse a rodar unha película policiaca. Nunha breve escena de espido dunha actriz, descobre o pracer que senten algunhas mulleres ao infrinxir pequenas prohibicións eróticas. O director toma así a determinación de intentar filmar unha película que mesture ficción e realidade ao redor dunha idea que se desvela como un tabú: as pequenas transgresións que levan ao pracer.



MAR 20, 17:15

LOS GOLFOS [1960]

Carlos Saura

España / 78 min. / Ficción / Castellán

Ficha artística:

Manuel Zarzo, Óscar Cruz, Juanjo Losada, Rafael Vargas, María Mayer, Luis Marín.

Ficha técnica:

Guión: Carlos Saura, Mario Camus, Daniel Sueiro.

Fotografía: Juan Julio Baena.

Música: Antonio Ramírez, José Pagán.

Producción: Films 59.

Sinopse:

Julián, Ramón, Juan, o Chato, Paco e Manolo son membros desa mocidade española á que ata agora non se lle dedicou atención máis que nas comisarías. Rapaces de clase social baixa, miserable e descoñecida. Son un grupo de amigos que sobreviven como poden nos arrabaldes de Madrid. Juan quere ser toureiro, e os seus amigos cometen pequenos atracos para poder pagar o seu debut.



XOV 8, 22:45

MACUNAÍMA [1969]

Joaquim Pedro de Andrade

Brasil / 99 min. / Ficción / Português

Ficha artística:

Grande Otelo, Paulo José, Jardel Filho, Dina Sfat, Milton Gonçalves, Rodolfo Arena, Joana Fomm, Wilza Carla, Hugo Carvana.

Ficha técnica:

Guión: Joaquim Pedro de Andrade, Mário de Andrade.

Fotografía: Guido Cosulich.

Edición: Eduardo Escorel.

Producción: Joaquim Pedro de Andrade, K.M. Eckstein.

Sinopse:

Inspirada na novela homónima de Mario de Andrade, o filme narra a historia e metamorfose de Macunaíma, un heroe preguiçoso e apoucado, que nace negro no interior de Brasil. Pero, na viaxe que realiza cos seus irmáns á gran cidade en busca dun amuleto da sorte, vólvese branco. Na cidade establecerá unha relación cunha guerrilleira urbana e un magnate capitalista.

— Mellor filme no Festival Mar del Plata 1970.



LUN 12, 22:00

MAÎTRESSE [1976]

Barbet Schroeder

Francia / 110 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Gérard Depardieu, Bulle Ogier, André Rouyer, Nathalie Kéryan, Roland Bertin, Holger Löwenadler, Tony Taffin.

Ficha técnica:

Guión: Barbet Schroeder, Paul Voujargol.

Fotografía: Néstor Almendros.

Música: Carlos d'Alessio.

Producción: Les Films du Losange / Gaumont.

Sinopse:

Olivier, un ladrón novato, entra roubar nun piso de París crendo que está baleiro. Así a todo, é sorprendido pola propietaria, Ariane, que resulta ser unha prostituta especializada en sadomasoquismo. Inmediatamente xorde unha atracción entre os dous e comezan unha relación marcada polos celos de Olivier, que pretende que Ariane cambie de vida.



MAR 27, 21:45

ME SIENTO EXTRAÑA [1977]

Enrique Martí Maqueda

España / 88 min. / Ficción / Castellán

Ficha artística:

Rocío Dúrcal, Bárbara Rey, Francisco Algora, Ricardo Tundidor, Eva León, Luis Marín, Rafael Navarro.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Herrero, Enrique Martí Maqueda.

Fotografía: Raúl Artigot.

Música: Rafael Pérez Botija.

Producción: Óscar Guarido, Ángel Huete.

Sinopse:

Laura é unha pianista que abandona o fogar a causa dos malos tratos do seu marido. Coñece entón a Marta, unha vedete de revista e televisión, coa que traballará na preparación de novas cancións para o seu espectáculo. Desde o momento en que Laura se muda ao chalé de Marta, comezan os dixomedixomes dos veciños.



XOV 22, 18:00

MORGIANA [1972]

Juraj Herz

Checoslovaquia / 100 min. / Ficción / Checo

Ficha artística:

Iva Janžurová, Josef Abrahám, Nina Divísková, Petr Cepek, Josef Somr, Jirí Koudet.

Ficha técnica:

Guión: Vladimír Bor, Juraj Herz (Historia: Alexander Grin).

Fotografía: Jaroslav Kucera.

Música: Lubos Fiser.

Producción: Filmové Studio Barrandov.

Sinopse:

Klara e Viktoria son irmás. O seu pai morre e deixa a maior parte das súas posesións a Klara. Cando esta inicia unha relación amorosa co home que ama a súa irmá, Viktoria comeza a planificar o seu asasinato.

— Hugo de Ouro á mellor película no Festival de Cine de Chicago.



MER 14, 19:15

MYRA BRECKINRIDGE [1970]

Michael Sarne

Estados Unidos / 94 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Raquel Welch, John Huston, John Carradine, Mae West, Rex Reed, Farrah Fawcett, Tom Selleck, Andy Levine.

Ficha técnica:

Guión: Gore Vidal, Michael Sarne, David Giler.

Fotografía: Richard Moore.

Música: Lionel Newman.

Producción: 20th Century Fox.

Sinopse:

Baseado nunha novela do recoñecido Gore Vidal, o filme narra as peripecias de Myron Breckinridge, un crítico de cine que se somete a unha operación de reasignación de sexo. Superado todo o proceso, a nova e explosiva Myra Breckinridge chegará á escola de cine do seu tío Buck decidida a esnaquizar o concepto de macho que impera en Hollywood.



MER 14, 21:00

NARCOTIC [1933]

Dwain Esper, Vival Sodart

Estados Unidos / 57 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Harry Cording, Joan Dix, Patricia Farley, Jean Lacy, Paul Panzer, Miami Alvarez, Charles Bennett, Josef Swickard, Fred Parker.

Ficha técnica:

Guión: Hildegard Stadie, A.J. Karnopp.

Producción: Hildegard Stadie, Dwain Esper.

Sinopse:

Baséase libremente na vida de William Davies, un vendedor de aceite de serpe adicto ao opio que foi tío da produtora e guionista do filme, Hildegard Stadie. Esta película segue a súa espiral descendente como estudante de medicina idealista cuxa caída en desgraza o leva ás casas de opio, a un espectáculo de carnaval e a festas de drogas. O xeito tan explícito de tratar este tipo de temas, converte o filme nun grande exemplo do cinema de Hollywood previo á instauración do código Hays.



VEN 23, 17:00

W&M

NATTEK / XOGOS DE NOITE [1966]

Mai Zetterling

Suecia / 101 min. / Ficción / Sueco

Ficha artística:

Ingrid Thulin, Keve Hjelm, Jörgen Lindström, Lena Brundin, Naima Wifstrand, Monica Zetterlund, Lauritz Falk, Rune Lindström.

Ficha técnica:

Guión: Mai Zetterling, David Hughes.

Fotografía: Rune Ericson.

Música: Jan Johansson, Georg Riedel.

Producción: Sandrews.

Sinopse:

Jan, un home de 35 anos está a piques de casar. Acompañado da súa futura esposa, visita o castelo no que foi criado pola súa aristocrática nai coa intención de liberarse dos recordos de nenez asociados á figura materna.



DOM 11, 17:00

NIKUTAI NO MON / GATE OF FLESH [1964]

Seijun Suzuki

Xapón / 87 min. / Ficción / Xaponés, Inglés

Ficha artística:

Jo Shishido, Satako Kasai, Yumiko Nogowa, Kayo Matsuo, Tomiko Ishi, Kôji Wada.

Ficha técnica:

Guión: Goro Tanada.
Fotografía: Shigeyoshi Mine.
Música: Naozumi Yamamoto.
Producción: Nikkatsu.

Sinopse:

Aclamado e tórrido drama de alto contido erótico. Recoñecido pola crítica por ser Suzuki un dos directores xaponeses que rompeu os modelos clásicos á vez que varios realizadores facían o mesmo en Europa. No Toquio da Segunda Guerra Mundial, varias prostitutas xaponesas acabillan un criminal ao que, en entanto, todas acabarán someténdose.



SAB 24, 17:30

OCAÑA, RETRAT INTERMITENT [1978]

Ventura Pons

España / 85 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Ventura Pons.
Fotografía: Lucho Poirrot.
Música: Aurelio Villa.
Producción: Prozesa.

Sinopse:

Visión intimista do pintor andaluz José Pérez Ocaña, un personaxe que marcou a vida da Rambla e da praza Real na Barcelona de finais dos setenta, unha cidade, daquela, con moitas ganas de liberdade e unha grande actividade cultural. Ocaña é un retrato intermitente crebado pola "provocación do recordo". O artista fala na casa da súa vida, ao tempo que, en intermitencias, se percibe o mundo que emana do seu subconsciente.



LUN 26, 22:00

PARTIES FINES / EDUCATION OF THE BARONESS [1977]

Gérard Kikoïne

Francia / 86 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Brigitte Lahaie, Alban Ceray, Susan Deloir, Guy Royer, Patrice Cheron, Jacques Gatteau, Micky Love, Aude Lecocq

Ficha técnica:

Edición: Gilbert Kikoïne.
Fotografía: Jean-Jacques Renon.
Música: Ted Scotto.
Producción: Richard Bigotini.

Sinopse:

Que farías se puideses ocupar o lugar dun barón e dunha baronesa por un día? Nesta aventura tola, dous serventes descubren como é ter toda a riqueza e o poder cos que sempre soñaron. Héctor, o chofer, e o barón trocan os seus papeis durante un paseo polo campo. O barón goza conducindo, sentindo a velocidade e a estrada debaixo del, mentres que Héctor goza cunha doce autostopista no asento traseiro. Asemade, na casa, a baronesa e Alice viven a súa propia aventura cando un encantador ladrón se decata de que os tesouros das damas son moito máis agradables que calquera xoia.



MER 14, 16:00

PASOLINI: PROSSIMO NOSTRO [2006]

Giuseppe Bertolucci

Italia / 65 min. / Documental / Italiano

Ficha técnica:

Guión: Giuseppe Bertolucci.
Fotografía: Deborah Imogen Beer.
Música: Cesare A. Bixio, Frédéric Chopin, Carl Orff.
Producción: Cinemazero / Ripley's Film.

Sinopse:

Estamos na rodaxe de *Saló ou os 120 días de Sodoma*. Pasolini permite a un pequeno equipo dirixido polo xornalista Gideon Bachmann seguilo durante a súa xornada e realizarlle unha entrevista. A conversa convértese nun longo e violento ataque á sociedade mediante unha sorprendente xustaposición de película e realidade, que revela o retrato metafórico da modernidade de Pasolini.



MER 21, 16:00

PEEPING TOM / O FOTÓGRAFO DO PÁNICO [1960]

Michael Powell

Reino Unido / 101 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Karlheinz Böhm, Moira Shearer, Anna Massey, Maxine Audley, Esmond Knight, Michael Goodlife.

Ficha técnica:

Guión: Leo Marks.

Fotografía: Otto Heller.

Música: Brian Easdale, Wally Stott.

Producción: Anglo-Amalgamated Productions / Michael Powell.

Sinopse:

Mark Lewis é un psicópata que necesita rexistrar en imaxes o terror que senten as súas vítimas antes de morrer. Por iso exerce a profesión de fotógrafo, para poder satisfacer os seus máis morbosos impulsos sen levantar sospeitas. O seu desequilibrio provén daquela infancia na que o seu pai, un científico obsesionado por estudar as reaccións infantís ante o medo, esnaquizou a súa psique e o converteu en afectado por unha demencia perversa.



LUN 12, 21:45

W

POLISSONS ET GALIPETTES / GOLFOS E PICARDÍAS [2002]

Michel Reilhac, Cécile Babiole

Francia / 69 min. / Documental / Muda

Ficha técnica:

Guión: Michel Reilhac, Pascal Gregory (Idea: Sébastien Marnier).

Fotografía: Michel Reilhac.

Música: Eric Le Guen.

Producción: Mélange Productions.

Sinopse:

Documento costumista que reúne pezas curtas que non estamos afeitos a ver en cinema mudo, como son o erotismo, os xogos sexuais e toda clase de prácticas libidinosas dos nosos antepasados. Estas películas proxectábanse nos pases vespertinos de bordeis os venres e sábados, co fin de amenizar a espera dos cabaleiros. As pezas, agora reunidas baixo o título *Golfos e picardías*, foron atopadas no cuarto secreto dunha familia francesa moi respectable, que os cedeu discretamente.



XOV 22, 17:00

QUEEN KELLY / A RAÍÑA KELLY [1929]

Erich von Stroheim

Estados Unidos / 90 min. / Ficción / Muda

Ficha artística:

Gloria Swanson, Walter Byron, Seena Owen, Wilhelm von Brinken, Madge Hunt, Florence Gibson, Tully Marshall.

Ficha técnica:

Guión: Erich von Stroheim.

Fotografía: Ben Reynolds, Gordon Pollock, Paul Ivano.

Música: Adolph Tandler.

Producción: United Artists.

Sinopse:

O príncipe Wolfram é curmán e prometido da raíña Regina V de Kronberg. Esta decide castigalo cruelmente polas súas escapadas nocturnas con outras mulleres. A lección consiste en ir de manobras baixo o sol durante toda unha xornada. Polo camiño de Kambach, Wolfram crúzase cun grupo de monxas e novizas. O seu interese quedará rapidamente focalizado na espontánea Patricia Kelly. Wolfram namórase case ao instante da súa beleza e decide secuestrala do convento esa mesma noite.



SAB 24, 19:15

ROCÍO [1980]

Fernando Ruiz Vergara

España / 80 min. / Documental / Castelán

Ficha técnica:

Guión: Ana Vila.

Fotografía: Victor Estevão.

Sinopse:

A do Rocío é unha romaría da baixa Andalucía, onde viven miles de traballadores sen terras e xeralmente sen traballo, con todo o folclore e falsos mitos que creou a Andalucía oficial mesturada con esa que o documental trata de desenterrar. Rocío foi tristemente célebre por ser a primeira película en sufrir a censura durante a Transición.



VEN 16, 22:30



ROMANCE [1999]

Catherine Breillat

Francia / 84 min. / Ficción / Francés, Inglés

Ficha artística:

Caroline Ducey, Sagamore Stévenin, François Berléand, Rocco Siffredi.

Ficha técnica:

Guión: Catherine Breillat.

Fotografía: Giorgos Arvanitis.

Música: DJ Valentin, Raphaël Tidas.

Producción: Flach Film / arte France Cinéma.

Sinopse:

Marie está moi namorada da súa parella, pero non se sente correspondida. Coa intención de que o seu amante volva desexala, Marie lánzase á procura do amor físico en brazos dun semental italiano e dun home maduro afeccionado á dominación. Romance, filme polémico polas súas explícitas escenas pornográficas, foi un grande éxito en Francia, axudado pola boa crítica da prestixiosa revista cinematográfica Cahiers du Cinéma.



MER 14, 17:15

SALÒ O LE 120 GIORNATE DI SODOMA / SALÓ, OU OS 120 DÍAS DE SODOMA [1975]

Pier Paolo Pasolini

Italia, Francia / 117 min. / Ficción / Italiano, Francés, Alemán

Ficha artística:

Paolo Bonacelli, Giorgio Cataldi, Umberto Paolo Quintavalle, Aldo Valletti, Caterina Boratto, Elsa De Giorgi, Sonia Saviane, Laura Betti.

Ficha técnica:

Guión: Pier Paolo Pasolini (Novela: Marqués de Sade).

Fotografía: Tonino Delli Colli.

Música: Ennio Morricone.

Producción: Alberto Grimaldi, Alberto De Stefanis, Antonio Girasante.

Sinopse:

Nunha mansión, catro señores reúnen-se con catro exprostitutas e cun grupo de mozos de ambos os dous sexos, partisanos ou fillos de partisanos, que foron feitos prisioneiros. Ninguén na casa pode eludir as regras do xogo establecidas polos señores; toda transgresión castigase coa morte. Ademais, eles gozan da facultade de dispoñer ao seu antollo da vida dos rapaces.



VEN 23, MARATÓN

SANTA SANGRE [1989]

Alejandro Jodorowsky

México, Italia / 123 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Axel Jodorowsky, Blanca Guerra, Guy Stockwell, Thelma Tixou

Ficha técnica:

Guión: Roberto Leoni

Producción: Claudio Argentó

Música: Simon Boswell

Fotografía: Daniele Nannuzzi Montaxe: Mauro Bonanni

Sinopse:

Un neno que traballa no circo do seu pai como mago e mimo, e ten unha nai fanática relixiosa dunha seita que se chama «Santa Sangre», experimenta unha serie de vivencias atroces que o levan a ser recluído nun hospital psiquiátrico. Xa adulto, emprende unha viaxe interior cuxa meta é liberarse dos fantasmas que o agonían.



MAR 27, 20:15



SEDMIKRÁSKY / AS MARGARIDAS [1966]

Vera Chytilová

República Checa / 76 min. / Ficción / Checo

Ficha artística:

Jitka Cerhová, Ivana Karbanová, Marie Cesková, Julius Albert, Jan Klusák.

Ficha técnica:

Guión: Vera Chytilová, Ester Krumbachová (Historia: Vera Chytilová, Pavel Juráček).

Fotografía: Jaroslav Lucera.

Música: Jiri Slitr, Jiri Sust.

Producción:.

Sinopse:

Dúas mozas conclúen, mentres toman o sol, que «se neste mundo todo está corrompido, corromperémonos nós tamén». Así comeza unha sucesión de escenas inconexas nas que as dúas protagonistas xogan a seren perversas coa súa contorna. Enganan a homes maduros para comer gratuitamente, boicotean eventos musicais, engolen os manxares dun banquete preparado para outros... Vera Chytilová introdúcenos no singular mundo destas mozas rompendo a linealidade narrativa e empregando a técnica colaxe tanto a nivel visual como auditivo.



XOV 22, 20:30

SHE DONE HIM WRONG / LADY LOU [1933]

Lowell Sherman

Estados Unidos / 62 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Mae West, Cary Grant, Owen Moore, Gilbert Roland, Noah Beery, David Landau, Rafaela Ottiano, Dewey Robinson.

Ficha técnica:

Guión: Harvey F. Thew, John Bright (Obra: Mae West).

Fotografía: Charles Lang.

Música: Ralph Rainger.

Producción: Paramount Pictures.

Sinopse:

Lady Lou é unha muller a finais do século XIX que se fixo a si mesma. Un día coñece a un aposto mozo, pero aínda que namorada, non está disposta a deixarse intimidar e decide levar a voz cantante.



DOM 11, 20:15

SHORTBUS [2006]

John Cameron Mitchell

Estados Unidos / 102 min. / Drama / Inglés

Ficha artística:

Sook-Yin Lee, Paul Dawson, Lindsay Beamish, PJ DeBoy, Raphael Baker, Jay Brannan, Peter Stickles, Alan Mandell.

Ficha técnica:

Guión: John Cameron Mitchell

Producción: Howard Gertler, Tim Perell e John Cameron Mitchell

Música: Yo La Tengo e Scott Matthew

Fotografía: Frank G. DeMarco

Sinopse:

Shortbus segue a traxectoria de varios neoiorquinos cuxas traxicómicas aventuras navegan entre a sexualidade e os sentimentos. Sofía é unha sexóloga que nunca tivo un orgasmo e hai anos que simula pracer co seu marido Rob. Coñece a Severin, unha dominadora que se presta a axudala. Dous pacientes de Sofía, James e o seu compañeiro Jamie, pensan en incluír un terceiro, Ceth, na súa relación sexual, pero Jamie non acaba de decidirse. Todos se atopan en *Shortbus*, un lugar fóra do común onde se mestura a política, a arte e máis o sexo. A cidade de Nova York despois do 11 de setembro e dos anos Bush non é un lugar onde a vida sexa fácil.



SAB 10, 16:00

STRAW DOGS / CANS DE PALLA [1971]

Sam Peckinpah

Reino Unido, Estados Unidos / 121 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Dustin Hoffman, Susan George, David Warner, Peter Vaughan, T.P. McKenna, Del Henney, Sally Thomsett.

Ficha técnica:

Guión: David Zelag Goodman, Sam Peckinpah (Novela: Gordon M. Williams).

Fotografía: John Coquillon.

Música: Jerry Fielding.

Producción: ABC Pictures presents a Daniel Melnick Production.

Sinopse:

O astrofísico americano David Sumner trasládase á vila da súa muller, en Gran Bretaña. É un home reservado e tímido que vive centrado nas súas investigacións e procura evitar calquera disputa. Con todo, a violencia de certos individuos da poboación chega a tal extremo que Sumner, entre o eixe e a roda, reacciona coas mesmas armas que os seus agresores para defender a súa muller e o seu fogar.



MAR 27, 17:45

SUDDENLY, LAST SUMMER / DE SÚPETO, O ÚLTIMO VERÁN [1959]

Joseph L. Mankiewicz

Reino Unido, Estados Unidos / 114 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Elizabeth Taylor, Montgomery Clift, Katharine Hepburn, Albert Dekker, Mercedes McCambridge, Gary Raymond, Joan Young.

Ficha técnica:

Guión: Tennessee Williams, Gore Vidal.

Fotografía: Jack Hildyard.

Música: Buxton Orr, Malcom Arnold.

Producción: Columbia Pictures presents a Sam Spiegel production.

Sinopse:

Na Nova Orleans de 1937, unha rica viúva, a señora Venable, ofrece ao doutor Cukrowicz os fondos para crear un hospital a condición de que practique unha lobotomía á súa sobriña Catherine. A señora Venable atópase perturbada pola recente morte en Europa do seu fillo Sebastian, con quen adoitaba viaxar todos os veráns, salvo o último, no que Sebastian preferiu levar como acompañante a súa curmá Catherine.

— Globo de Ouro á mellor actriz principal en 1959.



VEN 23, MARATÓN

SYMPTOMS / SÍNTOMAS [1974]

José Ramón Larraz

Reino Unido, Bélxica, España / 92 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Angela Pleasence, Mike Grady, Lorna Heilbron, Raymond Huntley, Marie-Paule Mailleux, Nancy Nevinson.

Ficha técnica:

Guión: José Ramón Larraz, Stanley Miller.

Fotografía: Trevor Wrenn.

Música: John Scott.

Producción: Finition Productions.

Sinopse:

Unha moza recibe o convite dunha amiga para pasar unha tempada na súa casa de campo en Inglaterra. Pero no lugar nada é o que parece, nin tan sequera quen enviou a invitación.



VEN 9, 16:00

TAMAÑO NATURAL (VERSIÓN ÍNTEGRA CON METRAXE ENGADIDA) [1974]

Luis García Berlanga

Francia, Italia, España / 101 min. / Ficción / Francés, Castelán

Ficha artística:

Michel Piccoli, Rada Rassimov, Amparo Soler Leal, Queta Claver, Manuel Alexandre, Julieta Serrano, Claudia Bianchi, Valentine Tessier.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Luis García Berlanga.

Fotografía: Alain Derobe.

Música: Maurice Jarre.

Producción: Jet Films / Uranus Productions / Verona Produzione.

Sinopse:

Michel é un home maduro que ten todo o que pode desexar: un bo traballo, unha esposa brillante e unha amante apaixonada. Pero un día adquire por capricho unha boneca inchable que case semella unha muller real. Así empeza a gozar da submisión e a docilidade que non pode atopar na súa esposa, chegando mesmo a ter celos e a desconfiar daqueles que a poidan desexar.



DOM 25, 19:00

THE BRIDES OF DRACULA / AS NOIVAS DE DRÁCULA [1960]

Terence Fisher

Reino Unido / 85 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Peter Cushing, Yvonne Monlaur, David Peel, Martita Hunt, Freda Jackson, Miles Malleon, Andree Melly, Mona Washbourne, Henry Oscar.

Ficha técnica:

Guión: Jimmy Sangster, Peter Bryan, Edward Percy.

Fotografía: Jack Asher.

Música: Malcolm Williamson.

Producción: Hammer Film Productions.

Sinopse:

Despois de que o novo barón Meinster sufra a mordedura do conde Drácula, a nai decide confinalo nos seus cuartos para impedir que actúe como un vampiro. Con todo, unha moza libérao sen sospeitar as consecuencias da súa acción.



MER 28, 15:45

THE BROWN BUNNY [2003]

Vincent Gallo

Estados Unidos, Xapón / 93 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Vincent Gallo, Chloë Sevigny, Elizabeth Blake, Cheryl Tiegs, Anna Vareschi, Mary Morasky.

Ficha técnica:

Guión: Vincent Gallo.

Fotografía: Vincent Gallo.

Música: Ted Curson, Jackson C. Frank, Vincent Gallo.

Producción: Kinetique / Vincent Gallo Productions / Wild Bunch.

Sinopse:

Bud Clay emprende unha viaxe de cinco días ata California, onde ten a seguinte carreira. Decotío é asaltado polas lembranzas da última vez que viu a muller da súa vida, recordos que intenta borrar mantendo encontros con diversas mulleres. Busca un novo amor que lle faga esquecer a Daisy, pero, malia todos os seus esforzos, non é quen de logralo.

— Premio FIPRESCI no Festival Internacional de Cine de Viena 2003.



LUN 19, 17:00

W arts M

THE HOUSE IS BLACK [1963]

Forugh Farrokhzad

Irán / 21 min. / Documental / Persa

Ficha técnica:

Guión: Forugh Farrokhzad.

Fotografía: Soleiman Minasian.

Producción: Studio Golestan.

Sinopse:

Recoñecido documental iraniano sobre a vida e sufrimento nun lazareto, que foi cualificado como unha peza imprescindible do xénero próximo a obras como *Las Hurdes*, de Luis Buñuel, ou *Freaks*, de Tod Browning. A única obra cinematográfica de Forough Farrokhzad da comezo coa cita "O mundo está cheo de fealdade. Aínda habería máis se o home apartase a mirada. Van ver en pantalla unha imaxe da fealdade, un retrato do sufrimento, que sería inxusto ignorar" e posteriormente mostra, de forma crúa mais tamén poética, a vida nunha colonia de leprosos.



XOV 22, 22:00

THE IMAGE [1975]

Radley Metzger

Estados Unidos / 91 min. / Ficción / Inglés, Francés

Ficha artística:

Mary Mendum, Carl Parker, Marilyn Roberts, Valerie Marron, Michelle Vence, Estelle McNalley, Nicole Rochambeau.

Ficha técnica:

Guión: Radley Metzger (Novela: Catherine Robbe-Grillet).

Fotografía: Robert Lefebvre.

Música: George Craig.

Producción: Catalyst Films / Les Films du Griffon.

Sinopse:

Jean é un tipo atractivo que durante unha festa queda fascinado pola fermosa Anne, que semella ser propiedade da súa amiga Claire. Esta mantén unha relación de submisión sadomasoquista absoluta con Anne. Aos poucos, Jean vaise introducindo de xeito irremediable na relación que manteñen as dúas mulleres.



MAR 13, 21:00

THE IMMORAL MR. TEAS / O INMORAL SR. TEAS [1959]

Russ Meyer

Estados Unidos / 62 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Ficha técnica:

Guión: Edward J. Lakso, Russ Meyer.

Fotografía: Russ Meyer.

Música: Edward J. Lakso.

Producción: Pad-Ram Enterprises.

Sinopse:

O señor Teas é unha vendedor porta a porta de aparellos de odontoloxía que realiza entregas na súa bicicleta. É un home torpe e tímido que soña esperto cando mira os escotes das mulleres que coñece. Despois de someterse a unha cirurxía no dentista, Teas decátase de que coa anestesia superou as súas inhibicións.



MER 21, 19:15

THE LAST TEMPTATION OF CHRIST / A ÚLTIMA TENTACIÓN DE CRISTO [1988]

Martin Scorsese

Canadá, Estados Unidos / 163 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Willem Dafoe, Harvey Keitel, Barbara Hershey, Victor Argo, Juliette Caton, Verna Bloom, Harry Dean Stanton, Randy Danson, Roberts Blossom, David Bowie.

Ficha técnica:

Guión: Paul Schrader (Libro: Nikos Kazantzakis).

Fotografía: Michael Ballhaus.

Música: Peter Gabriel.

Producción: Universal Pictures.

Sinopse:

Jesús, un carpinteiro de Nazaret, decide atender a constante chamada de Deus. Pero cando está a piques de completar a súa misión, debe facer fronte á maior das tentacións e realizar un gran sacrificio para salvar á humanidade.



MER 28, 17:30

THE RASPBERRY REICH [2004]

Bruce La Bruce

Alemaña, Canadá / 90 min. / Ficción / Inglés, Alemán

Ficha artística:

Susanne Sachße, Daniel Bätscher, Andreas Rupperecht, Dean Monroe, Anton Z. Risan, Daniel Fettig, Genesis P-Orridge.

Ficha técnica:

Guión: Bruce La Bruce.

Fotografía: James Carman, Kristian Petersen.

Produción: Jürgen Brüning Filmproduktion.

Sinopse:

A historia, desenvolvida en Berlín, céntrase nun grupo de terroristas —semellante en aparencia e roles ao Exército Roxo alemán—, cuxa misión é a revolución gai. A loita armada empeza co secuestro de Patrick, fillo dun dos banqueiros máis ricos de Alemaña. Clyde, un dos terroristas, apaixónase polo refén, poñendo en perigo os plans de Gudrun, a única muller do grupo.

— Premio especial do xurado no Melbourne Underground Film Festival 2004.



SAB 10, 19:15

THE TRIP / A VIAXE [1967]

Roger Corman

Estados Unidos / 79 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Peter Fonda, Susan Strasberg, Bruce Dern, Dennis Hopper, Salli Sachse, Barboura Morris, Judy Lang.

Ficha técnica:

Guión: Jack Nicholson.

Fotografía: Archie R. Dalzell.

Música: American Music Band.

Produción: American International Pictures.

Sinopse:

Tras ser abandonado pola súa muller, Paul Groves, un realizador de anuncios para televisión, atravesará unha profunda crise persoal. Busca entón axuda no seu amigo John, pero a este só se lle ocorre incitálo a consumir LSD, unha droga alucinóxena. A necesidade de evadirse e a curiosidade levan a Paul a probala para facer unha «viaxe» ás ocultas dimensións do subconsciente. Escrita por Jack Nicholson, *The trip* foi a primeira película que tratou o tema do consumo desta droga.



MER 28, 19:15

THUNDERCRACK! [1975]

Curt McDowell

Estados Unidos / 160 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Marion Eaton, George Kuchar, Melinda McDowell, Phillip Heffernan, Moira Benson, Rick Johnson, Maggie Pyle, Ken Scudder, Curt McDowell.

Ficha técnica:

Guión: Mark Ellinger, George Kuchar, Curt McDowell.

Fotografía: Curt McDowell.

Música: Mark Ellinger.

Produción: Thomas Brothers Film Studio.

Sinopse:

Nunha noite escura e desaprachable, un grupo de estraños acaban buscando refuxio nunha mansión apartada da estrada no medio de ningures. Alí son recibidos pola dona de casa, unha particular e delirante señora. Unha variación surrealista e pornográfica do clásico tema da vella casa escura.



MER 28, 18:00

ULTIMO TANGO A PARIGI / O ÚLTIMO TANGO EN PARÍS [1972]

Bernardo Bertolucci

Francia, Italia / 124 min. / Ficción / Inglés, Francés

Ficha artística:

Marlon Brando, Maria Schneider, Jean-Pierre Léaud, Massimo Girotti, Maria Michi, Catherine Allegret.

Ficha técnica:

Guión: Bernardo Bertolucci, Franco Arcalli.

Fotografía: Vittorio Storaro.

Música: Gato Barbieri.

Produción: Produzioni Europee Associati (PEA) / Les Productions Artistes Associes.

Sinopse:

Unha mañá de inverno un home norteamericano e unha moza parisiense atópanse casualmente mentres visitan un piso de aluguer en París. A paixón apodérase deles e manteñen un romance no piso baleiro. Cando abandonan o edificio, ambos os dous acordan volver atoparse alí, en soidade, sen preguntar sequera os seus nomes.



MAR 27, 17:45

UN CHANT D'AMOUR [1950]

Jean Genet

Francia / 25 min. / Ficción / Muda

Ficha técnica:

Guión: Jean Genet.

Fotografía: Jacques Natteau, Jean Cocteau.

Música: Gavin Bryars.

Producción: Nikos Papatakis.

Sinopse:

Nun cárcere francés, desde as súas respectivas celas, dous presos conseguen comunicarse a través dun burato no muro que os separa. Ambos acaban establecendo un contacto amoroso e erótico, usando diferentes obxectos como unha cana, a través da que comparten o fume dos seus cigarros. O garda obsérvao silencioso.



VEN 9, 19:00

UNE FLAMME DANS MON COEUR / UNHA LAPA NO MEU CORAZÓN [1987]

Alain Tanner

Francia, Suíza / 106 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Myriam Mézières, Benoît Régent, Azize Kabouche, André Marcon, Douglas Ireland, Jean-Gabriel Nordmann, Biana, Jean-Yves Berteloot.

Ficha técnica:

Guión: Alain Tanner, Myriam Mézières.

Fotografía: Acácio de Almeida.

Producción: Garance / La Sept Cinéma / Filmograph.

Sinopse:

Mercedes rompeu co seu noivo, o que lle produce unha enorme inseguridade que xera nela unha actitude provocadora que non conduce a ningures. O suízo Alain Tanner segue fiel ao seu discurso sobre o baleiro existencial que leva ás persoas a vivir arrastrándose, sen ningún tipo de ilusión. Esta vez contou no guión con Miryam Mézières, tamén protagonista, para ofrecer unha desoladora historia en branco e negro.



XOV 15, 16:15

VIRIDIANA [1961]

Luis Buñuel

España, México / 98 min. / Ficción / Castelán, Inglés

Ficha artística:

Silvia Pinal, Fernando Rey, Francisco Rabal, Margarita Lozano, José Calvo, Teresa Rabal, Luis Heredia.

Ficha técnica:

Guión: Luis Buñuel, Julio Alejandro.

Fotografía: José F. Aguayo.

Música: Gustavo Pitaluga.

Producción: Films 59 / UNINCI.

Sinopse:

Don Jaime, un vello fidalgo español, vive retirado e solitario na súa facenda desde a morte da súa esposa, ocorrida o mesmo día da voda. Un día recibe a visita da súa sobriña Viridiana, novicia nun convento, que garda unha asombrosa semellanza coa súa muller.

— Palma de Ouro (ex-aequo) en Cannes 1961.



LUN 19, 17:00

W.R. - MISTERIJE ORGANIZMA / OS MISTERIOS DO ORGANISMO [1971]

Dušan Makavejev

Iugoslavia, Alemaña Occidental (RFA) / 84 min. / Ficción / Serbo-croata, Inglés, Ruso, Alemán

Ficha artística:

Milena Dravic, Ivica Vidovic, Jagoda Kaloper, Tuli Kupferberg, Zoran Radmilovic, Jackie Curtis, Miodrag Andric, Zivka Matic.

Ficha técnica:

Guión: Dusan Makavejev.

Fotografía: Aleksandar Petkovic, Predrag Popovic.

Música: Bojana Marijan.

Producción: Neoplanta Film.

Sinopse:

En 1971, en plena resaca do Maio de 68, o cineasta iugoslavo Dusan Makavejev convértese no artista máis polémico do momento con esta especie de falso documental sobre sexo e política, no que se combinan noticiarios, entrevistas, ficción e ocorrencias surrealistas varias. O guión xira ao redor da vida e obra do psiquiatra austríaco Wilhelm Reich, descubridor da enerxía orgásmica, e das peripecias de dúas mozas comunistas con moitas ganas de experimentar cos seus respectivos corpos.

— Hugo de Ouro á mellor película no Festival de Chicago.



SAB 10, 17:30

WISH YOU WERE HERE / SE ESTIVERAS AQUÍ [1987]

David Leland

Reino Unido / 88 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Emily Lloyd, Clare Clifford, Barbara Durkin, Geoffrey Hutchings, Charlotte Barker, Tom Bell, Pat Heywood.

Ficha técnica:

Guión: David Leland.
Fotografía: Ian Wilson.
Música: Stanley Myers.
Producción: FilmFour.

Sinopse:

Linda é unha coqueta moza de 17 anos que vive nunha aburrída e pequena cidade costeira británica a principios dos anos cincuenta. Vive co seu pai e coa súa irmá menor, pero a falta de afecto pola morte da súa nai converteuna nunha rebelde adolescente que busca chamar a atención dos homes co seu comportamento provocador. A promiscuidade e a actitude de Linda serán obxecto de murmurios da xente que a rodea.

— Premio FIPRESCI da crítica no Festival de Cannes 1987.

ESCÁNDALO: CINEMA SEN LEI NIN MORDAZAS

FOCO KÔJI WAKAMATSU



XOV 15, 22:00

ECSTASY OF THE ANGELS [1972]

Kôji Wakamatsu

Xapón / 89 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Ken Yoshizawa, Rie Yokoyama, Yuki Arasa, Masao Adachi, Michio Akiyama, Yosuke Akiyama, Susumu Iwabuchi, Yosuke Yamashita.

Ficha técnica:

Guión: Izuru Deguchi.
Fotografía: Hideo Itoh.
Música: Yosuke Yamashita.
Producción: Wakamatsu Production / Art Theatre Guild.

Sinopse:

Wakamatsu utiliza como pretexto a historia dun grupo de activistas que intenta roubar armas dunha base do Exército dos Estados Unidos, para prescindir da narrativa convencional e mergullarnos nunha viva anarquía de disertacións políticas, sexo violento, explosións e clubs nocturnos de luxo.



MER 14, 22:45

GO, GO SECOND TIME VIRGIN [1969]

Kôji Wakamatsu

Xapón / 65 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Michio Akiyama, Mimi Kozakura.

Ficha técnica:

Guión: Masao Adachi, Izuru Deguchi, Kazuo 'Gaira' Komizu.
Fotografía: Hideo Itoh.
Música: Meikyu Sekai.
Producción: Wakamatsu Production.

Sinopse:

Unha adolescente é violada por unha cuadrilla na terraza dun edificio, mentres un mozo tímido mira a escena en silencio. Ao día seguinte, a moza pídelles que a mate.



MAR 13, 19:00

KABE NO NAKA NO HIMEGOTO / SEGREDOS TRALA PAREDE

[1965]

Kôji Wakamatsu

Xapón / 75 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Ficha técnica:

Guión: Yoshiaki Ohtani, Kôji Wakamatsu.

Fotografía: Noboru Nishiyama.

Música: Hideo Itoh.

Producción: Nikkatsu.

Sinopse:

Nunha cidade residencial do Xapón dos anos 60, un estudante frustrado dedícase a espiar as súas veciñas e a mirar revistas pornográficas. Unha das veciñas mantén unha relación cun antigo coñecido da universidade, mentres que a outra anda na procura desesperada de relacións sexuais.



MER 14, 21:15

NAKED BULLET [1969]

Kôji Wakamatsu

Xapón / 72 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Yuichi Minato, Ken Yoshizawa.

Ficha técnica:

Guión: Kôji Wakamatsu.

Fotografía: Hideo Itô.

Edición: Kansuke Guryû.

Producción: Kôji Wakamatsu .

Sinopse:

Tres mafiosos rouban a mercadería do intercambio entre dúas bandas. Tamén toman como refén unha muller que forma parte dunha delas e refúxianse nun departamento onde deciden esconderse por un tempo. Pero un deles ten diferentes plans: quere os cartos e a muller só para el.



MAR 13, 23:00

RUNNING IN MADNESS, DYING IN LOVE [1969]

Kôji Wakamatsu

Xapón / 77 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Ken Yoshizawa, Yoko Muto, Rokko Toura, Hatsuo Yamatani, Shigechika Sato, Masao Adachi, Kazuo 'Gaira' Komizu.

Ficha técnica:

Guión: Masao Adachi, Izuru Deguchi.

Fotografía: Hideo Itoh.

Música: Takehito Yamashita.

Producción: Wakamatsu Production.

Sinopse:

Tras unha marcha estudantil, un mozo militante pelexa co seu irmán policía. Intentando separalos, a muller do policía mátao. Disfrazando o crime de suicidio, a improbable parella de viúva e cuñado emprenderá unha viaxe de purificación cara ao Monte Hokkaido, no norte de Xapón. A primeira escena, co mozo atravesando unha cidade en chamas, mentres mira sen parar ao seu arredor para asegurarse de non estar ameazado, sintetiza a atmosfera violenta característica deste período de Wakamatsu.



MER 21, 20:00

SEIZOKU / SEX JACK [1970]

Kôji Wakamatsu

Xapón / 70 min. / Ficción / Xaponés, Inglés

Ficha técnica:

Guión: Masao Adachi.

Fotografía: Hajime Isogai, Hideo Itoh.

Música: Ongakushu-daneizou.

Producción: Wakamatsu Production / Shibata Organisation.

Sinopse:

Coa historia dun grupo de mozos revolucionarios obsesionados co sexo como punto de partida, *Sex Jack* intenta mostrar como o poder se infiltra nos grupos antisistema, outorgándolles aos seus membros unha liberdade enganosa. Traballo indispensable para apreciar a atmosfera de axitación política entre os estudantes de principios dos 70. O filme foi prohibido pola censura francesa, que non aprobou a morte ficticia dun primeiro ministro.



MER 21, 21:15

SHINJUKU MAD [1970]

Kôji Wakamatsu

Xapón / 65 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Yuko Ejima, Makiko Harada, Akiko Hirooka, Yôko Ohno, Etsuko Sakata, Tadaharu Sekine, Toshiyuki Tanigawa, Mikio Terashima.

Ficha técnica:

Guión: Masao Adachi.

Fotografía: Hideo Itoh.

Música: Shinki Chin, Megumi Ishikawa, Hiro Tsunoda, Hiro Yanagida.

Producción: Wakamatsu Production.

Sinopse:

Shinjuku Mad narra o descenso aos infernos dun carteiro rural polas rúas do distrito tokiota de Shinjuku -epicentro dos movementos contraculturais da época-, que busca a verdade sobre o asasinato do seu fillo Jyuro Makita, un estudante de arte dramática. A desesperación do pai choca frontalmente co amor libre, o consumo de drogas e a ruptura cos valores tradicionais reinantes en Shinjuku.



MAR 13, 20:30

VIOLATED ANGELS [1967]

Kôji Wakamatsu

Xapón / 57 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Juro Kara, Keiko Koyanagi, Miki Hayashi, Shoko Kido, Makiko Saegusa, Michiko Sakamoto, Kyôko Yayoi.

Ficha técnica:

Guión: Masao Adachi, Juro Kara, Kôji Wakamatsu, Haruno Yamashita.

Fotografía: Hideo Itoh.

Música: Koji Takamura.

Producción: Wakamatsu Production.

Sinopse:

Un home novo entra nunha residencia de enfermeiras asasinadas unha por unha. Película inspirada nos crimes reais perpetrados polo asasino Richard Speck que tiveron lugar en Chicago en 1966.



MAR 13, 21:45

VIOLENT VIRGIN [1969]

Kôji Wakamatsu

Xapón / 66 min. / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Eri Ashikawa, Toshiyuki Tanigawa, Miki Hayashi, Atsushi Yamatoya, Akitaka Kimata.

Ficha técnica:

Guión: Izuru Deguchi, Atsushi Yamatoya.

Fotografía: Hideo Itoh.

Producción: Wakamatsu Production.

Sinopse:

Secuela de *Violated Angels*, na dous amantes fuxen xuntos ata seren interceptados por un grupo de matóns nun estraño deserto. Wakamatsu plasma aquí ilustracións simbólicas dunha realidade social preocupante. Fascismo, violacións e un certo aire a *Saló ou os 120 Días de Sodoma* de Pier Paolo Pasolini.

ESCÁNDALO: CINEMA SEN LEI NIN MORDAZAS

FOCO ELOY DE LA IGLESIA



DOM 18, 18:00

EL DIPUTADO [1978]

Eloy de La Iglesia

España / 110 min. / Ficción / Castellán

Ficha artística:

José Sacristán, María Luisa San José, José Luis Alonso, Enrique Vivó, Agustín González, Queta Claver, Ángel Pardo, Juan Antonio Bardem.

Ficha técnica:

Guión: Eloy de la Iglesia, Gonzalo Goicoechea.

Fotografía: Antonio Cuevas.

Producción: Figaro Films / Producciones Cinematográficas UFESA.

Sinopse:

Roberto Orbea, que fora militante clandestino dun partido de esquerdas durante o franquismo, é elixido deputado nas eleccións de 1977. No momento máis importante da súa carreira, cando está a piques de ser nomeado secretario xeral do seu partido, é vítima da chantaxe dun grupo de extrema dereita que ameaza con airear a súa homosexualidade.



DOM 18, 20:00

EL SACERDOTE [1978]

Eloy de La Iglesia

España / 109 min. / Ficción / Castellán

Ficha artística:

Simón Andreu, Esperanza Roy, Emilio Gutiérrez Caba, África Pratt, Fabián Conde, José Franco.

Ficha técnica:

Guión: Enrique Barreiro.

Fotografía: Magi Torruella.

Música: Carmelo Bernaola.

Producción: Alborada P.C. / Guión Producciones Cinematográficas.

Sinopse:

O padre Miguel, un atractivo e tímido sacerdote de trinta e seis anos, atravesará unha crise de conciencia. Ademais, a continua presenza no seu confesonario de Irene, unha fermosa muller casada, á vez piadosa e apaixonada, vai minguando a súa fe e as súas conviccións relixiosas.



LUN 12, 19:30

LA CRIATURA [1977]

Eloy de La Iglesia

España / 100 min. / Ficción / Castellán

Ficha artística:

Ana Belén, Juan Diego, Claudia Gravi, Bárbara Lys, Mercedes Ariza, Silvia Casanova, Luis Ciges, Amparo Climent.

Ficha técnica:

Guión: Enrique Barreiro.

Fotografía: Raúl Artigot.

Música: Víctor Manuel.

Producción: Alborada P.C. / Guión Producciones Cinematográficas.

Sinopse:

Despois de varios anos de matrimonio, Cristina logra quedar embarazada. Pouco antes de dar a luz, o susto que lle produce un can precipita o parto e o neno nace morto. Para axudala a esquecer o sucedido, vai co seu marido á praia, onde atopan un can moi parecido ao causante da desgraza. Aínda que ao principio sente medo do animal, acaba encariñándose del e levándoo para a casa. O can convértese nunha vía de escape dun matrimonio que vai cada vez peor. Nel deposita todo o agarimo que non lle puido dar ao seu fillo.



DOM 11, 16:00

LA SEMANA DEL ASESINO [1972]

Eloy de La Iglesia

España / 108 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Vicente Parra, Emma Cohen, Eusebio Poncela, Vicky Lagos, Lola Herrera, Ismael Merlo, Ángel Blanco.

Ficha técnica:

Guión: Eloy de la Iglesia, Antonio Fos, Robert Oliver.

Fotografía: Raúl Artigot.

Música: Fernando García Morcillo.

Producción: Atlas International Film.

Sinopse:

Un mozo que traballa como carnicero mata accidentalmente un taxista. Cando a súa moza decide avisar a policía, el vese obrigado a matala, e o mesmo fai con todos aqueles que supoñen para el unha ameaza.



LUN 12, 17:45

LOS PLACERES OCULTOS [1977]

Eloy de La Iglesia

España / 94 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Simón Andreu, Charo López, Beatriz Rossat, Germán Cobos, Antonio Corencia, Ángel Pardo, Antonio Iranzo.

Ficha técnica:

Guión: Eloy de la Iglesia, Rafael Sánchez Campoy, Gonzalo Goicoechea.

Fotografía: Carlos Suárez.

Música: Carmelo A. Bernaola.

Producción: Alborada P.C.

Sinopse:

Eduardo, un importante executivo, namórase de Miguel, un atractivo mozo dos barrios baixos. Turbios personaxes como Rosa, unha muller casada que engana o seu marido cos mozos do barrio, as prostitutas, os proxenetas, os navalleiros e os chantaxistas serán determinantes no destino dos protagonistas.



MAR 20, 18:45

UNA GOTA DE SANGRE PARA MORIR AMANDO [1973]

Eloy de La Iglesia

España, Francia / 98 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Christopher Mitchum, Sue Lyon, Jean Sorel, Ramón Pons, Charly Bravo, Alfredo Alba, Antonio del Real.

Ficha técnica:

Guión: Eloy de la Iglesia, José Luis Garci, Antonio Fos, Antonio Artero, George Lebourg.

Fotografía: Francisco Fraile.

Música: George Garvarent.

Producción: Intercontinental Productions / José Frade P.C..

Sinopse:

Mentres Ana atende os seus pacientes do Gran Hospital, unha serie de crimes aterroriza a cidade. A vítima é sempre xente nova con problemas. Un día, David, un delincuente habitual, coñece casualmente a Ana.

RAFAEL AZCONA EN ITALIA



XOV 15, 22:30

CIAO MASCHIO / ADEUS AO MACHO [1978]

Marco Ferreri

Italia, Francia / 114 min. / Drama, Fantástico, Romance / Inglés

Ficha artística:

Gérard Depardieu, Marcello Mastroianni, James Coco, Geraldine Fitzgerald, Abigail Clayton, Stefania Casini.

Ficha técnica:

Guión: Marco Ferreri, Gérard Brach, Rafael Azcona.

Fotografía: Luciano Tovoli.

Música: Philippe Sarde.

Producción: 18 Dicembre / Prospectacle / Action Film.

Sinopse:

Lafayette traballa como técnico de luces para un grupo de actrices feministas de Nova York que se divirten abusando del. A súa vida dá un xiro inesperado cando topa por azar coa cría dun chimpancé na praia, dentro dos restos dun inmenso maniquí de King Kong. Este achado fará cambalear a súa propia vida e ao fin decidirá adoptar a cría de primate, obtendo incluso un certificado de nacemento para ela.

— Gran premio do xurado no Festival de Cannes 1978.



SAB 17, 16:00

CONTROSESSO [1964]

Renato Castellani, Marco Ferreri, Franco Rossi

Italia, Francia / 111 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Nino Manfredi, Ugo Tognazzi, Antonio Ciani, Umberto D'Orsi, Anna-Maria Ferrero, Renzo Marignano, Marzia Ubaldi, Dolores Wettach.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Leonardo Benvenuti, Renato Castellani, Piero De Bernardi, Marco Ferreri, Tonino Guerra, Giorgio Salvioni, Cesare Zavattini.

Fotografía: Leonida Barboni, Roberto Gerardi, Ennio Guarnieri.

Música: Piero Umiliani, Teo Uselli, Roman Vlad.

Producción: Adelphia Compagnia Cinematografica / Compagnia Cinematografica Champion / Francine / Les Films Concordia.

Sinopse:

Unha colaxe cinematográfica que consiste en tres actos tomados das vidas dos italianos modernos da década de 1960, sempre en órbita ao redor do incómodo tema da inhibición sexual e a procura do pracer no sexo.



DOM 25, 22:45

FISCHIA IL SESSO [1974]

Gian Luigi Polidoro

Italia / 94 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Aldo Maccione, Rita Tushingham, Leopoldo Trieste.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Antonio Paoletti, Gian Luigi Polidoro.

Fotografía: Benito Frattari.

Música: Nando De Luca.

Producción: David Appleton, Antonio Paoletti.

Sinopse:

Unha moza de Nova York, Carol, decide anotar-se á axencia matrimonial do Sr. Lewis para casar. Alí coñece a Gavino, un mozo inmigrante clandestino.



LUN 19, 16:30

IL FISCHIO AL NASO / QUE DOCE É MORRER ASÍ [1967]

Ugo Tognazzi

Italia / 112 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Ugo Tognazzi, Tina Louise, Olga Villi, Franca Bettoia, Alicia Brandet, Gildo Tognazzi, Alessandro Quasimodo, Gigi Ballista, Riccardo Garrone, Marco Ferreri.

Ficha técnica:

Guión: Alfredo Pigna, Giulio Scarnicci, Renzo Tarabusi, Ugo Tognazzi, Rafael Azcona.

Fotografía: Enzo Serafin.

Música: Teo Uselli.

Producción: Sancro International Film.

Sinopse:

A un empresario dedicado á fabricación de produtos elaborados en papel, descóbrenlle nunha das súas visitas un estraño ruído no nariz polo que se ve obrigado a quedar ingresado.



LUN 19, 18:30

L'HAREM / O HARÉN [1967]

Marco Ferreri

Italia, Francia / 96 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Carroll Baker, Gastone Moschin, Renato Salvatori, Michel Le Royer, William Berger, Clotilde Sakaroff.

Ficha técnica:

Guión: Marco Ferreri (Historia: Rafael Azcona, Marco Ferreri, Ugo Moretti).

Fotografía: Luigi Kuveiller.

Música: Ennio Morricone.

Producción: Alexandra Produzioni Cinematografiche / Sanro International Film / Paris-Cannes Productions.

Sinopse:

Un bo día, Margherita, cansa do rol que lle tocou vivir decide formar un harén cos seus tres amantes e un amigo.



VEN 23, 16:00

L'UDIENZA [1972]

Marco Ferreri

Italia, Francia / 112 min. / Drama / Italiano, Francés, Latín

Ficha artística:

Enzo Jannacci, Claudia Cardinale, Ugo Tognazzi, Michel Piccoli, Vittorio Gassman, Alain Cuny, Daniele Dublino, Sigelfrido Rossi, Irena Oberberg, Maalerer Bergier.

Ficha técnica:

Guión: Marco Ferreri, Dante Matelli (Historia: Marco Ferreri, Rafael Azcona).

Fotografía: Mario Vulpiani.

Música: Teo Usuelli.

Producción: Vides Cinematografica / Les Films Ariane.

Sinopse:

Amedeo é un home vulgar e sinxelo que chega a Roma desde o norte de Italia co propósito de ter unha audiencia privada co Papa. O que pretende é discutir con el sobre asuntos de carácter filosófico e teolóxico que lle preocupan. Con todo, só atopa trabas que lle impiden conseguir o seu obxectivo.



LUN 26, 17:00

L'ULTIMA DONNA / A ÚLTIMA MULLER [1976]

Marco Ferreri

Francia, Italia / 112 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Gérard Depardieu, Ornella Muti, David Biggani, Michel Piccoli, Giuliana Calandra, Renato Salvatori, Zouzou, Nathalie Baye.

Ficha técnica:

Guión: Marco Ferreri, Rafael Azcona, Dante Matelli.

Fotografía: Luciano Tovoli.

Música: Philippe Sarde.

Producción: Flaminia Produzioni Cinematografiche / Les Productions Jacques Roitfeld.

Sinopse:

Gérard é enxeñeiro nunha fábrica de Créteil nos arredores de París. A súa muller Gabrielle acode ás reunións do Movemento de Liberación Feminino e acaba por abandonalo por razóns puramente feministas. A parella ten un neno, Pierrot, ao que Gérard ama profundamente e do que se fai cargo tras o abandono da súa muller. Un día, tras levalo ao médico, establece unha relación con Valérie, a puericultora que atende o pequeno. Ela preparábase para viaxar a Tunes con Michel, un amante ocasional, pero acaba aceptando instalarse, durante algún tempo, na casa de Gérard.



MAR 27, 16:00

L'ULTIMO PULCINELLA [2008]

Maurizio Scaparro

Italia / 92 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Massimo Ranieri, Adriana Asti, Jean Sorel, Valeria Cavalli, Domenico Balsamo, Carla Ferraro, Margot Dufrene.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Diego De Silva, Maurizio Scaparro.

Fotografía: Roberto Meddi.

Música: Mauro Pagani.

Producción: FaroFilm / Rai Cinema.

Sinopse:

Michelangelo, un veterano actor que gusta de interpretar o tradicional personaxe napolitano Pulcinella (Pulchinel) sempre que atopa un público disposto a escoitalo, vese obrigado a abandonar Nápoles e marchar a París, cando se decata de que o seu fillo está refuxiado nos arredores da capital francesa logo de ser testemuña dun asasinato cometido pola mafia.



XOV 15, 18:45

LA DONNA SCIMMIA / REMATOU O NEGOCIO [1964]

Marco Ferreri

Italia, Francia / 93 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Ugo Tognazzi, Annie Girardot, Linda de Felice, Achille Majeroni, Filippo Pompa Marcelli, Elvira Paolini, Ugo Rossi, Eva Belami.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Marco Ferreri.

Fotografía: Aldo Tonti.

Música: Teo Uselli.

Producción: Compagnia Cinematografica Champion / Les Films Marceau / Cocinor / Les Films Concordia.

Sinopse:

Antonio coñece a María, que vive reclusa nun asilo rexentado por monxas. Vive así porque está avergoñada de como é: ten pelos en cara e brazos. Antonio convéncea para que vaia con el, viu un gran negocio: exhibila coma se fose unha muller simia atopada na selva africana.



XOV 8, 22:00

LA GRANDE BOUFFE / O GRAN BANQUETE [1973]

Marco Ferreri

Francia, Italia / 129 min. / Ficción / Francés, Italiano

Ficha artística:

Marcello Mastroianni, Ugo Tognazzi, Philippe Noiret, Michel Piccoli, Andréa Ferréol, Solange Blondeau, Florence Giorgetti, Monique Chaumette, Louis Navarre.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Marco Ferreri.

Fotografía: Mario Vulpiani.

Música: Philippe Sarde.

Producción: Mara Films / Les Films 66 / Capitolana Films.

Sinopse:

Catro amigos unidos polo hedonismo e o tedio máis absolutos reúnen-se nunha mansión coa idea de suicidarse comendo sen tregua. Axiña engaden á gula outro pecado capital, a luxuria, e comezan a chegar as prostitutas. O sexo obsceno mestúrase así cos porcos, os queixos, os xamóns e o caviar.

— Premio FIPRESCI en Cannes 1973.



XOV 15, 17:00

L'APE REGINA / A ABELLA RAÍÑA [1963]

Marco Ferreri

Italia, Francia / 95 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Ugo Tognazzi, Marina Vlady, Walter Giller, Linda Sini, Riccardo Fellini, Gian Luigi Polidoro, Nino Vingelli, Achille Majeroni.

Ficha técnica:

Guión: Goffredo Parise, Rafael Azcona, Marco Ferreri, Diego Fabbri, Pasquale Festa Campanile, Massimo Franciosa.

Fotografía: Ennio Guarnieri.

Música: Teo Uselli.

Producción: Cocinor / Les Films Marceau / Sancio Film.

Sinopse:

Un home de 40 anos, Alfonso, finalmente accede a casar cunha muller católica, fermosa e virxe. Pero axiña ela, Regina, comeza a estresarse porque quere quedar embarazada.



XOV 15, 15:00

MAFIOSO [1962]

Alberto Lattuada

Italia / 105 min. / Drama, Comedia / Italiano, Inglés, Francés, Alemán

Ficha artística:

Alberto Sordi, Norma Bengell, Gabriella Conti, Ugo Attanasio, Cinzia Bruno, Katuska Piretti, Armando Tine.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Marco Ferreri, Agenore Incrocci, Furio Scarpelli.

Fotografía: Armando Nannuzzi.

Música: Piero Piccioni.

Producción: Compagnia Cinematografica Antonio Cervi / Dino de Laurentiis Cinematografica.

Sinopse:

Antonio Badalamenti é un honrado siciliano que traballa e vive en Milán. Chegada a época estival, decide pasar as súas vacacións en Calenzano, a súa poboación natal, situación que aproveita o director da súa empresa para enviar un paquete a don Vincenzo, o xefe da mafia local. A partir dese momento o protagonista verase implicado nos turbios negocios da mafia.



LUN 19, 15:00

MARCIA NUZIALE / MARCHA NUPCIAL [1966]

Marco Ferreri

Italia, Francia / 83 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Ugo Tognazzi, Shirley Anne Field, Alexandra Stewart, Gaia Germani, Catherine Faillot, Tecla Scarano, Gianni Bonagura, Julia Drago.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Diego Fabbri, Marco Ferreri.

Fotografía: Benito Frattari, Enzo Serafin, Mario Vulpiani.

Música: Teo Uselli.

Producción: Sancio Film / Transinter Films.

Sinopse:

Filme composto de catro episodios que ilustran en clave de comedia aspectos paradoxais ou grotescos da vida conxugal.



XOV 15, 20:30

OGGI, DOMANI, DOPODOMANI / HOXE, MAÑÁ, PASADOMAÑÁ [1965]

Eduardo De Filippo, Marco Ferreri, Luciano Salce

Italia, Francia / 85 min. / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Marcello Mastroianni, Catherine Spaak, Vima Lisi, Luciano Salce, Pamela Tiffin, Ugo Tognazzi, Raimondo Vianello, Ennio Balbo, Sonja Romanoff, Ennio Antonelli.

Ficha técnica:

Guión: Marco Ferreri, Rafael Azcona, Eduardo De Filippo, Isabella Quarantotti, Goffredo Parise, Franco Castellano, Giuseppe Moccia, Luciano Salce.

Fotografía: Gianni Di Venanzo, Mario Montuori, Aldo Tonti.

Música: Luis Bacalov, Nino Rota, Teo Uselli.

Producción: Compagnia Cinematografica Champion / Film Concorde.

Sinopse:

Filme dividido en tres episodios sobre as relacións de parella. N'O *home dos cinco globos* o protagonista é un home tenso que está a piques de casar e que está empeñado en descubrir o límite da resistencia dos globos antes de explotar. A *hora de partida* mostra o peculiar método utilizado por un marido (e copiado por toda a veciñanza) para dobregar a súa muller. N'A *esposa loura*, un marido trata de vender a súa fermosa e inútil muller a un millonario xeque árabe.



LUN 19, 20:15

TOUCHE PAS À LA FEMME BLANCHE / NON TOCAR Á MULLER BRANCA [1974]

Marco Ferreri

Francia, Italia / 108 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Catherine Deneuve, Marcello Mastroianni, Michel Piccoli, Philippe Noiret, Ugo Tognazzi, Alain Cuny, Serge Reggiani.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona, Marco Ferreri.

Fotografía: Étienne Becker.

Música: Philippe Sarde.

Producción: Films 66 / Mara Films / Laser Production.

Sinopse:

Esta é a historia revisada da guerra do Xeneral Custer contra os indios de América, aínda que ambientada nas rúas de París dos anos 70. O resultado é un western satírico sobre o nacemento dos Estados Unidos.



SAB 17, 18:00

UNA MOGLIE AMERICANA / A ESPOSA AMERICANA [1965]

Gian Luigi Polidoro

Italia, Francia / 114 min. / Ficción / Italiano, Inglés

Ficha artística:

Ugo Tognazzi, Marina Vlady, Rhonda Fleming, Juliet Prowse, Graziella Granata, Carlo Mazzone, Ruth Laney, Sharon Obeck, Cherie Latimer, Louise Rousseau.

Ficha técnica:

Guión: Gian Luigi Polidoro, Rafael Azcona, Ennio Flaiano.

Fotografía: Benito Frattari, Marcello Gatti, Enzo Serafin.

Música: Nino Oliviero.

Producción: Compagnie Industrielle et Commerciale Cinématographique / Films Borderie / Sancio Film.

Sinopse:

Riccardo Vanzani traballa nunha empresa de zapatos en Italia cando recibe o encargo de viaxar a Nova York. Ao chegar á Gran Mazá quedará marabillado co comfortable nivel de vida e co famoso soño americano, polo que decidirá conseguir a cidadanía custe o que custe. A súa primeira idea é lograla mediante un matrimonio, pero semella que o atractivo do home latino está en decadencia.



MER 28, 22:00

YA BON LES BLANCS / OS NEGROS TAMÉN COMEN [1987]

Marco Ferreri

España, Italia, Francia / 95 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Maruschka Detmers, Michele Placido, Juan Diego, Michel Piccoli, Evelyne Pieiller, Cheick Doukouré, Jean-François Stévenin.

Ficha técnica:

Guión: Rafael Azcona.

Fotografía: Ángel Luis Fernández.

Música: Varios.

Producción: Iberoamericana Films.

Sinopse:

Unha expedición humanitaria, integrada por doce europeos e seis camiións cargados de provisións para paliar a fame dos negros, atraves a África. Pero tropeza con numerosas dificultades.

CONCURSO SANTIAGO eTAPAS

#SANTIAGOeTAPAS

COORGANIZAN



www.SANTIAGOeTAPAS.gal

PATROCINAN



SENTE O SABOR

CULT MOVIES



VEN 9, 17:30

BENVENUTA [1983]

André Delvaux

Bélxica, Francia, Italia / 105 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Fanny Ardant, Vittorio Gassman, Françoise Fabian, Mathieu Carrière, Claire Wauthio.

Ficha técnica:

Guión: André Delvaux (Novela: Suzanne Lilar).

Fotografía: Charles Van Damme.

Música: Frédéric Devreese.

Producción: Union Générale Cinématographique (UGC) / Europe 1 / France 3 Cinéma / La Nouvelle Imagerie / Opera Film Produzione / Ministère de la Communauté Française de Belgique.

Sinopse:

François, un novo guionista alsaciano, viaxa a Gante para atoparse con Jeanne, a autora dunha novela pola que sente auténtica fascinación e coa que intenta inspirarse para unha película. A novela é a historia da tola paixón existente entre unha moza flamenga (Benvenuta) e un maduro maxistrado italiano (Livio). François sospeita que a obra é autobiográfica porque a autora, que durante moito tempo viviu illada no seu propio fogar, resítese a todas as súas peticións.

— Premio especial do xurado no Montréal World Film Festival 1983.



MAR 13, 17:15

DARK HORSE [2011]

Todd Solondz

Estados Unidos / 86 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Jordan Gelber, Selma Blair, Christopher Walken, Mia Farrow, Zachary Booth, Donna Murphy.

Ficha técnica:

Guión: Todd Solondz.

Fotografía: Andrij Parekh.

Música: Michael Hill.

Producción: Double Hope Films.

Sinopse:

Abe, un mozo que vive aínda cos seus pais, dedícase a coleccionar xoguetes. Traballa na empresa familiar e aproveítase da debilidade que a súa nai sente por el; ten tamén un irmán médico co que non se leva moi ben. Nunha voda coñece a Miranda, unha moza de carácter depresivo á que impulsivamente propón matrimonio. Ela, ao principio non moi entusiasmada coa idea, acaba aceptando, pero a situación non é o que Abe esperaba. Por unha banda, terá que aguantar a Mahmoud, antigo noivo de Miranda, co que ela mantén unha relación cordial pero que a el non lle gusta. Por outro, a relación co seu pai empeora debido ás súas continuas disputas.



MAR 20, 21:30

DE PALMA [2015]

Noah Baumbach, Jake Paltrow

Estados Unidos / 110 min. / Ficción / Inglés

Ficha técnica:

Guión: Noah Baumbach, Jake Paltrow.

Producción: Empire Ward / HBO Documentary Films / Boxmotion.

Sinopse:

Un dos máis creativos, influentes e iconoclastas directores de cinema de todos os tempos, Brian de Palma, conversa cos tamén cineastas Noah Baumbach e Jake Paltrow nesta honesta e emocionante discusión na que desvelan non só a vida e o traballo de De Palma, que alcanza xa seis décadas, senón tamén a súa particular aproximación á arte e ao oficio de cineasta.



DOM 11, 17:30

GO GET SOME ROSEMARY [2009]

Benny Safdie, Josh Safdie

Estados Unidos, Francia / 100 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Ronald Bronstein, Ted Barron, Jake Braff, Larry Chamberlain, Wayne Chin, Abel Ferrara, Dakota Goldhor, Eleonore Hendricks.

Ficha técnica:

Guión: Ben Safdie, Joshua Safdie.

Fotografía: Brett Jutkiewicz, Joshua Safdie.

Música: David Sandholm, The Beets.

Producción: Neistat Scott, Associates / Neistat / Scott and Associates / Red Bucket Films / Sophie Dulac Productions.

Sinopse:

Lenny ten 34 anos, é proyeccionista nun cinema e ten a custodia dos seus dous fillos unicamente dúas semanas ao ano. A pesar de ser un pai moi divertido para un neno, constitúe un manual vivo de todo o que un proxenitor nunca debería facer. *Go get some Rosemary* séguese durante esas dúas semanas, nas que incorre nunha longa serie de irresponsabilidades en absoluto malintencionadas, pero que terminan sendo desconcertantes mesmo para un par de nenos aos que lles encanta o xogo e o caos. Pero dúas semanas son moi pouco tempo, e entre pesadelos que inclúen mosquitos xigantes, tomará unha perigosa decisión.

— Premio John Cassavetes nos Premios Independent Spirit 2010.



VEN 23, 18:00

HUNGRY HEARTS [2014]

Saverio Costanzo

Italia / 109 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Adam Driver, Jake Weber, Alba Rohrwacher, Natalie Gold, Toshiko Onizawa, Victor Williams, David Aaron Baker.

Ficha técnica:

Guión: Saverio Costanzo (Novela: Marco Franzoso).

Fotografía: Fabio Cianchetti.

Música: Nicola Piovani.

Producción: Wildside / Rai Cinema / Ministero per i Beni e le Attività Culturali (MiBAC).

Sinopse:

Mina é italiana e Jude estadounidense. Coñécense de xeito accidental e inician unha apaixonada historia de amor que os leva a casar en pouco tempo. As súas vidas transcorren con tranquilidade ata que, de súpeto, Mina queda embarazada e un guía espiritual lle di que está a procrear un bebé indigo, é dicir, cunhas capacidades máis alá do normal. A partir dese momento, Mina obsesiónase coa idea de que o seu fillo será practicamente un Deus e comeza a protexelo de calquera ameaza exterior.

— Copa Volpi á mellor actriz e ao mellor actor en Venecia 2014.



XOV 15, 16:00

IDENTIFICAZIONE DI UNA DONNA / IDENTIFICACIÓN DUNHA MULLER [1982]

Michelangelo Antonioni

Italia, Francia / 128 min. / Ficción / Italiano, Inglés, Francés

Ficha artística:

Tomas Milian, Daniela Silverio, Christine Boisson, Marcel Bozzuffi, Veronica Lazar, Itaco Nardull.

Ficha técnica:

Guión: Gérard Brach, Michelangelo Antonioni.

Fotografía: Carlo Di Palma.

Música: John Foxx.

Producción: Antonio Macri / Giorgio Nocella / Alessandro von Norman / Renzo Rossellini.

Sinopse:

Recentemente abandonado pola súa muller, Niccolo, director de cinema sen cámara, toma a decisión de realizar unha película sobre as mulleres. Cando sae na procura das posibles protagonistas do filme comeza a preguntarse que muller ou tipo de muller debería buscar. Como nin el mesmo o sabe, deberá identificala entre todas aquelas mulleres que o guiñon de Antonioni pon no seu camiño.

— Premio 35 Aniversario do Festival de Cannes 1982.



LUN 26, 20:15

LITTLE ODESSA / CUESTIÓN DE SANGUE [1994]

James Gray

Estados Unidos / 98 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Tim Roth, Edward Furlong, Moira Kelly, Vanessa Redgrave, Maximilian Schell, Paul Guilfoyl.

Ficha técnica:

Guión: James Gray.

Fotografía: Tom Richmond.

Música: Dana Sano.

Producción: Fine Line Features / New Line Cinema / Live Entertainment.

Sinopse:

Joshua, un asasino profesional, volve á súa cidade natal por cuestións de traballo. O retorno á poboación de inmigrantes rusos onde pasou a súa mocidade esperta no recordos dolorosos e confusos.

— Mellor director no Festival de Venecia 1994.



MER 21, 16:00

MOI, PIERRE RIVIÈRE, AYANT ÉGORGÉ MA MÈRE, MA SOEUR ET MON FRÈRE... [1976]

René Allio

Francia / 130 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Claude Hébert, Joseph Leportier, Jacqueline Millière, Antoine Bourseiller, Emilie Lihou, Pierre Leomy, Jacques Debary, Annick Gehan.

Ficha técnica:

Guión: René Allio, Pascal Bonitzer, Jean Jourdeuil, Serge Toubiana (Libro: Michel Foucault).

Fotografía: Bob Alazraki, Nurith Aviv, Michel Thiriet.

Edición: Sylvie Blanc.

Producción: Fanny Berchaux / René Féré.

Sinopse:

En 1835, en Normandía, un mozo de vinte anos asasina brutalmente a súa nai, a súa irmá e o seu irmán. Cando o deteñen, case un mes despois do parricidio, varias testemuñas concordan en que é un demente porque sempre mostrou un comportamento "estranho". Con todo, o parricida, Pierre Rivière, tras a súa detención, redacta con gran coherencia unha longa confesión onde expón con todo detalle os antecedentes que o levaron a cometer semellante crime e como, deliberadamente, o planificou e o levou a cabo.



MER 21, 17:30

MOONRISE [1948]

Frank Borzage

Estados Unidos / 90 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Dane Clark, Gail Russell, Ethel Barrymore, Allyn Joslyn, Rex Ingram, Lloyd Bridge.

Ficha técnica:

Guión: Charles F. Haas (Novela: Theodore Strauss).

Fotografía: John L. Russell.

Música: William Lava.

Producción: Marshall Grant / Republic Pictures.

Sinopse:

Película que combina a partes iguais cinema negro e melodrama romántico. Danny Hawkins, un neno que vive nunha pequena poboación, é humillado e maltratado polos demais nenos porque o seu pai foi aforcado polo asasinato do médico que deixou morrer a súa muller.



VEN 16, 18:45

O SOM AO REDOR [2012]

Kleber Mendonça Filho

Brasil / 131 min. / Ficción / Portugués, Inglés, Mandarín, Persa

Ficha artística:

Irma Brown, Sebastião Formiga, Gustavo Jahn, Maeve Jinkings, Irandhir Santos, W.J. Solha, Lula Terra.

Ficha técnica:

Guión: Kleber Mendonça Filho.

Fotografía: Pedro Sotero, Fabrício Tadeu.

Música: DJ Dolores.

Producción: CinemaScópio.

Sinopse:

Os habitantes dun barrio da cidade brasileira de Recife séntense inseguros e contratan unha empresa que os protexa. Esta incursión, que pretende loitar contra a desconfianza que se instalou entre os membros dunha comunidade relativamente tranquila, altera a vida das súas rúas, aínda que a monotonía axiña atopa o seu camiño.



LUN 26, 18:15

W arts M

SANS TOIT NI LOI / SEN TEITO NIN LEI [1985]

Agnès Varda

Francia / 105 min. / Ficción / Francés, Árabe, Inglés

Ficha artística:

Sandrine Bonnaire, Macha Méril, Yolande Moreau, Stéphane Freiss, Marthe Jarnias, Joël Fosse.

Ficha técnica:

Guión: Agnès Varda.

Fotografía: Patrick Blossier.

Música: Joanna Bruzdowicz.

Producción: Oury Milshtein.

Sinopse:

Varda fai un lírico réquiem de Mona, unha adolescente vagabunda que é atopada morta, mostrando en flashback os seus últimos meses de vida, o seu desarraigamento social e as súas relacións coa xente que coñeceu.

— León de Ouro de Venecia 1985.

— Mellor actriz (Sandrine Bonnaire) e catro nomeamentos nos Premios César 1985.



VEN 16, 17:00

SCHIZOPOLIS [1996]

Steven Soderbergh

Estados Unidos / 96 min. / Ficción / Inglés, Xaponés, Italiano, Francés

Ficha artística:

Steven Soderbergh, Scott Allen, Betsy Brantley, Marcus Lyle Brown, Silas Cooper.

Ficha técnica:

Guión: Steven Soderbergh.

Fotografía: Steven Soderbergh.

Música: Cliff Martinez, Jeff Rona, Steven Soderbergh.

Sinopse:

Fletcher sempre tivo un carácter apoucado e nunca conseguiu destacar no seu traballo nunha seita relixiosa. Cando a vida lle brinda unha nova oportunidade, convértese no redactor dos discursos do líder e fundador do grupo.



MAR 13, 22:00

SIMON KILLER [2012]

Antonio Campos

Estados Unidos, Francia / 101 min. / Ficción / Inglés, Francés

Ficha artística:

Brady Corbet, Mati Diop, Constance Rousseau, Michael Abiteboul.

Ficha técnica:

Guión: Antonio Campos.

Fotografía: Joe Anderson.

Música: Daniel Bensí, Saunder Jurriaans.

Producción: Sean Durkin, Marie-Louise Khondji, Florence Lobet, Josh Mond, Alexander Norton, Matt Palmieri, Melody C. Roscher.

Sinopse:

Un graduado recente na universidade vai a París despois de romper unha relación coa súa noiva que duraba cinco anos. Unha vez alí, namórase dunha moza prostituta e comeza unha viaxe fatídica.



VEN 9, 17:00

THE ADJUSTER / O LIQUIDADOR [1991]

Atom Egoyan

Canadá / 102 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Elias Koteas, Arsinée Khanjian, Maury Chaykin, Gabrielle Rose, Jennifer Dale, David Hemblen.

Ficha técnica:

Guión: Atom Egoyan.

Fotografía: Paul Sarossy.

Música: Mychael Danna.

Producción: Alliance Entertainment / Ego Film Arts / Ontario Film Development Corporation / Téléfilm Canada.

Sinopse:

Unha parella de tendencias voieurísticas, un taxador de seguros obsesionado con solucionaralles a vida aos seus clientes e unha censora de películas pronográficas convértense en suxeitos cinematográficos polo capricho sexual dos seus veciños.

— Espiga de Ouro (mellor filme) na Seminci 1991.

— Mellor película canadense no Festival de Toronto 1991.



MAR 13, 16:00

THE PLEASURE OF BEING ROBBED [2008]

Josh Safdie

Estados Unidos / 71 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Eleonore Hendricks, Bat Baxter, Van Neistat, Francesca LaPrelle, Josh Safdie, Wayne Chin.

Ficha técnica:

Guión: Eleonore Hendricks, Joshua Safdie, Andy Spade, Anthony Sperduti.

Fotografía: Brett Jutkiewicz, Joshua Safdie.

Música: The Beets, Alex Billig, Noah Britton, Tiny Seas.

Producción: Red Bucket Films.

Sinopse:

Eleonore, cleptómana compulsiva, deambula polas rúas de Nova York. Curiosa e perdida, busca algo en todas partes e vai roubando todo o que atopa ao seu paso. Unha noite, mentres agarda a próxima aventura, atópase co seu amigo Josh.



LUN 26, 16:30

THE TRIGGER EFFECT / O EFECTO DOMINÓ [1996]

David Koepp

Estados Unidos / 94 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Kyle MacLachlan, Elisabeth Shue, Dermot Mulroney, Michael Rooker, Richard T. Jones, Richard Schiff, Bill Smitrovich.

Ficha técnica:

Guión: David Koepp.

Fotografía: Newton Thomas Sigel.

Música: James Newton Howard.

Producción: Gramercy Pictures / Amblin Entertainment / Universal Pictures.

Sinopse:

Un apagamento xeral nunha cidade americana desencadea unha serie de acontecementos de imprevisibles consecuencias. Despois de varios días sen luz, Matthew e Annie, pais dun bebé, comezan a preocuparse e convidan un amigo para que quede con eles ata que se restableza a subministración eléctrica. En canto comezan a difundirse rumores de pillaxe na veciñanza, Matthew e o seu amigo Joe deciden mercar unha arma para defenderse.



XOV 8, 17:30

UN SINGE EN HIVER / UN MONO EN INVERNO [1962]

Henri Verneuil

Francia / 105 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Jean Gabin, Jean-Paul Belmondo, Suzanne Flon, Gabrielle Dorziat, Hella Petri, Marcelle Arnold, Charles Bouillaud.

Ficha técnica:

Guión: Michel Audiard, François Boyer (Novela: Antoine Blondin).

Fotografía: Louis Page.

Música: Michel Magne.

Producción: Cité Films, Compagnie Internationale de Productions Cinématographiques (CIPRA).

Sinopse:

Albert Quentin (Jean Gabin) é un home asentado e dedicado xunto á súa esposa Suzanne (Suzanne Flon), a atender aos hóspedes do seu hotel, pero cando chega Gabriel Fouquet (Jean-Paul Belmondo) “para pasar uns días”, os ímpetus dos anos mozos van aflorar de novo naquel vello que aínda aspira a darlle sentido ao seu días.



**Compostela
Cultura**

compostelacultura.gal



FANTASTIQUE COMPOSTELA



LUN 26, 20:45 | MAR 27, 16:15 | MER 28, 17:30

COINCOIN ET LES Z'INHUMAINS / COINCOIN CONTRA OS EXTRATERRESTRES [2018]

Bruno Dumont

Francia / 208 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Alane Delhaye, Bernard Pruvost, Philippe Jore, Julien Bodart, Christophe Verheecke, Alexia Depret, Lucy Caron.

Ficha técnica:

Guión: Bruno Dumont.
Fotografía: Guillaume Deffontaines.
Edición: Bruno Dumont, Basile Belkhiri.
Producción: Jean Bréhat, Rachid Bouchareb, Muriel Merlin.

Sinopse:

Quinquin é agora adulto e faise chamar Coincoin. Deambula pola Costa de Ópalo e asiste a reunións do Partido Nacionalista con Fatso, o seu amigo da infancia. O seu antigo amor, Eve, abandonouno por Corinne. Cando preto da poboación atopan un magma extraño, os habitantes comezan a comportarse de xeito diferente. Os nosos dous heroes, o capitán Van Der Weyden e o seu leal axudante Carpentier, falan de posibles ataques alieníxenas. Comeza a invasión extraterrestre.



MAR 20, 16:30 | MER 21, 22:30 | VEN 23, MARATÓN

GHOSTLAND [2018]

Pascal Laugier

Francia, Canadá / 91 min. / Ficción / Inglés, Francés

Ficha artística:

Crystal Reed, Anastasia Phillips, Emilia Jones.

Ficha técnica:

Guión: Pascal Laugier.
Fotografía: Danny Nowak.
Producción: 5656 Films / Logical Pictures / Mars Films.

Sinopse:

Pauline e as súas dúas fillas adolescentes, Beth e Vera, herdán unha casa. A primeira noite no seu novo fogar sofren o brutal ataque dun grupo de intrusos. Pauline e as mozas deberán loitar para salvar as súas vidas. 16 anos despois, Beth é unha novelista de éxito, mentres que a súa irmá Vera, vítima de desequilibrios mentais, vive aínda naquela casa coa súa nai. Cando as tres volven reunirse alí, dá comezo unha onda de acontecementos terroríficos.



XOV 22, 20:00 | VEN 23, MARATÓN

GRÄNS / BORDER [2018]

Ali Abbasi

Suecia / 101 min. / Ficción / Sueco

Ficha artística:

Eva Melander, Eero Milonoff, Viktor Åkerblom, Joakim Olsson.

Ficha técnica:

Guión: Ali Abbasi, Isabella Eklöf, John Ajvide Lindqvist.
Fotografía: Nadim Carlsen.
Música: Christoffer Berg, Martin Dirkov.
Producción: Nina Bisgaard, Piodor Gustaffson, Petra Jönsson.

Sinopse:

Tina é unha axente de aduanas cun olfacto tan extraordinario que é capaz de cheirar a culpa de calquera que pretenda esconder algo. Un día o seu olfacto é posto a proba con Vore, un home de aspecto sospeitoso que pasa ante ela. Tina sabe que Vore esconde algo que ela non pode identificar. E o que é peor, séntese estranamente atraída por el. Tina descobre a auténtica identidade de Vore pero tamén a verdade sobre a súa propia existencia.

- Premio *Un Certain Regard* en Cannes 2018.
- Premio da crítica no Festival Internacional de Cine de Noruega.
- Premio World Fiction á mellor película no Festival dos Angeles.



XOV 15, 20:00 | SAB 17, 22:30

W&M

HIGH LIFE [2018]

Claire Denis

Alemaña, Francia, Reino Unido, Polonia, Estados Unidos / 110 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Robert Pattinson, Juliette Binoche, Mia Goth, André Benjamin, Lars Eidinger, Agata Buzek, Claire Tran, Ewan Mitchell.

Ficha técnica:

Guión: Claire Denis, Jean-Pol Fargeau, Geoff Cox.
Fotografía: Yorick Le Saux, Tomasz Naumiuk.
Música: Stuart Staples, Tindersticks.
Producción: Alcatraz Film / Pandora Film / Andrew Lauren Productions (ALP) / Apocalypse Films Company / Madants / Canal+ / arte France Cinéma / BFI Film Fund.

Sinopse:

Un grupo de convictos acepta participar nunha misión espacial a cambio dunha rebaixa na súa condena.

— Premio FIPRESCI da crítica no Festival de San Sebastián 2018

Tras *Un sol interior*, na que se permitía un excursio pola comedia de muller descasada, Claire Denis repite con Juliette Binoche nunha viaxe a un xénero moito máis afastado, a ciencia ficción dentro de nave espacial. A orixe dos seus despersonalizados tripulantes é o de vagar no espazo, case como remeiros dunha sentina, como colonia penal. É Denis vai ensinando por onde comezou a foderse esta viaxe onde os seres humanos perderon a súa alma. E o único que pervive, e axigantada, é a pulsión sexual, tan ben expresada nesa ferocidade coa que Juliette Binoche se fai cun orgasmatrón. Outra fascinante obra maiúscula da misantropía de Claire Denis.

MARATÓN



XOV 22, 20:00 | VEN 23, MARATÓN

GRÄNS / BORDER [2018]

Ali Abbasi

Suecia / 101 min. / Ficción / Sueco

Ficha artística:

Eva Melander, Eero Milonoff, Viktor Åkerblom, Joakim Olsson.

Ficha técnica:

Guión: Ali Abbasi, Isabella Eklöf, John Ajvide Lindqvist.

Fotografía: Nadim Carlsen.

Música: Christoffer Berg, Martin Dirkov.

Producción: Nina Bisgaard, Piodor Gustaffson, Petra Jönsson.

Sinopse:

Tina é unha axente de aduanas cun olfacto tan extraordinario que é capaz de cheirar a culpa de calquera que pretenda esconder algo. Un día o seu olfacto é posto a proba con Vore, un home de aspecto sospeitoso que pasa ante ela. Tina sabe que Vore esconde algo que ela non pode identificar. E o que é peor, séntese estrañamente atraída por el. Tina descobre a auténtica identidade de Vore pero tamén a verdade sobre a súa propia existencia.

— Premio *Un Certain Regard* en Cannes 2018.

— Premio da crítica no Festival Internacional de Cine de Noruega.

— Premio World Fiction á mellor película no Festival dos Angeles.



XOV 22, 18:15 | VEN 23, MARATÓN | SAB 24, 17:30

WHAT KEEPS YOU ALIVE [2018]

Colin Minihan

Canadá / 98 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Hannah Emily Anderson, Brittany Allen, Martha MacIsaac, Joey Klein.

Ficha técnica:

Guión: Colin Minihan.

Fotografía: David Schuurman.

Música: Brittany Allen.

Producción: Digital Interference Productions.

Sinopse:

Jules e Jackie van pasar a fin de semana a un bosque para celebrar o seu primeiro aniversario de vodas. Pero nese idílico bosque no que deberían celebrar o seu amor comezan a acontecer cousas coas que non contaban.

Hai neste filme do canadense Colin Miniham ecos de *Revenge*, o *survival* feminino que integrou o maratón de Cineuropa 2017. Pero, indo máis atrás, a relación tan estreita dos protagonistas desta caza humana coa natureza remite á xa lendaria *Deliverance*, a obra mestra de John Boorman baseada en novela de James Dickey. O ritmo frenético e a dosificación dos golpes de efecto pasan por encima de situacións máis ou menos inverosímiles. Isto é o bosque, estás completamente só e tes que te aferrar a aquilo que che axude a sobrevivir.



MAR 20, 16:30 | MER 21, 22:30 | VEN 23, MARATÓN

GHOSTLAND [2018]

Pascal Laugier

Francia, Canadá / 91 min. / Ficción / Inglés, Francés

Ficha artística:

Crystal Reed, Anastasia Phillips, Emilia Jones.

Ficha técnica:

Guión: Pascal Laugier.

Fotografía: Danny Nowak.

Producción: 5656 Films / Logical Pictures / Mars Films.

Sinopse:

Pauline e as súas dúas fillas adolescentes, Beth e Vera, herdan unha casa. A primeira noite no seu novo fogar sofren o brutal ataque dun grupo de intrusos. Pauline e as mozas deberán loitar para salvar as súas vidas. 16 anos despois, Beth é unha novelista de éxito, mentres que a súa irmá Vera, vítima de desequilibrios mentais, vive aínda naquela casa coa súa nai. Cando as tres volven reunirse alí, da comezo unha onda de acontecementos terroríficos.



VEN 23, MARATÓN

SANTA SANGRE [1989]

Alejandro Jodorowsky

México, Italia / 123 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Axel Jodorowsky, Blanca Guerra, Guy Stockwell, Thelma Tixou

Ficha técnica:

Guión: Roberto Leoni

Producción: Claudio Argento

Música: Simon Boswell

Fotografía: Daniele Nannuzzi Montaxe: Mauro Bonanni

Sinopse:

Un neno que traballa no circo do seu pai como mago e mimo, e ten unha nai fanática relixiosa dunha seita que se chama «Santa Sangre», experimenta unha serie de vivencias atroces que o levan a ser recluído nun hospital psiquiátrico. Xa adulto, emprende unha viaxe interior cuxa meta é liberarse dos fantasmas que o agonian.



VEN 23, MARATÓN

EL GRAN AMOR DEL CONDE DRÁCULA [1973]

Javier Aguirre

España / 85 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Paul Naschy, Haydée Politoff, Rosanna Yanni, Ingrid Garbo, Mirta Miller, Víctor Alcázar.

Ficha técnica:

Guión: Javier Aguirre, Alberto S. Insúa, Paul Naschy.

Fotografía: Raúl Pérez Cubero.

Música: Carmelo A. Bernaola.

Producción: Janus Films.

Sinopse:

Catro mulleres e un home deciden refuxiarse da noite nun castelo. Por desgraza para eles, o propietario do castelo, o Dr. Marlow resulta ser o mesmo Conde Drácula.



VEN 23, MARATÓN

SYMPTOMS / SÍNTOMAS [1974]

José Ramón Larraz

Reino Unido, Bélxica, España / 92 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Angela Pleasence, Mike Grady, Lorna Heilbron, Raymond Huntley, Marie-Paule Mailleux, Nancy Nevinson.

Ficha técnica:

Guión: José Ramón Larraz, Stanley Miller.

Fotografía: Trevor Wrenn.

Música: John Scott.

Producción: Finition Productions.

Sinopse:

Unha moza recibe o convite dunha amiga para pasar unha tempada na súa casa de campo en Inglaterra. Pero no lugar nada é o que parece, nin tan sequera quen enviou a invitación.



VEN 23, MARATÓN

ESCALOFRÍO [1978]

Carlos Puerto, Juan Piquer Simón

España / 82 min. / Ficción / Castelán

Ficha artística:

Ángel Aranda, Sandra Alberti, Mariana Karr, José María Guillén, Manuel Pereiro, Luis Barboo, José Pagán.

Ficha técnica:

Guión: Carlos Puerto.

Fotografía: Andrés Berenguer.

Música: Librado Pastor.

Producción: Almena Films / Cinevisión.

Sinopse:

Unha parella que está a esperar un fillo decide dar un paseo co seu can. Por casualidade crúzanse con outra parella, Bruno e Berta, que os convidan a pasar a tarde na súa casa. Unha vez alí, comezarán a sucederse feitos estranhos.

**CINEUROPA
MIÚDA**



SAB 17, 16:15 | DOM 25, 15:30

DILILI À PARIS / DILILI EN PARÍS [2018]

Michel Ocelot

Francia, Alemaña, Bélxica / 95 min. / Animación / Francés

Ficha artística:

Ficha técnica:

Guión: Michel Ocelot.

Música: Gabriel Yared.

Produción: Nord-Ouest Films. Distribuída por Mars Films.

Sinopse:

Dilili, unha rapaza que chega de Nova Caledonia a Francia, conta coa axuda do seu amigo repartidor para investigar unha serie de misteriosos secuestros no París da *Belle Époque*. No curso da súa investigación atopárase con múltiples personaxes extraordinarios que lle irán dando pistas.



DOM 11, 16:00 | DOM 18, 16:15

LAIKA [2017]

Aurel Klimt

República Checa / 88 min. / Animación / Checo

Ficha artística:

Jan Budar, Petr Ctvrtníček, Helena Dvorská, Cenek Koliás, Ivana Lokajová, Martin Matejka.

Ficha técnica:

Guión: Aurel Klimt.

Fotografía: Radek Loukota.

Música: Marek Doubrava.

Produción: Aurel Klimt (Studio ZVON).

Sinopse:

Laika, a famosa pioneira canina, vive! Un pequeno planeta nos arredores da galaxia converteuse no novo fogar de todos aqueles animais que enviamos ao espazo e perdemos para sempre.



SAB 10, 16:00 | SAB 24, 16:00

MIRAI NO MIRAI / MIRAI, A MIÑA IRMÁ PEQUENA [2018]

Mamoru Hosoda

Xapón / 100 min. / Animación / Xaponés

Ficha técnica:

Guión: Mamoru Hosoda.

Música: Takagi Masakatsu.

Produción: Studio Chizu.

Sinopse:

Kun, un neno mequeiro e consentido de catro anos cuxos pais deixan de prestar atención cando nace a súa irmá Mirai, comeza a sufrir situacións en casa que nunca vivira. Mais logo, a versión adolescente da súa irmá viaxa no tempo desde o futuro para vivir xunto a Kun unha aventura extraordinaria máis alá do imaxinable.

CINE E XADREZ



LUN 12, 11:30

COMPUTER CHESS [2013]

Andrew Bujalski

Estados Unidos / 92 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Tishuan Scott, Gene Williams, Anne Dodge, Patrick Riester, Myles Paige, James Curry, Gerald Peary, Wiley Wiggins.

Ficha técnica:

Guión: Andrew Bujalski.

Fotografía: Matthias Grunsky.

Producción: Scott Colquitt, Morgan Coy.

Sinopse:

Unha comedia existencial sobre os homes brillantes que ensinaban a xogar ao xadrez ás máquinas naqueles tempos nos que as máquinas parecían torpes e nós intelixentes.



XOV 15, 11:30

LA PARTIE D'ÉCHECS / A PARTIDA DE XADREZ [1994]

Yves Hanchar

Bélxica, Francia, Suíza / 105 min. / Ficción / Francés

Ficha artística:

Pierre Richard, Denis Lavant, Catherine Deneuve, James Wilby, Delphine Bibet, Hilde Heijnen, Harry Clevén.

Ficha técnica:

Guión: Yves Hanchar, Josiane Morand.

Fotografía: Denis Lenoir.

Música: Frédéric Devreese.

Producción: France 3 Cinéma.

Sinopse:

Ano 1828. Max é un neno de 12 anos, orfo e vagabundo, que está a piques de suicidarse tirándose por un cantil. Por fortuna, Ambroise, un pastor que casualmente pasa preto de Max, evítalo no último instante. Esa mesma noite, Ambroise ensínalle a Max a xogar ao xadrez e o neno queda fascinado. Deseguida, e tan só coa primeira partida e as regras máis básicas, Ambroise decátase de que Max está especialmente facultado para o xadrez, amosando as aptitudes dun xenio.



MER 14, 11:30

PAWN SACRIFICE / O CASO FISCHER [2014]

Edward Zwick

Estados Unidos, Canadá / 110 min. / Ficción / Inglés, Ruso

Ficha artística:

Tobey Maguire, Peter Sarsgaard, Liev Schreiber, Michael Stuhlbarg, Lily Rabe, Conrad Pla, Seamus Davey-Fitzpatrick, Sophie Nélisse.

Ficha técnica:

Guión: Steven Knight (Historia: Steven Knight, Stephen J. Rivele, Christopher Wilkinson).

Fotografía: Bradford Young.

Música: James Newton Howard.

Producción: Gail Katz Productions / Material Pictures / MICA Entertainment / PalmStar Media / Saga Film.

Sinopse:

En 1972, en plena Guerra Fria, celebrouse unha lendaria partida de xadrez entre dous xogadores que competían polo campionato do mundo: Bobby Fischer, campión norteamericano, e o campión soviético Boris Spassky. O duelo, televisado por todo o mundo, foi moito máis que un conxunto de partidas para conquistar un campionato.



DOM 11, 11:30

SEARCHING FOR BOBBY FISCHER / EN BUSCA DE BOBBY FISCHER [1993]

Steven Zaillian

Estados Unidos / 105 min. / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Max Pomeranc, Joe Mantegna, Joan Allen, Ben Kingsley, Laurence Fishburne, Michael Nirenberg, David Paymer.

Ficha técnica:

Guión: Steven Zaillian (Novela: Fred Waitzkin).

Fotografía: Conrad L. Hall.

Música: James Horner. Produtor: Sydney Pollack.

Producción: Paramount Pictures.

Sinopse:

O pequeno Josh Waitzkin sente verdadeira paixón polo xadrez e quere converterse nun novo Bobby Fischer, o seu ídolo. Os seus pais, por suposto, axudarano en todo o posible, dado que ven o seu fillo como un futuro mestre.



MAR 13, 11:30

SHATRANJ KE KHILARI / OS XOGADORES DE XADREZ

[1977]

Satyajit Ray

India / 129 min. / Ficción / Hindi, Urdú, Inglés

Ficha artística:

Sanjeev Kumar, Saeed Jaffrey, Amjad Khan, Richard Attenborough, Shabana Azmi, Farida Jalai.

Ficha técnica:

Guión: Satyajit Ray (Novela: Munshi Prem Chand).

Fotografía: Sumendu Roy.

Música: Satyajit Ray.

Producción: Devki Chitra Productions.

Sinopse:

Este encomiable filme de Satyajit Ray está contextualizado na India de 1856. Mentres se producen os primeiros levantamentos contra o Imperio Británico, desenvólvese unha partida de xadrez entre dous homes de clase alta.



VEN 16, 11:30



THE LUZHIN DEFENCE / A DEFENSA LUZHIN [2000]

Marleen Gorris

Reino Unido, Francia / 109 min. / Ficción / Inglés, Italiano

Ficha artística:

John Turturro, Emily Watson, Stuart Wilson, Geraldine James, Christopher Thompson, Peter Blythe, Fabio Sartor.

Ficha técnica:

Guión: Peter Berry (Novela: Vladimir Nabokov).

Fotografía: Bernard Lütic.

Música: Alexandre Desplat.

Producción: Renaissance Films / Clear Blue Sky Productions / France 2 Cinema / ICE3 / CRG International / Lantia Cinema, Audiovisivi / Magic Média.

Sinopse:

Finais dos anos 20. O tímido e inxenuo Luzhin, gran mestre de xadrez, viaxa ao norte de Italia para xogar a partida da súa vida. O seu talento desenvolveuse utilizando o xadrez como táboa de salvación fronte ao mundo exterior, mermando os mecanismos de defensa contra as agresións do mundo real. En Italia coñece a Natalia, quen se sente inmediatamente atraída polo errático pero portentoso talento de Luzhin. Ela logrará abrir os seus ollos cara ao mundo exterior.

PROGRAMA ESPECIAL RFG



MER 14, 20:30

DAS CABINET DES DR. CALIGARI / O GABINETE DO DOUTOR CALIGARI [1920]

Robert Wiene

Alemaña / 50 min. / Ficción / Muda

Ficha artística:

Werner Krauss, Conrad Veidt, Friedrich Feher, Lil Dagover, Rudolf Klein-Rogge, Hans Heinz von Twardowski.

Ficha técnica:

Guión: Carl Mayer, Hans Janowitz.

Fotografía: Willy Rameister.

Música: Filme musicalizado en vivo pola Real Filharmonía de Galicia.

Produción: Decla Bioscop.

Sinopse:

Sentado nun banco dun parque, Francis anima ao seu compañeiro Alan para que vaian a Holstenwall, unha cidade do norte de Alemaña, a ver o espectáculo ambulante do doutor Caligari. Un empregado municipal que lle nega ao doutor o permiso para actuar, aparece asasinado ao día seguinte. Francis e Alan acoden a ver o doutor Caligari e a Cesar, o seu axudante somnábulo, que lle anuncia a Alan o seu porvir: vivirá ata o amencer.

A Real Filharmonía de Galicia, porá a banda sonora á película muda *O gabinete do doutor Caligari*, de Robert Wiene, baixo a batuta do director Helmut Imig.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2018 → 2019

AUDITORIO DE GALICIA

Novembro 2018

Mér, 14 / 20.30 h

CINEUROPA
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Helmut Imig, director

O GABINETE DO DR. CALIGARI
Música de T. Brock

Xov, 22 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Erik Nielsen, director

PRIMAVERA APALACHE
Haydn, Debussy, Copland

Xov, 29 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Isabel Villanueva, viola

TRAS AS LUÑAS
Coles, Walton, Delius, Haydn

Decembro 2018

Xov, 13 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Kari Krikku, clarinete

MÚSICA NAS ILLAS
Arnold, Lindberg, Vaughan Williams

Xov, 20 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Francesc Prat, director

CONCERTO DE NADAL
Rameau, Debussy, Gluck, Haydn

Xaneiro 2019

Ven, 4 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director

CONCERTO DE REIS: NOITES EN VIENA!
TEATRO PRINCIPAL, SANTIAGO

Xov, 17 / 20 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director

RFG NO GAÍAS: O CAMIÑO DE CASTELAO
CIDADE DA CULTURA, SANTIAGO

Xov, 24 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Enrico Onofri, director e violín

CLASISÍSIMO
Mozart, Sammartini, Haydn

Xov, 31 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Manuel Hernández-Silva, director
Berna Perles, soprano

ALTO DRAMA
Mozart, Beethoven, Schumann

Febreiro 2019

Xov, 7 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Kun-Woo Paik, piano

FUNNY FACE
Gershwin, Ravel, Walton

Xov, 14 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Pedro Neves, director
Cristina Branco, fadista
Mário Laghina, piano
Miguel Amaral, guitarra portuguesa

CANTIGAS DE SAL

Xov, 28 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Jonathan Webb, director

SINFONISMOS
Vaughan Williams, Saavedra, Sibelius

Marzo 2019

Xov, 14 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

RAÍÑAS E INFANTAS
Fernández-Barrera, Haydn, Ravel e Schreker

Xov, 21 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Antoni Wit, director

VENTOS DO LESTE
Moniuszko, Schubert, Karłowicz

Xov, 29 / 20.30 h

JAVIER PERIANES, piano
EVOCACIÓN
Chopin, Debussy, Falla

Abril 2019

Ven, 5 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Nicolas Angelich, piano

PARAFRASEANDO A SCHUMANN
Schumann, Holloway, Mariño

Mer, 17 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Marta Infante, mezzosoprano
Ye-Eun Choi, violín

Á MEMORIA DUN ANXO
Goos, Vaughan Williams, Berg

Xov, 25 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Eun Sun Kim, directora

A CONTRATEMPO
Mendelssohn-Hensel, Haydn, Martínez

Maio 2019

Xov, 2 / 20.30 h

ORQ. SINFÓNICA DE GALICIA
Eliahu Inbal, director
Okka von der Damerau, mezzosoprano

OSG EN COMPOSTELA
Malher, Bruckner

Ven, 10 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Wayne Marshall, director e piano

QUE COMECE A MÚSICA!
Gershwin, Bowen

Xov, 23 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Nicolas Altschtaedt, director e violoncello

SENDEIROS DA GLORIA
Ravel, Schostakovich, Haydn, Kelly

Mér, 29 / 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Carlos Blanco, narrador

POMPA E REVOLUCIÓN
Elgar, Smith, Rothbone



www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



ÍNDICE ALFABÉTICO DE PELÍCULAS

104 '77 NO COMMERCIAL USE [2017]	169 CLEOPATRA [1934]	171 EGON SCHIELE - EXZESSE [1980]	144 HAMADA [2018]	117 LA CENA BLANCA DE ROMINA [2017]	57 LETO / SUMMER [2018]
114 1048 LUNES / 1048 LÚAS [2017]	242 COINCOIN ET LES Z'INHUMAINS / COINCOIN CONTRA OS EXTRATERRESTRES [2018]	172 EKSTASE / ÉXTASE [1933]	53 HIGH LIFE [2018]	182 LA CHIAVE / A CHAVE SECRETA [1983]	129 LIP: MONIQUE ET CHRISTIANE [1976]
164 7 DÍAS DE ENERO [1979]	122 COLOR [1954]	98 EL COLOR DEL CAMALEÓN [2017]	155 HOTEL DE LUX [1992]	213 LA CRIATURA [1977]	233 LITTLE ODESSA / CUESTIÓN DE SANGUE [1994]
145 9 FUGAS (WORK IN PROGRESS) [2018]	123 COME OUT [1971]	124 EL CRIMEN DE CUENCA [1980]	232 HUNGRY HEARTS [2014]	56 LA DERNIÈRE FOLIE DE CLAIRE DARLING / A ÚLTIMA TOLEMIA DE CLAIRE DARLING [2018]	77 LONG DAY'S JOURNEY INTO NIGHT / LONGA VIAXE DO DÍA CARA Á NOITE [2018]
164 A CLOCKWORK ORANGE / A LARANXA MECÁNICA [1971]	256 COMPUTER CHESS [2013]	212 EL DIPUTADO [1978]	177 HUSTLER WHITE [1996]	222 LA DONNA SCIMMIA / REMATOU O NEGOCIO [1964]	57 LORO / SILVIO E OS OUTROS [2018]
165 À L'AVENTURE [2008]	170 CONDUCTA IMPROPIA [1984]	173 EL ENCARGO DEL CAZADOR [1990]	232 IDENTIFICAZIONE DI UNA DONNA / IDENTIFICACIÓN DUNHA MULLER [1982]	146 LA ESTRELLA ERRANTE [2018]	186 LOS GOLFOS [1960]
70 A LAND IMAGINED [2018]	218 CONTROSESSO [1964]	98 EL ENTUSIASMO [2018]	219 IL FISCHIO AL NASO / QUE DOCE É MORRER ASÍ [1967]	147 LA FELICIDAD DE LOS PERROS [2018]	214 LOS PLACERES OCULTOS [1977]
165 À MA SOEUR / FAT GIRL [2001]	114 CONVERSACIONES ALREDEDOR DE UN PIANO QUE VINO DE EUROPA [2018]	146 EL EQUIPO DE MI BARRIO [2017]	178 IL PORTIERE DI NOTTE / PORTEIRO DE NOITE [1974]	182 LA FEMME PUBLIQUE / A MULLER PÚBLICA [1984]	90 LOS VAGOS [2017]
88 AL DESIERTO [2017]	123 COPACABANA BEACH [1983]	173 EL EXTRAÑO VIAJE [1964]	54 IN FABRIC [2018]	76 LA FLOR [2018]	118 LUZ OSCURA [2017]
166 AL DI LÀ DEL BENE E DEL MALE / MÁIS ALÁ DO BEN E DO MAL [1977]	170 CRASH [1996]	248 EL GRAN AMOR DEL CONDE DRÁCULA [1973]	156 INDEPENDENTA ROMÂNIEI / A GUERRA DA INDEPENDENCIA [1912]	88 LA FLOR DE LA VIDA [2017]	223 L'APE REGINA / A ABELLA RAÍÑA [1963]
166 ALONDRAS EN EL ALAMBRE / COTOVIAS NO ARAME [1969]	171 CRUISING / Á CAZA [1980]	213 EL SACERDOTE [1978]	75 INFERNINHO [2018]	222 LA GRANDE BOUFFE / O GRAN BANQUETE [1973]	106 L'EMPIRE DE LA PERFECTION / BUSCANDO A PERFECCIÓN [2018]
167 AMADOR [1966]	115 CUBANAS. MUJERES EN REVOLUCIÓN [2018]	174 EL SEXO ESTÁ LOCO [1981]	178 JE SUIS À PRENDRE [1978]	129 LA MARCHÉ DES FEMMES À HENDAYE / A MARCHA DAS MULLERES A HENDAIA [1975]	220 L'HAREM / O HARÉN [1967]
48 ANNA KARENINA. ISTORIYA VRONSKOGO / ANA KARENINA. A HISTORIA DE VRÓNSKI [2017]	145 CUNA DE MÚSICOS [2017]	99 EL SILENCIO DE OTROS [2018]	179 JE T'AIME... MOI NON PLUS / ÁMOTE... MAIS EU NON [1976]	45 LA NOCHE DE 12 AÑOS [2018]	55 L'HOMME FIDÈLE / UN HOME FIEL [2018]
48 APUNTES PARA UNA PELÍCULA DE ATRACOS [2018]	71 CÚMPRAME UN REVÓLVER [2018]	174 EMPEROR TOMATO KETCHUP [1971]	106 JE VOIS ROUGE / VEXO TODO ROXO [2018]	256 LA PARTIE D'ÉCHECS / A PARTIDA DE XADREZ [1994]	221 L'ULTIMA DONNA / A ÚLTIMA MULLER [1976]
49 ARCTIC [2018]	230 DARK HORSE [2011]	175 ENTER THE VOID [2009]	179 JE VOUS SALUE, MARIE / EU SAÚDOTE, MARÍA [1985]	183 LA PIRATE [1984]	221 L'ULTIMO PULCINELLA [2008]
70 ASH IS PUREST WHITE [2018]	262 DAS CABINET DES DR. CALIGARI / O GABINETE DO DOUTOR CALIGARI [1920]	52 ENTRE DOS AGUAS [2018]	54 JETZT.NICHT. [2017]	184 LA PRIMA ANGÉLICA [1974]	181 L'URLO [1970]
138 ATA TU ARADO A UNA ESTRELLA [2017]	231 DE PALMA [2015]	249 ESCALOFRÍO [1978]	55 JIMMIE [2018]	214 LA SEMANA DEL ASESINO [1972]	107 L'ÎLE AU TRÉSOR / A ILLA DO TESOURO [2018]
71 BELMONTE [2018]	72 DESLEMBRO [2018]	85 ESE OSCURO OBXECTO DO DESEXO [1977]	180 JITSUROKU ABE SADA / O ABISMO DOS SENTIDOS [1975]	184 LA TRASTIENDA [1975]	186 MACUNAÍMA [1969]
230 BENVENUTA [1983]	124 DESNUDO CON ALCATRAZES [1986]	155 FELIX SI OTILIA / FELIX E OTILIA [1972]	115 JULIA Y EL ZORRO [2018]	185 LA VIE NOUVELLE [2002]	223 MAFIOSO [1962]
138 BERGMAN: A YEAR IN A LIFE [2018]	72 DIANE [2018]	105 FEVEIREIROS [2017]	208 KABE NO NAKA NO HIMEGOTO / SEGREDOS TRALA PAREDE [1965]	157 LA 'MOARA CU NOROC' / O MUÍÑO DA FORTUNA [1957]	157 MAMA [1976]
167 BLONDE VENUS / A VENUS LOURA [1932]	104 DIANTE DOS MEUS OLHOS [2017]	74 FIGURAS [2018]	75 KARDEŞLER / IRMÃNS [2018]	252 LAIKA [2017]	78 MANBIKI KAZOKU / UN ASUNTO DE FAMILIA [2018]
49 BLOSSOM VALLEY / O VAL DAS FLORES [2018]	50 DIE KÖRPER DER ASTRONAUTEN / OS CORPOS DOS ASTRONAUTAS [2017]	52 FLEUVE NOIR [2018]	116 KAZARKEN: EN CREUSANT [2016]	76 LAS HEREDERAS [2018]	224 MARCIA NUZIALE / MARCHA NUPCIAL [1966]
122 BLUES TROPICAL [1982]	252 DILILI À PARIS / DILILI EN PARÍS [2018]	105 FOTBAL INFINIT / FÚTBOL INFINITO [2018]	116 KHRUSTAL / CISNE DE CRISTAL [2018]	77 LAS HIJAS DEL FUEGO [2018]	158 MARFA ŞI BANII / A MERCANCÍA E A PASTA [2001]
168 CAMBIO DE SEXO [1977]	154 DINCOLO DE NISIPURI / MÁIS ALÁ DAS AREAS [1975]	176 FOTOGRAF [2015]	180 KOI NO TSUMI / GUILTY OF ROMANCE [2011]	89 LAS OLAS [2018]	118 MARLINA, THE MURDERER IN FOUR ACTS / MARLINA, ASASINA EN CATRO ACTOS [2017]
168 CAUDILLO [1977]	73 DJON AFRICA [2018]	53 FROST [2017]	181 KOMISSAR / A COMISARIA [1967]	89 LAS VEGAS [2018]	130 MASO ET MISO VONT EN BATEAU / MASO E MISO VAN EN BARCO [1975]
154 CEL MAI IUBIT DINTRE PĂMÂNTENI / O FILLO MÁIS AMADO DA TERRA [1993]	50 DOGMAN [2018]	177 FURTIVOS [1975]	45 KURS [2018]	100 LAST MEN IN ALEPPO [2017]	
169 CHOSSES SECRÈTES / PAIXÓNS SEGREDAS [2002]	51 DOUBLES VIES / NON-FICTION [2018]	74 GALVESTON [2018]	99 LA CAUSA CONTRA FRANCO: ¿EL NÜREMBERG ESPAÑOL? [2018]	185 LES ANGES EXTERMINATEURS [2006]	
218 CIAO MASCHIO / ADEUS AO MACHO [1978]	51 DOVLATOV [2018]	242 GHOSTLAND [2018]		56 LES ESTIVANTS / A CASA DE VERÁN [2018]	
	73 DRESSAGE [2018]	231 GO GET SOME ROSEMARY [2009]			
	207 ECSTASY OF THE ANGELS [1972]	207 GO, GO SECOND TIME VIRGIN [1969]			
		243 GRÄNS / BORDER [2018]			
		139 HAL [2018]			

147 MATER AMATÍSIMA [2017]
 187 MAÎTRESSE [1976]
 187 ME SIENTO EXTRAÑA [1977]
 90 MENTE REVÓLVER [2017]
 78 MI OBRA MAESTRA [2018]
 158 MIHAI VITEAZUL /
 A ÚLTIMA CRUZADA [1970]
 253 MIRAI NO MIRAI /
 MIRAI, A MIÑA IRMÁ PEQUENA [2018]
 91 MIRIAM MIENTE [2018]
 233 MOI, PIERRE RIVIÈRE, AYANT
 ÉGORGÉ MA MÈRE, MA SOEUR
 ET MON FRÈRE... [1976]
 234 MOONRISE [1948]
 188 MORGIANA [1972]
 107 MORIR PARA CONTAR [2018]
 159 MOROMEȚII /
 A FAMILIA MOROMETE [1987]
 188 MYRA BRECKINRIDGE [1970]
 208 NAKED BULLET [1969]
 189 NARCOTIC [1933]
 189 NATTEK / XOGOS DE NOITE [1966]
 108 NAZIDANIE [2017]
 58 NEVER LOOK AWAY /
 OBRA SEN AUTOR [2018]
 139 NEVILLE D'ALMEIDA: CRONISTA
 DA BELEZA E DO CAOS [2018]
 190 NIKUTAI NO MON /
 GATE OF FLESH [1964]
 58 NOTTI MAGICHE /
 NOITES MÁXICAS [2018]
 79 NUESTRO TIEMPO [2018]
 148 O DESAFÍO DO SIL [2018]
 108 O PROCESSO [2018]
 234 O SOM AO REDOR [2012]
 140 O TERMÓMETRO DE GALILEU [2018]
 190 OCAÑA, RETRAT INTERMITENT [1978]
 159 OCCIDENT / OCCIDENTE [2002]

224 OGGI, DOMANI, DOPODOMANI /
 HOXE, MAÑÁ, PASADOMANÁ [1965]
 59 OIKTOS / PITY [2018]
 91 OJOS DE MADERA [2017]
 148 OS FILLOS DA VIDE [2017]
 125 PARACAS [1983]
 191 PARTIES FINES / EDUCATION
 OF THE BARONESS [1977]
 191 PASOLINI: PROSSIMO NOSTRO [2006]
 257 PAWN SACRIFICE /
 O CASO FISCHER [2014]
 149 PEDRÓN DO FREIXO [2018]
 192 PEEPING TOM / O FOTÓGRAFO
 DO PÁNICO [1960]
 59 PLAIRE, AIMER ET COURIR VITE /
 SORRY ANGEL [2018]
 192 POLISSONS ET GALIPETTES /
 GOLFOS E PICARDÍAS [2002]
 125 POPSICLES [1983]
 79 PRAÇA PARIS [2017]
 119 PRIMAS [2017]
 193 QUEEN KELLY / A RAÍÑA KELLY [1929]
 109 RABOT [2017]
 160 RECONSTITUIREA /
 A RECONSTRUCCIÓN [1968]
 160 RESTUL E TÁCERE /
 O RESTO É SILENCIO [2007]
 92 ROBAR A RODIN [2017]
 193 ROCÍO [1980]
 194 ROMANCE [1999]
 209 RUNNING IN MADNESS,
 DYING IN LOVE [1969]
 194 SALÒ O LE 120 GIORNATE DI
 SODOMA / SALÒ, OU OS 120 DÍAS
 DE SODOMA [1975]
 235 SANS TOIT NI LOI /
 SEN TEITO NIN LEI [1985]
 195 SANTA SANGRE [1989]

149 SANTOS #2. WORK IN PROGRESS [2018]
 60 SAUVAGE [2018]
 235 SCHIZOPOLIS [1996]
 161 SCURTĂ ISTORIE /
 UNHA HISTORIA CURTA [1957]
 80 SE ROKH / 3 CARAS [2018]
 257 SEARCHING FOR BOBBY FISCHER /
 EN BUSCA DE BOBBY FISCHER [1993]
 161 SECVENȚE / SECUENCIAS [1982]
 195 SEDMIKRÁSKY /
 AS MARGARIDAS [1966]
 92 SEDUÇÃO DA CARNE [2018]
 209 SEIZOKU / SEX JACK [1970]
 93 SEM RAIZ [2017]
 150 SEVILLA Y GOMORRA [2018]
 258 SHATRANJ KE KHILARI /
 OS XOGADORES DE XADREZ [1977]
 196 SHE DONE HIM WRONG /
 LADY LOU [1933]
 210 SHINJUKU MAD [1970]
 134 SHOAH [1985]
 196 SHORTBUS [2006]
 236 SIMON KILLER [2012]
 134 SOBIBÓR, 14 OCTOBRE 1943,
 16 HEURES [2001]
 130 SOIS BELLE ET TAIS-TOI /
 SÉ FERMOZA E CALA [1981]
 109 SPK KOMPLEX / COMPLEXO SPK [2018]
 197 STRAW DOGS / CANS DE PALLA [1971]
 197 SUDDENLY, LAST SUMMER /
 DE SÚPETO, O ÚLTIMO VERÁN [1959]
 60 SUNSET / ATARDECER [2018]
 80 SUPPORT THE GIRLS [2018]
 110 SVIDETELI PUTINA /
 TESTEMUNHAS DE PUTIN [2018]
 198 SYMPTOMS / SÍNTOMAS [1974]
 198 TAMAÑO NATURAL [1974]
 119 TEMPO COMUM [2018]

61 TERET / THE LOAD [2018]
 236 THE ADJUSTER / O LIQUIDADOR [1991]
 199 THE BRIDES OF DRACULA /
 AS NOIVAS DE DRÁCULA [1960]
 199 THE BROWN BUNNY [2003]
 140 THE GREEN FOG [2017]
 61 THE GUILTY [2018]
 200 THE HOUSE IS BLACK [1963]
 62 THE HOUSE THAT JACK BUILT /
 A CASA DE JACK [2018]
 200 THE IMAGE [1975]
 201 THE IMMORAL MR. TEAS /
 O INMORAL SR. TEAS [1959]
 81 THE KINDERGARTEN TEACHER [2018]
 201 THE LAST TEMPTATION OF CHRIST /
 A ÚLTIMA TENTACIÓN DE CRISTO [1988]
 258 THE LUZHIN DEFENCE /
 A DEFENSA LUZHIN [2000]
 62 THE MAN WHO SURPRISED
 EVERYONE / O HOME QUE
 SORPRENDEU A TODOS [2018]
 81 THE MISEDUCATION OF CAMERON
 POST [2018]
 100 THE OTHER SIDE OF EVERYTHING [2017]
 237 THE PLEASURE OF BEING
 ROBBED [2008]
 202 THE RASPBERRY REICH [2004]
 237 THE TRIGGER EFFECT /
 O EFECTO DOMINÓ [1996]
 202 THE TRIP / A VIAXE [1967]
 63 THE WILD PEAR TREE [2018]
 203 THUNDERCRACK! [1975]
 93 TIGRE [2017]
 63 TOUCH ME NOT [2018]
 225 TOUCHE PAS À LA FEMME BLANCHE /
 NON TOCAR Á MULLER BRANCA [1974]
 144 TROTE [2018]
 203 ULTIMO TANGO A PARIGI /


O ÚLTIMO TANGO EN PARÍS [1972]
 126 UMBRALES [1967]
 204 UN CHANT D'AMOUR [1950]
 64 UN COUTEAU DANS LE COEUR /
 COITELO E CORAZÓN [2018]
 238 UN SINGE EN HIVER /
 UN MONO EN INVERNO [1962]
 135 UN VIVANT QUI PASSE [1999]
 215 UNA GOTA DE SANGRE PARA
 MORIR AMANDO [1973]
 225 UNA MOGLIE AMERICANA /
 A ESPOSA AMERICANA [1965]
 204 UNE FLAMME DANS MON COEUR /
 UNHA LAPA NO MEU CORAZÓN [1987]
 82 UNTIL THE END OF TIME [2017]
 64 UTØYA 22. JULI [2018]
 131 VIOL CONJUGAL, VIOL À DOMICILE /
 VIOLACIÓN CONXUGAL, VIOLACIÓN
 A DOMICILIO [2003]
 210 VIOLATED ANGELS [1967]
 211 VIOLENT VIRGIN [1969]
 205 VIRIDIANA [1961]
 110 VIVIR Y OTRAS FICCIONES [2016]
 205 W.R. - MISTERIJE ORGANIZMA /
 OS MISTERIOS DO ORGANISMO [1971]
 111 WALDHEIMS WALZER /
 O CASO KURT WALDHEIM [2018]
 82 WHAT KEEPS YOU ALIVE [2018]
 206 WISH YOU WERE HERE /
 SE ESTIVERAS AQUÍ [1987]
 94 WIÑAYPACHA / ETERNIDADE [2017]
 226 YA BON LES BLANCS /
 OS NEGROS TAMÉN COMEN [1987]
 65 ZGODOVINA LJUBEZNI /
 HISTORIA DE AMOR [2018]

DIRECTORAS E DIRECTORES



ANDRÉ FÉLIX
Rio de Janeiro (Brasil), 1981

É especialista en comunicación e cultura pola Universidade Federal de Bahia e cineasta. Dirixiu as curtametraxes *A cor do fogo e a cor da cinza* (2014) e *Valentina* (2017), e foi coguionista da longametraxe *Entretornos* (2014). *Diante dos meus ollos* é a súa primeira longametraxe como director.



ALBERTO GRACIA
Ferrol (España), 1978

Estudou Belas Artes na Universidade de Vigo. Na súa obra introduce ferramentas como a pintura, o debuxo, a performance, o vídeo e a instalación. En 2010 escribiu o ensaio *Microfugas, Teoría y Juego de la profanación*. Realizou unha curta en 16 mm, *Microfugas* (2008), e a recoñecida longametraxe *O quinto Evanxeo de Gaspar Hauser* (2013).



BABIS MAKRIDIS
Kastoria (Grecia), 1970

Estudou dirección na Escola de Cinema Stavrakos en Atenas. Comezou a traballar como director no 2000 e desde aquela dirixiu varios anuncios comerciais, curtametraxes e videoclips. A súa primeira longametraxe *L* (2012) foi seleccionada nas competencias de Sundance, Róterdam e moitos outros festivais internacionais. *Pity* é a súa segunda longametraxe.



HIROKAZU KORE-EDA
Toquio (Xapón), 1962

Tras licenciarse na Universidade Waseda en 1987, entrou a traballar en televisión, onde realizou varios documentais de gran recoñecemento. En 2014 fundou a produtora Bun-Buku. Entre a súa ópera prima, *Maboroshi non hikari* (1995) e *Un asunto de familia* (2018), dirixiu 16 títulos, como *Ninguén sabe* (2004), *Camiñando* (2008) ou *De tal pai, tal filla* (2013), gañadora do premio do xurado en Cannes.



JAFAR PANAHÍ
Mianeh (Irán), 1960

Este representante da Nova Vaga Iraniana comezou como asistente de Abbas Kiarostami e dirixindo curtametraxes. Acaudou fama internacional coa súa ópera prima, *O globo branco* (1995), Cámara de Ouro no Festival de Cannes. As súas películas conseguiron unha infinidade de premios a pesar de que a miúdo foron prohibidas polo goberno iraniano.



JIA ZHANG-KE
Shanxi (China), 1970

Licenciouse na Academia de Cinema de Pequín e debutou como realizador coa película *Xiao Wu* en 1998. Reside en Pequín e está moi implicado coa nova xeración de realizadores chineses. En 2006 dirixiu *Natureza morta*, gañadora do León de Ouro no Festival de Venecia, e en 2013 fíxose coa Palma ao mellor guión no Festival de Cannes por *Un toque de violencia*.



CARLOS REYGADAS
Cidade de México (México), 1971

Director, escritor e produtor, estuda dereito en Cidade de México e especialízase en Lei de conflitos armados e no uso da forza en Londres. En 2002 roda *Japón*, que recibe unha mención especial ao premio Cámara de Ouro de Cannes. Tamén en Cannes obtén o premio do xurado en 2007 por *Luz silenciosa* e o premio ao mellor director por *Post Tenebras Lux* en 2012.



DIETMAR POST
Espelkamp (Alemaña), 1962

Traballa como impresor antes de estudar teatro, cine e lingua española na Freie Universität de Berlín e na Universidade Complutense de Madrid. Entre 1995 e 2003 vive e traballa en Nova York. Alí estuda na NYU Film School, onde filma a súa primeira curta, a recoñecida *Bowl of Oatmeal*, á que seguiron outras ficcións e varios documentais.



HERNÁN MARTÍN
Bos Aires (Arxentina), 1974

Graduado en imaxe e son pola Universidade de Bos Aires, é membro fundador do grupo de cinema militante Ojo Obrero. Ademais das súas actividades profesionais como editor e camarógrafo, traballou en varias curtas, mediametraxes e longas, como *¿Quién mató a Mariano Ferreyra?* ou *Argentinazo, comienza la revolución*. *La cena blanca de Romina* é a súa ópera prima.



KENT JONES
Misuri (Estados Unidos), 1964

Cineasta, escritor e programador de festivais internacionalmente recoñecido. É autor de varios libros, incluíndo *Physical Evidence* (2009). O seu documental máis recente, *Hitchcock / Truffaut*, foi exhibido na 29ª edición de Cineuropa. Desde 2013 dirixe o Festival de Cinema de Nova York. *Diane* é a súa primeira película de ficción.



LARS VON TRIER
Copenhague (Dinamarca), 1956

É o cofundador da produtora Zentropa e un dos fundadores do movemento danés Dogma nos noventa. As súas películas foron premiadas en todo o mundo. Gañou a Palma de Ouro no Festival de Cannes por *Bailar na escuridade*; o Premio do Gran Xurado por *Rompendo as ondas*; o Premio á Mellor Interpretación Feminina para Charlotte Gainsbourg en *Anticristo*, e para Kirsten Dunst en *Melancolía*.



LUCÍA PALACIOS
Moral de Calatrava (España), 1972

Estuda comunicación audiovisual na Universidade Complutense de Madrid e cinema na NYU Film School de Nova York. Entre 1996 e 2000 traballa como produtora para Canal+ e TVE nos Estados Unidos. Desde 1997 codirixiu varias curtas e documentais co seu compañeiro Dietmar Post e colaborou na produción doutros tantos.



MATTEO GARRONE
Roma (Italia), 1968

Graduouse no Liceo Artístico en 1986. A súa ópera prima, *Terra di Mezzo* (1997), acadou o premio especial do xurado no Festival de Turín. En 2008 participa por primeira vez na sección oficial do Cannes coa multipremiada *Gomorra* que se alzou co gran premio do xurado. En 2012 regresa á sección oficial de Cannes con *Reality*, filme que lle fixo gañar por segunda vez o gran premio do xurado.



SILVINA SCHNICER
Bos Aires (Arxentina), 1981

Estudou comunicación social na Universidade de Bos Aires. Xunto a Ulises Porra Guardiola, codirixiu varias curtametraxes. *Tigre* é o seu debut cinematográfico.



NURI BILGE CEYLAN
Istambul (Turquía), 1959

Tras graduarse en enxeñaría pola Universidade do Bósforo, estudou cine durante dous anos na Universidade Mimar Sinan, en Istambul. Coa súa primeira longametraxe *Small Town* (1997) adquiriu un grande recoñecemento. En 2008 recibiu o premio ao mellor director no Festival de Cannes por *Three Monkeys*. Con *Winter Sleep* (2014), exhibida no 29º Cineuropa, acadou a Palma de Ouro de Cannes.



CORNELIU PORUMBOIU
Vaslui (Romanía), 1975

Foi recoñecido en 2006 pola súa primeira longametraxe, *12:08 East of Bucharest*, que acadou a Camera d'Or no Festival de Cannes, onde se presentou na Quincena dos Realizadores. As súas seguintes películas confirmaron o seu talento como narrador e director. *Police, adjective* (2009), *The second game* (2014) e *The treasure* (2015) son outros dos seus títulos.



LUIS FULVIO
Perito (Italia), 1977

Naceu preto do mar Mediterráneo e vive en Roma. Seguiu un itinerario clásico de estudos e colaborou durante anos co arquivo de cinema italiano da Fondazione CSC e con *Fuori Orario - cose (mai) viste*, un programa de televisión dedicado ao cinema e emitido desde hai 28 anos na Televisión Nacional Italiana RAI 3.



KAREN SHAKHNAZAROV
Krasnodar (Rusia), 1952

Director, guionista, novelista e produtor. Graduouse no Departamento de Dirección Cinematográfica do Instituto Estatal de Cinematografía (VGIK) en 1975. É director xeral dos estudos Mosfilm desde 1998. *The assassin of the tsar* (1991), *Day of the full moon* (1998), *Vanished Empire* (2008), ou *Ward Non. 6* (2009), son algunhas das súas longametraxes.



OLIVIER ASSAYAS
París (Francia), 1955

Rodou as súas primeiras curtas mentres traballaba como editor de Cahiers du Cinema. Desde a súa primeira longametraxe, *Désordre* (1986), creou un particular imaxinario que lle outorgou recoñecemento internacional. Tamén publicou varios libros que inclúen unha colección de ensaios sobre cinema, unha biografía de Kenneth Anger e unha serie de conversacións con Ingmar Bergman.



PAOLO VIRZÌ
Livorno (Italia), 1964

É director e guionista, coñecido por *La bella vita* (coa que logrou o David de Donatello ao mellor director revelación en 1994), *La prima casa bella* (2010), *Tutta la vita davanti* (2008), *Ovosodo* (1997) e *La pazza gioia*. Esta última foi a película sorpresa de #Cineuropa30.



PETER STRICKLAND
Reading (Reino Unido), 1973

Produciu ao longo de catro anos e de xeito independente a súa ópera prima, *Katalin Varga* (2009). O filme recibiu un Oso de Prata en Berlín e o Festival de San Sebastián incluíuno na súa retrospectiva Eastern Promises. Seguiríonlle *Berberian sound studio* (2012) e *O duque de Burgundy* (2014). Tamén dirixiu os documentais *The film that buys the cinema* (2014) e *Björk: Biophilia live* (2014).



CARMEN GUARINI
Bos Aires (Arxentina), 1953

Doutorouse en cinema antropolóxico pola Universidade de París X baixo a dirección de Jean Rouch. É investigadora e docente na Universidade de Bos Aires, na Mestría en Cinema Documental da Universidade do Cinema e na EICTV de Cuba. En 1986 confundou a produtora argentina CINE OJO, pioneira en cinema documental. Xa en 2001, constituiu o Festival DocBuenosAires, do que é codirectora.



LÁSZLÓ CSÚJA
Debrecen (Hungría), 1984

Graduouse na Academia de Cinema e Drama de Budapest en 2012. A súa curtametraxe *Phosphorus* competiu en varios festivais internacionais de cinema como Tampere, Cork e o Festival Internacional de Cine de Edimburgo. Actualmente está a terminar un documental titulado *Nine months war* sobre o conflito militar ucraino-ruso. *Blossom Valley* é a súa primeira longametraxe.



ÖMÜR ATAY
Turquía, 1969

Comezou a súa educación cinematográfica na Facultade de Belas Artes da Universidade Eylül 9 e completouna no Departamento de Dirección de Cine da Facultade de Belas Artes da Universidade de Marmara en Istambul. Traballa en cine e televisión. As súas curtametraxes proxecciónanse en numerosos festivais de cinema nacionais e internacionais. *Irmâns* é a súa ópera prima.



MARÍA TORRELLAS

Participa como comunicadora e documentalista do proxecto de comunicación Resumo Latinoamericano desde hai vinte anos. Conta cunha longa traxectoria filmica e obtivo, entre outros, o premio Santiago Álvarez in Memoriam polo seu documental *Memoria dunha Filla de Oshun*.



POOYA BADKOOBEH

Teherán (Irán), 1983

Graduouse en artes gráficas na Escola de Arte de Teherán no ano 2000, e en estudos de teatro na Universidade de Arte Dramática de Azad en 2005. Desde 2003 traballa en Publicidade Televisiva, facendo anuncios comerciais e culturais. De forma paralela, Pooya realizou tamén dúas curtas, ambas as dúas premiadas nacional e internacionalmente. *Dressage* é a súa ópera prima.



LUIS E. HERRERO

Madrid (España), 1976

Historiador, realizador cinematográfico e investigador cultural. O seu labor no ámbito da investigación e divulgación da cultura levouno a colaborar con distintas institucións e publicacións de historia, literatura e cinema. *O Entusiasmo* é a súa primeira longametraxe.



GUTO PARENTE

Fortaleza (Brasil), 1983

Traballa man a man con Pedro Diogenes desde o comezo das súas carreiras. *Inferninho* é a cuarta longametraxe que dirixen xuntos, pero a primeira como dúo. *Estrada para Ythaca* (2010), *Os monstros* (2011) e *No lugar errado* (2011), foron dirixidos por Diogenes e Parente xunto a Luiz e Ricardo Pretti, con quen viñeron formando un cuarteto laboral.



PEDRO DIOGENES

Fortaleza (Brasil), 1984

Traballa man a man con Guto Parente desde o comezo das súas carreiras. *Inferninho* é a cuarta longametraxe que dirixen xuntos, pero a primeira como dúo. *Estrada para Ythaca* (2010), *Os monstros* (2011) e *No lugar errado* (2011), foron dirixidos por Parente e Diogenes xunto a Luiz e Ricardo Pretti, con quen viñeron formando un cuarteto laboral.



JULIA KELLER

Erding (Alemaña), 1980

Obtivo o título de belas artes no Chelsea College of Art & Design do Reino Unido o ano 2003. Tamén cursou estudos no Emily Carr Institute of Art en Vancouver. De volta a Alemaña, graduouse na Academy of Media Arts de Colonia. Outro programa de intercambio permitiulle estudar na EICTV da Habana. *Jetzt.Nicht.* é a súa ópera prima.



RAFA DE LOS ARCOS

Vigo (España), 1979

Graduado na ESCAC, dedicouse ao mundo da realización e á montaxe de videoclips, campañas de publicidade e curtametraxes, que foron seleccionados e premiados en diversos festivais internacionais. En 2105 escribe e dirixe o documental *Dous pratos e un micro, 30 anos de cultura Hip Hop en España* (TVE).



MARCIO DEBELLIAN

Niterói (Brasil), 1977

É produtor e director de documentais, espectáculos e exposicións. Cursou estudos en economía pola Universidade Católica de Río de Janeiro e en Teatro pola Casa das Artes Laranjeiras. En 2004 fundou a súa propia produtora, Debê Produções. En 2014 realizou a súa ópera prima, *(O vento lá fora)*. *Febreiros* é a súa segunda longametraxe.



SONJA PROSENČ

Slovenj Gradec (Lugoslavia), 1977

Directora e guionista coñecida pola longametraxe *The Tree* (2015), a curta *Impromptu* (2015) e *History of Love*, longametraxe que foi estreada no prestigioso Festival Internacional de Cine de Karlovy Vary.



AUREL KLIMT ZILINA

(Eslovaquia), 1972

En 1999 graduouse no Departamento de Animación da Escola de Cinema e Televisión (FAMU) da Academia de Artes Escénicas de Praga. Traballa nas súas propias películas de animación como guionista, técnico, animador, editor, produtor executivo e director.



GUSTAVO BIAZZI

Posadas (Arxentina), 1978

É un recoñecido director de fotografía arxentino. Realizou estudos de fotografía e cámara na Universidade do Cinema. Dirixiu varias curtametraxes e unha longametraxe documental. *Los Vagos*, a súa primeira longametraxe de ficción, proxectouse en competencia no Festival de Cinema de Mar do Prata e Róterdam.



SUSANA DE SOUSA DIAS

Lisboa (Portugal), 1962

Ten un doutoramento en belas artes e unha mestría en estética e filosofía da arte. Completou o curso de cine da Escola de Teatro e Cinema en Lisboa e asistiu á Escola de Música do Conservatorio Nacional. Entre as súas obras, exhibidas por festivais de todo o mundo, salientan *Enfermeiras no estado novo* (2000), *Natureza Morta* (2005) e 48 (2009).



MOULY SURYA
Xacarta (Indonesia), 1980

Logo de graduarse en medios e literatura en Melbourne, obtivo unha mestría en cinema e televisión na Universidade de Bond, Queensland. En 2008 realizou a súa ópera prima: *Fiksi*. A súa segunda película, *What they don't talk about when they talk about love* (2013), exhibiuse en festivais como Sundance ou Karlovy Vary, e obtivo o Premio NETPAC en Róterdam.



ALEJANDRO RAMÍREZ CORONA
Ciudad de México (México), 1977

Graduouse no Centro Universitario de Estudios Cinematográficos da UNAM. Coa curta *Goodbye Garibaldi* participou no 56º Festival de San Sebastián, Clermont-Ferrand 2009, Festival de Cine de Huesca e Camerimage, entre outros. *Akiestamos* foi a súa ópera prima. Actualmente prepara *Puertas rotas*, o seu seguinte proxecto.



MARIO ABBADE
Rio de Xaneiro (Brasil), 1965

Director, guionista, xornalista, profesor, crítico, escritor, editor, comisario de mostras cinematográficas e fundador do Rio Fantastik Festival – Festival Internacional de Cine Fantástico de Rio de Xaneiro. Foi presidente do xurado da crítica internacional en Cannes 2015 e na Berlinale de 2018, entre outros. Foi presidente da Asociación de Críticos de Cinema de Rio de Xaneiro (ACCRJ) por dous mandatos e organiza anualmente a mostra Mellores Filmes do Ano.



LÚCIA MURAT
Rio de Xaneiro (Brasil), 1948

É directora e produtora. A súa ópera prima, *Que bom te ver viva* (1988), estreouse no Festival de Toronto e revelou unha cineasta fondamente interesada por temas políticos e femininos, moi recorrentes na súa filmografía. *Doces poderes* (1996), *Brava gente brasileira* (2000), *Quase dois irmãos* (2003) e *Em três atos* (2015) son algúns dos seus títulos.



LAURA BARI
Mendoza (Arxentina)

Apaixonada polas artes e polas formas do arquetipo do imaxinario, comprométila a solidificar o proceso de construción da identidade a través da expresión, Laura reside en Montreal desde hai vinte anos. Elixo o cinema como un lugar de converxencia das artes, da arquitectura afectiva e da saúde mental, emocional e física.



CRISTÓBAL VALENZUELA BERRÍOS
Santiago (Chile), 1982

Realizador cinematográfico con mención en montaxe. Dirixiu, escribiu e montou varias curtas de ficción e documental, entre as que salientan *Los primeros brujos fueron los padres* (2006) e *Año Nuevo* (2011). Desde 2008 traballou como guionista e editor para diversos proxectos de cinema e televisión. *Robar a Rodin* é a súa ópera prima.



MARIA AUGUSTA
Ramos Brasilia (Brasil), 1964

Graduouse en Cinema Documental na Netherlands Film and Television Academy de Ámsterdam. En 2013, a Xunta da Fundación Helsinki polos Dereitos Humanos, outorgoulle o Premio Marek Nowicki. *Desi* (2000), *Justiça* (2004), *Juizo* (2007) e *Morro dous Prazeres* (2013), son algúns dos seus documentais, todos eles premiados e exhibidos en festivais de todo o mundo.



ROBERTO SUÁREZ
Montevideo (Uruguai), 1970

Estuda teatro e actuación na Escola de Teatro A Gaivota onde se graduou en 1991. O seu labor no cinema comeza coa súa participación como actor en varias longametraxes uruguiaias e arxentinas. Paralelamente á súa carreira como actor e director, exerce como docente da cátedra de actuación na Escola Municipal de Arte Dramática de Montevideo. *Ojos de madera* é a súa ópera prima.



ANA DOMÍNGUEZ
A Rúa de Valdeorras (España), 1966

Fórmase en artes plásticas en centros e universidades de Santiago de Compostela, Barcelona e Göttingen, Alemaña. Realiza pezas curtas e vídeo instalacións, e participa do laboratorio de creación fílmica AA+++. Actualmente codirixe na Coruña, o (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico. *Os fillos dá vide* é a súa primeira longametraxe.



FEDERICO VEIROJ
Montevideo (Uruguai), 1976

Belmonte é a cuarta longametraxe do director, produtor e guionista Federico Veiroj, tras as celebradas *Acné* (2008), *La vida útil* (2010) e *El apóstata* (2015). Mostráronse retrospectivas do seu traballo no Festival de Cinema de Viena 2015, no Arquivo de Cinema de Harvard en 2016, e o Swedish Film Institute en 2017. Actualmente traballa na posproducción de *Así habló el cambista*.



PABLO VÁZQUEZ
Vigo (España), 1995

Graduado en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo, compaxina o seu traballo de redactor web coa fotografía e os vídeos, xeralmente relacionados co ámbito da música. Nos últimos anos realizou vídeos para Eladio y los Seres Queridos, The Soul Jacket, Pablo Lesuit, Indy Tumbita, Radar Estudios, SON Estrella Galicia ou Super Bock.



DENIS CARBALLÁS
Vigo (España), 1995

Dedícase amante da música e o cinema. Esta unión lévao a estudar comunicación audiovisual en Pontevedra e a codirixir *Cuna de músicos*. Desde entón compaxina a súa actividade como músico en The Riggos e Nitido con traballos audiovisuais. Ademais de compoñer varias bandas sonoras, participou en videoclips ou gravacións para Indy Tumbita e The Soul Jacket entre outros.




ANDRÉS LÜBBERT
Lovaina (Bélica), 1985

O cineasta belga-chileno ten un mestrado en artes audiovisuais da escola de cinema RITCS de Bruxelas. Os seus documentais participaron en máis de 170 festivais de 20 países e gañaron máis de 28 premios. De natureza comprometida, Andrés conta historias da súa contorna intercultural sobre migración, dereitos humanos, identidade e asuntos sociais.



BOJINA PANAYOTOVA
Bulgaria, 1982

Estudou en La Fémis tras rematar un mestrado de filosofía na Ecole Normale Supérieure de París. Dirixiu as curtas *Home Match*, *Cosmonauts* e *Bulgarian Gospel*, todas elas seleccionadas en numerosos festivais internacionais. Como guionista traballou en *In Limbo*, de Antoine Viviani, e en *Hope* e *Camille*, dous filmes de Boris Lojkine. *Je vois rouge* é a súa ópera prima.



ALISA BERGER
Makhachkala (Rusia), 1987

Esta artista e cineasta que vive e traballa de a cabalo entre Tokio e Colonia, estudou Cinema e Belas Artes na Academy of Media Art Colonia (KHM) e na Universidade Nacional de Colombia. Berger enfoca o seu traballo na realización de obras performativas e en filmes experimentais e de ficción. *Os corpos dos astronautas* é a súa ópera prima.



VITALY MANSKY
Lvov (Ucraina), 1963

Graduouse en 1989 no Instituto Estatal de Cinematografía de Rusia e converteuse nun dos realizadores de documentais rusos contemporáneos máis aclamados. A súa filmografía supera as 30 películas, proxectadas en festivais de todo o mundo e galardoadas en varias ocasións. Desde 1996 constrúe un arquivo composto de vídeos caseiros gravados nos tempos da antiga URSS.



GERD KROSKE
Dessau (Alemaña), 1958

Estudou dirección na escola de cinema HFF Konrad Wolf en Potsdam-Babelsberg e traballou nos estudos de cinema documental DEFA entre 1987 e 1991, onde colaborou con directores como Juergen Boettcher, Petra Tschertner e Volker Koepp. Desde 1991 traballa como guionista e director independente. En 1996 fundou a súa propia produtora de cine documental.



ANTÓN CORBAL
A Coruña (España), 1986

Licenciado en bioloxía e cun mestrado en comportamento, conduta e neurobioloxía, estudou en 2011 dirección de documentais na Escola de Cinema de Barcelona e realizou a súa primeira curtametraxe, *Sensa Benzina*. *Work in Progress* é a súa ópera prima. Na actualidade traballa en *Seeking Utopia*, un proxecto que foi recoñecido no 19º Festival de Cinema Ambiental de Turín.




JESPER GANSLANDT
Falkenberg (Suecia), 1978

No ano 2000 fundou a produtora Fasad xunto a Jesper Kurlandsky. Tras a súa recoñecida ópera prima *Farväl Falkenberg* (2006), dirixiu e escribiu as longametraxes *Filmen jag inte pratar om längre* (2008), *Apan* (2009) e *Blondie* (2012), esta última estreada no Festival de Cine de Venecia dese ano.



INÉS MARÍA BARRIONUEVO
Córdoba (Arxentina), 1980

Escribiu, dirixiu e produciu máis de 10 traballos audiovisuais para televisión e cinema. A súa ópera prima, *Atlántida*, tivo a súa estrea mundial no Festival de Berlín 2014. *Julia y el zorro* é a súa segunda longametraxe, que tivo a súa estrea mundial na sección Novos Directores do Festival de San Sebastián 2018.



GÜLDEM DURMAZ
París (Francia), 1971

O seu traballo explora as conexións entre a memoria, a linguaxe e as identidades culturais ou transculturais, xa que experimenta con actores e non actores, linguaxes secretas ou inventadas, e situacións reais e oníricas. *Soför* (2001), *Koro* (2002), *BEN/O* (2011), ou *Ensemble!* (2016), son outros dos seus títulos. *Kazarken* é a súa primeira longametraxe.



MILA TURAJLIC
Belgrado (Serbia), 1979

Despois de obter unha licenciatura en cinema e produción televisiva na Escola Nacional de Cinema de Belgrado, doutorouse en cinema pola Universidade de Westminster e licenciouse en ciencias políticas na Escola de Económicas de Londres. Coa súa ópera prima, *Cinema Komunista* (2010), logrou un gran recoñecemento e numerosos galardóns.



ULISES PORRA GUARDIOLA
Barcelona (España), 1982

Estudou Filosofía na Universidade de Barcelona. Xunto a Silvina Schnicer, codirixiu varias curtametraxes. *Tigre* é a súa ópera prima.



YASMINE CHOUIKH
Alxer (Alxeria), 1982

Estudou ciencias e humanidades e graduouse en psicoloxía. Traballou como xornalista cultural no diario L'Authentique en 2004 e en 2005 uniuse á televisión nacional alxeriana, onde presenta un programa sobre cinema. Á parte do seu labor na produción, dirixiu dúas curtas, *The Door* (2006) e *Djinn* (2010), e a serie de televisión *Studio 27* (2015). *Until the end of time* é a súa ópera prima.



ULISES ROSELL
Bos Aires (Arxentina), 1970

Estudou na Universidade do Cine (FUC) de Bos Aires e dedicase tanto á ficción como ao documental para cinema e televisión. Foi bolseiro dos festivais de Cannes e Amiens, das fundacións Antorchas, Rockefeller e do Fondo Nacional das Artes. Dirixiu *El descanso* (2001, en codirección), *Bonanza* (2003), *Sofacama* (2006) e *El etnógrafo* (2012).



MARÍA RUIDO
Xinzo de Limia (España), 1967

Artista visual, investigadora e produtora cultural desde 1998, desenvolve proxectos interdisciplinares sobre os imaxinarios do traballo no capitalismo posfordista e sobre a construción da memoria e as súas relacións coas formas narrativas da historia. Vive en Madrid e Barcelona e exerce a docencia na Universitat de Barcelona.



SHARUNAS BARTAS
Siauliai (Lituania), 1964

Graduouse na Escola de Cinema VGIK en Moscova. En 1989 fundou o primeiro estudo independente de Lituania, Studija Kinema. A través de películas como *Three days* (1991), *Koridorius* (1995), *Few of us* (1996), ou *Peace to us in our dreams* (2015), creou unha particular e delicada estética que continúa explorando en *Frost*, a súa novena longametraxe.



ADRIÁN BINIEZ
Remedios de Escalada (Arxentina), 1974

En 2009 estreou na Berlinale *Gigante*, a súa celebrada ópera prima. Alí recibiu tres galardóns, entre eles un Oso de Prata. A súa segunda longametraxe, *El 5 de Talleres*, tivo a súa estrea no Festival de Cinema de Venecia 2014 e foi exhibido en recoñecidos festivais como Róterdam, Mar del Plata ou São Paulo.



ALBERTINA CARRI
Bos Aires (Arxentina), 1973

Esta cineasta e guionista é unha das grandes figuras que están a consolidar o Novo Cinema Arxentino como movemento. A súa filmografía inclúe *No quiera volver a casa* (2000), *Los rubios* (2003), *Géminis* (2005), *La rabia* (2008) e *Cuaterros* (2017, exhibida no 31º Cineuropa). É a fundadora de Asterisco, o Festival de Cine Internacional LGBTQI de Arxentina.



DARYA ZHUK
Minsk (Bielorrusia), 1980

Descubriu o cinema mentres estudaba economía en Harvard. As súas curtametraxes foron estreoads en festivais como SXSW, Tarkovsky, Oaxaca, Atlanta, Palm Springs, Korocha e Santa Fe, entre outros. Estudou o mestrado en belas artes da Universidade de Columbia, Nova York. Actualmente vive e traballa a cabalo entre Minsk e Brooklyn. *Crystal Swan* é a súa ópera prima.



ELOY DOMÍNGUEZ SERÉN
Simes (España), 1985

En 2012 mudouse a Suecia, onde realizou as súas primeiras curtas. A súa ópera prima, *No cow on the ice*, estreouse en 2015 no prestixioso festival Visions du Réel e recibiu varios premios desde entón, mentres que o seu novo proxecto, *Hamada*, tivo a súa estrea no IDFA 2018, seleccionouse na Doc Station da Berlinale e tamén galardoado en Visions du Réel.



FRANCISCO RIZZI
Bos Aires (Arxentina), 1975

Membro fundador do Grupo de cinema militante Ojo Obrero e graduado en imaxe e son pola Universidade de Bos Aires. Ademais das súas actividades profesionais como artista de Foley, traballou en varias curtas, medimétraxes e longas, como *¿Quién mató a Mariano Ferreyra?* ou *Argentinazo*, comenza a revolución. *La cena blanca de Romina* é a súa ópera prima.



MARIANO LLINÁS
Bos Aires (Arxentina), 1975

Director e guionista, membro do grupo de cineastas El Pampero Cine (xunto a Laura Citarella, Alejo Moguillansky e Agustín Mendilaharsu). En 2002, realizou o seu primeiro filme titulado *Balnearios*. En 2008, realizou *Historias extraordinarias*, a súa segunda longametraxe, adxada pola crítica e de gran repercusión entre o público en Arxentina.



FILIPA REIS
Lisboa (Portugal), 1977

Traballa xunto a João Miller en Lisboa. As súas películas presentáronse en festivais como Cinéma du Réel, IDFA ou DokLeipzig, entre outros. Xuntos teñen a produtora *Uma Pedra non Sapato*, responsable de filmes como *Balada de um Batráquio*, de Leonor Teles. *Li ké terra* (2011), *Cama de gato* (2012) e *Fora da vida* (2015) son outros títulos da súa filmografía.



JOÃO MILLER GUERRA
Lisboa (Portugal), 1974

Traballa xunto a Filipa Reis en Lisboa. As súas películas foron presentadas en festivais como Cinéma du Réel, IDFA ou DokLeipzig, entre outros. Xuntos teñen a produtora *Uma Pedra non Sapato*, responsable de filmes como *Balada de um Batráquio*, de Leonor Teles. *Li ké terra* (2011), *Cama de gato* (2012) e *Fora da vida* (2015) son outros títulos da súa filmografía.



BORIS YUKHANANOV
Moscova (Rusia), 1957

Cineasta e director artístico do Stanislavsky Electrotheatre desde 2013. Foi unha figura clave no *underground* artístico da era soviética na década de 1980 e cofundador do movemento de cinema Parallel Cinema (1986). Yukhananov creou a primeira compañía de teatro independente da URSS, Theatre-Theatre, en 1985.



SUSANA NOBRE
Lisboa (Portugal), 1974

Estudou Ciencias da Comunicación na Universidade de Lisboa. As súas películas foron exhibidas en festivais como Cannes, Róterdam, Angers ou Rio de Xaneiro. Desde 2006, é unha dos seis produtores executivos de Terratre Films. *Active life* (2013) e *Trials, Exorcisms* (2015) son outros dos seus títulos. *Tempo comum* é a súa primeira longa de ficción.



RENAN ROVIDA
Taubaté (Brasil), 1983

É cineasta, actor e membro do colectivo Tela Suja Films. Dirixiu as curtas *Entre nós*, *dinheiro* (seleccionado en 2012 para o 34º Festival Internacional do Novo Cinema Latinoamericano da Habana, entre moitos outros), e *Coice no peito* (2014), premiada no Primeiro Festival de Cinema de Caracas. *Sen Raiz* é a súa primeira longametraxe.



OSCAR CATACTORA
Puno (Perú), 1987

Cineasta autodidacta, comezou a súa carreira como director aos 17 anos coa súa produtora Cinema Aymara Studios. En 2007, realizou a súa primeira medimetraxe de tipo experimental denominada *El sendero del chulo*. *Winiyapacha* é a súa ópera prima.



ADRIANA LOEFF
Montevideo (Uruguai), 1979

É docente, xornalista e documentalista. Ten unha mestría en estudos latinoamericanos e unha licenciatura en comunicación social. En 2008, estreou xunto a Claudia Abend a súa primeira longametraxe en codirección, *Hit*, un documental que reflexiona con sensibilidade e humor sobre a memoria, o esquecemento e a fama. *La flor de la vida* é a súa segunda longa xuntas.



NATALIA CABRAL
Santo Domingo (República Dominicana), 1981

Graduada na prestixiosa Escola Internacional de Cine e Televisión de Santo Antonio dos Baños, traballa man a man con Oriol Estrada desde o inicio da súa carreira. Xuntos fundaron a produtora Faula Films como plataforma creativa para o desenvolvemento e a coprodución de cine independente na República Dominicana. Realizaron os documentais *Tú y yo* e *El sitio de los sitios*.



ORIOLESTRADA
Capellades (España), 1983

Graduado na prestixiosa Escola Internacional de Cine e Televisión de San Antonio dos Baños, traballa man a man con Natalia Cabral desde o inicio da súa carreira. Xuntos fundaron a produtora Faula Films como plataforma creativa para o desenvolvemento e a coprodución de cine independente na República Dominicana. Realizaron os documentais *Tú y yo* e *El sitio de los sitios*.



YANN GONZALEZ
Niza (Francia), 1977

Entre 2006 e 2012, dirixiu seis curtas antes de pasarse á longametraxe con *Les rencontres d'après minuit*, que foi presentada durante a Semana da Crítica no Festival de Cannes e estreada en cinemas en novembro de 2013. *Un Couteau dans le coeur* é a súa segunda longa.



FLAVIA CASTRO
Porto Alegre (Brasil), 1965

Filla de exiliados brasileiros en Francia, esta directora, guionista e editora traballou como asistente de dirección con cineastas como Richard Dindo e Philippe Grandrieux, e como guionista con Eduardo Escorel ou Vicente Amorim. O seu celebrado documental *Diário de uma busca* foi premiado en Rio de Xaneiro, A Habana, Biarritz e no DocLisboa. *Deslembro* é a súa primeira longa de ficción.



CLAUDIA ABEND
Montevideo (Uruguai), 1979

O seu debut foi en 2001 con *El comienzo del fin*, un recoñecido e persoal documental sobre o plebiscito que marcou o fin da ditadura en Uruguai. En 2008 estreou xunto a Adriana Loeff a súa primeira longametraxe en co-dirección, *Hit*, un documental que reflexiona con sensibilidade e humor sobre a memoria, o esquecemento e a fama. *La flor de la vida* é a súa segunda longa xuntas.



ÁNGEL CORDERO GÓMEZ
Madrid (España), 1963

Fotógrafo e profesor de imaxe e son. Dirixiu a Escola de Imaxe e Son de A Coruña onde ocupa actualmente praza de catedrático. Fundador da Asociación AULA-K vinculada a proxectos fotográficos e cinematográficos.

© Peter Schneider



CHRISTINA VANDEKERCKHOVE
Gante (Bélxica), 1978

Graduouse na Escola de Artes de Gante (Bélxica). Traballa como directora independente, principalmente para televisión e teatro. Para televisión realizou *Randall Casaer* (2016) e *De nada* (2015), unha visual *road movie* musical a través das paisaxes españolas. *Rabat* é a súa primeira longametraxe documental.



RUTH BECKERMANN
Viena (Austria), 1952

Tras os seus estudos de xornalismo e historia da arte en Viena, Tel Aviv e Nova York, doutorouse en 1977 na Universidade de Viena. Desenvolveu un gran labor xornalístico en varias revistas austríacas e suízas. En 1978 cofundou a distribuidora Filmladen, na que estivo activa sete anos. Desde 1985 traballa como escritora e cineasta.



ALEXEY GERMAN JR.
San Petersburgo (Rusia), 1976

Director e guionista reconecido por, entre outros filmes, a súa ópera prima, *O último tren* (2003), que acadou unha mención especial no festival de Venecia 2003; *Paper Soldier* (2008), León de Prata no festival de Venecia e unha das producións rusas máis exitosas do 2008; ou *Under electric clouds* (2015), Oso de Prata por unha contribución artística sobresaliente na Berlinale.



ÁNGEL FILGUEIRA
Redondela (España), 1992

Graduado en comunicación audiovisual pola Universidade de Vigo, estuda como Erasmus en Bordeos e coa bolsa SICUE en Sevilla. Estas dúas cidades marcaron os intereses e o estilo da súa obra posterior.



ANDREW BUJALSKI
Massachusetts (Estados Unidos), 1977

Estudou cine no Departamento de Estudos Visuais e Ambientais de Harvard, onde a cineasta belga Chantal Akerman foi a súa titora de tese. A súa cuarta longametraxe, *Computer Chess*, estreouse no Festival de Cinema de Sundance 2013 e gañou o Premio Alfred Sloan á mellor longametraxe.



ALI ABBASI
Teherán (Irán), 1981

En 2002 abandonou os seus estudos na Universidade Politécnica de Teherán para viaxar a Europa e instalouse definitivamente en Estocolmo para estudar arquitectura. Despois realizou estudos de dirección cinematográfica na Escola Nacional de Arte de Dinamarca. A súa ópera prima *Shelley* estreouse na sección Panorama da Berlinale de 2016. *Border* é a súa segunda longametraxe.



ERIK POPPE
Oslo (Noruega), 1960

Comezou a súa carreira como fotógrafo de prensa, polo que gañou varios premios. Despois de estudar no Dramatiska Institutet de Estocolmo, traballou como director de fotografía en varias longametraxes antes de debutar como director con *Schpaa*, primeira entrega da súa recoñecida triloxía *Oslo*. *A thousand times good night* (2013) e *The king's choice* (2016) son outros dos seus títulos.




GUSTAV MÖLLER
Gotemburgo (Suecia), 1988

En 2015 graduouse na Escola Nacional de Cine de Dinamarca coa película *In darkness*, que gañou o premio Next Generation Award en Haugesund. *The guilty* é a súa ópera prima.



GUILLAUME BRAC
París (Francia), 1977

Graduado en produción pola Femis (Escola Nacional Superior de Oficios da Imaxe e o Son), comeza como asistente de dirección e esta experiencia confirma o seu desexo de dedicarse ao cinema. Funda xunto a varios compañeiros a produtora Year Zero e en 2013 realiza *Tonnerre*, a súa ópera prima, unha historia de amor que foi premiada en varios festivais.



YEO SIEW HUA
Singapur

Estudou na Universidade Nacional de Singapur e é membro da plataforma cooperativa 13 Little Pictures film collective. Escribiu e dirixiu a película experimental *In the house of straw* (2009). O proxecto da súa segunda película de ficción, *A land imagined* (2018), recibiu varias bolsas de axuda á produción e múltiples galardóns.



CAMILLE VIDAL-NAQUET
Nevers (Francia), 1972

Cunha mestría en literatura, dirixe dúas curtas de ficción, *Backstage* (2001) e *Mauvaise tête* (2014), tras realizar unha primeira peza experimental en linguaxe de signos titulada *Génie*. Ao mesmo tempo, exerce como docente de análise de cinema. *Savage* é a súa ópera prima.



DAVID HERNÁNDEZ
Vigo (España), 1971

Realizador, director de fotografía e docente de ampla experiencia no sector audiovisual. Escribiu e dirixiu 5 curtas de ficción e *Spaces of time*, unha serie de curtas documentais sobre cidades europeas. *La felicidad de los perros* é a súa primeira longametraxe.



KIRILL SEREBRENNIKOV
Rostov-na-Donú (Rusia), 1969

Director de teatro, cine e televisión. É director de arte do Gogol-Center en Moscova desde 2012. En 1992 graduouse en física na Rostov State University. En 2016, *(M)uchenik* presentouse na sección *Un Certain Regard* no Festival de Cannes e foi galardoada co premio François Chalais. Con *Leto* acadou a súa primeira selección na sección oficial do Festival de Cannes.



ROBERT BAHAR
Filadelfia (Estados Unidos), 1975

Vive e traballa entre Madrid e Brooklyn. Produciu e realizou cinema independente e os documentais *Laid to Waste* e *Made in L.A.*, polo que foi galardoado cun Emmy como produtor e guionista. Impartiu clases na University of Southern California (USC), University of California Los Angeles (UCLA), Columbia e Yale, entre moitas outras universidades.



ALMUDENA CARRACEDO
Madrid (España), 1972

Tras desenvolver a súa carreira profesional nos Estados Unidos, regresou a España en 2012 para traballar en *El silencio de otros*, en colaboración con Robert Bahar. Tras sete anos de produción, o filme tivo a súa estrea mundial na 68ª edición da Berlinale, onde se alzou co premio do público e o premio de Cinema pola Paz.



COLIN MINIHAN
Port McNeill (Canadá), 1985

Fundador da produtora independente Dixital Interference, é un recoñecido realizador de videoclips e cocreador da popular franquía *Grave encounters* (2011). En 2016, dirixiu *It stains the sands rede*, película gañadora do Midnight X-Treme en Sitges. *Extraterrestrial* (2014) é outro dos seus títulos.



DESIREE AKHAVAN
Nova York (Estados Unidos), 1984

Actriz e cineasta, formouse en teatro e cinema no Smith College. Logo de graduarse, estudou dirección de cinema na Tisch School of the Arts da Universidade de Nova York e na Universidade Queen Mary de Londres. *The miseducation of Cameron Post* é a súa segunda logametraxe.



EUGENIO CANEVARI
Arxentina

Eugenio Canevari estudou imaxe e son na Universidade de Bos Aires, fotografía e cámara no INRAI de Bruxelas e dirección cinematográfica en Bande à Part –escuela de cinema de Barcelona. En 2015 estrea a súa primeira longametraxe, *Paula*, unha película que denunciaba a situación do aborto en Arxentina e coa que visitou Cineuropa. *Figuras* é a súa segunda longametraxe.



FLORIAN HENCKEL VON DONNERSMARCK
Colonia (Alemaña), 1973

Estudou ruso no Instituto Nacional de Leningrado. Despois dun intenso período de prácticas en dirección cinematográfica con Richard Attenborough na produción de *Love and War* (1996), foi admitido nas prestixiosas clases de dirección na Academia de Cinema e Televisión de Múnic. *A vida dos outros* (premio Cineuropa 2006) foi a súa ópera prima.



FON CORTIZO
Vigo (España), 1978

Contrafaces (2016) foi a súa primeira longametraxe onde a ficción e a realidade de Quebec, Islandia e Galicia constrúen unha mirada sobre temas como a creación, a identidade ou as linguas. *Aysha* (2017) recibe o galardón como mellor curta documental en DUAF New York, e resulta premiada en Curtocircuito e Cinealfama Lisboa.



MUAYAD ALAYAN
Palestina, 1985

Cineasta e produtor palestino asentado en Xerusalén. A súa primeira longa, *Love theft and other entanglements*, foi estreada na sección Panorama da Berlinale 2015. Máis alá do seu labor en ficcións, tamén realiza documentais para a TV. Tras completar os seus estudos en San Francisco regresou a Palestina co obxectivo de desenvolver o cinema de e sobre a comunidade palestina.



BRUNO DUMONT
Bailleul (Francia), 1958

Os seus dous primeiros filmes, *A vida de Xesús* (1997) e *Humanidade* (1999), longamente adamados en Cannes, presentaron a Dumont como un director singular, en oposición aos cineastas franceses contemporáneos. Aínda que o seu cinema se basea nunha realidade moi concreta, foxe do realismo social en favor doutro máis abstracto onde a traxedia e o *burlesque* van da man.



CLAIRE DENIS
París (Francia), 1946

Estudou cine no parisiense IDHEC antes de traballar como asistente de Wim Wenders, Jim Jarmusch e Costa-Gavras. En 1988 escribe e dirixe a súa primeira longametraxe, *Chocolat*, unha historia autobiográfica de tensión racial na África colonial de 1950. *Bastards* (2013), *White Material* (2009), *35 rhums* (2008) ou *Un beau soleil intérieur* (2017), son outros dos seus títulos.



GASTÓN DUPRAT
Bahía Blanca (Arxentina), 1969

É director e produtor. Os seus primeiros traballos foron obras de videoarte e cine experimental. Os seus filmes, a maioría en codirección con Mariano Cohn, estreáronse en numerosos países e pasaron por festivais de todo o mundo como Venecia ou San Sebastián. Pola exitosa *El ciudadano ilustre* obtivo trinta premios internacionais, como o Goya á mellor película iberoamericana.



JUAN VILLEGAS
Bos Aires (Arxentina), 1971

Estudou na Universidade do Cinema de Bos Aires. Dirixiu longametraxes como *Sábado* (Festival de Venecia 2001), *Los suicidas* (San Sebastián 2005), *Ocio* (Berlinale, 2010) e *Vitoria* (Bafici 2015). Tamén produciu películas de Celina Charanga e Gonzalo Tobal.



ELÍAS LEÓN SIMINIANI
Santander (Cantabria), 1971

A súa primeira longametraxe, *Mapa* (2012), gañou o premio ao mellor documental europeo no SEFF 2012. Durante os cinco anos de produción de *Apuntes para una película de atracos*, colaborou con outros cineastas en labores de guiño e montaxe, e dirixiu proxectos para televisión como a miniserie documental *Operación Nenúfar: o caso Asunta*.



LÁSZLÓ NEMES
Budapest (Hungria), 1977

Estudou historia, relacións internacionais e escritura de guiños. Durante dous anos traballou como asistente de Béla Tar en *O home de Londres*. Logo marchou a Nova York para estudar dirección na Tisch School of the Arts da Universidade de Nova York. Coa súa ópera prima, *Son of Saul*, acadou o Oscar á mellor película de fala non inglesa e o gran premio do xurado en Cannes.



MAMORU HOSODA
Kamiichi (Xapón), 1967

Comeza como animador encargado de levar a *Digimon* (1999) á gran pantalla. Tras ser nomeado director do estudo Madhouse realizou *A Moza que saltaba a través do tempo* (2006) e *Summer wars* (2009). En 2011 abriu o Studio Chizu, onde dirixiu *Nenos lobo* (2012) e *O neno e a besta* (2014), que pasou polas nosas pantallas no 29º Cineuropa.



PAOLO SORRENTINO
Nápoles (Italia), 1970

Comeza a estudar economía e comercio, pero aos 25 anos abandona eses estudos para dedicarse ao cinema e á literatura. As súas películas amosan un particular estilo surrealista, barroco e existencialista que cuestionan o poder e a relixión. É autor de, entre outras, *Il Divo* (2008), merecedora do gran premio do xurado no Festival de Cannes, e da multipremiada *La grande bellezza* (2013).



XACIO BAÑO
Xove (España), 1983

Estudou cinema na Universidade de León, especializándose en edición. Produce, escribe e dirixe varias curtas desde 2011, presentes en moitos festivais nacionais e internacionais como Locarno, BAFCI, New Directors/New Films - MoMA, Clermont Ferrand, Telluride Filme Festival, Slamdance e Mar del Plata.



ÁLVARO BRECHNER
Montevideo (Uruguai), 1976

A súa carreira iníciouse na dirección de documentais e curtas, que foron estreadas en numerosos festivais internacionais. En 2009 escribiu e dirixiu a súa primeira longametraxe, *Mal día para pescar*, presentado na Semana da Crítica do Festival de Cannes. O seu segundo filme, *Mr. Kaplan* (2014), foi candidato ao Goya á mellor película iberoamericana.



ALEXANDER SHEIN
Moscova (Rusia), 1976

Graduado no GITIS (o estudo de Boris Golubovsky) e no VGIK (o estudo de Vladimir Naumov). En 1999 funda xunto a Georgy Lordkipanidze e Viktor Takhov o estudo 2PLAN2, a través do que produce longametraxes, documentais e series de televisión e participa en proxectos interdisciplinarios.



PASCAL LAUGIER
Francia, 1971

Tras realizar varias curtas, traballa en 2001 como asistente do director Christophe Gans na película *O pacto dos lobos*. Como fanático do xénero de terror, Laugier dirixe *Saint Ange* (2004), a xa película de culto *Martyrs* (2008) e *The tall man* (2012). Con *Ghostland* logrou tres premios no Festival de Cinema de Gérardmer: o gran premio, o premio do público e o premio SYFY.



THOMAS VINTERBERG
Frederiksberg (Dinamarca), 1969

Rematou os seus estudos na Escola Nacional de Cinema de Dinamarca en 1993 coa película *Last Round*, que recibiu numerosos premios e chegou a estar mesmo nomeada ao Oscar. É cofundador do movemento cinematográfico Dogma 95. *A caza* (2012), *Dear Wendy* (2004) e *Submarino* (2010), son algúns dos seus filmes que pasaron por Cineuropa.




VALERIA BRUNI TEDESCHI
Turín (Italia), 1964

Actriz e cineasta, participou en numerosas producións tanto en Italia como en Francia. En 2003 debutou como directora coa película *É mais doado para un camelo...*, coa que logrou o premio Louis-Delluc á mellor ópera prima, e varios premios máis no Festival de Tribeca. *Actrices* (2007) e *Un castelo en Italia* (2013) son outros dos seus títulos.



JO SOL
Barcelona (España), 1968

Comeza a súa actividade como guionista e realizador a finais dos anos oitenta. Inicialmente centrado no campo da antropoloxía visual, desenvolve diversos videoensaios na India, en Cuba e en México. Tras un longo periplo por Asia, dirixe a súa primeira longametraxe de ficción, *Tatavo*. Desde entón alterna o ensaio experimental con documentais de marcado carácter socio-político.



RADU JUDE
Bucarest (Romanía), 1977

Graduouse en dirección pola Universidade de Bucarest en 2003. Dirixiu máis de 150 anuncios publicitarios, cinco curtas e varias montaxes teatrais. Con *Aferim!* (2015), a súa terceira longa, obtivo o Oso de Prata ao mellor director en Berlín. *Cea mai fericită fată din lume*, *The Dead Nation* e *Toata lumea din familia noastră* son outros dos seus recoñecidos filmes.



SARA COLANGELO
Nova York (Estados Unidos)

Formouse como guionista e directora na Universidade de Nova York. Tras realizar varias curtas, dirixiu en 2014 *Little accidents*, a súa ópera prima. O filme tivo a súa estrea no Festival de Cine de Sundance e foi seleccionado en numerosos festivais internacionais. *The kindergarten teacher* é a súa segunda longametraxe.



OGNJEN GLAVONIĆ
Pančevo (Serbia), 1985

Graduouse en cinema e televisión na Facultade de Artes Dramáticas de Belgrado. As súas curtas *Zivan makes a punk festival* (2014) e *Depth two* (2016), foron seleccionadas por máis de 50 festivais internacionais. É o fundador do Festival de Cinema de Pančevo. *The load* (2018) é a súa primeira longametraxe de ficción.



ADINA PINTILIE
Bucarest (Romania), 1980

Esta artista e cineasta romanesa graduouse na Universidade Caragiale de Artes Teatrais e Cinematografías en Bucarest en 2008. Situado na fronteira entre a ficción, o documental e as belas artes, o seu traballo caracterízase por un particular estilo experimental, así como polo seu interese na máis incisiva análise da psique humana.




ALEKSEY CHUPOV
Moscova (Rusia), 1973

É o creador das primeiras comedias de internet rusas. Ademais de realizar numerosos documentais históricos, escribiu o guión de varias series televisivas. En 2013 dirixiu e escribiu, tamén xunto a Natalya Merkulova, a longa *Intimnye mesta*. *The man who surprised everyone* é a súa segunda longametraxe de ficción.



CHRISTOPHE HONORÉ
Carhaix-Plouguer (Francia), 1970

Realizador, guionista e escritor francés. Autor de novelas para adolescentes, Honoré non foxe de temas polémicos, como o suicidio, o VIH ou o incesto. Como cineasta, realizou unha quincena de longametraxes, con títulos como *Cancións de amor* (2007) ou *Les ben-aimés* (2011). Christophe Honoré colabora asiduamente na radio.



JULIO HERNÁNDEZ CORDÓN
Cidade de México (México), 1975

Director e guionista, estudou ciencias da comunicación en Guatemala e realización cinematográfica no Centro de Capacitación Cinematográfica en México. Dirixiu, entre outras, *Gasolina* (2008), *Las marimbas del infierno* (2010), *Polvo* (2012), *Te prometo anarquía* (2015) e *Atrás hay relámpagos* (2017).



BI GAN
Kaili (China) 1989

En 2013, a súa curta *Diamond Sutra* recibiu unha mención especial na categoría de novos talentos asiáticos do XIX Festival IFVA. A súa recoñecida primeira longametraxe, *Kaili Blues* gañou, entre outros, o premio ao mellor director emerxente no 68º Festival Internacional de Cinema de Locarno. *Long day's journey into night* é a súa segunda longametraxe.



LOUIS GARREL
París (Francia), 1983

Comez a súa carreira como actor traballando, con seis anos, ás ordes do seu pai en *Le Baiser de Secours*. Continúa a súa formación no teatro e incorpórase ao Conservatorio Nacional Superior de Arte Dramática de Francia. Como actor traballa con, entre outros, Bertolucci, Philippe Garrel e Christophe Honoré. En 2015 realiza a súa primeira longametraxe como director: *Les deux amis*.



NATALYA MERKULOVA
Orenburg (Rusia), 1979

Estudou xornalismo e traballou como presentadora de televisión antes de realizar estudos superiores en guión e dirección. Ademais de dirixir series, anuncios comerciais e videoclips, escribiu e codirixiu xunto a Alexey Chupov *Intimnye mesta* (2013). *The man who surprised everyone* é a súa segunda longametraxe.



JULIE BERTUCCELLI
Boulogne-Billancourt (Francia), 1968

Directora, guionista, directora de fotografía, enxeñeira de son e auxiliar de edición. Foi asistente de Krzysztof Kiesłowski, Bertrand Tavernier, Rithy Panh, Emmanuel Finkiel e Otar Iosseliani. Dous dos seus filmes máis recoñecidos son *The Tree* (2010) e *Depuis qu'Otar est parti...*, pola que recibiu o gran premio da crítica de Cannes en 2003.



JANE MAGNUSSON
Mölnlycke (Suecia), 1968

Directora, guionista e xornalista. Licenciada pola Brown University en 1992, ten unha extensa carreira como xornalista cultural, cineasta e especialista na figura de Ingmar Bergman. En 2012 realizou *Bergmans video*, unha miniserie que analiza a figura do cineasta a través de entrevistas con outros directores, e o seguinte ano presentou o documental *Descubriendo a Bergman*.



JOE PENNA SÃO PAULO
(Brasil), 1987

A súa carreira comezou na rede, a través dunha exitosa canle de YouTube dedicada a vídeos musicais e curtas creativas que conta con máis de 3 millóns de subscritores e que superou os 400 millóns de visitas. O seu vídeo musical *Guitar: Impossible* foi seleccionado para exhibirse no museo Guggenheim. Dirixiu tamén varios anuncios publicitarios. *Arctic* é a súa ópera prima.



ISAKI LACUESTA
Girona (España), 1975

Escribiu e dirixiu 9 longas. Recibiu o Premio Nacional de Cinematografía da Generalitat de Catalunya, o Ciutat de Barcelona e o Premio Eloy de la Iglesia. Os seus filmes exhibíronse en festivais de todo o mundo e en centros como o MOMA de Nova York, a National Gallery de Washington ou o Lincoln Center. O 23 de novembro, o Centro Georges Pompidou inaugurará unha retrospectiva dedicada á súa obra.



MARCELO MARTINESSI
Asunción (Paraguai), 1973

Estudou comunicación na Universidade Católica de Asunción e cinema en Nova York, Londres e Madrid. Desde os seus inicios involucrouse en proxectos de curtametraxes e documentais con temáticas sociais e de identidade. A súa curta *Karai Norte* (2009) foi o primeiro traballo paraguaiño en chegar á Berlinale. *Las herederas* é a súa ópera prima.



MICHEL OCELOT
Villefranche-sur-Mer (Francia), 1943

De formación autodidacta, dedicou toda a súa carreira ao cinema de animación. En 1988 foi internacionalmente recoñecido grazas ao éxito de *Kirikou et la Sorcière*, a súa primeira longametraxe. *Kirikou et les Hommes et les Femmes* (2012), *Azur & Asmar* (2002), e *Les Contes de la Nuit* (2011) son outros dos seus títulos.



MÉLANIE LAURENT
París (Francia), 1983

Actriz, cantante, directora e escritora francesa, gañadora do Premio César á mellor actriz en 2006. O seu debut tras las cámaras foi a curta *De moins en moins* (2008), nomeado á Palma de Ouro no Festival de Cannes. En 2011 dirixiu e protagonizou a súa ópera prima: *Les adoptés*. *Respire* (2014) e *Plonger* (2017), son outros dos seus títulos.



SILVIA GRÜNER
Cidade de México (México), 1959

Estudou no Massachusetts College of Art e na Betzalel Academy of Art and Design. A súa obra é multidisciplinar e comprende videoarte, fotografía, *performance* e cinema super 8 que integra en instalacións. O seu traballo reflexiona sobre a individualidade corporal e a colectividade, mesturando feminismo e postconceptualismo. O seu labor influenciou a varias xeracións posteriores de creadores.



MARIE LOUISE ALEMANN
Renania do Norte-Westfalia (Alemaña), 1927

Tras vivir uns anos en Checoslovaquia, trasladouse a Bos Aires en 1949, onde viviu ata a súa morte. A súa carreira artística comezou na sede do Instituto Goethe da capital arxentina, onde integrou, xunto a outros creadores, o grupo Cine Experimental Arxentino. Ali desenvolveu unha ampla diversidade de disciplinas, incluídas a fotografía, o cinema e o xornalismo.



GLORIA CAMIRUAGA
Chimbarongo (Chile) 1940

Formouse como pedagoga en filosofía na Universidade de Chile. Ademais de traballar na docencia, exerceu de xornalista en diversas revistas e diarios. En 1980 realizou estudos de videoarte no San Francisco Art Institute. Desde aquela, desenvolveu unha carreira como realizadora centrada no político e no que atinxe á condición da muller.



DOMINGO DÍAZ
Petín (España), 1967

Produtor e director de proxectos educativos e documentais. Na actualidade está a traballar na que será a súa segunda longa: *Tomás Fábregas. No borders*, que celebrará a súa estrea o vindeiro 2019. *O desafío del Sil* é a súa primeira longametraxe.



QUEYI
Palencia (España), 1966

Cantante, música, escritora, artista e agora tamén cineasta, abandonou Madrid en 2007 para marchar a Uruguai, xusto logo de ser apadriñada por unha multinacional como a Warner e despois de gravar o seu primeiro disco *Nacida como un pez*.



NARCISA HIRSCH
Berlín (Alemaña), 1928

Cineasta de longa traxectoria en cine experimental. Na década dos 60 e 70 expandiu a súa actividade en forma de instalacións, *performances*, grafitis e intervencións urbanas. As súas obras analizan temas como o amor, o nacemento e a morte, ou interrogantes sobre a condición feminina tratados cunha linguaxe de imaxes particularmente íntima, de marcada poesía visual e sonora.



LYDIA GARCÍA
Montevideo (Uruguai), 1927

Cineasta experimental e documentalista, gañadora do premios en concursos nacionais, obtivo mencións en festivais estranxeiros. Traballou como docente de debuxo técnico no Instituto Escola da Construción da Universidade do Traballo do Uruguai. Formou parte de Cinema Universitario e foi parte do comité de Cinemateca Uruguia. Destacouse como tenista profesional.



CECILIA VICUÑA
Santiago (Chile), 1948

Poeta, artista, cineasta e activista. Viviu no exilio desde o golpe militar contra Salvador Allende. O seu traballo aborda as preocupacións do mundo moderno, incluída a destrución ecolóxica, os dereitos humanos e a homoxeneización cultural. As súas obras comezan como un poema, unha imaxe que se transforma nunha película, unha canción, unha escultura ou unha representación colectiva.



VIVIAN OSTROVSKY
Nova York (Estados Unidos), 1945

Neoirquina de nacemento, criada en Brasil e educada en Francia. A principios dos anos 70, viaxou por toda Europa cun amigo nun vello Renault organizando festivais de cinema de mulleres e distribuíndo películas feitas por mulleres. Na década de 1980 comezou a facer as súas propias películas, que foron exhibidas nos máis recoñecidos festivais de todo o mundo.



XIMENA CUEVAS
Cidade de México (México), 1963

É unha das principais videoartistas mexicanas. Os seus vídeos foron exhibidos en festivais internacionais de cine e vídeo como o de Sundance ou o Nova York Film Festival. O seu traballo busca desenmascarar as capas de mentiras que cobren as representacións diarias da realidade e sistematicamente explora as ficcións da identidade nacional e do xénero a través da *performance* e o vídeo.



POLI MARICHAL
Ponce (Porto Rico), 1955

Gravadora, cineasta e ilustradora. Obtén un bacharelato en arte con especialización en gravado da Escola de Artes Plásticas de San Juan. Posteriormente completa un mestrado en arte no Massachusetts College of Art. A súa obra combina o expresionismo e o simbolismo, o realismo e a fantasía para crear imaxes que converxen na creación dun discurso sobre a condición humana.



GUY MADDIN
Winnipeg (Canadá), 1956

É distinguido e apreciado pola súa orixinal recreación da estética do cinema mudo e do primeiro cinema sonoro. O seu traballo garda semellanzas co do tamén director David Lynch polo carácter experimental e surrealista. *The Forbidden Room* (2015) e *Seances* (2016) son só outros dos seus títulos.



STEEN JOHANNESSEN
Copenhague (Dinamarca), 1972

Ten unha ampla experiencia como editor de documentais daneses premiados en festivais de todo o mundo. O recoñecido e multipremiado documental *Last men in Aleppo* é o seu primeiro traballo como director, realizado xunto a Feras Fayyad.



HERNÁN ZIN
Bos Aires (Arxentina), 1971

Reporteiro de guerra, escritor, produtor e director de documentais italo-arxentino. Licenciado en relacións internacionais, percorre desde hai 20 anos o mundo dirixindo documentais e escribindo libros e reportaxes. Centra o seu labor en situacións de pobreza extrema e conflitos armados. *Nacido en Gaza* (2016) e *Matadoras* (2016), son algúns dos seus títulos.



JÚLIO BRESSANE
Rio de Xaneiro (Brasil), 1968

Representante do cinema brasileiro marxinal, comezou como asistente de dirección de Walter Lima Jr. en 1965. En 1967, debutou como director con *Face to Face*. Tres anos despois fundaría Belair Movies co seu colega Rogério Sganzerla. É considerado pola crítica como o máis erudito dos directores de cinema brasileiros, debido á ampla diversidade da súa linguaxe narrativa.



TERESA VILLAVERDE
Lisboa (Portugal), 1966

Escritora, directora e figura referente da escola do Novo Cinema Portugués. O seu debut *Os Mutantes* (1988) gañou a sección *Un Certain Regard* de Cannes, co que acadou o recoñecemento internacional. Os seus seguintes filmes, sempre sensibles e próximos ao espectador, convertérona nunha habitual dos festivais internacionais máis importantes.



ÉRICK ZONCA
Orleáns (Francia), 1956

Tras cursar algúns estudos de filosofía que nunca conduíu e cursos de teatro, marcha a Nova York, onde viviu catro anos. Como director autodidacta, realiza a súa primeira curtametraxe en 1992 antes de que o coñecésemos pola súa primeira película, *A vida soñada dos anos*, un éxito inmediatamente recompensado polo Premio César á mellor película en 1999.



FERAS FAYYAD
Siria, 1984

Director, produtor, escritor, editor e director de fotografía, coñecido polo seu documental *Last men in Aleppo*, que lle valeu o recoñecemento da crítica e numerosos premios e nomeamentos, como o Premio da Academia á mellor película documental, converténdose no primeiro director sirio nomeado para un Oscar.



EVAN JOHNSON
Winnipeg (Canadá), 1983

Guionista e director. Codirixiu xunto a Guy Maddin *The forbidden room* (2015) e *Bring me the head of Tim Horton*, este último tamén xunto a Galen Johnson. Ao mesmo tempo, desenvolve a súa propia filmografía realizando pequenas pezas experimentais, como *Elms*, *Colours* ou *Cold*.



GALEN JOHNSON
Winnipeg (Canadá), 1981

Graduado en ciencias ambientais e ilustrador. A curta documental *Bring Me the head of Tim Horton* foi o seu primeiro filme como director. En *The forbidden room* exerceu de compositor e deseñador de produción. *The green fog* é a súa ópera prima.



AMY SCOTT
California (Canadá), 1981

Directora e editora que vive en Los Ángeles. Exprodutora de medios para a Universidade de Chicago, leva máis de quince anos editando documentais sobre temas sociais. Amy comezou a recoñecer as posibilidades das entrevistas mentres traballaba para Studs Terkel catalogando o seu arquivo de entrevistas de radio no Museo de Historia de Chicago. *Hal* é a súa ópera prima.



JULIEN FARAUT
Colombes (Francia), 1978

Durante o seu traballo no Instituto Francés de Deportes, Faraut tivo acceso a unha gran colección de imaxes de arquivo de 16 mm que utilizou co obxectivo de tender unha ponte entre o deporte, o cinema e a arte. Fascinado polos increíbles logros de atletas altamente cualificados, a filmografía de Julien explora a estes seres humanos únicos e sorprendentes a través do medio cinematográfico.



CHARLOTTE SERRAND
Reims (Francia), 1988

Estudou Literatura e Cine. Baseou os seus estudos na obra de Albert Serra, con quen logo colaborou. Tamén traballou coa artista francesa Isabelle Prim. Desde 2012 exerce de Directora Artística adxunta no Festival Internacional de Cine A Rochesur - Yon. Actualmente tamén é asesora de programación para a Quincena dos Realizadores de Cannes. *1048 Lúas* é a súa ópera prima.

STAFF #CINEUROPA32

ALCALDE DE SANTIAGO

Martiño Noriega Sánchez

CONCELLEIRA DE ACCIÓN CULTURAL
Branca Novoneyra

CINEUROPA

DIRECTOR

José Luis Losa

PRODUCCIÓN

Ángeles Blanco

COORDINADORA DE PROGRAMACIÓN

Alejandra Trelles

EQUIPO DE PROGRAMACIÓN

Ana Gontad Fontán

Alejandra Trelles

Daniel Gascó

COMUNICACIÓN

Miriam Louzao

DESEÑO GRÁFICO E WEB

Boa Idea

COORDINACIÓN DE TRADUCIÓNS

Ana Gontad Fontán

COORDINADORA DE SALAS

E DO XURADO NOVO

Bárbara Santos

COORDINADOR TRÁFICO DE PELÍCULAS

Óscar Brao

RESPONSABLES DE SALAS

SALÓN TEATRO: **Fran Veiga**

MULTIC. COMPOSTELA: **María Arias**

CINEMA NUMAX: **Ramiro Ledo**

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

E DE SANTIAGO: **Esperanza Gigirey**

SEDE AFUNDACIÓN: **Ana Salgado**

PROXECCIONISTAS

Miraxe S. Coop. Galega

Numax

Multicines Compostela

ATENCIÓN AO PÚBLICO

Atlantic Ponte

PRESENTADOR DIRECTORES

CONVIDADOS

Moncho Lemos

AUDITORIO DE GALICIA

DIRECTOR XERENTE

Xaquín López

GABINETE TÉCNICO

David Areán

Chus Busto

Miriam Louzao

Carlos Millán

Silvia Modia

Ángeles Otero

Ana Parga

Ángela Pereira

TEATRO PRINCIPAL

GABINETE TÉCNICO

Xesús Amado

Ana Rello

AGRADECIMENTOS

Alejandro Díaz Castaño

Alexis Rojas

Alfonso Castillo

Ana Manresa

Ana Salgado

Angel Santos

Ángela López Ruiz

Anne Laurent

Antonio Roldán

Belén Rodríguez

Cecilia Barrionuevo

Eloy Domínguez

Esperanza Gigirey Liste

Estefanía Muñoz

Ewa Bojanowska

Felipe Alcalde

Fernanda Descamps

Fernando Vilchez

Filipa Henriques

Flavia Castro

Gisela Chicolino

Gloria E. Mascorro

Ina Rossow

Jaione Camborda

José Sanchez-Montes

Lucía Ehrlich

Lucía Meik

Luis Fulvio

Moises González

Pepe Tenreiro

Maren González Zubeldia

Mari Pérez

María Arias

María José Santacreu

Márta Bényei

Mirito Torreiro

Nasrine Médard

Ovidiu Mirón

Pedro Castillo

Pedro Peralta

Ramón Pilaces

Sandra Comas

Sergio Santacreu

Tito Rodríguez

Vanesa Fernández Guerra

Verónica del Río Canedo

Yolanda Eiroa

Zaila Leites

INSTITUCIÓNS:

Cinemateca Uruguaya

Instituto Camões

Meikin Cine

C.P.R. O Raio verde

Still Moving

Terratreme

Video Filmes

AGRADECIMENTO

E MOITO MÁIS PARA

Luz Guldriś.

Este festival nunca sería o que é sen os trinta anos de labor infatigable de Luz na sala de máquinas de Cineuropa. E en calquera lugar no que fixese falta. Por iso, todo o equipo queremos dedicarlle esta edición a ela. E agardamos non defraudar o seu legado.

O autor do deseño e fabricación das pezas dos Premios Cineuropa é o escultor **Francés.**

CINEUROPA.GAL

[INFORMACIÓN]

COMPOSTELACULTURA.GAL

[VENDA DE ENTRADAS]



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA



MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS
E DE SANTIAGO



DACIN
SARA



dinahosting



TERRATREME STILLmoving



CENTRE AUDIOVISUEL
SIMONE DE BEAUVOIR